



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 412
22 de novembro de 2022

Fascículo 1

CSV: BOPGDSPG-h9kZcRaj-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Cualificación de emendas ao articulado presentadas ao proxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia

—Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 44036)

[160016](#)

—Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 44038)

[160035](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

■ 43905 (11/PNP-003725)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación laboral das traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar

[160043](#)

■ 44025 (11/PNP-003732)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno central respecto da suba das peaxes da AP-9 e da AP-53

[160049](#)

■ 44043 (11/PNP-003733)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 13 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que adopte medidas encamiñadas a limitar as subas das peaxes nas autoestradas estatais, a AP-9 e a AP-53

[160054](#)

■ 44048 (11/PNP-003735)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre o concurso eólico do 2010, os proxectos desenvolvidos e os plans industriais asociados

[160056](#)



I 44081 (11/PNP-003739)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis**

Sobre a promoción pola Xunta de Galicia dunha alianza estratéxica para impulsar toda a cadea de valor da industria galega en torno ao hidróxeno renovable

[160061](#)**I 44083 (11/PNP-003740)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Nóvoa Iglesias, Marta e 13 máis**

Sobre as actuacións que debe demandar a Xunta de Galicia ao Goberno de España en materia de planificación de Rede Eléctrica

[160064](#)**Admisión a trámite e publicación****I 43641 (11/PNP-003715)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para facilitar ao Parlamento de Galicia unha relación das axudas, ingresos e garantías obtidos polo xornal *El Correo Gallego* entre os anos 2009 e 2022

[160067](#)**I 43714 (11/PNP-003716)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a elaboración por parte da Consellería de Política Social e Xuventude dun informe sobre o acontecido nas residencias de maiores durante a pandemia

[160069](#)**I 43782 (11/PNP-003718)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para desenvolver a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais

[160071](#)**I 43708 (11/PNP-003719)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a execución do concerto social a través da Consellería de Política Social

[160073](#)**I 43801 (11/PNP-003721)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e Queixas Zas, Mercedes**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dispoñer dun fondo de gravacións de música tradicional galega de Nadal e poñelo a disposición pública para o seu uso e divulgación

[160076](#)

I 43832 (11/PNP-003722)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para informar a opinión pública e os grupos parlamentarios sobre a situación legal das instalacións da antiga fábrica de Pontesa

[160082](#)**I 43876 (11/PNP-003723)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Candia López, María Elena e 6 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar determinadas medidas a prol da planificación, seguimento e control da produción do castiñeiro no período 2023-2024

[160087](#)**I 43892 (11/PNP-003724)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre a composición e mellora das condicións laborais dos equipos para a atención sanitaria nos puntos de atención continuada

[160090](#)**I 43917 (11/PNP-003726)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para reforzar as prazas de traballo social dos equipos de orientación específicos

[160092](#)**I 43929 (11/PNP-003727)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para incorporar persoal de enfermaría no Servizo de Urgencias Pediátricas do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo

[160095](#)**I 43930 (11/PNP-003728)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Queixas Zas, Mercedes**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para protexer o funicular de transporte aéreo de materiais Novo y Sierra, no concello de Valga

[160097](#)**I 43967 (11/PNP-003729)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para resolver o problema dos ascensores e dos baños do Centro de Saúde de Narón

[160108](#)**I 43974 (11/PNP-003730)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para resolver a situación da atención primaria [160111](#)

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

■ 43906 (11/PNC-003853)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación laboral das traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar [160116](#)

■ 43990 (11/PNC-003859)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a atención pediátrica nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal [160120](#)

■ 44026 (11/PNC-003860)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno central respecto da suba das peaxes da AP-9 e da AP-53 [160124](#)

■ 44042 (11/PNC-003861)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que adopte medidas encamiñadas a limitar as subas das peaxes nas autoestradas estatais, a AP-9 e a AP-53 [160128](#)

■ 44049 (11/PNC-003863)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o concurso eólico do 2010, os proxectos desenvolvidos e os plans industriais asociados [160130](#)

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

■ 43640 (11/PNC-003842)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para facilitar ao Parlamento de Galicia unha relación das axudas, ingresos e garantías obtidos polo xornal *El Correo Gallego* entre os anos [160133](#)



I 43715 (11/PNC-003843)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a elaboración por parte da Consellería de Política Social e Xuventude dun informe sobre o acontecido nas residencias de maiores durante a pandemia

[160135](#)**I 43783 (11/PNC-003845)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para desenvolver a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais

[160137](#)**I 43802 (11/PNC-003847)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e Queixas Zas, Mercedes**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dispoñer dun fondo de gravacións de música tradicional galega de Nadal e poñelo a disposición pública para o seu uso e divulgación

[160139](#)**I 43833 (11/PNC-003849)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para informar a opinión pública e os grupos parlamentarios sobre a situación legal das instalacións da antiga fábrica de Pontesa

[160145](#)**I 43709 (11/PNC-003850)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a execución do concerto social a través da Consellería de Política Social

[160150](#)**I 43875 (11/PNC-003851)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Candia López, María Elena e 6 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar determinadas medidas a prol da planificación, seguimento e control da produción do castiñeiro no período 2023-2024

[160153](#)**I 43893 (11/PNC-003852)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre a composición e mellora das condicións laborais dos equipos para a atención sanitaria nos puntos de atención continuada

[160156](#)**I 43918 (11/PNC-003854)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para reforzar as prazas de traballo social dos equipos de orientación específicos [160158](#)

I 43925 (11/PNC-003855)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para incorporar persoal de enfermaría no Servizo de Urgencias Pediátricas do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo [160161](#)

I 43931 (11/PNC-003856)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para protexer o funicular de transporte aéreo de materiais Novo y Sierra, no concello de Valga [160163](#)

I 43968 (11/PNC-003857)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para resolver o problema dos ascensores e dos baños do Centro de Saúde de Narón [160174](#)

I 43975 (11/PNC-003858)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para resolver a situación da atención primaria [160177](#)

1.3.6.3. Proposicións non de lei de iniciativa popular**Asignación ao grupo, cualificación e publicación do acordo****I 33140 (11/PNL-000005) (11/PNP-003748)**

Comisión Promotora

Proposición non de lei de iniciativa lexislativa popular polo dereito de Galicia a poder competir oficial e internacionalmente coas súas seleccións deportivas [160003](#)

1.4. Procedementos de información**1.4.2. Solicitudes de comparecencia****1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión****Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Mesa da comisión e publicación****I 43987 (11/CPC-000086)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Do director da Axencia Galega das Industrias Culturais, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para avaliar a actividade da Agadic no ano 2022, así como para expoñer e explicar o programa e os proxectos previstos para o 2023 [160182](#)

Admisión a trámite, traslado á Mesa da comisión e publicación

I 44003 (11/CPC-000087)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da directora da Axencia Galega de Innovación, por petición propia, para informar sobre a situación do Polo Aeroespacial de Galicia e os próximos pasos tras a sinatura dos contratos cos novos socios estratéxicos [160184](#)

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

I 43910 (11/INT-002158)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as condicións laborais no Servizo de Axuda no Fogar [160186](#)

I 44052 (11/INT-002163)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a política eólica de Galicia [160191](#)

Admisión a trámite e publicación

I 43639 (11/INT-002149)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre os préstamos concedidos por XesGalicia [160196](#)

I 43710 (11/INT-002150)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre o concerto social [160199](#)

I 43716 (11/INT-002151)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a xestión das residencias de maiores durante a pandemia [160201](#)

I 43784 (11/INT-002152)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre os dereitos das persoas LGTBI [160203](#)



I 43805 (11/INT-002154)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e Queixas Zas, Mercedes

Sobre a conservación da música galega de Nadal

[160205](#)

I 43836 (11/INT-002155)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a utilización de antigas instalacións fabrís

[160210](#)

I 43851 (11/INT-002156)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o fomento do uso da lingua galega

[160215](#)

I 43894 (11/INT-002157)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a dotación de persoal nos centros de atención primaria

[160218](#)

I 43922 (11/INT-002159)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre os equipos de orientación específicos

[160220](#)

I 43934 (11/INT-002160)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Queixas Zas, Mercedes

Sobre a protección do patrimonio cultural

[160223](#)

I 43952 (11/INT-002161)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación cos organismos culturais públicos

[160234](#)

I 43978 (11/INT-002162)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a situación da atención primaria

[160237](#)

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno**1.4.4.1.1. Preguntas orais****Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación****I 43911 (11/POP-006558)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as condicións laborais das traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar

[160241](#)

I 44053 (11/POP-006572)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre o número de proxectos adxudicados no concurso eólico de 2010 que están actualmente en tramitación e os plans industriais que levan asociados

[160246](#)

Admisión a trámite e publicación

I 43637 (11/POP-006535)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre o préstamo concedido por XesGalicia en 2018 ao xornal *El Correo Gallego*

[160251](#)

I 43711 (11/POP-006537)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre o cumprimento dos prazos de execución do concerto social

[160253](#)

I 43717 (11/POP-006538)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a disposición por parte da Consellería de Política Social e Xuventude dun informe detallado de todo o acontecido durante a pandemia nas residencias de maiores

[160255](#)

I 43735 (11/POP-006539)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre a veracidade da información publicada por un xornal sobre a implicación da Corporación Radio e Televisión de Galicia nunha cuestión investigada pola Unidade de Delincuencia Económica e Fiscal

[160257](#)

I 43777 (11/POP-006540)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as festas de interese turístico subvencionadas pola Xunta de Galicia este ano

[160259](#)

I 43785 (11/POP-006541)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego do nivel de execución orzamentaria do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero

[160261](#)

I 43806 (11/POP-006543)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Rivas Cruz, Xosé Luís e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para conservar a música galega de Nadal e promover a súa divulgación

[160263](#)**I 43837 (11/POP-006544)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a concesión pola Xunta de Galicia de autorización ao Grupo Nogar para a almacenaxe de cereais nas instalacións da antiga Pontesa

[160268](#)**I 43852 (11/POP-006545)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a avaliación do Goberno galego respecto do desenvolvemento do proxecto de fomento do uso da lingua galega en 2022

[160272](#)**I 43878 (11/POP-006546)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Díaz Mouteira, María Sol e 6 máis

Sobre o número de concellos que solicitaron e acreditaron nos últimos tres anos a bonificación impulsada por Sogama do 10% do canon que aboan as entidades locais

[160275](#)**I 43881 (11/POP-006547)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre o balance de actividade dos equipos de cirurxía robotizada no sistema sanitario público de Galicia desde a súa posta en marcha

[160277](#)**I 43884 (11/POP-006548)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre a mellora do tratamento dos usuarios do sistema público de saúde de Galicia pola implantación do sistema de xestión da dosimetría

[160279](#)**I 43886 (11/POP-006549)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre as medidas que esta a levar a cabo a Xunta de Galicia no ámbito da dixitalización da saúde pública

[160281](#)**I 43888 (11/POP-006550)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 6 máis

Sobre o resultado do reforzo de persoal farmacéutico efectuado na atención primaria galega durante o ano 2022

[160284](#)

I 43891 (11/POP-006551)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do inicio das obras de ampliación do Centro Público Integrado As Mirandas, do concello de Ares

[160286](#)**I 43895 (11/POP-006552)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre a incidencia na calidade asistencial da substitución nos puntos de atención continuada do persoal médico por persoal de enfermaría

[160289](#)**I 43899 (11/POP-006553)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 6 máis**

Sobre as principais liñas estratéxicas que a Xunta de Galicia vai desenvolver a través do futuro Centro Galego para o Control e Prevención das Enfermidades

[160291](#)**I 43900 (11/POP-006554)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 6 máis**

Sobre as medidas que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para desenvolver o aumento das competencias da enfermaría de atención primaria

[160294](#)**I 43903 (11/POP-006555)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e Queixas Zas, Mercedes**

Sobre os plans da Xunta de Galicia en relación coa torre de Caldaloba, no concello de Cospeito

[160297](#)**I 43916 (11/POP-006559)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma**

Sobre as posibles alternativas para reducir o impacto ambiental e visual así como o elevado custo económico da anunciada pasarela entre ambos os lados da ría da Coruña

[160299](#)**I 43923 (11/POP-006560)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis**

Sobre o reforzo por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades dos equipos de orientación específicos

[160300](#)**I 43926 (11/POP-006561)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da incorporación de persoal de enfermaría no Servizo de Urgencias Pediátricas do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo

[160303](#)

I 43938 (11/POP-006562)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Queixas Zas, Mercedes**

Sobre o informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural respecto do proxecto do embarcadoiro no río Ulla promovido por Portos de Galicia

[160305](#)**I 43939 (11/POP-006563)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Queixas Zas, Mercedes**

Sobre se a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ten previsto emitir un informe favorable ao proxecto de construción dun novo funicular para uso lúdico e turístico no ámbito de protección do ben de interese cultural

[160316](#)**I 43942 (11/POP-006564)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre cales son as medidas activadas polo Goberno galego para evitar que se repitan os incendios na parcela da empresa Inversiones Castro Veira, en Figueroa, no concello de Arteixo

[160327](#)**I 43945 (11/POP-006565)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis**

Sobre as medidas que vai impulsar a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para seguir avanzando na mellora da Formación Profesional Básica

[160329](#)**I 43949 (11/POP-006566)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis**

Sobre a aposta da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para seguir avanzando na mellora da Formación Profesional de Adultos

[160331](#)**I 43953 (11/POP-006567)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do Centro Dramático Galego e do Consello da Cultura Galega

[160333](#)**I 43971 (11/POP-006568)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia para resolver o problema dos ascensores e dos baños do Centro de Saúde de Narón

[160336](#)**I 43979 (11/POP-006569)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 2 máis**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para rescatar a atención primaria

[160339](#)

1.4.4.1.2. Preguntas urxentes (art. 155.5)

Admisión a trámite ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento do Parlamento, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

■ 44079 (11/PUP-000291)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e 6 máis

Sobre a lista de prioridades que vai enviar a Xunta de Galicia ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico coa fin de modificar a actual Planificación eléctrica para o período 2021-2026

[160343](#)

1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación

■ 43847 (11/POC-007949)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre o tratamento informativo dado pola Corporación Radio e Televisión de Galicia ás forzas da oposición

[160345](#)

■ 43907 (11/POC-007962)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as condicións laborais das traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar

[160348](#)

■ 43993 (11/POC-007972)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 3 máis

Sobre a situación da atención primaria na área de Ferrol, nomeadamente nos servizos de pediatría e de urxencias

[160351](#)

■ 44050 (11/POC-007974)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as causas e consecuencias da parálise eólica entre os anos 2009 e 2018

[160355](#)

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

■ 43636 (11/POC-007938)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre o préstamo concedido por XesGalicia en 2018 ao xornal *El Correo Gallego*

[160358](#)

■ 43712 (11/POC-007940)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre o cumprimento dos prazos de execución do concerto social

[160361](#)

I 43718 (11/POC-007941)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a disposición por parte da Consellería de Política Social e Xuventude dun informe detallado de todo o acontecido durante a pandemia nas residencias de maiores e o número de inspeccións levadas a cabo en cada provincia, así como o custo do funcionamento do comité de expertos

[160363](#)

I 43778 (11/POC-007943)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as festas de interese turístico subvencionadas pola Xunta de Galicia este ano

[160365](#)

I 43786 (11/POC-007945)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego do nivel de execución orzamentaria do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero

[160367](#)

I 43803 (11/POC-007947)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para conservar a música galega de Nadal e promover a súa divulgación

[160369](#)

I 43834 (11/POC-007948)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da información á opinión pública e aos grupos parlamentarios sobre a situación legal das instalacións da antiga fábrica de Pontesa

[160374](#)

I 43850 (11/POC-007950)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a avaliación do Goberno galego respecto do desenvolvemento do proxecto de fomento do uso da lingua galega en 2022

[160378](#)

I 43868 (11/POC-007951)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia dirixidas á protección e conservación da Torre do Castro, no concello de Sandiás

[160381](#)

I 43877 (11/POC-007952)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Díaz Mouteira, María Sol e 6 máis

Sobre o número de concellos que solicitaron e acreditaron nos últimos tres anos a bonificación impulsada por Sogama do 10 % do canon que aboan as entidades locais

[160384](#)**I 43880 (11/POC-007953)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre o balance de actividade dos equipos de cirurxía robotizada no sistema sanitario público de Galicia desde a súa posta en marcha

[160386](#)**I 43883 (11/POC-007954)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre a mellora do tratamento dos usuarios do sistema público de saúde de Galicia pola implantación do sistema de xestión da dosimetría

[160388](#)**I 43885 (11/POC-007955)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre as medidas que esta a levar a cabo a Xunta de Galicia no ámbito da dixitalización da saúde pública

[160390](#)**I 43887 (11/POC-007956)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 6 máis

Sobre o resultado do reforzo de persoal farmacéutico efectuado na atención primaria galega durante o ano 2022 e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para seguir potenciando as capacidades desta categoría profesional

[160393](#)**I 43890 (11/POC-007957)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre a necesaria ampliación do Centro Público Integrado As Mirandas, do concello de Ares

[160396](#)**I 43896 (11/POC-007958)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a incidencia na calidade asistencial da substitución nos puntos de atención continuada do persoal médico por persoal de enfermaría

[160399](#)**I 43898 (11/POC-007959)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 6 máis

Sobre as principais liñas estratéxicas que a Xunta de Galicia vai desenvolver a través do futuro Centro Galego para o Control e Prevención das Enfermidades

[160401](#)

I 43901 (11/POC-007960)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 6 máis**

Sobre as medidas que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para desenvolver o aumento das competencias da enfermaría de atención primaria

[160404](#)**I 43902 (11/POC-007961)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e Queixas Zas, Mercedes**

Sobre os plans da Xunta de Galicia en relación coa torre de Caldaloba, no concello de Cospeito

[160407](#)**I 43919 (11/POC-007963)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis**

Sobre o reforzo por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades dos equipos de orientación específicos

[160409](#)**I 43927 (11/POC-007964)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da incorporación de persoal de enfermaría no Servizo de Urgencias Pediátricas do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo

[160412](#)**I 43932 (11/POC-007965)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Queixas Zas, Mercedes**

Sobre os criterios da Xunta de Galicia para aplicar o réxime de protección e salvagarda do funicular de transporte aéreo de materiais Novo y Sierra, no concello de Valga

[160414](#)**I 43940 (11/POC-007966)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia para evitar que se repitan os incendios na parcela da empresa Inversiones Castro Veira, en Figueroa, no concello de Arteixo

[160425](#)**I 43946 (11/POC-007967)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis**

Sobre as medidas que vai impulsar a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para seguir avanzando na mellora da Formación Profesional Básica

[160428](#)**I 43948 (11/POC-007968)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis**

Sobre a aposta da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para seguir avanzando na mellora da Formación Profesional de Adultos

[160430](#)

I 43951 (11/POC-007969)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do Centro Dramático Galego e do Consello da Cultura Galega

[160432](#)**I 43969 (11/POC-007970)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia para resolver o problema dos ascensores e dos baños do Centro de Saúde de Narón

[160435](#)**I 43976 (11/POC-007971)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 2 máis**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para rescatar a atención primaria

[160438](#)**I 43736 (11/POC-007942)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia**

Sobre a información presentada nun medio informativo respecto do procedemento e da contratación de produción allea seguido pola Corporación Radio e Televisión de Galicia

[160442](#)**I 43780 (11/POC-007944)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre a valoración da accesibilidade aos contidos da TVG para o colectivo de persoas xordas

[160444](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Cualificación de emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia

A Mesa da Comisión 1ª, Institucional de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do día 21 de novembro de 2022, adoptou o seguinte acordo en relación coa cualificación de emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia [doc. núm. 42313 (11/PL-000016)]:

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas ao articulado:

—Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 44036)

—Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 44038)

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 21 de novembro de 2022, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 43905 (11/PNP-003725)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación laboral das traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar

- 44025 (11/PNP-003732)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno central respecto da suba das peaxes da AP-9 e da AP-53



- 44043 (11/PNP-003733)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 13 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que adopte medidas encamiñadas a limitar as subas das peaxes nas autoestradas estatais, a AP-9 e a AP-53

- 44048 (11/PNP-003735)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre o concurso eólico do 2010, os proxectos desenvolvidos e os plans industriais asociados

- 44081 (11/PNP-003739)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre a promoción pola Xunta de Galicia dunha alianza estratéxica para impulsar toda a cadea de valor da industria galega en torno ao hidróxeno renovable

- 44083 (11/PNP-003740)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e 13 máis

Sobre as actuacións que debe demandar a Xunta de Galicia ao Goberno de España en materia de planificación de Rede Eléctrica

Admisión a trámite e publicación

- 43641 (11/PNP-003715)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para facilitar ao Parlamento de Galicia unha relación das axudas, ingresos e garantías obtidos polo xornal *El Correo Gallego* entre os anos 2009 e 2022

- 43714 (11/PNP-003716)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a elaboración por parte da Consellería de Política Social e Xuventude dun informe sobre o acontecido nas residencias de maiores durante a pandemia

- 43782 (11/PNP-003718)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para desenvolver a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais

- 43708 (11/PNP-003719)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a execución do concerto social a través da Consellería de Política Social

- 43801 (11/PNP-003721)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dispoñer dun fondo de gravacións de música tradicional galega de Nadal e poñelo a disposición pública para o seu uso e divulgación

- 43832 (11/PNP-003722)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para informar a opinión pública e os grupos parlamentarios sobre a situación legal das instalacións da antiga fábrica de Pontesa

- 43876 (11/PNP-003723)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar determinadas medidas a prol da planificación, seguimento e control da produción do castiñeiro no período 2023-2024

- 43892 (11/PNP-003724)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a composición e mellora das condicións laborais dos equipos para a atención sanitaria nos puntos de atención continuada

- 43917 (11/PNP-003726)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para reforzar as prazas de traballo social dos equipos de orientación específicos

- 43929 (11/PNP-003727)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para incorporar persoal de enfermaría no Servizo de Urgencias Pediátricas do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo

- 43930 (11/PNP-003728)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para protexer o funicular de transporte aéreo de materiais Novo y Sierra, no concello de Valga



- 43967 (11/PNP-003729)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para resolver o problema dos ascensores e dos baños do Centro de Saúde de Narón

- 43974 (11/PNP-003730)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para resolver a situación da atención primaria

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 43906 (11/PNC-003853)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación laboral das traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 43990 (11/PNC-003859)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a atención pediátrica nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 44026 (11/PNC-003860)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno central respecto da suba das peaxes da AP-9 e da AP-53

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 44042 (11/PNC-003861)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que adopte medidas encamiñadas a limitar as subas das peaxes nas autoestradas estatais, a AP-9 e a AP-53

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 44049 (11/PNC-003863)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o concurso eólico do 2010, os proxectos desenvolvidos e os plans industriais asociados

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 43640 (11/PNC-003842)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para facilitar ao Parlamento de Galicia unha relación das axudas, ingresos e garantías obtidos polo xornal *El Correo Gallego* entre os anos 2009 e 2022

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 43715 (11/PNC-003843)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a elaboración por parte da Consellería de Política Social e Xuventude dun informe sobre o acontecido nas residencias de maiores durante a pandemia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 43783 (11/PNC-003845)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para desenvolver a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 43802 (11/PNC-003847)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dispoñer dun fondo de gravacións de música tradicional galega de Nadal e poñelo a disposición pública para o seu uso e divulgación

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 43833 (11/PNC-003849)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para informar a opinión pública e os grupos parlamentarios sobre a situación legal das instalacións da antiga fábrica de Pontesa

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 43709 (11/PNC-003850)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a execución do concerto social a través da Consellería de Política Social

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 43875 (11/PNC-003851)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar determinadas medidas a prol da planificación, seguimento e control da produción do castiñeiro no período 2023-2024

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

- 43893 (11/PNC-003852)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a composición e mellora das condicións laborais dos equipos para a atención sanitaria nos puntos de atención continuada

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 43918 (11/PNC-003854)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para reforzar as prazas de traballo social dos equipos de orientación específicos

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 43925 (11/PNC-003855)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para incorporar persoal de enfermaría no Servizo de Urgencias Pediátricas do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 43931 (11/PNC-003856)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para protexer o funicular de transporte aéreo de materiais Novo y Sierra, no concello de Valga

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 43968 (11/PNC-003857)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para resolver o problema dos ascensores e dos baños do Centro de Saúde de Narón
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 43975 (11/PNC-003858)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para resolver a situación da atención primaria

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2022

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª

1.3.6.3. Proposicións non de lei de iniciativa popular

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 21 de novembro de 2022, adoptou os seguintes acordos:

Asignación ao grupo, cualificación e publicación do acordo

-33140(11/PNL-000005) (11/PNP-003748)

Comisión Promotora

Proposición non de lei de iniciativa lexislativa popular polo dereito de Galicia a poder competir oficial e internacionalmente coas súas seleccións deportivas

BOPG nº 303, do 05.04.2022

A Mesa toma coñecemento do escrito do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 43997) polo que solicita asumir a iniciativa como propia e convertela en proposición non de lei en Pleno, e acorda:

1º. Asignar a proposición non de lei ao G. P. do Bloque Nacionalista Galego

2º. Cualificala como proposición non de lei en Pleno.

3º. Trasladar o acordo á Xunta de Portavoces.

4º. Publicar o acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e comunicalo aos promotores da iniciativa.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2022

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª



A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 21 de novembro de 2022, adoptou os seguintes acordos:

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Mesa da comisión e publicación

- 43987 (11/CPC-000086)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do director da Axencia Galega das Industrias Culturais, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para avaliar a actividade da Agadic no ano 2022, así como para expoñer e explicar o programa e os proxectos previstos para o 2023

Comisión 4ª, Educación e Cultura

Admisión a trámite, traslado á Mesa da comisión e publicación

- 44003 (11/CPC-000087)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da directora da Axencia Galega de Innovación, por petición propia, para informar sobre a situación do Polo Aeroespacial de Galicia e os próximos pasos tras a sinatura dos contratos cos novos socios estratéxicos

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 43910 (11/INT-002158)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as condicións laborais no Servizo de Axuda no Fogar

- 44052 (11/INT-002163)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a política eólica de Galicia

Admisión a trámite e publicación

- 43639 (11/INT-002149)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre os préstamos concedidos por XesGalicia



- 43710 (11/INT-002150)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre o concerto social

- 43716 (11/INT-002151)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre a xestión das residencias de maiores durante a pandemia

- 43784 (11/INT-002152)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e 2 máis
Sobre os dereitos das persoas LGTBI

- 43805 (11/INT-002154)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, Xosé Luís e Queixas Zas, Mercedes
Sobre a conservación da música galega de Nadal

- 43836 (11/INT-002155)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre a utilización de antigas instalacións fabrís

- 43851 (11/INT-002156)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre o fomento do uso da lingua galega

- 43894 (11/INT-002157)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a dotación de persoal nos centros de atención primaria

- 43922 (11/INT-002159)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis
Sobre os equipos de orientación específicos

- 43934 (11/INT-002160)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Queixas Zas, Mercedes
Sobre a protección do patrimonio cultural

- 43952 (11/INT-002161)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación cos organismos culturais públicos

- 43978 (11/INT-002162)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a situación da atención primaria

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 43911 (11/POP-006558)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as condicións laborais das traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar

- 44053 (11/POP-006572)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre o número de proxectos adxudicados no concurso eólico de 2010 que están actualmente en tramitación e os plans industriais que levan asociados

Admisión a trámite e publicación

- 43637 (11/POP-006535)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre o préstamo concedido por XesGalicia en 2018 ao xornal *El Correo Gallego*

- 43711 (11/POP-006537)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre o cumprimento dos prazos de execución do concerto social

- 43717 (11/POP-006538)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a disposición por parte da Consellería de Política Social e Xuventude dun informe detallado de todo o acontecido durante a pandemia nas residencias de maiores

- 43735 (11/POP-006539)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia



Sobre a veracidade da información publicada por un xornal sobre a implicación da Corporación Radio e Televisión de Galicia nunha cuestión investigada pola Unidade de Delincuencia Económica e Fiscal

- 43777 (11/POP-006540)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as festas de interese turístico subvencionadas pola Xunta de Galicia este ano

- 43785 (11/POP-006541)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego do nivel de execución orzamentaria do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero

- 43806 (11/POP-006543)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para conservar a música galega de Nadal e promover a súa divulgación

- 43837 (11/POP-006544)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a concesión pola Xunta de Galicia de autorización ao Grupo Nogar para a almacenaxe de cereais nas instalacións da antiga Pontesa

- 43852 (11/POP-006545)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a avaliación do Goberno galego respecto do desenvolvemento do proxecto de fomento do uso da lingua galega en 2022

- 43878 (11/POP-006546)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Díaz Mouteira, María Sol e 6 máis

Sobre o número de concellos que solicitaron e acreditaron nos últimos tres anos a bonificación impulsada por Sogama do 10% do canon que aboan as entidades locais

- 43881 (11/POP-006547)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre o balance de actividade dos equipos de cirurxía robotizada no sistema sanitario público de Galicia desde a súa posta en marcha

- 43884 (11/POP-006548)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre a mellora do tratamento dos usuarios do sistema público de saúde de Galicia pola implantación do sistema de xestión da dosimetría

- 43886 (11/POP-006549)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre as medidas que esta a levar a cabo a Xunta de Galicia no ámbito da dixitalización da saúde pública

- 43888 (11/POP-006550)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 6 máis

Sobre o resultado do reforzo de persoal farmacéutico efectuado na atención primaria galega durante o ano 2022

- 43891 (11/POP-006551)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do inicio das obras de ampliación do Centro Público Integrado As Mirandas, do concello de Ares

- 43895 (11/POP-006552)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a incidencia na calidade asistencial da substitución nos puntos de atención continuada do persoal médico por persoal de enfermaría

- 43899 (11/POP-006553)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 6 máis

Sobre as principais liñas estratéxicas que a Xunta de Galicia vai desenvolver a través do futuro Centro Galego para o Control e Prevención das Enfermidades

- 43900 (11/POP-006554)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 6 máis

Sobre as medidas que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para desenvolver o aumento das competencias da enfermaría de atención primaria

- 43903 (11/POP-006555)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Queixas Zas, Mercedes

Sobre os plans da Xunta de Galicia en relación coa torre de Caldaloba, no concello de Cospeito

- 43916 (11/POP-006559)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as posibles alternativas para reducir o impacto ambiental e visual así como o elevado custo económico da anunciada pasarela entre ambos os lados da ría da Coruña

- 43923 (11/POP-006560)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre o reforzo por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades dos equipos de orientación específicos

- 43926 (11/POP-006561)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da incorporación de persoal de enfermaría no Servizo de Urgencias Pediátricas do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo

- 43938 (11/POP-006562)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Queixas Zas, Mercedes

Sobre o informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural respecto do proxecto do embarcadoiro no río Ulla promovido por Portos de Galicia

- 43939 (11/POP-006563)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Queixas Zas, Mercedes

Sobre se a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ten previsto emitir un informe favorable ao proxecto de construción dun novo funicular para uso lúdico e turístico no ámbito de protección do ben de interese cultural

- 43942 (11/POP-006564)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre cales son as medidas activadas polo Goberno galego para evitar que se repitan os incendios na parcela da empresa Inversiones Castro Veira, en Figueroa, no concello de Arteixo

- 43945 (11/POP-006565)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre as medidas que vai impulsar a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para seguir avanzando na mellora da Formación Profesional Básica

- 43949 (11/POP-006566)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre a aposta da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para seguir avanzando na mellora da Formación Profesional de Adultos



- 43953 (11/POP-006567)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do Centro Dramático Galego e do Consello da Cultura Galega

- 43971 (11/POP-006568)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia para resolver o problema dos ascensores e dos baños do Centro de Saúde de Narón

- 43979 (11/POP-006569)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para rescatar a atención primaria

1.4.4.1.2. Preguntas urxentes (art. 155.5)

Admisión a trámite ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento do Parlamento, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 44079 (11/PUP-000291)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e 6 máis

Sobre a lista de prioridades que vai enviar a Xunta de Galicia ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico coa fin de modificar a actual Planificación eléctrica para o período 2021-2026

1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación

- 43847 (11/POC-007949)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre o tratamento informativo dado pola Corporación Radio e Televisión de Galicia ás forzas da oposición

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia

- 43907 (11/POC-007962)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as condicións laborais das traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 43993 (11/POC-007972)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 3 máis

Sobre a situación da atención primaria na área de Ferrol, nomeadamente nos servizos de pediatria e de urxencias

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 44050 (11/POC-007974)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as causas e consecuencias da parálise eólica entre os anos 2009 e 2018

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 43636 (11/POC-007938)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre o préstamo concedido por XesGalicia en 2018 ao xornal *El Correo Gallego*

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 43712 (11/POC-007940)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre o cumprimento dos prazos de execución do concerto social

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 43718 (11/POC-007941)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a disposición por parte da Consellería de Política Social e Xuventude dun informe detallado de todo o acontecido durante a pandemia nas residencias de maiores e o número de inspeccións levadas a cabo en cada provincia, así como o custo do funcionamento do comité de expertos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 43778 (11/POC-007943)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as festas de interese turístico subvencionadas pola Xunta de Galicia este ano

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 43786 (11/POC-007945)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego do nivel de execución orzamentaria do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 43803 (11/POC-007947)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para conservar a música galega de Nadal e promover a súa divulgación

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 43834 (11/POC-007948)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da información á opinión pública e aos grupos parlamentarios sobre a situación legal das intalacións da antiga fábrica de Pontesa

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 43850 (11/POC-007950)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a avaliación do Goberno galego respecto do desenvolvemento do proxecto de fomento do uso da lingua galega en 2022

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 43868 (11/POC-007951)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia dirixidas á protección e conservación da Torre do Castro, no concello de Sandiás

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 43877 (11/POC-007952)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Díaz Mouteira, María Sol e 6 máis

Sobre o número de concellos que solicitaron e acreditaron nos últimos tres anos a bonificación impulsada por Sogama do 10 % do canon que aboan as entidades locais

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 43880 (11/POC-007953)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre o balance de actividade dos equipos de cirurxía robotizada no sistema sanitario público de Galicia desde a súa posta en marcha

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 43883 (11/POC-007954)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis



Sobre a mellora do tratamento dos usuarios do sistema público de saúde de Galicia pola implantación do sistema de xestión da dosimetría

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 43885 (11/POC-007955)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre as medidas que esta a levar a cabo a Xunta de Galicia no ámbito da dixitalización da saúde pública

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 43887 (11/POC-007956)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 6 máis

Sobre o resultado do reforzo de persoal farmacéutico efectuado na atención primaria galega durante o ano 2022 e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para seguir potenciando as capacidades desta categoría profesional

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 43890 (11/POC-007957)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre a necesaria ampliación do Centro Público Integrado As Mirandas, do concello de Ares

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 43896 (11/POC-007958)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a incidencia na calidade asistencial da substitución nos puntos de atención continuada do persoal médico por persoal de enfermaría

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 43898 (11/POC-007959)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 6 máis

Sobre as principais liñas estratéxicas que a Xunta de Galicia vai desenvolver a través do futuro Centro Galego para o Control e Prevención das Enfermidades

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 43901 (11/POC-007960)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 6 máis

Sobre as medidas que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para desenvolver o aumento das competencias da enfermaría de atención primaria

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 43902 (11/POC-007961)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Queixas Zas, Mercedes

Sobre os plans da Xunta de Galicia en relación coa torre de Caldaloba, no concello de Cospito

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 43919 (11/POC-007963)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre o reforzo por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades dos equipos de orientación específicos

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 43927 (11/POC-007964)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da incorporación de persoal de enfermaría no Servizo de Urgencias Pediátricas do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 43932 (11/POC-007965)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Queixas Zas, Mercedes

Sobre os criterios da Xunta de Galicia para aplicar o réxime de protección e salvagarda do funicular de transporte aéreo de materiais Novo y Sierra, no concello de Valga

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 43940 (11/POC-007966)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia para evitar que se repitan os incendios na parcela da empresa Inversiones Castro Veira, en Figueroa, no concello de Arteixo

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 43946 (11/POC-007967)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre as medidas que vai impulsar a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para seguir avanzando na mellora da Formación Profesional Básica

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 43948 (11/POC-007968)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre a aposta da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para seguir avanzando na mellora da Formación Profesional de Adultos

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 43951 (11/POC-007969)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do Centro Dramático Galego e do Consello da Cultura Galega

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 43969 (11/POC-007970)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia para resolver o problema dos ascensores e dos baños do Centro de Saúde de Narón

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 43976 (11/POC-007971)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para rescatar a atención primaria

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 43736 (11/POC-007942)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre a información presentada nun medio informativo respecto do procedemento e da contratación de produción allea seguido pola Corporación Radio e Televisión de Galicia

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia

- 43780 (11/POC-007944)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a valoración da accesibilidade aos contidos da TVG para o colectivo de persoas xordas

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2022

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI REGULADORA DOS
XOGOS DE GALICIA (NUM. EXPE. 11/PL-000016).**

Emenda nº1, ao apartado 1.b), de Modificación. Artigo 2

No subpartado b) do apartado 1 do artigo 2 substituír "...do material relacionado cos ditos xogos", polo seguinte texto: "...do material relacionado co xogo e outras actividades conexas."

Emenda nº2, ao apartado 1.b), de Adición. Artigo 2

No subapartado b) do apartado 1 do artigo 2 engadir a continuación da frase: "As persoas físicas e xurídicas ...", e antes do verbo: "interveñan", a expresión: "que, de calquera modo ..."

Emenda nº3, ao apartado 1.e), de Adición. Artigo 2

Engadir un novo subapartado e) no apartado 1 do artigo 2 coa seguinte redacción:
"e) A prevención de posíbeis adiccións e patoloxías relacionadas co xogo; en particular, a ludopatía."

Emenda nº4, ao apartado 2.i), de Adición. Artigo 2

No apartado 2 engadir un novo subapartado i) co seguinte texto:



“i) Malia o referido nas letras anteriores -agás a letra h)- esixirase, en todo caso, autorización administrativa previa do órgano competente en materia de xogo na Comunidade Autónoma de Galiza, para o caso da apertura de locais presenciais abertos ao público, así como para a instalación de equipos en todos os locais de pública concorrencia, que permitan a participación en xogos a través de canles electrónicas, informáticas, telemáticas e interactivas autorizadas pola Administración do Estado, nos termos, condición e requisitos establecidos nesta lei e nas disposicións regulamentarias de desenvolvemento”.

Emenda nº5, ao apartado 1.a), de Modificación. Artigo 3

Modificar a redacción do subapartado a) do apartado 1 do artigo 3 quedando como segue:

“Protección das persoas menores de idade e das que teñan reducidas as súas capacidades intelectuais e/ou volitivas, ou persoas con discapacidade que, por resolución xudicial, estean suxeitas a medidas de apoio que afecten a súa libre participación nos xogos e apostas, así como das persoas inscritas no Rexistro de Persoas Excluídas de Acceso ao Xogo de Galiza, impedindo o seu acceso á práctica e aos establecementos de xogo en calquera das súas modalidades. En todo caso, a antedita prevención estenderase á toda a poboación residente en Galiza.”

Emenda nº6, ao apartado 1.d), de Adición. Artigo 3

No subapartado d) do apartado 1 do artigo 3 engadir a continuación da frase: “d) A prevención de prexuízos a terceiras persoas.”, o seguinte texto: “En particular, prestarase especial protección aos colectivos máis vulnerábeis, como o dos menores de idade, quen teñan reducida as súas capacidades intelectuais e/ou volitivas, e as que sufran de adición ao xogo ou se atopen incapacitadas legal ou xudicialmente.”



Emenda nº7, ao apartado 1.f), de Adición. Artigo 3

No subapartado f) do apartado 1 do artigo 3 engadir a seguir da frase: “f) Respecto ás regras básicas dunha política de xogo responsable”, o seguinte texto: “e seguro”.

Emenda nº8, ao apartado 1.f), de Adición. Artigo 3

No subapartado f) do apartado 1 do artigo 3 engadir un novo parágrafo co seguinte texto:

“Para os efectos desta lei, entenderase como xogo responsábel, aquel no que a elección das opcións do xogo da persoa usuaria, ten en conta a súa situación e circunstancias persoais, evitando, desta forma que se puden producir problemas e/ou patoloxías relacionados coa actividade do xogo, como a ludopatía. O xogo responsábel suporá a elección informada dun padrón de xogo sobre ao que a persoa exerce o control e mantén un equilibrio, respecto de si e con relación a outras actividades da súa vida, sen xerar problemas asociados. Por xogo seguro, entenderase aquel que, baixo unha óptica común, no contexto social actual, se poder cualificar de xusto, transparente, fiábel e íntegro, de tal maneira que considera os aspectos de seguranza da persoa xogadora.”

Emenda nº9, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 3

Substituír o texto do apartado 2 do artigo 3 polo seguinte:

“2. En todo caso, a Administración autonómica porá especial atención a prevención das patoloxías relacionadas co xogo de toda a súa poboación e, en especial das persoas máis vulnerábeis. Así mesmo, terá en conta a realidade e incidencia social; a súa repercusión económica e fiscal e a diversificación empresarial do xogo nas súas distintas modalidades, favorecendo a concorrência en condición de igualdade das persoas físicas e xurídicas dedicadas á explotación de xogos.”



Emenda nº10, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 3

Substituír o texto do apartado 3 do artigo 3 polo seguinte:

“3. A Administración autonómica deberá velar pola aplicación dos principios reitores previstos neste precepto, que teñen por finalidade a prevención de condutas susceptibles de xerar adiccións; a evitación do fomento do hábito do xogo, así como a redución dos seus efectos negativos sobre a poboación e, en particular de aquelas persoas referidas no número 1, apartado a) deste artigo.

En calquera caso, a Administración autonómica, velará polo cumprimento destes principios reitores, por parte das persoas usuarias dos xogos e das empresas do xogo e imporá aos axentes e as operadoras do xogo, a levar a cabo, como mínimo, as seguintes medidas, a desenvolver regulamentariamente:

a) Medidas orientadas a asegurar a aplicación efectiva dos principios de xogo responsable e seguro. Neste sentido, garantirá, como mínimo, a existencia de material informativo adecuado para as persoas xogadoras e a obriga, por parte das persoas titulares das empresas de xogo, de organizar e ofrecer ás persoas empregadas, cursos de formación en materia de xogo seguro e responsábel, de realización obrigada.

Así mesmo, as empresas do xogo recomendarán deixar de xogar a aquelas persoas que mostren síntomas indicadores dunha diminución significativa ou perda de control do xogo.

b) Medidas orientadas a modificar o contexto do xogo, coa prohibición da concesión de préstamos ás persoas xogadoras, así como de pagamento aprazado, por parte das persoas empregadas nas empresas de xogo autorizadas.

c) Medidas orientadas a limitar a actividade do xogo, a través dunha adecuada planificación dunha oferta equilibrada e coherente en canto a establecementos; número de máquinas; configuración dos locais, con especial atención ás zonas frecuentadas por persoas menores de idade, así como doentes e con limitacións na publicidade para as empresas do xogo.

d) Medidas específicas orientadas á protección de colectivos vulnerábeis, tales como, prohibicións de admisión en establecementos de xogo e correlativas medidas de control na súa aplicación efectiva; realización de campañas de sensibilización e de información sobre o xogo; limitacións sobre a oferta de medios susceptibles de xerar e promover o uso excesivo das tecnoloxías dixitais e as súas novas aplicación e as demais que foren pertinentes, de desenvolvemento regulamentario.”



Emenda nº11, de Substitución. Artigo 4

Substituír o texto do artigo 4 polo seguinte:

“1.Conforme a letra f) do artigo anterior, estaríamos perante políticas de xogo responsábel e seguro cando no contexto do xogo exista unha información suficiente e necesaria para que as persoas usuarias sexan conscientes de encontrarse perante unha actividade eventualmente aditiva, incapaz e invalidante como fonte de ingresos ou modo de gañarse a vida; unha actividade que, de practicarse, debe levarse a cabo de forma controlada, moderada e responsábel.

Como consecuencia do anterior, as políticas de xogo responsábel suporán unha participación activa da Administración Pública, mediante o establecemento de deberes de responsabilidade social corporativa ás empresas dedicadas ao xogo para a implantación por parte destas últimas de accións preventivas, de sensibilización, de intervención e control, así como de reparación dos efectos negativos que se puden producir.

A anteditas políticas de responsabilidade social corporativa suporán, por parte das empresas operadoras, a elaboración dun Plan de medidas que teña por obxectivo a mitigación dos eventuais efectos prexudiciais que a práctica do xogo puden producir, nos termos que, regulamentariamente se determine, e se asentará sobre os seguintes piares básicos:

- a) Prestar a atención precisa aos grupos en risco.
- b) Proporcionar ao público a información precisa que permita, de ser o caso, unha selección consciente das súas actividades de xogo que contemplen actitudes de xogo moderado, non compulsivo, responsábel e seguro.
- c) Informar e actuar, conforme a natureza e medios utilizados en cada xogo, da prohibición de participación dos menores de idade ou das persoas incluídas no Rexistro de Persoas Excluídas de Acceso ao Xogo de Galiza.
- d) Información e actuación efectiva dos operadores respecto da prohibición de concesión de préstamos, nin de calquera outra modalidade de crédito ou asistencia financeira aos participantes. Así mesmo, tampouco poderán conceder bonificacións, partidas gratuítas ou elementos que se puden trocar por diñeiro ás persoas usuarias dos xogos. A vulneración desta prohibición levará consigo a correspondente responsabilidade administrativa nos termos previstos nesta lei.



e) Atender os requirimentos da Administración Autonómica Galega, respecto dos seus deberes de información e formación das persoas traballadoras, con relación a actividade do xogo; nomeadamente, os establecidos neste artigo e no anterior.

Por outro lado, as empresas operadoras garantirán unha participación segura nos xogos. Tal seguranza, virá rexida polos seguintes principios básicos:

a) Establecemento de regras de xogo claras e transparentes e dereito a ser informado delas.

b) Garantía de xogo honesto o que presupón un xogo xusto e limpo.

c) Seguranza nos depósitos, pagamentos e cobramentos.

d) Identificación do participantes e comprobación de identidade e idade para os efectos de impedir o acceso a menores e as demais persoas que for pertinente, conforme a esta lei.

e) Realización da actividade de xogo, conforme con todos os requisitos establecidos nesta lei e na normativa regulamentaria correspondente.

2. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galiza promoverá políticas de xogo responsábel que contemplarán o xogo como un fenómeno complexo, no que se combinarán accións preventivas, de intervención e control, e tamén de reparación dos efectos negativos producidos, desde unha perspectiva integral; con especial atención ás patoloxías do xogo.

Con independencia do seu desenvolvemento regulamentario, as accións preventivas da Xunta de Galiza, a través da consellaría competente en materia do xogo, se dirixirán:

a) Á sensibilización e concienciación sobre as consecuencias da práctica do xogo, especialmente relacionadas cos riscos de ludopatía, insistindo en actitudes de autocontrol e responsabilidade, en evitación de condutas aditivas e compulsivas.

b) A prestar especial atención a toda a poboación; en especial a aqueles colectivos máis vulnerábeis, como menores de idade, persoas con adicción ao xogo e incapacitadas legal ou xudicialmente.

c) A proporcionar á sociedade galega a información precisa capaz de habilitala para o exercicio dunha selección consciente das súas actividades lúdicas, así como a advertir dos eventuais efectos derivados do xogo.

d) A informar, conforme a natureza e medios utilizados en cada xogo, da prohibición de participar a menores de idade ou ás persoas incluídas no Rexistro de Persoas Excluídas de Acceso ao Xogo de Galiza.

e) A desenvolver, por parte da Consellaría competente en materia de Sanidade, programas específicos para o tratamento



de pacientes con ludopatías dentro da rede sanitaria pública, garantindo esta atención dentro de todas as áreas sanitarias.

f) A velar polo cumprimento dos principios, medidas e actuacións establecidas nesta lei e levar a cabo as funcións pertinentes en materia de inspección e control da actividade do xogo e dos deberes esixidos ás persoas -físicas ou xurídicas- operadoras.

En todo caso, correspóndelle á Consellaría competente en materia de xogo, velar pola efectividade das políticas de xogo responsábel, polo respecto aos límites en materia de publicidade do xogo e polo cumprimento da normativa de control de acceso e colaborar activamente coas asociacións que tratan as persoas con adicción ao xogo, no desenvolvemento e execución das actividades de prevención e información.

3. Crearase o Observatorio Galego do Xogo como órgano colexiado encargado do estudo, avaliación e seguimento das políticas de xogo responsábel. A súa natureza, fins, composición e adscrición estableceranse regulamentariamente, debendo respectarse, en todo caso, na súa composición, o principio de presenza equilibrada de mulleres e homes. Os seus estudos e traballos estatísticos deberán efectuarse sempre desagregando os datos por sexos.

4. As consellarías con competencias en materia de xogo e sanidade consignarán crédito nos seus orzamentos correspondentes para financiar, respectivamente, o Observatorio galego de xogo e as actividades anteriormente citadas, con especial atención á prevención da ludopatía."

Emenda nº12, de Adición. Artigo 4

No título do artigo 4 engadir a expresión: "e seguro".

Así pois, con esta engádegas o título quedaría como segue:
"Políticas de xogo responsable e seguro."

Emenda nº13, de Adición. Artigo 4 bis)

Engadir un novo artigo 4 bis) co seguinte contido:



“Artigo 4 bis) Medidas xerais para a prevención da ludopatía e do xogo patolóxico.

1. A Xunta de Galiza, no ámbito das súas competencias, desenvolverá as medidas que foren precisas para a prevención e tratamento de condutas aditivas en relación ao xogo, especialmente entre os grupos de idade máis novos. En todo caso e, coa finalidade de previr e atender situacións de ludopatía e/ou xogo patolóxico en xeral, executará, como mínimo, as seguintes actividades:

a) A realización de estudos de prevalencia que permitan a detección precoz da ludopatía, así como o desenvolvemento de protocolos de control da mesma, especialmente nos ámbitos educativo e sociosanitario.

b) O desenvolvemento, dentro do sistema sanitario público galego, dun protocolo de atención global a persoas con trastornos de adicción.

c) A realización de obradoiros e actividades formativas de educación para a saúde, información sanitaria e prevención do xogo patolóxico nos ámbitos educativos, sanitario, deportivo e sociolaboral.

d) A realización de campañas de sensibilización do ocio alternativo e o ocio educativo, especialmente para persoas menores de idade e para a mocidade en xeral.

e) Medidas de atención integral e específicas para o tratamento de adicción ao xogo.

f) No artellamento das medidas anteriores deberase contar coa participación doutras administración e/o ou entidades de carácter profesional e social, especialmente vinculadas con situacións de adicción relacionadas co xogo.

2. A Xunta de Galiza, en colaboración coas entidades locais, artellará un Plan de acción para a prevención e control do xogo patolóxico en xeral e, particularmente da ludopatía. O antedito Plan terá unha duración de catro anos, e será sometido, cunha periodicidade bianual, a un seguimento e control sobre os resultados da súa implantación, co fin de introducir as medidas correctoras que foren pertinentes no seu obxectivo de loita contra tales patoloxías.

3. Para a elaboración do Plan referido no número anterior, contarase coa participación de todas aquelas organizacións, asociacións e colectivos implicados no tratamento de patoloxías relacionadas co xogo.”



Emenda nº14, de Substitución. Artigo 5

Substituír o contido do artigo 5 polo seguinte texto:

“1. Dentro do ámbito competencial da Comunidade Autónoma de Galiza e, respecto das operadoras por ela autorizadas, queda restrinxida calquera tipo de publicidade, promoción, patrocinio e calquera forma de comunicación comercial, incluída aquela que se realice telematicamente a través das redes de comunicación social, referidas ás actividades de xogo e dos establecementos nos que se practican.

En todo caso, tales actividades estarán suxeitas a autorización previa que se efectuará nos termos e condicións previstos neste artigo e na normativa regulamentaria de desenvolvemento

2. Prohíbese a publicidade e a promoción do xogo no exterior dos locais de xogo, así como a publicidade estática do xogo na vía pública e/ou medios de transporte, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galiza.

3. Queda prohibida a publicidade dos xogos, así como as promocións consistentes no ofrecemento de obsequios, agasallos, consumicións gratuítas ou por prezo inferior ao de mercado e, en xeral, todas as actividades promocionais tendentes a incentivar, directa ou indirectamente, á participación no xogo, entendido segundo a definición contida no número 2 do artigo 1 da presente lei.

4. Só está permitida a publicidade dos xogos realizada no interior dos propios locais de xogo; aquela que se insire en publicacións especializadas e dirixidas ao propio sector e a relativa aos xogos reservados á competencia da Administración do Estado, conforme á disposición adicional primeira da vixente Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo.

5. Dentro dos locais nos que se realicen actividades de xogo é obrigatorio que as persoas consumidoras y usuarias dispoñan, en lugar visíbel e facilmente accesíbel de follas informativas que conteñan información e datos de contacto de institucións dedicadas ao tratamento e rehabilitación de persoas con patoloxías asociadas ao xogo. A consellaría competente en materia de prevención e tratamento de adicións establecerá o formato, características e contido de tales follas informativas.

6. Queda prohibida a publicidade do xogo, tanto presencial como en liña, en calquera medio audiovisual que opere dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma Galega.

Respecto dos medios de titularidade pública con ámbito de emisión limitado ao territorio da Comunidade Autónoma de Galiza, esta prohibición incluírá os servizos da sociedade da información, así como calquera publicidade do xogo non



presencial a través de medios electrónicos, informáticos, telemáticos ou interactivos e de calquera modalidade de xogo presencial de competencia autonómica; a emisión de programas e de imaxes, nos que as persoas presentadoras, colaboradoras ou convidadas aparezan xogando ou mencionen ou mostren, directa ou indirectamente, establecementos, salóns ou locais asociados ao xogo, agás para os supostos que teñan por obxectivo a prevención ou sensibilización referente ao xogo patolóxico ou ludopatía. A consellaría competente en materia de xogo poderá autorizar excepcións a esta limitación, para o aso dos xogos de titularidade pública ou con reserva estatal."

Emenda nº15, de Modificación. Artigo 6

Modificar a rúbrica do artigo 6 de maneira que quede redactada da seguinte forma:

"Rexistro de Persoas Excluídas de Acceso ao Xogo de Galiza".

En concordancia, tense por modificada calquera alusión á denominación do antedito Rexistro, ao longo do contido deste artigo 6.

Emenda nº16, ao apartado 8, de Adición. Artigo 6

Engadir un novo apartado 8 no artigo 6 co seguinte contido:

"8. Regulamentariamente establecerase o contido, a organización e o funcionamento do referido rexistro, que non poderá conter máis datos que os estritamente precisos para o cumprimento das finalidades determinadas nesta lei. A difusión dos datos incluídos no rexistro deberá servir, unicamente, para o cumprimento das devanditas finalidades legalmente establecidas."



Emenda nº17, de Adición. Artigo 7

Engadir no título do artigo 7 a expresión "e control de acceso", de maneira que a rúbrica quede redactada da seguinte forma: "Dereito de admisión e control de acceso."

Emenda nº18, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 7

Na segunda liña do apartado 2 do artigo 7 substituír a palabra: ""raza", por: "etnia".

Emenda nº19, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 7

Substituír o texto do apartado 3 do artigo 7 polo seguinte:

“Os establecementos dedicados ao xogo deberán dispoñer dun servizo de admisión que controle o acceso ao local de todas as persoas xogadoras ou visitantes e que comprobe que non se atopan incursas nas prohibicións reguladas no artigo 9 desta lei.”

Emenda nº20, ao apartado 4, de Adición. Artigo 7

Engadir un novo apartado 4 no artigo 7 co seguinte texto:

“4. O servizo de admisión deberá contar cun sistema que permita a conexión directa co órgano competente en materia de xogo para a actualización das persoas incluídas no Rexistro de Persoas Excluídas de Acceso ao Xogo de Galiza. A consellaría competente en materia de xogo procurará a coordinación do Rexistro de Persoas Excluídas de Acceso ao Xogo da Comunidade Autónoma de Galiza co Rexistro Xeral de Interdicións de Acceso ao Xogo, establecido na vixente lei estatal do xogo, ou Lei 13/2011, de 27 de maio, de regulación co xogo. Así mesmo, tamén poderá establecer mecanismos de coordinación con outros rexistros oficiais equivalentes, existentes no Estado español ou noutros lugares para a comunicación de datos e, se proceder, a interconexión dos rexistros, para o cumprimento das finalidades legalmente establecidas e, conforme a normativa de protección de datos persoais.”



Emenda nº21, ao apartado 5, de Adición. Artigo 7

Engadir un novo apartado 5 no artigo 7 co seguinte texto:

"5. No xogo practicado a través de canles electrónicas, informáticas, telemáticas ou interactivas, a comprobación á que se refire o apartado 3 deste artigo deberá realizarse cada vez que a persoa xogadora se identifique no sistema de xogo."

Emenda nº22, ao apartado 6, de Adición. Artigo 7

Engadir un novo apartado 6 no artigo 7 co seguinte texto:

"6. As empresas que exploten modalidades de xogo mediante canles telemáticas deberán dispoñer dun sistema que permita identificar a non incursión da persoa xogadora nas prohibicións reguladas no artigo 9 desta lei."

Emenda nº23, ao apartado 7, de Adición. Artigo 7

Engadir un novo apartado 7 no artigo 7 co seguinte texto:

"7. A utilización do sistema de identificación deberá suxeitarse ás prescricións da normativa de protección de datos de carácter persoal."

Emenda nº24, ao apartado 8, de Adición. Artigo 7

Engadir un novo apartado 8 no artigo 7 co seguinte texto:

"8. Regulamentariamente deberá establecerse o contido, a organización e o funcionamento do control de admisión."



Emenda nº25, ao apartado 1.h), de Adición. Artigo 9

Engadir no apartado 1 do artigo 9 un novo subapartado h) co seguinte texto:

"h) As persoas directivas das entidades deportivas, persoas participantes ou organizadoras, árbitros, e tamén outros colectivos de persoas que puideren determinarse regulamentariamente, respecto de acontecementos ou actividades deportivas sobre as que se realizan apostas."

Emenda nº26, ao apartado 1.h), de Adición. Artigo 12

Engadir no apartado 1 do artigo 12 un novo subapartado h) co seguinte contido:

"h) En calquera caso, toda persoa xogadora terá, perante a empresa operadora de xogo, o seu establecemento de xogo e o seu persoal, os seguintes dereitos: A coñecer en todo momento a identidade da empresa operadora de xogo, especialmente nos xogos desenvolvidos por medios electrónicos, informáticos, telemáticos e interactivos, mediante sistemas de sinatura electrónica recoñecida, así como o dereito a coñecer, no caso de reclamacións ou de posíbeis infraccións, a identidade do persoal que interactúe con elas."

Emenda nº27, ao apartado 3.f), de Adición. Artigo 20

No apartado 3 do artigo 20 engadir un novo subapartado f) co seguinte texto:

"f) O Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia."

Emenda nº28, ao apartado 3.g), de Adición. Artigo 20

No apartado 3 do artigo 20 engadir un novo subapartado g) co seguinte texto:



"g) As Asociacións de Nais e Pais galegas."

Emenda nº29, ao apartado 5, de Adición. Artigo 28

Engadir un novo apartado 5 no artigo 28 co seguinte texto:

"5. O número de autorizacións de explotación de máquinas auxiliares de apostas queda limitado na Comunidade Autónoma de Galiza a un máximo de 3.600."

Emenda nº30, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 29

Substituír o texto do apartado 3 do artigo 29 polo seguinte:

"3. Regulamentariamente determinaranse as condicións de funcionamento dos establecementos de xogo, as prohibicións de acceso, así como as distancias e zonas de influencia nas que non poderán situarse novos establecementos para a práctica dos xogos permitidos.

Queda prohibida a apertura de calquera establecemento de xogo, cuxa autorización corresponda outorgar á Administración autonómica, a unha distancia inferior a 500 metros dos centros oficiais que impartan ensino regrado a menores de idade e dos centros oficiais de rehabilitación de persoas xogadoras patolóxicas, e a 500 metros de calquera outro establecemento de xogo xa autorizado ou respecto dos cales estea en tramitación o procedemento de outorgamento da autorización, incluídos os espazos de apostas en recintos deportivos e feirais. Estas distancias serán medidas radialmente.

Entenderase por distancia radial a medida do radio dunha circunferencia cuxo centro sexa a localización xeográfica do establecemento que se pretende instalar.

Enténdese por centro oficial o que conste recoñecido como tal pola consellaría competente na concreta materia de que se trate.

En calquera caso, non poderá ser visíbel ningún tipo de publicidade destes establecementos.

Así mesmo, os concellos poderán establecer de forma proporcionada e xustificada outros límites, requisitos ou características adicionais, para a apertura de establecementos previstos neste artigo, baseándose nas súas competencias de



organización, dirección e control da ocupación e a utilización do solo e para velar pola protección do contorno urbano e a calidade de vida e a cohesión social da poboación, a través do planeamento urbanístico e das súas ordenanzas. Especificamente, polos motivos indicados, os concellos poderán establecer prohibicións, limitacións ou restricións destinadas a evitar a excesiva concentración de establecementos de xogo ou garantir a súa coexistencia con outras actividades humanas ou sociais.

Emenda nº31, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 30

Substituír o contido do apartado 2 do artigo 3 polo seguinte:

"2. Autorizarase unicamente a instalación dun casino en cada provincia da Comunidade Autónoma de Galiza, respectando as localizacións actualmente existentes para este tipo de locais."

Emenda nº32, ao apartado 3, de Adición. Artigo 30

No apartado 3 do artigo 30 engadir o seguinte texto in fine:

"Esta sala adicional contará cun horario de apertura que non superará en ningún caso o do casino matriz".

Emenda nº33, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 36

Suprimir no apartado 1 do artigo 36 o texto: "e recintos deportivos e feirais".

Emenda nº34, ao apartado 1.1º, de Supresión. Artigo 38

Suprimir no subapartado 1º do apartado 1 do artigo 38 o texto: "e os espazos de apostas en recintos deportivos e feirais".



Emenda nº35, ao apartado 1.3º, de Substitución. Artigo 38

Substituír o texto do subapartado 3º do apartado 1 do artigo 38, polo seguinte:

“Entenderase que a actividade de xogo resulta meramente marxinal e complementaria cando o número de terminais físicos de xogo e puntos oficiais de venta de lotarías ou boletos instalados no establecemento non supere o número de dous.”

Emenda nº36, ao apartado 4, de Substitución. Artigo 38

Substituír o contido do apartado 4 do artigo 38 polo seguinte texto:

"Os terminais físicos de xogo de competencia autonómica que permitan a participación en xogos instalados fóra de locais que dispoñan de control de acceso deberán dispoñer de sistemas ou mecanismos que impidan a participación efectiva nos xogos de persoas menores de idade e de persoas que consten inscritas no Rexistro de prohibidos de acceso ao xogo de Galiza."

Emenda nº37, ao apartado 7, de Supresión. Artigo 38

Suprimir no apartado 7 do artigo 38 o seguinte texto:

"En todo caso o número total de autorizacións para a instalación de máquinas auxiliares de apostas neste tipo de establecementos non poderá superar as 3600."

Emenda nº38, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 40

Substituír o texto do apartado 1 do artigo 40 polo seguinte texto:

“1. Todas as empresas de xogo que desenvolveren a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galiza, en relación co xogo de competencia autonómica, deberán dispor dunha fianza



na contía que se determine regulamentariamente e que, en calquera caso non poderá ser menor a 500 euros, nin superior a 1.000.000 de euros. Considérase que exercen a súa actividade no territorio da Comunidade Autónoma de Galiza, unha vez obtiveren a autorización correspondente que as habilita para o devandito exercicio.”

Emenda nº39, ao apartado k) e l), de Substitución. Artigo 45

Substituír os apartados k) e l) do artigo 45 por un novo apartado k) co seguinte texto:

"k) A non instalación nos terminais físicos de xogo localizados en establecementos que non dispoñan dun sistema de control de acceso dos sistemas ou mecanismos que impidan a participación efectiva nos xogos de persoas menores de idade e de persoas que consten inscritas no Rexistro de Persoas Excluídas de Acceso ao Xogo de Galiza."

Emenda nº40, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 51

Modificar a redacción do apartado 1 do artigo 51 que ficará así:

"1.As sancións por infraccións leves prescribirán ao ano; as impostas por infraccións graves aos 3 anos e as impostas por infraccións moi graves, aos 5 anos."

Emenda nº41, de Modificación. Disposición transitoria primeira

Modificar o contido da Disposición transitoria primeira, quedando como figura a continuación:

"As empresas de xogo disporán dun prazo dun ano, desde a entrada en vigor desta lei, para a adaptación das máquinas recreativas, de azar e de apostas e dos establecementos de



xogo ao disposto nesta lei e nas modificacións regulamentarias introducidas por ela.”

Emenda nº42, ao apartado 2, de Supresión. Disposición transitoria terceira

Suprimir o apartado 2 da Disposición transitoria terceira.

Emenda nº43, ao apartado 3, de Supresión. Disposición transitoria terceira

Suprimir o apartado 3 da Disposición transitoria terceira.

Emenda nº44, de Substitución. Disposición transitoria cuarta

Substituír o texto da Disposición transitoria cuarta polo seguinte:

“As autorizacións concedidas con anterioridade á entrada en vigor desta lei terán unha duración máxima de 5 anos, contados desde a entrada en vigor desta norma.”

Emenda nº45, de Adición. Disposición transitoria quinta

Engadir na Disposición transitoria quinta un segundo paragrafo co seguinte texto:

“Non obstante, ao remate do período de vixencia da licenza, para o caso de exercer a opción á renovación da mesma, tales establecementos deberán, en todo caso, dar cumprimento ás distancias recollidas no citado artigo 29.3.”





Emenda nº46, de Modificación. Disposición transitoria sétima

Na Disposición transitoria sétima substituír a expresión. "dun ano", pola seguinte: "de 6 meses".

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 18/11/2022 14:15:44

Ana Pontón Mondelo na data 18/11/2022 14:15:57



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI REGULADORA DOS
XOGOS DE GALICIA (NUM. EXPE. 11/PL-000016).**

Emenda nº1, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 4

Débase modificar o punto 2 do artigo 4, que quedará redactado co seguinte contido.

"2. Crearase o Observatorio do Xogo da Comunidade Autónoma de Galicia como órgano consultivo, de estudo, avaliación e asesoramento en materia de xogo, e estará presidida polo conselleiro/a competente en materia de xogo.

A súa composición, organización e funcionamento determinarase regulamentariamente. Sen embargo, a composición desta comisión contará, como mínimo e como proposta base, coa seguinte representación:

- a) Catro representantes da Administración da Xunta de Galicia, de entre as áreas competentes en materia de xogo, tributos, saúde pública e asistencia sanitaria, servizos sociais, protección das persoas menores de idade, mocidade e educación;
- b) Dúas representantes das organizacións sindicais e empresariais do sector no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, con representación equilibrada entre ambos conxuntos de organizacións;
- c) Un representante da Federación Galega de Municipios e Provincias
- d) Dúas representantes das asociacións dedicadas á prevención e rehabilitación da ludopatía que desenvolvan a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia;
- e) Un representante das asociacións de defensa das persoas consumidoras e usuarias con ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia;
- f) Un representante das asociacións de veciños e veciñas con ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia;
- g) Un representante do Consello da Xuventude de Galicia
- h) Dous representantes do ámbito académico e do coñecemento especializados na investigación, prevención e tratamento da ludopatía



Na súa composición procurarase unha presenza equilibrada de mulleres e homes na designación das persoas membro que non o sexan por razón do seu cargo.

Corresponde ao Observatorio do Xogo:

a) Informar os proxectos de lei e disposicións de carácter xeral que en materia de xogo deba aprobar ao goberno da Xunta de Galicia.

b) Levar á consideración da consellería competente en materia de xogo todas as iniciativas e estudos que considere oportunos en materia de xogos para a realización dos fins establecidos nesta lei.

c) Analizar a situación do sector do xogo e a incidencia das actividades do xogo na sociedade galega.

d) Elaborar e realizar o seguimento da Estratexia Galega Integral de Prevención e Tratamento do Xogo Patolóxico e os plans de acción correspondentes.

e) Promover iniciativas para fomentar as políticas de xogo responsable e loita contra o xogo patolóxico.

f) Aprobar o informe anual da actividade de xogo na Comunidade Autónoma de Galicia, que avaliará o estado da situación e o efecto das medidas e das políticas públicas implantadas sobre este ámbito en Galicia.

h) Velar pola transparencia dos datos e as medidas implementadas sobre a actividade do xogo en Galicia, informando de maneira periódica sobre o cumprimento desta cuestión.

i) As restantes competencias que se lle atribúan regulamentariamente.

O Observatorio do Xogo terá unha dotación orzamentaria correspondente para realizar a súas actividades con plenas garantías, para o que recibirá unha cantidade anual equivalente ao total das contías ingresadas pola Xunta de Galicia debido aos procedementos en concepto de sancións motivadas por infraccións da presente lei."

Emenda nº2, ao apartado 9 bis), de Adición. Artigo 4

Débase engadir un novo punto no artigo 4, que quedará redactado co seguinte contido.

"9 bis. O Consello de Goberno da Xunta de Galicia desenvolverá actividades de prevención da ludopatía dirixidas á poboación en xeral e adoptará medidas para desincentivar os hábitos e condutas patolóxicas relacionadas co xogo, con especial atención aos colectivos en idades máis novas e



sectores sociais máis vulnerables. Para desenvolver estas labores consignarase unha contía específica a xestionar pola consellería competente en materia de xogo e que será, polo menos, de igual contía que o 1% da recadación obtida pola Xunta de Galicia no ano anterior en conceptos de taxas de xogo.

Ao obxecto de dar tratamento unitario e coordinado ás distintas medidas a aplicar, o Consello de Goberno elaborará un programa para a prevención da ludopatía no prazo de doce meses dende a entrada en vigor desta lei, contando para elo coas entidades máis representativas do colectivo afectado."

Emenda nº3, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 5

Débese modificar na última liña do punto 2 do artigo 5 o seguinte contido.

Onde di: "...ou posteriores aos programas dirixidos específica e primordialmente ao público infantil."; debe dicir: "...programas ou espazos emitidos durante o horario infantil, así como espazos de programación deportiva."

Emenda nº4, ao apartado 5, de Adición. Artigo 5

Debe engadirse ao final o punto 5 do artigo 5 o seguinte contido.

Engadir *in fine*: "Os locais destinados ao xogo e apostas non poderán ter publicidade visible cara o exterior do local."

Emenda nº5, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 8

Debe modificarse o punto 2 do artigo 8 que quedará redactado como segue:

"2.Os casinos, salas de bingos, salóns de xogo e tendas de apostas deberán contar con persoal específico de control de acceso."

Emenda nº6, ao apartado 1.g bis), de Adición. Artigo 12



Debe engadirse unha alínea g *bis*) no punto 1 do artigo 12, que queda redactada como segue:

"g *bis*) A coñecer en todo momento o importe que xogou ou apostou naqueles xogos en que se xogue a través de soporte electrónico, así como, no caso de dispor unha conta de usuario ou usuaria aberto coa empresa de xestión e explotación de xogos, a coñecer o seu saldo e o historial completo de contías e apostas realizadas."

Emenda nº7, ao apartado 1.g ter), de Adición. Artigo 12

Debe engadirse unha alínea g *ter*) no punto 1 do artigo 12 que queda redactada como segue:

"g *ter*) Ao feito de que a identificación da persoa usuaria se realice de maneira segura, mediante a exhibición do documento nacional de identidade, pasaporte ou documento equivalente ou sistema de sinatura electrónica recoñecida, con suxeición á normativa vixente en materia de protección das persoas físicas polo que respecta ao tratamento de datos persoais."

Emenda nº8, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 14

Debe suprimirse o terceiro parágrafo do punto 1 do artigo 14.
Suprimir.

Emenda nº9, ao apartado 7, de Modificación. Artigo 14

Debe modificarse o punto 7 do artigo 14 que queda redactado como segue:

"7. As autorizacións validamente outorgadas, agás as relativas ao xogo da rifa e da tómbola que terán a duración que se fixe na correspondente resolución de autorización, terán unha duración máxima de 10 anos.

Estas autorizacións poderán ser renovadas por períodos de igual duración sempre que se manteñan os requisitos legais esixidos e exista solicitude expresa do titular do mesma acreditando tales requisitos.

As autorizacións extinguíranse transcorridos trinta días naturais consecutivos desde o cesamento da actividade que constituía o



obxecto delas sen causa xustificada, a solicitude do titular da autorización correspondente ou transcorrido o prazo de duración máxima establecido no parágrafo anterior de non existir solicitude de renovación."

Emenda nº10, ao apartado 8, de Supresión. Artigo 14

Debe suprimirse o punto 8 do artigo 14.
Suprimir

Emenda nº11, ao apartado 10, de Modificación. Artigo 14

Debe modificarse o punto 10 do artigo 14 o seguinte contido.
Onde di: "...que se recollen na disposición adicional primeira da Lei 13/2011, do 27 de maio."; debe dicir: "...que se recollen no punto 5 da Disposición adicional primeira da Lei 13/2011, do 27 de maio."

Emenda nº12, de Modificación. Artigo 24

Debe modificarse en todo o texto do artigo 24 o seguinte contido.
Onde diga: "...recreo..."; debe dicir: "...uso...".

Emenda nº13, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 29

Debe suprimirse o primeiro parágrafo do punto 3 do artigo 29.
Suprimir

Emenda nº14, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 29

Debe modificarse o segundo parágrafo do punto 3 do artigo 29 polo seguinte contido:
"Queda prohibida a apertura de calquera establecemento de xogo a unha distancia inferior a 850 metros dun centro educativo acreditado pola consellería competente en materia



de educación para impartir educación secundaria obrigatoria, bacharelato, ciclo de formación profesional básica e ensinos artísticos profesionais, nin tampouco a esa mesma distancia de 850 metros dun centro recoñecido de tratamento da ludopatía. En todo caso a publicidade dos establecementos non poderá ser visible dende estes centros. Estará prohibida esta apertura a 500 metros de calquera outro establecemento de xogo xa autorizado ou respecto do que estea en tramitación o procedemento de outorgamento de autorización."

Emenda nº15, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 29

Debe modificarse o sexto parágrafo do punto 3 polo seguinte contido:

"Os concellos poden, coa debida xustificación, decretar zonas saturadas de establecementos de xogo, nas que non poderán darse novas licenzas a este tipo de actividade. Así mesmo os concellos poderán, coa debida xustificación, suspender o outorgamento de novas licenzas de tipo urbanístico ou ambiental ou calquera título habilitante con incidencia no sector ao efecto de proceder á declaración dunha zona saturada."

Emenda nº16, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 30

Debe modificarse o punto 2 do artigo 30 polo seguinte contido:

"2. Unicamente autorizarase a instalación dun casino en cada provincia da Comunidade Autónoma de Galicia. As instalacións vixentes no momento da entrada en vigor desta lei manterán a súa disposición e a consideración das salas, tamén no referido á consideración de salas matriz e adicional de ser o caso."

Emenda nº17, ao apartado 2, de Adición. Artigo 35

Debe engadirse ao final do punto 2 do artigo 35 o seguinte contido:

Engadir *in fine*: "Os locais específicos de apostas deberán cumprir con control da normativa de entrada no mesmo punto de acceso ao local, non podendo existir espazos intermedios sen restriccións. Non poderán exhibir como reclamo xogos de outras características nin dispoñer de espazos de lecer para menores de idade."



Emenda nº18, ao apartado 1.1º, de Modificación. Artigo 38

Debe modificarse o apartado 1º do punto 1 do artigo 38 polo seguinte contido:

"1º. Nos regulados na presente lei como establecementos de xogo de competencia autonómica."

Emenda nº19, ao apartado 1.2º, de Modificación. Artigo 38

Debe modificarse o apartado 2º do punto 1 do artigo 38 polo seguinte contido:

"2º. Nos establecementos de xogo accesibles ao público abertos pola Sociedade Estatal Loterías y Apuestas del Estado e pola Organización Nacional de Ciegos Españoles (ONCE), limitándose nestes casos á instalación de terminais físicos dos propios xogos de cada un dos organismos."

Emenda nº20, ao apartado 1.3º, de Modificación. Artigo 38

Debe modificarse o apartado 3º do punto 1 do artigo 38 polo seguinte contido:

"3º. Nos establecementos de restauración e de ocio e entretemento, sempre que a instalación dos indicados terminais físicos de xogo sexa meramente marxinal e complementaria en relación coa actividade principal do establecemento de tal modo que non interfira con ela ou a substitúa ou desnaturalice. Entenderase que a actividade de xogo resulta meramente marxinal e complementaria cando o número de terminais físicos de xogo instalados no establecemento sexa unicamente de un."

Emenda nº21, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 38

Debe modificarse o punto 4 do artigo 38 polo seguinte contido:

"4. Co obxecto de garantir un axeitado acceso aos terminais físicos que permiten a participación en xogos que se instalen en establecementos de restauración e de ocio e entretemento,



e cuxa autorización estea suxeita á autorización da Administración autonómica, e co fin de equiparar o control de acceso aos terminais co control de acceso a locais de xogo no referido no artigo 8.3, os terminais instalados deben contar con un sistema de activación-desactivación que requerirá do uso do documento nacional de identidade electrónico. Unha vez finalizadas as partidas de xogo e durante o tempo en que a máquina de xogo non estea a ser utilizada, permanecerá desactivada sen emitir estímulos sonoros, visuais ou lumínicos. Este sistema de activación-desactivación mediante documento nacional de identidade electrónico deberá estar vinculado especificamente á máquina e corresponderá á empresa titular tanto a súa instalación como o mantemento."

Asinado dixitalmente por:

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/11/2022
18:15:58**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonso, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no artigo 98 no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre a situación na que se atopan as traballadoras do SAF.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola gravidade do asunto a tratar que atinxe un grande número de traballadoras dun servizo social de atención a persoas maiores dependentes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza hai máis de 24.000 persoas usuarias do SAF e unhas 8.000 traballadoras que, na maior parte dos casos, corresponden a empresas privadas prestadoras do servizo.

Traballadoras cunhas condicións laborais e salariais precarias. Soportan desde hai anos xornadas a tempo parcial; tendo que coller o seu propio vehículo para ir dun





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

domicilio a outro facer o seu traballo sen un salario que cubra ese custe e traballando en casas que non contan en practicamente ningún caso coa máis mínima adaptación para atender as persoas dependentes.

Unhas condicións laborais fixadas nun convenio colectivo caducado desde 2011 sendo vítimas durante todo este tempo do ninguneo e do abuso por parte das empresas que fixeron todo, de todo, para impedir a negociación dun novo.

Mesmo se disolveron como asociación en 2012 para poder pasar así ao convenio estatal con peores condicións aínda que o galego.

Desde o 2 de novembro as traballadoras do SAF están en folga convocadas pola CIG fronte ao preacordo alcanzado pola patronal e as centrais sindicais CCOO e UGT. O que teñen enriba da mesa esas traballadoras hoxe nin mellora as súas condicións de traballo, nin reconece o seu labor, nin garante unha mellor prestación do servizo. Máis ao contrario, pretende impor diferencias salariais entre traballadoras que prestan o mesmo servizo para a administración.

Malia tratarse de traballadoras de empresas privadas, a Xunta ten moita responsabilidade ao respecto.

O Servizo de Axuda no Fogar é:

- un servizo público para garantir a atención das persoas maiores dependentes no seu domicilio.
- ordenado por unha normativa autonómica (2009), xestionado polos concellos





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- o SAF é un servizo financiado con cartos de todos, sexa cal sexa o modelo de xestión. Nada menos que 110 millóns de euros saídos directamente da Xunta de Galiza en 2022.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

a) adoptar todas as medidas necesarias e ao seu alcance para defender os dereitos laborais das traballadoras do SAF na negociación do novo convenio colectivo, a comezar pola non implantación dunha dupla táboa salarial tendo en conta que prestan un servizo público para a administración.

b) así mesmo, a Cámara, insta o Goberno galego a iniciar un proceso de diálogo coa Fegamp co obxectivo de mellorar o sistema de financiamento do Servizo de Axuda no Fogar así como as condicións en que se presta, garantindo o acceso de toda a poboación con grao de dependencia recoñecido a el.”

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 17/11/2022 09:27:41

Xosé Luis Rivas Cruz na data 17/11/2022 09:48:28

Mercedes Queixas Zas na data 17/11/2022 09:48:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 17/11/2022 09:48:45

Ramón Fernández Alfonzo na data 17/11/2022 09:48:55

Daniel Pérez López na data 17/11/2022 09:49:05

Iria Carreira Pazos na data 17/11/2022 09:49:16

Olalla Rodil Fernández na data 17/11/2022 09:49:40

Daniel Castro García na data 17/11/2022 09:49:53

María del Carmen Aira Díaz na data 17/11/2022 09:50:02

Noa Presas Bergantiños na data 17/11/2022 09:50:10

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 17/11/2022 09:50:17

María González Albert na data 17/11/2022 09:50:26

Xosé Luis Bará Torres na data 17/11/2022 09:50:36

María Montserrat Prado Cores na data 17/11/2022 09:50:44

Alexandra Fernández Gómez na data 17/11/2022 09:50:51

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/11/2022 09:50:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme González Iglesias na data 17/11/2022 09:51:07

Paulo Ríos Santomé na data 17/11/2022 09:51:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonso, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no artigo 98 no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén dada pola necesidade de adoptar un acordo diante da inminencia dunha decisión do goberno central ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comezos do presente mes de novembro, o fondo de pensións dos Países Baixos APG tomou o control das principais autoestradas galegas, incluída a AP 9, pola súa posición de accionista maioritario do grupo Itinere. Trátase dun cambio accionarial, pois desde fai tempo a compañía pertence a fondos de investimento internacionais, que obteñen beneficios millonarios dos petos dos galegos e galegas. Os ingresos por peaxes da AP 9 correspondentes a 2021 foron de 150 millóns de euros, e os beneficios despois de impostos 50,7 millóns de euros, un 20% máis que en 2019. Os beneficios acumulados ao longo dos últimos 20 anos superan os 1.000 millóns de euros.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tanto as prórrogas outorgadas á concesionaria como os convenios asinados con esta para a ampliación da capacidade da autoestrada están baixo sospeita. No primeiro caso, a Comisión Europea considerou que se seguiu un procedemento irregular e existen sentenzas do Tribunal de Xustiza da UE que anulon ampliacións de concesión en supostos similares. No que respecta aos convenios asinados en 2011 e 2013 para a ampliación da Ponte de Rande e outras obras, o Consello Consultivo ditaminou a súa ilegalidade.

Recentemente, a concesionaria solicitou ao goberno central unha suba das peaxes do 9,38% para 2023. No caso de aprobarse, estaríamos diante da segunda maior suba das peaxes da historia. Tendo en conta o actual contexto de suba de prezos, esta suba tería un efecto letal para a economía galega xa que afectaría sobre todo ás familias con menos recursos, persoas autónomas e ás pequenas e medianas empresas. E tería ademais unha forte incidencia no sector do transporte, que xa se está vendo fortemente afectado pola suba dos combustíbeis e outros incrementos de prezos.

Ao mesmo tempo, o grupo Itínere, que ten tamén a concesión da AP 53, solicitou neste caso unha subida do 8,38%.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia:

“O parlamento insta a Xunta a demandar do Goberno central

1. Que non permita a suba das peaxes da AP 9 e AP53, pola súa incidencia moi negativa nas economías familiares e en sectores económicos estratéxicos nun contexto de suba desmesurada dos prezos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Que revise e anule os convenios asinados en 2011 e 2013 coa concesionaria, atendendo ao ditame do Consello Consultivo.

3. Que revise e anule as ampliacións da concesión da AP9, atendendo ao requirimento da Comisión Europea neste sentido.

4. Que faga os estudos necesarios e adopte as medidas precisas para conseguir no prazo máis breve posíbel unha AP9 galega e libre de peaxes.

5. Que aplique na AP 53 bonificacións das peaxes similares ás aprobadas para a AP9.”

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2022

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Mª Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Mercedes Queixas Zas
Paulo Ríos Santomé
Xosé Luis Rivas Cruz
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 18/11/2022 12:16:11

Xosé Luis Rivas Cruz na data 18/11/2022 12:16:27

Mercedes Queixas Zas na data 18/11/2022 12:16:36

Rosana Pérez Fernández na data 18/11/2022 12:16:45

Ramón Fernández Alfonzo na data 18/11/2022 12:16:56

Daniel Pérez López na data 18/11/2022 12:17:07

Iria Carreira Pazos na data 18/11/2022 12:17:17

Olalla Rodil Fernández na data 18/11/2022 12:17:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 18/11/2022 12:17:45

María del Carmen Aira Díaz na data 18/11/2022 12:17:56

Noa Presas Bergantiños na data 18/11/2022 12:18:08

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/11/2022 12:18:24

María González Albert na data 18/11/2022 12:18:34

Xosé Luis Bará Torres na data 18/11/2022 12:18:45

María Montserrat Prado Cores na data 18/11/2022 12:18:55

Alexandra Fernández Gómez na data 18/11/2022 12:19:04

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 18/11/2022 12:19:10

María do Carme González Iglesias na data 18/11/2022 12:19:18

Paulo Ríos Santomé na data 18/11/2022 12:19:25





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas, José Manuel Balseiro Orol, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Belén Salido Maroño, Marisol Díaz Mouteira, Rubén Lorenzo Gómez, Begoña Freire Vázquez, Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Felisa Rodríguez Carrera, Ana Belén García Vidal, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Marta Nóvoa Iglesias, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, polo trámite de urxencia.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Goberno central tome medidas sobre a suba desproporcionada que rexistrarán o vindeiro ano as peaxes das autoestradas de competencia estatal en Galicia.

Exposición de motivos

As peaxes das autoestradas estatais en Galicia, a AP-9 e AP-53, son das máis caras de España. No caso da AP-53 hai que salientar ademais que é a única na que non se aplica ningún tipo de bonificación.

Se estas circunstancias son, de por si, negativas para os intereses de Galicia, a situación verase agravada o vindeiro ano co incremento previsto como consecuencia da actualización das tarifas co IPC.

Se o Goberno central non o remedia, o 1 de xaneiro a suba das peaxes en ambas as autoestradas roldará o 9 por cento, o segundo maior incremento da serie histórica.

No lado oposto e para anticiparse a esta situación, o Goberno galego, ante un previsible e desproporcionado incremento das peaxes das autoestradas da súa competencia o vindeiro ano como consecuencia do IPC, xa adoptou a decisión conxelar as peaxes das autoestradas autonómicas AG-55 e AG-57 e así o recolleu nos Orzamentos de 2023.

Polo exposto, dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos necesario presentar esta proposición non de lei en Pleno:





“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que adopte medidas encamiñadas a limitar as subas das peaxes nas autoestradas estatais, a AP-9 e a AP-53, adoptando iniciativas similares ás do Goberno galego nas autoestradas autonómicas, coa conxelación de peaxes en 2023”.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 21/11/2022 10:05:12

José Manuel Balseiro Orol na data 21/11/2022 10:05:34

Carmen María Pomar Tojo na data 21/11/2022 10:05:48

Ramón Carballo Páez na data 21/11/2022 10:06:04

María Belén Salido Maroño na data 21/11/2022 10:06:24

María Sol Díaz Mouteira na data 21/11/2022 10:06:36

Rubén Lorenzo Gómez na data 21/11/2022 10:06:49

Freire Vázquez, María Begoña na data 21/11/2022 10:07:04

Paula Prado del Río na data 21/11/2022 10:07:17

José Manuel Rey Varela na data 21/11/2022 10:07:36

María Felisa Rodríguez Carrera na data 21/11/2022 10:07:48

Ana Belén García Vidal na data 21/11/2022 10:08:04

José Alberto Pazos Couñago na data 21/11/2022 10:08:18

Noelia Pérez López na data 21/11/2022 10:08:35

Marta Nóvoa Iglesias na data 21/11/2022 10:08:51

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonso, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no artigo 98 no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre o concurso eólico do 2010, os proxectos desenvolvidos e os plans industriais asociados.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola alarma social polo grande número de parques en tramitación e a acumulación de proxectos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2010 a Xunta adxudicou no concurso eólico 2.325 MW. Tanto o conselleiro de Industria como o presidente da Xunta cualificaron aquel proceso como “O maior plan industrial da historia de Galiza”, coa previsión de investimento de 6.000 millóns de euros e a creación de 12.000 postos de traballo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Realmente aquel plan foi un auténtico fiasco porque en 8 anos non se chegou a instalar nin o 10% da potencia prevista e o noso país sufriu unha auténtica parálise no desenvolvemento do sector, agravada polos cambios normativos introducidos en 2013 polo goberno central do PP.

Como consecuencia desta parálise, Galiza perdeu oportunidades de investimento, non se desenvolveron os plans industriais previstos, non se crearon postos de traballo, pecharon empresas e o noso país perdeu posicións pasando do segundo ao cuarto posto en potencia eólica instalada.

Ademais, o estancamento do sector agravouse como consecuencia da anulación do concurso eólico de 2009, no que se adxudicaron 2.325 MW. A decisión arbitraria do goberno do PP tivo graves consecuencias para o país e para o erario público, polas sentenzas xudiciais que obrigaron á Xunta a indemnizar con máis de 3 millóns de euros a varias empresas que resultaran adxudicatarias do concurso.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Elaborar no primeiro trimestre de 2023 un informe sobre:

-as causas e consecuencias da parálise do desenvolvemento do sector eólico entre os anos 2009 e 2018, os proxectos eólicos desenvolvidos neste período e a potencia instalada;





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-os plans industriais previstos no concurso eólico do 2010, o seu grao de desenvolvemento e os plans que foron monetizados;

-os proxectos eólicos do concurso de 2010 que se reactivaron a partir do ano 2017 e a previsión de desenvolvemento de plans industriais;

-as indemnizacións que tivo que pagar a Xunta a empresas adxudicatarias do concurso de 2008.

2. Trasladar este informe aos grupos parlamentares do parlamento galego.”

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 21/11/2022 10:11:03

Xosé Luis Rivas Cruz na data 21/11/2022 10:11:17

Mercedes Queixas Zas na data 21/11/2022 10:11:25

Rosana Pérez Fernández na data 21/11/2022 10:11:33

Ramón Fernández Alfonzo na data 21/11/2022 10:11:43

Daniel Pérez López na data 21/11/2022 10:11:53

Iria Carreira Pazos na data 21/11/2022 10:12:01

Olalla Rodil Fernández na data 21/11/2022 10:12:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 21/11/2022 10:12:27

María del Carmen Aira Díaz na data 21/11/2022 10:12:36

Noa Presas Bergantiños na data 21/11/2022 10:12:47

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 21/11/2022 10:13:02

María González Albert na data 21/11/2022 10:13:14

Xosé Luis Bará Torres na data 21/11/2022 10:13:22

María Montserrat Prado Cores na data 21/11/2022 10:13:31

Alexandra Fernández Gómez na data 21/11/2022 10:13:39

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/11/2022 10:13:45

María do Carme González Iglesias na data 21/11/2022 10:13:53

Paulo Ríos Santomé na data 21/11/2022 10:14:00





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados, **Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, Sandra Vázquez Domínguez, José Antonio Armada Pérez, Adrián Pardo López, Moisés Rodríguez Pérez, Borja Vereza Fraiz, Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Belén Cachafeiro Anta e Elena Candia López**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade dun pronunciamento do Parlamento de Galicia en relación con esta cuestión de máxima actualidade e relevancia.

Exposición de motivos

O hidróxeno verde xogará un papel fundamental no actual proceso de transición enerxética e, ademais, vai contribuír a diminuír a dependencia enerxética do exterior, e Galicia ten tamén un gran potencial na produción e aplicación desta tecnoloxía. Deste xeito, o hidróxeno renovable ocupa un lugar central na Axenda Enerxética de Galicia, recolléndose de xeito específico a creación dun hub co obxectivo de producir máis de 100.000 toneladas de H2 verde en 2030 (500-1.000 MW) e aproveitar este vector enerxético en favor do impulso de cadeas de valor industrial innovadoras na nosa Comunidade.

Neste contexto, cómpre subliñar que hai 5 iniciativas situadas en Galicia na listaxe de proxectos que pasaron a primeira fase de admisión no programa de axudas “H2 Pioneiros” do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, dentro do Proxecto Estratéxico para a Recuperación e Transformación Económica de Enerxías Renovables, Hidróxeno Renovable e Almacenamento (PERTE ERHA). Trátase de H2 Pole (Reganosa e EDP Renovables), Julio Verne (Autoridade Portuaria de Vigo), A Coruña Green Port H2 Mobility (Enerfin), H2 Galicia (Foresa e Iberdrola) e o plan de produción de hidróxeno verde a partir de fotovoltaica para a área portuaria de Bouzas. Estas e outras propostas - como as que se presentaron á Manifestación de Interese de Hidróxeno Verde lanzada pola Xunta de Galicia, a través do Inega - supoñen a base para crear un ecosistema do hidróxeno en Galicia que permita a descarbonización da industria e a mobilidade, á vez que xera oportunidades asociadas a toda a cadea de valor do hidróxeno renovable.





Así pois, parece o momento de impulsar un pacto estratéxico de colaboración público-privada que maximice as oportunidades de desenvolvemento industrial ao redor desta enerxía renovable, permitindo amosar o potencial de Galicia en hidróxeno verde.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a promover, en liña coa Alianza Europea por un Hidróxeno Limpo, unha alianza estratéxica para impulsar toda a cadea de valor da industria galega en torno ao hidróxeno renovable”.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2022.





Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 21/11/2022 16:01:07

Marta Nóvoa Iglesias na data 21/11/2022 16:01:25

Cristina Sanz Arias na data 21/11/2022 16:01:40

Sandra Vázquez Domínguez na data 21/11/2022 16:01:57

José Antonio Armada Pérez na data 21/11/2022 16:02:17

Pardo López, Adrián na data 21/11/2022 16:02:33

Rodríguez Pérez, Moisés na data 21/11/2022 16:02:46

Borja Vereza Fraiz na data 21/11/2022 16:02:55

Paula Prado del Río na data 21/11/2022 16:03:08

José Alberto Pazos Couñago na data 21/11/2022 16:03:24

María Encarnación Amigo Díaz na data 21/11/2022 16:03:38

Raquel Arias Rodríguez na data 21/11/2022 16:03:52

José Manuel Balseiro Orol na data 21/11/2022 16:04:10

Cachafeiro Anta, Belén na data 21/11/2022 16:04:23

María Elena Candia López na data 21/11/2022 16:04:34



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, Sandra Vázquez Domínguez, José Antonio Armada Pérez, Adrián Pardo López, Moisés Rodríguez Pérez, Borja Vereja Fraiz, Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Belén Cachafeiro Anta e Elena Candia López**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade dun pronunciamento do Parlamento de Galicia en relación con esta cuestión de máxima actualidade e relevancia.

Exposición de motivos

A actual Planificación da Rede de Transporte de Enerxía Eléctrica 2021 – 2026 foi aprobada polo Consello de Ministros o 22 de marzo de 2022, despois dun proceso de tramitación iniciado no ano 2019. Nesta planificación Galicia foi moi penalizada respecto a plans anteriores, ao asignárselle tan só 68 millóns de euros, é dicir, un 1,1% do investimento total (6.964 millóns de euros). Sirva de exemplo que no período anterior, 2015 – 2020, o investimento para a comunidade galega ascendeu a 308 millóns de euros e que naquel momento supuxo o 6,7% do conxunto nacional.

En paralelo á súa tramitación e aprobación, están a promoverse en Galicia unha serie de proxectos industriais intensivos en enerxía que precisan conexión á rede eléctrica para atender o seu consumo e poder garantir así a súa viabilidade e competitividade. Este é o caso das plantas de Altri, Showa Denko e H2 POLE, entre outros. Por outra banda, o desenvolvemento destas infraestruturas beneficiará tamén á competitividade de proxectos relevantes do noso tecido produtivo como é o caso de Stellantis, Sentury ou Ence.

Cómpre recordar que a suma destes proxectos supón unha oportunidade única para promover a transformación do noso modelo produtivo e impulsar unha nova xeración industrial e promover miles de empregos, tanto nas etapas de construción e de operación. Polo tanto, aínda que desde o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico se anunciou o inicio da tramitación dunha nova Planificación



Eléctrica para o período 2024-2029, os tempos de realización destes proxectos necesitan ter certezas xa sobre a dispoñibilidade da súa conexión á Rede.

Por este motivo, desde o Grupo Parlamentario Popular entendemos prioritario que se puidesen aprobar as modificacións necesarias na Planificación eléctrica actual 2021-2026 co obxectivo de dar unha solución a curto prazo aos proxectos tractores que en Galicia se están a impulsar para maximizar a cadea de valor industrial.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España que rectifique e inclúa na planificación de Rede Eléctrica de España para 2021-2026 as actuacións seguintes:

1. Construción dunha nova subestación eléctrica, unha liña de conexión e unha entrada e saída á liña de 220kV existente entre Mesón do Vento-Belesar para atender en condicións óptimas as necesidades de subministración da fábrica de fibras téxtiles sostíbles de ALTRI en Palas de Rei.
2. Ampliar a capacidade da subestación existente nos nós de Sabón e Meirama para dar viabilidade aos proxectos industriais existentes na área da Coruña como son a nova fábrica de ánodos de grafito para baterías de Showa Denko ou a planta de amoníaco verde de Armonía, entre outras iniciativas anunciadas por diversos promotores.
3. Determinar o destino dos 1400MW de capacidade dispoñible no nó existente nas Pontes para ver a compatibilidade do proceso de desmantelamento parcial da central térmica cos proxectos industriais e enerxéticos que se queren desenvolver na zona, como a fábrica de hidróxeno verde de EDP e Reganosa, a biofábrica de Ence ou a central hidroeléctrica reversible promovida por Magtel.
4. Inclusión da nova subestación de 220 kV para a zona industrial de Vigo para garantir unha subministración eléctrica de calidade tanto á fábrica de Stellantis en Balaídos, como a toda a área industrial desta localidade.



5. Dar cobertura a calquera outra necesidade da industria galega, xa sexa da que estea asentada e da que quere implantarse na nosa Comunidade para impulsar a recuperación económica e a creación de emprego”.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2022.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 21/11/2022 16:07:53

Marta Nóvoa Iglesias na data 21/11/2022 16:08:12

Cristina Sanz Arias na data 21/11/2022 16:08:28

Sandra Vázquez Domínguez na data 21/11/2022 16:08:43

José Antonio Armada Pérez na data 21/11/2022 16:09:01

Pardo López, Adrián na data 21/11/2022 16:09:16

Rodríguez Pérez, Moisés na data 21/11/2022 16:09:27

Borja Vereza Fraiz na data 21/11/2022 16:09:35

Paula Prado del Río na data 21/11/2022 16:09:50

José Alberto Pazos Couñago na data 21/11/2022 16:10:07

María Encarnación Amigo Díaz na data 21/11/2022 16:10:20

Raquel Arias Rodríguez na data 21/11/2022 16:10:34

José Manuel Balseiro Orol na data 21/11/2022 16:10:50

Cachafeiro Anta, Belén na data 21/11/2022 16:11:04

María Elena Candia López na data 21/11/2022 16:11:16

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Vimos de coñecer que a UDEF, en coordinación co Xulgado de Instrución Número 1 de Santiago, está a investigar varios presuntos delitos que inclúen o branqueo de capitais en relación co xornal El Correo Gallego, que se atopa en situación concursal desde mediados deste ano despois de recibir nos últimos anos diversos ingresos económicos procedentes de administracións públicas galegas ou entidades dela dependentes como a Xunta e a TVG, mentres se mantiña un entramado societario co que se evitaba pagar aos traballadores e se eludían embargos, entre eles da AEAT.

Unha das operacións investigadas é un préstamo de 2,5 millóns que Xesgalicia (sociedade mercantil pública autonómica da Xunta de Galicia, adscrita á Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación) acordou conceder nunha reunión celebrada o 25 de setembro de 2018 e na que o entón conselleiro de Economía, Francisco Conde, estivo presente e votou a favor, a pesar de que, segundo unha testemuña, a cúpula da propia Xesgalicia desaconsellaba a operación e tamén a pesar de que nese momento o xornal tiña falta de pagamentos fronte á AEAT e á SS por importe de aproximadamente 2 millóns de euros. O préstamo, formalizado en condicións vantaxosas para o xornal, incluía un período de carencia de dous anos. Ao remate dese período, en setembro de 2020, non se pagou polo xornal nin sequera a primeira cota. Presuntamente, o director do xornal tería “mobilizado toda a súa capacidade de influencia” para conseguir o préstamo.

Tamén se investigan garantías do Igape por importe de 1,2 millóns de euros, así como presuntas operacións fraudulentas sobre dereitos de cobro de ingresos da TVG para evitar os embargos por parte da AEAT e presuntas operacións e movementos económicos para favorecer a determinadas persoas en detrimento dos acredores do xornal, entre os cales estaban, ademais da Seguridade Social e da AEAT, organismos dependentes da Xunta como o Igape e Xesgalicia.

Semella, por tanto, que o Goberno de Galicia tería favorecido con elevados importes de cartos públicos que non se van poder recuperar a unha empresa xornalística que estaba nunha situación de práctica insolvencia.



Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que lle facilite a esta Cámara:

1ª) Unha relación detallada das axudas, ingresos e garantías de calquera tipo obtidos polo xornal El Correo Gallego entre os anos 2009 e 2022, incluíndo o concepto de cada unha desas axudas, ingresos ou garantías.

2ª) Copia dos acordos que fundamentan esas axudas, ingresos ou garantías e dos informes que se tiveran en conta para a súa adopción.

Pazo do Parlamento, 10 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 10/11/2022 16:58:31

Paloma Castro Rey na data 10/11/2022 16:58:48

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/11/2022 16:58:59



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Marina Ortega Otero** e **Julio Torrado Quintela**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O ano 2020 foi un antes e un despois, a pandemia da Covid-19 mudou as vidas da cidadanía a nivel mundial. Dentro dese contexto, o sector pa poboación máis afectado foron as persoas maiores que viven nas residencias.

Ao longo dos meses e últimos dous anos, dende o Grupo Parlamentario Socialista requirimos información sobre o acontecido nos centros de atención residencial á vez que fixemos diversas propostas para mellorar a calidade de vida e o benestar dos e das residentes. O certo é que non obtivemos a información requirida sobre o número de contaxios e falecementos por Covid-19 ou sintomatoloxía compatible por cada centro de atención residencial.

Fai unhas semanas o propio informe da Fiscalía de Ourense alertaba de que a Xunta de Galicia non corrixiu deficiencias como, exceso de suxeicións sobre os e as residentes, incumprimento das rateo de persoal, así como a falta de inspeccións por parte do Goberno galego. Na mesma liña que o informe do Consello de Contas do 2017.

Por este tipo de cuestións dende o Grupo Parlamentario Socialista levamos reiterando durante anos a necesidade de incrementar os técnicos de inspección e de persoal nos centros de atención residencial para mellorar as condicións de vida das persoas maiores. E tamén da necesidade de investigar mediante un informe de investigación que detalle o sucedido nas residencias galegas durante a pandemia.

E neste sentido, fai uns días a Fiscalía Xeral do Estado remitiu un oficio para investigar os falecementos durante a pandemia nas residencias de maiores, así como para adoptar as medidas oportunas para que as vítimas directas e indirectas (familiares) sexan escoitados nas dilixencias de investigación e procedementos xudiciais por falecementos nos centros de atención residencial.

Todo elo, unido á sentenza do TSXG onde avala a necesidade de que o Goberno galego aporte os datos de falecementos por Covid-19 por cada centro de atención



residencial, fai preciso que dende o Goberno galego se traslade un informe sobre o acontecido nos centros de atención residencial durante a pandemia, así coma das respostas, se é que as hai, aos requirimentos da Fiscalía ante as deficiencias ou incumprimento da normativa detectadas nas residencias de maiores de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que, a través da Consellería de Política Social, elabore un informe sobre o acontecido nos centros de atención residencial durante a pandemia xunto cos datos de contaxios e falecementos por Covid-19 ou sintomatoloxía compatible por cada centro, así coma das respostas, se é que as hai, aos requirimentos da Fiscalía ante as deficiencias ou incumprimento da normativa detectadas nas residencias de maiores de Galicia.

Pazo do Parlamento, 10 de novembro do 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero

Julio Torrado Quintela

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 11/11/2022 15:35:49

Julio Torrado Quintela na data 11/11/2022 15:35:58

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/11/2022 15:36:06



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

As denuncias relacionadas con delitos de odio por orientación sexual ou identidade de xénero aumentaron un 67,63 % con respecto a 2019, ano previo á pandemia de COVID-19, segundo os últimos datos achegados polo Ministerio do Interior. Este acusado incremento da LGTBIfobia que se intuía e temía en consonancia cos casos que se veñen coñecendo e vimos trasladando a preocupación neste Parlamento, confirman a necesidade de actuar. No ano 2021, un de cada catro delitos de odio investigados polas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado estiveron relacionados coa orientación sexual ou a identidade de xénero da vítima, un total de 466, o que supón un aumento de case o 70 % con respecto a 2019 (67,6 %) e 2020 (68,23 %). Eses delitos do que tiveron coñecemento as forzas e corpos de seguridade afectaron a 530 vítimas, das que ademais un 13 % eran menores de idade (47 mozas e 21 mozos).

A tendencia alcista da LGTBIfobia e contra a liberdade e dereitos fundamentais da sociedade confírmase a nivel estatal desde o ano 2014 e nunha problemática na que non podemos esquecer que existe un elevado nivel de infradenuncia que aínda que algo baixou se sitúa no 80 %. Tras esta preocupante problemática e tal e como vimos alertando dende o PSdeG-PSOE atopamos entre outras causas o aumento e normalización dos discursos de odio. En Galicia contamos coa Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, unha lei de mínimos que aínda así tal e como vimos denunciando as e os socialistas a súa posta en práctica quedou na maior parte das iniciativas nada máis que en papel mollado. Hai ademais un órgano impulsado e publicado no 2018 como é o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero que apenas conta con actividade propia.

Os colectivos que traballan na nosa comunidade na defensa dos dereitos das persoas LGTBI denuncian a escasa colaboración económica por parte do goberno da Xunta ao tempo que observamos que xunto á ínfima partida contemplada nos orzamentos o nivel de execución a data 30 de xuño era de 0 %.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Comprometerse e desenvolver a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia na súa totalidade destinando para eles os recursos económicos necesarios.
2. Aumentar os fondos de xeito considerable para as asociacións e colectivos que traballan pola igualdade de trato das persoas LGTBI na nosa comunidade.

Pazo do Parlamento, 11 de novembro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 14/11/2022 10:45:53

Julio Torrado Quintela na data 14/11/2022 10:46:02

Marina Ortega Otero na data 14/11/2022 10:46:12

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/11/2022 10:46:22



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Marina Ortega Otero** e **Julio Torrado Quintela**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Dende fai meses as familias de persoas con discapacidade en Galicia, advertían ao Goberno galego o incumprimento do prazo máximo para resolver a execución do Concerto Social.

O Decreto 229/2020 do 17 de decembro polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, especifica que, contábase cun prazo máximo de 18 meses para poñer en marcha este novo concerto social; un prazo vencido xa dende o pasado 28 de xullo de 2022.

Segundo especificaban nun comunicado de Fademga Plena Inclusión: *“é preciso a axilización no tema, xa que o retraso na posta en marcha supón un prexuízo de vital importancia para o financiamento e a viabilidade das nosas entidades”*.

Tendo en conta que todas as entidades exercen un importante labor no marco das competencias directas en discapacidade da Consellería de Política Social, é fundamental a implicación da mesma para o cumprimento dos prazos e do compromiso coas familias e as persoas con discapacidade.

As entidades indican que: *“A inoperancia e a falta de resposta sobre a aplicación do concerto social e do incremento salarial derivado da aplicación do convenio para este ano veríamos na obriga de tomar medidas. Esta realidade agrávase agora ao ter coñecemento de que a Consellería de Facenda non ten previsto a inclusión dunha partida específica e concreta nos orzamentos da comunidade autónoma para o desenvolvemento e o impulso do concerto social no 2023 (tal e como se comprometeu no seu día a conselleira Fabiola García) motivo polo cal anticipamos a previsión de organizar mobilizacións por parte do colectivo de persoas con discapacidade intelectual e do desenvolvemento”*

“A esta situación debemos sumar o elevado sobre esforzo económico que asumen por motivo dos custos derivados da crise sanitaria e agora da crise enerxética, unha situación que, unida agora á paralización do concerto social, está a xerar un clima tenso no sector, que de non ter pronta solución pode acabar



ocasionando a perda de moitos traballos e poñer en risco a supervivencia de moitas entidades”.

Sobrecustos que dende o Grupo Parlamentario Socialista reivindicamos en apoio ás entidades que traballan coas persoas con discapacidade.

Fai uns días dende a Consellería de Política Social por fin accederon a tratar o tema coas entidades, ata o momento sen resposta nas súas demandas. Sen embargo aínda non hai unha solución por parte do goberno galego, o que implica unha incerteza innecesaria para as entidades que traballan coas persoas con discapacidade. Trátase polo tanto dunha cuestión que o Goberno galego non pode deixar pendente, senón que ten que resolver de inmediato.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que a través da Consellería de Política Social garantan a execución do Concerto Social en base a garantir a viabilidade das entidades e do labor coas persoas con discapacidade.

Pazo do Parlamento, 11 de novembro do 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 11/11/2022 15:32:36

Julio Torrado Quintela na data 11/11/2022 15:32:45





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 43708
Data envío: 11/11/2022 15:38:22.837

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/11/2022 15:32:53

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-h9lqZcRaj-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado e deputada **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O tempo de Nadal é de celebración colectiva que sobrepasa a motivación relixiosa cristián. Trátase dunha celebración agraria relacionada coas colleitas e co minguar da forza da luz solar e a esperanza do seu renacer. A aparición do inverno coma tempo de descanso produtivo da nai terra motivou sen dúbida celebracións relacionadas co solsticio de inverno coma contraposición á festa da plena potencia solar do San Xoán, anunciadora de colleitas e fartura de alimento.

Con toda seguridade, a expansión do cristianismo e a superposición e cristianización das festas e celebracións colectivas anteriores fixo que este situase o nacemento do seu salvador en plena festa da luz, facendo dese neno un sol pequeno que encarnaría a esperanza.

Sexa como queira que fose, o certo é que este tempo en cuestión, o Nadal, está cheo de ritos precristiáns e suscitou unha música e poesía popular de enorme valor cultural, musicolóxico e folclórico. Pódese afirmar sen temor ó ridículo ou á esaxeración que o folclore nadaleño galego é dos máis ricos, abundantes e fermosos desta común Europa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cóntanse por centenaes as melodías e as letras de panxoliñas, nadais e cantos de reis que ata mediados do século pasado corrían de boca en boca e de casa en casa no rural e nas vilas galegas coma xeito de liturxia medio cristiá e medio pagá. Cuadrillas de mozos e mozas percorrían as casas da parroquia propia e das veciñas a noite de Nadal e/ou a noite de Reis anunciando a boa nova do nacemento do Neno e moitas das letras cantadas aludían á luz e ó sol ou a unha viaxe de raíz cósmica. O costume permaneceu vivo ata a década dos setenta do pasado século.

Logo, o inicio da comunicación masiva, certo pailanismo e máis a conversión do Nadal nun feito comercial consumista deron paso ó decaemento e ó esquecemento destes sinais de identidade.

Este xeito de esquecemento e substitución non foi so aquí, trátase dun proceso de aculturación e de dominio da propaganda comercial que en Galiza é máis acusado por aquilo do autoodio identitario con raíces máis fondas e complexas.

O caso é que as músicas e cántigas que adobían na actualidade o Nadal en Galiza nada teñen a ver co noso nin coa nosa riqueza. É máis, o descoñecemento desa riqueza musical é o feito máis destacable neste tema.

Cóntanse por centenaes as pezas que a tradición gardou neste noso país galego e que figuran nas coleccións particulares de moitos compiladores de folclore.

destacar un feito curioso e singular. Son as panxoliñas cancións escritas en lingua propia e melodías tamén de raíz popular, mais, curiosamente, moitas delas de clara composición culta. E así cantadas polas xentes sinxelas do rural, atopabamos pezas con destacada polifonía de posible autoría dos mestres de capela das principais catedrais do país, que posiblemente compuxesen por encarga para actos relixiosos deste tempo do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ano e que dado o matiz agrario da festividade bebían nas fontes da tradición musical nacional galega e reducían as letras ó feito agrario das familias labregas.

*Imos levar unha pouca roupiña,
tres polas, dous galos, mais unha galiña,
un añaño, dúas pombas sin pel,
tres rulas ó xeito e un tarro de mel.*

Ou

*Levareille, logo, este mantelo,
anque, afellas, boa falla me fai,
e un roxelo de bo pelo
pra que faga bos caldos súa mai.*

Os Nadais e os Cantos de Reis son, pola contra, letras en castelán que conteñen, xeralmente, relatos das viaxes que a biblia conta. Posiblemente compostos por clérigos, expándense con melodías sinxelas que varían segundo as zonas e comarcas. Estes cantos, que se acompañaban moitas veces con gaita de fol recordan os cantos gregorianos polos seus mordentes e floreos. Son cantos de relación social, as cuadrillas van de casa en casa pedindo o aguinaldo que ven sendo unha ofrenda nun rito de fecundidade e benzón que o impregna todo (en xaneiro comeza a labra en moitas comarcas de Galiza).

Os temas dos Nadais e dos Cantares de Reis versan arredor da viaxe de Xosé e María de Nazaret a Belén, dos Reis Magos desde o Oriente Fértil ata Belén, ou de Xosé, María e o neno na fuxida a Exipto. É de destacar que estas viaxes non teñen regreso polo mesmo camiño e si logo de chegados á meta emprenden unha nova ruta a xeito de circunvalación cósmica.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A riqueza e calidade deste folclore contrasta coa ignorancia e pouco aprecio que se lle da desde as esferas da Cultura oficial e conta tamén cos reparos dalgúns sectores sociais pola súa marcada color cristián. Consumimos querendo ou sen querer o Jingle Bells norteamericano ou o Noche de Paz europeo ata o aburrimiento pero é ben difícil escoitar pola rúa ou nos centros comerciais con música nadaleñá algún vilancico, panxola ou cantar en galego.

E sen embargo existen fermosas gravacións de panxoliñas galegas e de cantos de Nadal e Reis e hai compilacións moi interesantes con centenaes de pezas recollidas do pobo que é urxente poñer en circulación, polo patrimonio inmaterial que representan e polo matiz identitario e cultural que supoñen.

A recuperación, divulgación e normalización destes cantos é traballo a facer pola consellería de cultura en apoio a agrupacións e entidades culturais interesadas na conservación e divulgación deste folclore.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

-Que desde a Consellería de Educación e Cultura se fagan as xestións necesarias para dispoñer dun fondo de gravacións tradicionais galegas de música de Nadal e se poñan a disposición das cadeas comerciais que acostumen a usar música ambiental, así coma na radio e televisión pública de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que se leven a cabo campañas de sensibilización, divulgación e se promocionen as gravacións destes tesouros para uso e disfrute da poboación galega en xeral.

-Que desde a Consellería de Educación e Cultura se establezan medidas específicas para compilar este folclore e poñelo a disposición pública para o seu uso e divulgación por medio de publicacións, entrevistas, conferencias, concursos, certames...”

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2022

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 14/11/2022 13:40:05

Mercedes Queixas Zas na data 14/11/2022 13:40:10





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/11/2022 13:40:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Manuel Lourenzo Sobral** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado domingo 6 de novembro produciuse un grave incendio nas instalacións da antiga fábrica da Pontesa en Ponte Sampaio (concello de Pontevedra), que provocou unha grande alarma social, unha situación de risco, importantes danos materiais e a irreparábel e dramática perda dunha vida humana, a do traballador da empresa Nogar Benito González, así como dúas persoas máis feridas.

Transcorrida máis de unha semana do sinistro, as condicións das instalacións aínda son de grande inflamabilidade e é necesaria a presenza continua do servizo de bombeiros para humedecer e arrefriar a grande cantidade de gran acumulado. E están por ver aínda as consecuencias devastadoras do incendio na cuberta do edificio, pola presenza de amianto e os riscos derivados da súa queima e propagación.

Por outra parte, tanto nas instalacións da antiga Pontesa como nas da antiga fábrica da Cross na Xunqueira de Alba estanse desenvolvendo actividades de almacenaxe e transporte de materiais procedentes do Porto de Marín (cereais) ou relacionados coa actividade industrial de ENCE (grandes cantidades de madeira-biomasa) . Estas actividades prodúcense en contornas urbanas e naturais nas que provocan fortes impactos, polo que se debería estudar o seu traslado a outros emprazamentos máis axeitados para o desenvolvemento de actividades industriais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con toda a cautela que require a situación derivada do incendio da antiga Pontesa, a información dispoñíbel é a seguinte:

1) As instalacións da antiga Pontesa, propiedade da empresa ITAIPU TRADE SL, están situadas en dominio público marítimo terrestre e foron obxecto dunha prórroga extraordinaria da concesión, outorgada en 2017 polo goberno central, e que foi anulada pola Audiencia Nacional en marzo de 2022 logo do recurso contencioso administrativo presentado polo concello de Pontevedra. A legalidade da concesión está pendente da decisión do Tribunal Supremo.

2) Desde o ano 2018 as naves de Pontesa eran utilizadas pola empresa GALIGRAIN, filial do GRUPO NOGAR, para a almacenaxe de grandes cantidades de cereal que entran en Galiza através do Porto de Marín. Segundo fontes da empresa, nas instalacións da Pontesa almacenábanse unhas 42.000 toneladas de cereais, principalmente cebada e produtos de xirasol.

3) Segundo fontes municipais, as instalacións non contaban con licenza de actividade nin coas mínimas garantías de seguridade e saúde laboral. Nas naves non había acceso a auga nin hidrantes a dispor do servizo de bombeiros, nin medidas para garantir unhas condicións axeitadas de temperatura e humidade.

4) Segundo un comunicado feito público pola empresa, as instalacións contaban con “todos os permisos e protocolos de seguridade e prevención de riscos laborais necesarios, incluídas medidas antiincendios”. Nalgunhas informacións xornalísticas tamén se daba conta da existencia dunha autorización da Xunta á empresa NOGAR para a almacenaxe de cereais nas instalacións da fábrica da antiga Pontesa.

5) Dada a extrema gravidade dos feitos acontecidos, hai en curso varias actuacións na vía administrativa e xudicial:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- O concello de Pontevedra informou a outras administracións sobre a situación irregular das instalacións e instou a adopción das medidas oportunas por parte da Axencia para a protección da Legalidade Urbanística (APLU) e Costas, por tratarse de terreos de servidume marítimo terrestre.
- A Brigada da Policía Científica está a realizar un informe sobre a orixe e as causas do incendio, que deberá enviar ao xulgado . E tamén hai un atestado en curso por parte da Policía Xudicial, que inclúe información sobre o estado das naves e as consecuencias do sinistro.
- A Inspección de Traballo tamén está a realizar un informe sobre as condicións de seguridade e saúde das instalacións. E ademais restrinxiu o acceso e obrigou a facelo con traxes de protección pola presenza de amianto en suspensión. E hai tamén expediente en marcha por parte do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galiza (ISSGA).

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Informar á opinión pública e aos grupos parlamentares sobre a situación legal das instalacións da antiga fábrica de Pontesa, a autorización administrativa ao grupo NOGAR para a almacenaxe de cereais e os requisitos da mesma, e sobre as medidas adoptadas en relación coa actividade e a reposición da legalidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Abrir unha investigación sobre a situación das instalacións, as causas e consecuencias do incendio e as medidas a adoptar para evitar situacións semellantes no futuro.

3. Realizar un estudo sobre os riscos da contaminación por amianto e as medidas necesarias para a retirada e tratamento dos materiais potencialmente perigosos

4. Realizar un estudo sobre as necesidades de infraestrutura e loxística do Porto de Marín e sobre a necesidade de contar con un Porto Seco nun emprazamento legal e ambientalmente viábel, para garantir a seguridade e o futuro das actividades industriais asociadas ao Porto.”

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/11/2022 13:36:51

Alexandra Fernández Gómez na data 15/11/2022 13:37:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 15/11/2022 13:37:09





A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados, **Elena Candia López, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Daniel Vega Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Belén Cachafeiro Anta e Miguel Prado Patiño**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A nosa Comunidade é verde. De 3 millóns de hectáreas que ocupa Galicia, 2 millóns son consideradas forestais. Destes 2/3 do territorio, máis de 1,4 millóns de hectáreas son de superficie arborada. E delas, 413.300 hectáreas son –segundo o Inventario Forestal do Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico– frondosas caducifolias.

Galicia asume o 53,7% das cortas de madeira rexistradas no noso país, máis da metade. Así mesmo, realiza un aproveitamento anual de preto de 10 millóns de metros cúbicos (mentres que en toda España acádanse os 17 millóns de metros cúbicos en total), o que supón preto de 300 millóns de euros ao ano en facturación só por venda de madeira.

Este eido económico supón, ademais, un 12% do emprego industrial de toda a comunidade. Ata 80.000 familias perciben algún ingreso dos nosos bosques, directa ou indirectamente, o que representa un verdadeiro plan de pensións para milleiros de fogares galegos.

O Grupo Parlamentario Popular é consciente do recurso que posuímos na nosa terra e, sobre todo, da necesidade de saber xestionalo. Por iso, ante un sector que se erixe como unha das principais fontes de riqueza e emprego no rural galego, somos responsables do seu pleno desenvolvemento.

No ano 2018 o Ditame da comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia recolle un conxunto de medidas a prol do monte galego e da ordenación dos seus usos como a posta en valor dos soutos tradicionais.

O Grupo Popular que apoiou plenamente o contido deste Ditame así como o contido da 1ª Revisión do Plan Forestal de Galicia presentado neste Parlamento, considera que hai que poñer en marcha todas as actuacións necesarias para o seu cumprimento.





Concretamente, este plan configura como medida concreta a execución do Programa do castiñeiro e da produción da castaña. O castiñeiro é unha das árbores cunha maior variedade de aplicacións e utilidades nos ámbitos rurais, tanto dende o seu punto de vista da alimentación como recurso madeireiro.

Actualmente, a presenza do mesmo limítase de xeito maioritario ás zonas interiores e de montaña, especialmente nas provincias de Lugo e Ourense. Este grupo cre que as actividades asociadas ao aproveitamento do castiñeiro deben ser postas en valor, ao ser consideradas de carácter estratéxico e para ser considerado como un recurso potencial resulta fundamental acadar a implicación de todos os niveis das administracións galegas así como dos distintos axentes económicos e sociais, tanto os grupos de desenvolvemento rural como os produtores forestais.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar e poñer en marcha as seguintes medidas a prol da planificación, seguimento e control da produción do castiñeiro no período 2023-2024:

- 1.- Levar a cabo unha promoción do aproveitamento conxunto dos terreos forestais mediante unha xestión sustentable e multifuncional dos produtos e servizos forestais no marco da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia e da Lei de Montes de Galicia.
- 2.- Impulsar dun xeito xeral a mellora dos soutos, e en especial os incluídos no Rexistro de Masas consolidadas de frondosas autóctonas.
- 3.- Deseñar un mapa territorial que identifique as principais zonas xeográficas para plantacións de castiñeiros e favorecer estas novas plantacións con axudas públicas ou incentivos.
- 4.- Fomentar a implicación das comunidades de propietarias de montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo e das comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades, no desenvolvemento de novas plantacións de castiñeiro, así como fomentar e adaptar as estratexias dos Grupos de Desenvolvemento Rural para a execución dos proxectos ligados a esta especie.”

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2022 13:08:58
Nº Rexistro: 43876
Data envío: 16/11/2022 13:08:58.061

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/11/2022 12:57:40

María Elena Candia López na data 16/11/2022 12:57:55

Raquel Arias Rodríguez na data 16/11/2022 12:58:19

José Antonio Armada Pérez na data 16/11/2022 12:58:34

Daniel Vega Pérez na data 16/11/2022 12:58:47

Rubén Lorenzo Gómez na data 16/11/2022 12:59:01

Cachafeiro Anta, Belén na data 16/11/2022 12:59:14

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 16/11/2022 12:59:25

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-h9lqZcRaj-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

En recentes datas a Dirección da Consellería de Sanidade vén de anunciar a intención de solventar o problema das ausencias de profesionais nos PAC, especialmente ocorrente nalgúñas comarcas concretas, coa formación de profesionais de enfermería para substituír estas ausencias de médicos.

Esta medida foi anunciada de maneira piloto no área sanitaria de Pontevedra – O Salnés, que está sendo a principal afectada pola non cobertura de baixas dos PAC e que está vendo como os centros de urxencias hospitalarias levan quedando descubertos dende o inicio do verán de maneira repetida, e a pesares dos constantes anuncios do goberno da Xunta de medidas que resolverían a situación e que parecen non ser eficientes, como tantas outras.

A medida proposta non consta que fose consensuada ou dialogada coas entidades profesionais e cos representantes dos traballadores do Sergas, así como tampouco foi anunciada ou proxectada nas diferentes oportunidades que dende o propio goberno existen, como tampouco está formulada nos estudos e análises nos que o goberno afirma basearse para a súa toma de decisións. O antecedente que se coñece é unha decisión semellante tomada na Comunidade Autónoma de Madrid, que contou coa contestación e reprobación dos colexios profesionais e especificamente co rexeitamento do propio colectivo de enfermería.

A situación que se pode provocar con esta proposta é dunha enorme inseguridade legal e xurídica para a enfermería, que tería unhas responsabilidades clínicas que non lles corresponden e sobre as que non teñen a obriga de asumir decisións.

Resulta paradóxico que Galicia, que foi a penúltima Comunidade Autónoma de Galicia de toda España en dotar de recursos e habilitacións formais ás enfermeiras para desenvolver as capacitacións que lle foron atribuídas dende 2018 coa reforma estatal do Real decreto 1675/2012 (tres anos e medio de demora en Galicia), implique agora que deben asumir funcións do colectivo de facultativos ante a ausencia destes.



A vía de resolución do conflito debe estar en dotar dos medios necesarios e debidos aos centros de atención primaria, coas condicións laborais merecidas e coa dotación de recursos axeitados.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta ao goberno de Galicia a:

1. Garantir que o modelo de atención sanitaria nos PAC será mediante os equipos médico/a máis enfermeira.
2. Mellorar as condicións laborais existentes para os profesionais facultativos nos PAC.

Pazo do Parlamento, 16 de novembro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 16/11/2022 16:19:06

Marina Ortega Otero na data 16/11/2022 16:19:14

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/11/2022 16:19:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre os recortes de prazas nos equipos de orientación específicos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai xa varias semanas que a comunidade educativa galega está a amosar a súa preocupación pola intención da Xunta de Galiza de amortizar as prazas de traballo social nos equipos de orientación específicos (EOE)

Estamos a falar de prazas que xogan un papel fundamental tanto para as familias como para o alumnado xa que implican o primeiro chanzo para determinar factores de risco na comunidade educativa.

No inicio do curso, unicamente a praza de traballo Social do Equipo de Orientación Específica da provincia de Lugo foi cuberta , ficando o resto de prazas do resto de provincias sen cubrir. No caso da praza do EOE de Ourense deixou de cubrirse despois da xubilación da titular e no caso da praza da Coruña a praza ficou deserta tralo falecemento da titular. A praza da provincia de Pontevedra nunca chegou a se cubrir.

Cómpre destacar que o Decreto 120/1998, de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia establece no seu artigo 5 que os Equipos de Orientación Específicos estarán compostos, entre outros profesionais, por un/ha traballador social e/ou educador social.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Estamos a falar, polo tanto, dunha Xunta de Galiza que ademais de incumprir o establecido na lexislación vixente, está a amosar a máis absoluta insensibilidade polos problemas que está a padecer a comunidade educativa. Insensibilidade que xa amosou en varias ocasións neste mesmo parlamento cando se opuxo a iniciativas do BNG para reforzar os EOE que hoxe se evidencian máis necesarias ca nunca para afrontar os problemas que padece a comunidade educativa.

Problemas consecuencia da Covid -19 que día tras día se perciben nas aulas, máis tamén problemas derivados da situación económica e social que padecemos e que implican realidades de vulnerabilidade social, risco de pobreza, acoso e enfermidade mental fronte aos que dende o BNG entendemos non se deben aforrar esforzos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta a reforzar os EOE e a cubrir de xeito inmediato as prazas de traballo social que está a recortar en cada un dos equipos provinciais.”

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Lourenzo Sobral
Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 17/11/2022 10:44:31

Mercedes Queixas Zas na data 17/11/2022 10:44:42

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/11/2022 10:44:57



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, María Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A sobrecarga asistencial vivida nas últimas semanas nas Urgencias Pediátricas do Hospital Álvaro Cunqueiro, onde a finais de outubro alcanzaron un pico de 300 atencións en tan só unha xornada e acumulou esperas de máis de catro horas, puxo no punto de mira a necesidade de dotar de máis medios este servizo para que poidan funcionar mellor as tarefas como a triaxe e a asistencia, agora en mans de grandes profesionais que sofren a saturación pola falta de recursos. Esta é unha realidade que foi denunciada tanto por usuarios e usuarias como por profesionais nos últimos días. As persoas usuarias chegaron a asegurar que: “tan só se atendía por estrita orde de chegada, atopando na cola cativos e cativas con neumonía, crisis respiratorias ou por un golpe”.

A principios de novembro a Xerencia afirmaba que foi un problema puntual na triaxe debido a ausencia dunha profesional o que provocou un desaxuste na atención. Esta explicación foi criticada polos profesionais que destacaron que non se axusta á realidade, xa que de luns a venres pola mañá hai dúas enfermeiras, unha en boxes e unha en camas de observación e nese horario a triaxe non existe, por iso non se puido crear tal problema. O persoal sanitario non é o culpable dos colapsos que se están producindo na sanidade pública, o único culpable é o Sergas pola súa mala xestión.

O persoal lembrou que dende antes da apertura do *Hospital Álvaro Cunqueiro* o cadro de persoal era insuficiente, necesitando contratar todas as fins de semana persoal eventual non coñecedor do servizo, porque polas mañás hai tres zonas funcionado (boxes, camas e triaxe) e só figuran dúas enfermeiras.

A dirección do Cunqueiro solicitou colaboración de enfermería para abrir o servizo de triaxe e así poder atender as urgencias por prioridade e non por orde de chegada e para iso prometeron probar o funcionamento con persoal da unidade e se realmente funcionaba comprometíanse a ampliar o cadro. Sete anos despois, os e as profesionais denuncian que a triaxe só se está facendo nalgúns quendas a costa do persoal xa existente no servizo.



Esta problemática das urxencias pediátricas é outra consecuencia da ineficiente xestión en termos de recursos humanos, froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a incorporar inmediatamente o persoal de enfermería necesario para poder levar a cabo de maneira eficaz a triaxe de pacientes nas Urxencias Pediátricas do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo.

Pazo do Parlamento, 17 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 17/11/2022 11:01:59

Julio Torrado Quintela na data 17/11/2022 11:02:14

Marina Ortega Otero na data 17/11/2022 11:02:27

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/11/2022 11:02:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O DOG do 27 de febreiro de 2020 publicou a resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola que se incoou o procedemento para declarar ben de interese cultural (BIC) o funicular de transporte aéreo de materiais Novo y Sierra en Valga (Pontevedra).

Na citada resolución facíase constar o seguinte:

Tendo en conta o contido da información achegada e o informe dos servizos técnicos desta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que conclúen que a instalación do funicular de transporte aéreo de materiais Novo y Sierra constitúe o único exemplo desta tipoloxía (a do transporte aéreo de materiais) que pode ser conservado, dunha tipoloxía industrial moi presente e relevante en Galicia, a da produción cerámica, e tomando en consideración a súa orixe en 1927, fan que sexa un exemplo único na Comunidade Autónoma, do cal existiron outros exemplos que non se conservan.

En consecuencia cos valores históricos e culturais do citado conxunto patrimonial a directora xeral de Patrimonio Cultural resolveu o seguinte

Primeiro. Incoar o procedemento para declarar ben de interese cultural o funicular de transporte aéreo de materiais Novo y Sierra en Valga (Pontevedra),





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conforme o descrito no anexo desta resolución e proceder cos trámites para a súa declaración.

Segundo. Ordenar que se anote esta incoación de forma preventiva no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia e que se comunique ao Rexistro Xeral de Bens de Interese Cultural da Administración do Estado.

Terceiro. Aplicar de forma inmediata e provisional o réxime de protección que establece a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, para os bens de interese cultural e para os bens mobles en particular. O expediente deberá resolverse no prazo máximo de vinte e catro (24) meses, desde a data desta resolución, ou producirase a súa caducidade e o remate do réxime provisional establecido.

Con posterioridade á incoación do procedemento e a aplicación do rexime de protección establecido na lei 5/2016, con data 27 de maio de 2020, Portos de Galicia e o concello de Valga asinaron un convenio “para a construción dun embarcadoiro no término municipal de Valga (Pontevedra)”.

Na memoria do citado convenio sinálase o seguinte:

A entidade publica empresarial Portos de Galicia e o Concello de Valga teñen vontade de colaborar co fin de potenciar o valor natural e ambiental da zona de Valga de interese para Galicia e de promocionar o turismo náutico dentro e fora da nosa Comunidade Autónoma e a este efecto, acometen a construción de embarcadorio no término municipal de Valga (Pontevedra).

As obras ubicadas en dominio público marítimo terrestre consisten básicamente na rehabilitación do antigo embarcadoiro, actualmente en ruínas, co fin de permitir o atraque de pequenas embarcacións turísticas que operan na Ria de Arousa co fin de atraer o fluxo turístico da zona.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As obras consisten na instalación dun pantalán de 24 m de lonxitude para pasaxe e o acondicionamento o acceso ás instalacións mediante un camiño de saburra.

Os traballos están formados polas seguintes actuacións:

Na zona do antigo embarcadoiro, realizarase un muro de cara vista de mampostería por diante do muro existente de ladrillo, que quedará enterrado, e procederase á realización dun pequeno recheo ata acadar a cota da explanada. Esta superficie, duns 316m2 pavimentarase con lastras de granito colocado con morteiro sobre unha base de formigón. Nesta zona colocaranse 5 bancos que servirán para delimitar o aparcamento. Instalaranse tamén unha varanda de protección de madeira e alcorques nas árbores que se manteñen na explanada

O camiño de acceso a estas instalacións realizarase mediante o estendido e compactado de saburra.

Como consecuencia do citado convenio, Portos de Galicia licitou as obras de construción do embarcadoiro, que supuxeron unha completa alteración do BIC incoado e a vulneración do rexime de protección.


Como se pode observar nas fotografías os restos do antigo embarcadoiro foron destruídos e a contorna de protección (no plano) completamente modificada e alterada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza





Cómpre ter en conta que o procedemento de incoación do BIC establecía o seguinte rexime de protección e salvagarda provisional:

7. Réxime de protección e salvagarda provisional.

A resolución de incoación do procedemento para declarar ben de interese cultural o inmóble determinará a aplicación inmediata, aínda que provisional, do réxime de protección previsto na presente lei para os bens xa declarados, segundo o artigo 17.4 e 17.5 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG) e complementariamente co establecido na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español (LPHE).

Este réxime implica a súa máxima protección e tutela, polo que a súa utilización quedará subordinada a que non se poñan en perigo os valores que aconsellan a súa conservación. Calquera intervención que se pretenda realizar nel deberá ser autorizada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, segundo proxectos elaborados por técnicos competentes e segundo os criterios legais establecidos (artigos 39 a 40 LPCG).
Entre outras consideracións, o réxime implica:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– Autorización: as intervencións que se pretendan realizar terán que ser autorizadas pola Consellería de Cultura e Turismo e o seu uso quedará subordinado a que non se poñan en perigo os valores que aconsellan a súa protección, polo que os cambios de uso substanciais deberán ser autorizados pola citada consellería.

– Deber de conservación: as persoas propietarias, posuidoras ou arrendatarias e, en xeral, as titulares de dereitos reais sobre os bens, están obrigadas a conservarlos, mantelos e custodialos debidamente e a evitar a súa perda, destrución ou deterioración.

– Acceso: as persoas propietarias, posuidoras ou arrendatarias e, en xeral, as titulares de dereitos reais sobre os bens están obrigadas a permitir o acceso ao persoal habilitado para a función inspectora, ao persoal investigador e ao persoal técnico da Administración nas condicións legais establecidas. Este acceso poderá ser substituído para o caso de investigación polo seu depósito na institución ou entidade que sinala a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e que non poderá superar os dous meses cada cinco anos.

– Comunicación: as persoas propietarias, posuidoras ou arrendatarias e, en xeral, os titulares de dereitos reais están obrigadas a comunicar á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural calquera dano ou prexuízo que sufrisen e que afecte de forma significativa o seu valor cultural.

– Visita pública: as persoas propietarias, posuidoras, arrendatarias e, en xeral, titulares de dereitos reais sobre os bens de interese cultural especificamente declarados permitirán a súa visita pública gratuíta un número mínimo de catro días ao mes durante, polo menos, catro horas ao día, que serán definidos previamente.

– Uso: en calquera caso a protección do ben implica que as intervencións que se pretenda realizar terán que ser autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e que a súa utilización quedará subordinada a que non se poñan





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en perigo os valores que aconsellan a súa protección, polo que os cambios de uso substanciais deberán ser autorizados pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Á vista do acontecido, só se poden derivar dúas conclusións

- 1) Que as obras non contaron co coñecemento e autorización da dirección xeral de Patrimonio Cultural, o que constitúe un feito de extrema gravidade por tratarse dun ben cun rexime de protección do que derivaba “a máxima protección e tutela”.
- 2) Que a dirección xeral de patrimonio cultural autorizou as citadas obras, o cal constituiría un feito de extraordinaria gravidade e do que se derivarían responsabilidades.

No DOG do 30 de xuño de 2022 publicouse o decreto 114/2022 polo que se declara ben de interese cultural o funicular de transporte aéreo de materiais Novo y Sierra

Do contido deste decreto parece deducirse que a dirección xeral de Patrimonio Cultural si tivo coñecemento da alteración e destrución do ben, aínda que a descrición que se fai non se axusta ao realmente acontecido:

Durante a fase de incoación realizáronse traballos de valorización do conxunto que supuxeron a protección das estruturas existentes da zona de embarcadoiro integradas nun dique axustado á forma dos restos documentados e rexistrados.

A zona de embarcadoiro completaba o sistema de soporte de material cerámico cun cantil de forma poligonal cara ao río Ulla executado en fábrica de ladrillo, cun piar central que sostiña a última das rodas do sistema de xiro. A maior parte destes elementos foron desaparecendo co tempo e o seu precario estado de conservación e fragilidade exixiu a execución dun novo dique de protección adaptado á forma da ribeira orixinal.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

(...). Os restos das estruturas do embarcadoiro foron protexidas cun novo dique perimetral adaptado ás condicións xeométricas orixinais, despois da documentación e rexistro arqueolóxico de todos os elementos, de tal forma que se mantén o seu espazo e dimensións que permite a interpretación do seu sistema de funcionamento, de forma compatible con outros usos.

Resulta evidente, tal como se pode comprobar nas fotografías, que **as estruturas do embarcadoiro non foron protexidas, que a súa fisonomía e elementos foron completamente alterados e que a actual configuración do espazo non permite a interpretación do seu sistema de funcionamento xa que foi absolutamente transformado nun embarcadoiro para embarcacións turísticas.**

Estamos pois diante dun **gravísimo atentado contra o patrimonio, do que se deberán dar as pertinentes explicacións e derivar as correspondentes responsabilidades.**

Ademais de todo o relativo ao BIC, cómpre ter en conta o previsto na Declaración de Impacto Ambiental relativa ao proxecto de embarcadoiro en Valga, promovido por Portos de Galicia. Cómpre ter en conta que este documento iniciou a súa tramitación en 2013 e rematou en 2017, e que nos informes de diferentes departamentos -incluída a dirección xeral de Patrimonio Cultural- non se garantiu a protección e conservación da estrutura do antigo embarcadoiro. Considerando que en febreiro de 2020 se incoou o expediente de declaración BIC, e que o inicio deste procedemento é anterior á sinatura do convenio e á licitación das obras por parte de Portos, a consellaría de Cultura puido incorrer en deixación de funcións ou falta de control e vixilancia do impacto da actuación.

No ámbito do BIC, o concello de Valga está a tramitar o proxecto dun novo funicular de uso turístico coñecido como “o proxecto das vagonetas”. Segundo informacións de prensa, o proxecto ten un orzamento de 1.995.525,60 euros e prevé a







OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

construción dun teleférico entre o río Ulla e a Mina Mercedes, cunha lonxitude aproximada de 1.100 metros, a urbanización das áreas próximas e a recuperación dos restos que se conservan da antiga liña de transporte de material cerámico.

O concello está a tramitar un Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións, no que se prevé unha modificación do ámbito definido no PXOM e a urbanización dos terreos protexidos polo BIC. A actuación prevista ten un forte impacto visual e unha incidencia directa no BIC e na Rede Natura 2000 río Ulla. Ademais, interfere con zonas habitadas, instalacións industriais e infraestruturas de comunicacións.





Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Levar a cabo unha investigación interna sobre a tramitación do proxecto de embarcadoiro no río Ulla en Valga e sobre a posíbel omisión do deber de protección e salvagarda do funicular de transporte aéreo de materiais Novo y Sierra en Valga (Pontevedra), logo da incoación do procedemento de declaración como Ben de Interese Cultural en febreiro de 2020.

2. Abrir un expediente informativo e no seu caso sancionador, en aplicación do previsto na lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia, pola destrución de parte dun ben que contaba cun réxime de protección e salvagarda.

3. Garantir a protección do BIC fronte ao impacto do proxecto de construción dun novo funicular para uso lúdico e turístico.”

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 17/11/2022 11:40:13

Xosé Luis Bará Torres na data 17/11/2022 11:40:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Ramón Fernández Alfonzo** e das deputadas **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre os problemas na infraestrutura do centro de saúde de Narón.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro de saúde de Narón, que o presidente Feijoo inaugurou a bombo e prato o 16 de xullo do ano 2021, comezou a dar problemas desde o mesmo momento da súa entrada en funcionamento.

Nun principio denunciáronse avarías no ascensor provocadas por inundacións.

Despois de solucionar o problema das inundacións continuaron as avarías do ascensor, que segundo indican as persoas que as atenden estarían provocadas por unha causa realmente sorprendente, non ser un ascensor apropiado para un centro de saúde, e menos aínda para ser o único ascensor dun centro de saúde co volume de persoas usuarias como o de Narón.

Esta razón sorprende aínda máis por ter sido unha advertencia desatendida pola dirección do SERGAS, que no seu día replicou ás demandas da área sanitaria con un informe de poboación que desmentía, ou iso era o que se pretendía, as necesidades dun segundo ascensor.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As advertencias parece que tiñan máis fundamento que as réplicas evidentemente inspiradas pola política de recortes dos gobernos do Partido Popular.

Mais o problema do ascensor non é o único con ser sen dúbida grave, xa que cando o caudal do río que pasa por debaixo do centro de saúde aumenta os baños atáscanse e hai que pechalos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:

1. Dotar o centro de saúde de Narón de 2 novos ascensores apropiados para o volume e tipo de usos do centro e a dispoñer de inmediato as medidas provisionais necesarias mentres non se remata coas obras
2. Tomar as medidas necesarias para resolver axeitadamente o problema dos baños.”

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández
Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 17/11/2022 17:37:00

Iria Carreira Pazos na data 17/11/2022 17:37:04

María Montserrat Prado Cores na data 17/11/2022 17:37:16

Ramón Fernández Alfonzo na data 17/11/2022 17:37:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Propaganda da Xunta de Galiza, do Partido Popular, xa non é quen de agochar a situación dramática da Atención Primaria, a falta de profesionais, a desatención, as listas de espera. Unha situación inaceptábel, non hai ningún centro de saúde, nin PAC que teña unha situación de normalidade, cos cadros de persoal que corresponden. Hai carencias en todos, o habitual é toparse por toda Galiza centros de saúde e PACS co cartaz de “non hai médico”, especialmente preocupante na Área Sanitaria Pontevedra-Salnés

Non hai unha estratexia para normalizar a Atención Primaria, dispoñer d@s profesionais, recursos e capacidade de tomar decisións, que permita rematar coas axendas interminábeis, cos descubertos nos PACs, coa falta de pediatras...

Neste contexto última ocorrencia do Partido Popular é dar unha formación expres @s profesionais de enfermería para que atenda só as urxencias que cheguen aos PACS, en ausencia de persoal facultativo. Formación para que atendan as urxencias seguindo as indicacións telefónicas dun médico que está traballando noutro centro de saúde, atendendo outros doentes, ou do 061.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha auténtica barbaridade atender urxencias seguindo indicacións telefónicas, unha soa profesional, cando sabemos que diante dunha emerxencia fan falta mans para atender á persoa doente: explorar, coller vía, facer electros, poñer osíxeno, mediación, incorporar... Non é posíbel atender unha urxencia sen o equipo de profesionais que poidan complementarse.

Parécenos ben que se mellore a formación de enfermería, mais para desenvolver as súas competencias, o seu perfil profesional.

Nin as enfermeiras poden substituír @s médic@s nin @s médic@s poden substituír as enfermeiras. É preciso un equipo completo.

O persoal de enfermaría non pode asumir unha responsabilidade, unha situación de estrés que non lle corresponde e polo tanto sen respaldo legal. Nin doentes, nin profesionais poden soportar esta situación, nin laboral nin de atención.

Con estas medidas están recoñecendo de facto a situación de emerxencia sanitaria, de alarma que levamos meses denunciando.

Esta situación non vai facer máis que empeorar pola elevadísima cifra de xubilacións que se van a producir nos vindeiros anos e pola continua fuxida de profesionais que se forman en Galiza cos impostos d@s galeg@s e logo marchar a traballar a outros lugares, porque non soportan as condicións laborais nas que lles obriga o Sergas a traballar.

A petición de certificados de idoneidade, para poder traballar fóra, non fai máis que aumentar, segundo o informe do Colexio Médico Colexial, no ano 2021 foron 75 @s facultativ@s que solicitaron en Galiza a certificación de idoneidade, preciso para





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

traballar fóra do Estado español, e que a maioría son da especialidade de familia e comunitaria.

Segundo a Asociación Galega de Enfermería Familiar e Comunitaria arredor do 20% das enfermeiras especialistas que se forma vense na obriga de emigrar para poderen desenrolar a súa profesión na AP, e que o 15% traballan coma enfermeiras xerais, moitas veces no hospital.

É unha evidencia que o PP ten un plan clarísimo, empuxar @s galeg@s cara á sanidade privada, non por escolla senón por pura necesidade. Se precisan atención sanitaria e non lla prestan no centro de saúde, nin tampouco nos PACS. Se teñen que acudir aos servizos de urxencias hospitalarias colapsadas, onde son atendidos despois de agardar horas e en moitos casos se lles di que a patoloxía que teñen non é de gravidade para acudir a urxencias hospitalarias.

O resultado é que quen pode acude á privada ou directamente ou vía contratar un seguro médico, e @s que non poden queda tirado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a poñer en marcha de inmediato as medidas tanto conxunturais coma estruturais para sacar á atención primaria do pozo no que a teñen metida os 13 anos de recortes do PP.

1.- Garantir que nos PACs presten atención sanitaria equipos completos de profesionais, formados por persoal facultativo, enfermería e celadoras/es ou PSX tal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

como establece a normativa, e polo tanto rectificar a intención de que persoal de enfermería preste atención en solitario ante a ausencia de médic@s.

2.- Aumentar o orzamento destinado á atención primaria até chegar ao 25% do total de sanidade, exceptuado o gasto farmacéutico, recomendado pola OMS.

3.- Plan inmediato para reter as profesionais que se forman en Galiza, e que seguen a marchar en desbandada.

4.- Facer ofertas con condicións laborais dignas, que sexan atractivas para que se queden os que rematan a formación en Galiza e retornen os que están fóra.

5.- Reforzo de todas as categorías: médicos, enfermería, TCAS, fisioterapia, matronas, celadoras, psxs..

6.- Incorporar novas categorías profesionais aos equipos de atención primaria, psicoloxía clínica, terapeutas ocupacionais, logopedas, podólogos, nutricionistas...”

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 17/11/2022 18:05:26

Iria Carreira Pazos na data 17/11/2022 18:05:29

María Montserrat Prado Cores na data 17/11/2022 18:05:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, sobre a situación na que se atopan as traballadoras do SAF.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola gravidade do asunto a tratar que atinxe un grande número de traballadoras dun servizo social de atención a persoas maiores dependentes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza hai máis de 24.000 persoas usuarias do SAF e unhas 8.000 traballadoras que, na maior parte dos casos, corresponden a empresas privadas prestadoras do servizo.

Traballadoras cunhas condicións laborais e salariais precarias. Soportan desde hai anos xornadas a tempo parcial; tendo que coller o seu propio vehículo para ir dun domicilio a outro facer o seu traballo sen un salario que cubra ese custe e traballando en casas que non contan en practicamente ningún caso coa máis mínima adaptación para atender as persoas dependentes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unhas condicións laborais fixadas nun convenio colectivo caducado desde 2011 sendo vítimas durante todo este tempo do ninguneo e do abuso por parte das empresas que fixeron todo, de todo, para impedir a negociación dun novo.

Mesmo se disolveron como asociación en 2012 para poder pasar así ao convenio estatal con peores condicións aínda que o galego.

Desde o 2 de novembro as traballadoras do SAF están en folga convocadas pola CIG fronte ao preacordo alcanzado pola patronal e as centrais sindicais CCOO e UGT. O que teñen enriba da mesa esas traballadoras hoxe nin mellora as súas condicións de traballo, nin reconece o seu labor, nin garante unha mellor prestación do servizo. Máis ao contrario, pretende impor diferencias salariais entre traballadoras que prestan o mesmo servizo para a administración.

Malia tratarse de traballadoras de empresas privadas, a Xunta ten moita responsabilidade ao respecto.

O Servizo de Axuda no Fogar é:

- un servizo público para garantir a atención das persoas maiores dependentes no seu domicilio.
- ordenado por unha normativa autonómica (2009), xestionado polos concellos
- o SAF é un servizo financiado con cartos de todos, sexa cal sexa o modelo de xestión. Nada menos que 110 millóns de euros saídos directamente da Xunta de Galiza en 2022.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

a) adoptar todas as medidas necesarias e ao seu alcance para defender os dereitos laborais das traballadoras do SAF na negociación do novo convenio colectivo, a comezar pola non implantación dunha dupla táboa salarial tendo en conta que prestan un servizo público para a administración.

b) así mesmo, a Cámara, insta o Goberno galego a iniciar un proceso de diálogo coa Fegamp co obxectivo de mellorar o sistema de financiamento do Servizo de Axuda no Fogar así como as condicións en que se presta, garantindo o acceso de toda a poboación con grao de dependencia recoñecido a el.”

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2022

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 17/11/2022 09:54:09

María Montserrat Prado Cores na data 17/11/2022 09:54:25

Olalla Rodil Fernández na data 17/11/2022 09:54:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Ramón Fernández Alfonzo** e das deputadas **Montserrat Prado Cores**, **Olalla Rodil Fernández** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre a situación da sanidade nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Propaganda da Xunta de Galiza, do Partido Popular, xa non é quen de agochar a dramática situación da Atención Primaria do noso sistema de saúde en todo o país.

A falta de profesionais de todas as categorías, e singularmente de médicos e médicas de familia así como de pediatras, provoca desatención da poboación precisamente no servizo de atención primaria, que xoga un papel de especial relevancia no sistema, pois ademais de ser o primeiro contacto coas persoas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

usuarias, e porta de entrada ao sistema, encárgase tamén do control dos doentes con patoloxías crónicas e polimedicados.

Estas eivas do sistema, provocadas por máis de 1 década de gobernos do Partido Popular caracterizados polos recortes nos servizos públicos, afectan moi especialmente aos colectivos máis vulnerábeis, maiores, doentes con patoloxías crónicas que precisan de control sistemático, e as crianzas.

A falta de pediatras parece non ser unha problema prioritario que resolver na axenda do Partido Popular a teor das declaracións realizadas pola xerente do SERGAS, refrendadas despois polo presidente Rueda, segundo as cales debemos asumir con normalidade non dispoñer de pediatras nos centros de saúde.

Estes colectivos precisan de continuidade na asistencia para un control efectivo da súa saúde e poder dicir que reciben unha asistencia sanitaria de calidade. E nomeadamente as crianzas precisan de especialistas pediatras.

É duro ter que lembrar que a especialidade de pediatría non existe por un capricho universitario, senón porque a poboación infanto/xuvenil padece patoloxías específicas.

Nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, son constantes os casos de centros de saúde que comparten médico ou médica e/ou pediatra, especialmente nas zonas rurais. E son constantes tamén os casos nos que ante unha ausencia ou baixa queda o servizo desatendido remitindo ás persoas doentes a outro centro de saúde, e provocando en moitas ocasións que esas persoas teñan que acudir ás urxencias ou á sanidade privada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estas razóns, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

“ O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Tomar todas as medidas para garantir que todos os nenos e nenas das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal en idade pediátrica teñan asistencia en Atención Primaria por un profesional especialista en pediatría independentemente de onde residan.

2.- Garantir a cobertura das prazas vacantes e a calidade dos servizos.”

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 17/11/2022 19:28:48

Iria Carreira Pazos na data 17/11/2022 19:28:52

Ramón Fernández Alfonzo na data 17/11/2022 19:29:05

Olalla Rodil Fernández na data 17/11/2022 19:29:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputada **Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no artigo 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén dada pola necesidade de adoptar un acordo diante da inminencia dunha decisión do goberno central ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comezos do presente mes de novembro, o fondo de pensións dos Países Baixos APG tomou o control das principais autoestradas galegas, incluída a AP 9, pola súa posición de accionista maioritario do grupo Itínere. Trátase dun cambio accionarial, pois desde fai tempo a compañía pertence a fondos de investimento internacionais, que obteñen beneficios millonarios dos petos dos galegos e galegas. Os ingresos por peaxes da AP 9 correspondentes a 2021 foron de 150 millóns de euros, e os beneficios despois de impostos 50,7 millóns de euros, un 20% máis que en 2019. Os beneficios acumulados ao longo dos últimos 20 anos superan os 1.000 millóns de euros.

Tanto as prórrogas outorgadas á concesionaria como os convenios asinados con esta para a ampliación da capacidade da autoestrada están baixo sospeita. No primeiro caso, a Comisión Europea considerou que se seguiu un procedemento irregular e existen





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sentenzas do Tribunal de Xustiza da UE que anularon ampliacións de concesión en supostos similares. No que respecta aos convenios asinados en 2011 e 2013 para a ampliación da Ponte de Rande e outras obras, o Consello Consultivo ditaminou a súa ilegalidade.

Recentemente, a concesionaria solicitou ao goberno central unha suba das peaxes do 9,38% para 2023. No caso de aprobarse, estaríamos diante da segunda maior suba das peaxes da historia. Tendo en conta o actual contexto de suba de prezos, esta suba tería un efecto letal para a economía galega xa que afectaría sobre todo ás familias con menos recursos, persoas autónomas e ás pequenas e medianas empresas. E tería ademais unha forte incidencia no sector do transporte, que xa se está vendo fortemente afectado pola suba dos combustíbeis e outros incrementos de prezos.

Ao mesmo tempo, o grupo Itínere, que ten tamén a concesión da AP 53, solicitou neste caso unha subida do 8,38%.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª polo trámite de urxencia:

“O parlamento insta a Xunta a demandar do Goberno central

1. Que non permita a suba das peaxes da AP 9 e AP53, pola súa incidencia moi negativa nas economías familiares e en sectores económicos estratéxicos nun contexto de suba desmesurada dos prezos.

2. Que revise e anule os convenios asinados en 2011 e 2013 coa concesionaria, atendendo ao ditame do Consello Consultivo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Que revise e anule as ampliacións da concesión da AP9, atendendo ao requirimento da Comisión Europea neste sentido.

4. Que faga os estudos necesarios e adopte as medidas precisas para conseguir no prazo máis breve posíbel unha AP9 galega e libre de peaxes.

5. Que aplique na AP 53 bonificacións das peaxes similares ás aprobadas para a AP9.”

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2022

Asdo: **Paulo Ríos Santomé**

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 18/11/2022 12:20:54

Alexandra Fernández Gómez na data 18/11/2022 12:20:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 18/11/2022 12:21:07





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José Manuel Balseiro Orol, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Belén Salido Maroño, Marisol Díaz Mouteira, Rubén Lorenzo Gómez e Begoña Freire Vázquez**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Goberno central tome medidas sobre a suba desproporcionada que rexistrarán o vindeiro ano as peaxes das autoestradas de competencia estatal en Galicia.

Exposición de motivos

As peaxes das autoestradas estatais en Galicia, a AP-9 e AP-53, son das máis caras de España. No caso da AP-53 hai que salientar ademais que é a única na que non se aplica ningún tipo de bonificación.

Se estas circunstancias son, de por si, negativas para os intereses de Galicia, a situación verase agravada o vindeiro ano co incremento previsto como consecuencia da actualización das tarifas co IPC.

Se o Goberno central non o remedia, o 1 de xaneiro a suba das peaxes en ambas as autoestradas roldará o 9 por cento, o segundo maior incremento da serie histórica.

No lado oposto e para anticiparse a esta situación, o Goberno galego, ante un previsible e desproporcionado incremento das peaxes das autoestradas da súa competencia o vindeiro ano como consecuencia do IPC, xa adoptou a decisión conxelar as peaxes das autoestradas autonómicas AG-55 e AG-57 e así o recolleu nos Orzamentos de 2023.

Polo exposto, dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos necesario presentar esta proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que adopte medidas encamiñadas a limitar as subas das peaxes nas autoestradas





estatais, a AP-9 e a AP-53, adoptando iniciativas similares ás do Goberno galego nas autoestradas autonómicas, coa conxelación de peaxes en 2023”.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 21/11/2022 10:02:46

José Manuel Balseiro Orol na data 21/11/2022 10:03:07

Carmen María Pomar Tojo na data 21/11/2022 10:03:22

Ramón Carballo Páez na data 21/11/2022 10:03:36

María Belén Salido Maroño na data 21/11/2022 10:03:51

María Sol Díaz Mouteira na data 21/11/2022 10:04:03

Rubén Lorenzo Gómez na data 21/11/2022 10:04:17

Freire Vázquez, María Begoña na data 21/11/2022 10:04:31





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputada **Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no artigo 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª polo trámite de urxencia**, sobre o concurso eólico do 2010, sobre os proxectos desenvolvidos e os plans industriais asociados.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola alarma social polo grande número de parques en tramitación e a acumulación de proxectos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2010 a Xunta adxudicou no concurso eólico 2.325 MW. Tanto o conselleiro de Industria como o presidente da Xunta cualificaron aquel proceso como “O maior plan industrial da historia de Galiza”, coa previsión de investimento de 6.000 millóns de euros e a creación de 12.000 postos de traballo.

Realmente aquel plan foi un auténtico fiasco porque en 8 anos non se chegou a instalar nin o 10% da potencia prevista e o noso país sufriu unha auténtica parálise no desenvolvemento do sector, agravada polos cambios normativos introducidos en 2013 polo goberno central do PP.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como consecuencia desta parálise, Galiza perdeu oportunidades de investimento, non se desenvolveron os plans industriais previstos, non se crearon postos de traballo, pecharon empresas e o noso país perdeu posicións pasando do segundo ao cuarto posto en potencia eólica instalada.

Ademais, o estancamento do sector agravouse como consecuencia da anulación do concurso eólico de 2009, no que se adxudicaron 2.325 MW. A decisión arbitraria do goberno do PP tivo graves consecuencias para o país e para o erario público, polas sentenzas xudiciais que obrigaron á Xunta a indemnizar con máis de 3 millóns de euros a varias empresas que resultaran adxudicatarias do concurso.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Elaborar no primeiro trimestre de 2023 un informe sobre:

-as causas e consecuencias da parálise do desenvolvemento do sector eólico entre os anos 2009 e 2018, os proxectos eólicos desenvolvidos neste período e a potencia instalada;

-os plans industriais previstos no concurso eólico do 2010, o seu grao de desenvolvemento e os plans que foron monetizados;

-os proxectos eólicos do concurso de 2010 que se reactivaron a partir do ano 2017 e a previsión de desenvolvemento de plans industriais;





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-as indemnizacións que tivo que pagar a Xunta a empresas adxudicatarias do concurso de 2008.

2. Trasladar este informe aos grupos parlamentares do parlamento galego.”

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2022

Asdo: **Paulo Ríos Santomé**
Alexandra Fernández Gómez
Deputado e deputada do G.P. do BNG
Luis Bará Torres
Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 21/11/2022 10:35:36

Alexandra Fernández Gómez na data 21/11/2022 10:35:40

Xosé Luis Bará Torres na data 21/11/2022 10:35:48



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

Vimos de coñecer que a UDEF, en coordinación co Xulgado de Instrución Número 1 de Santiago, está a investigar varios presuntos delitos que inclúen o branqueo de capitais en relación co xornal El Correo Gallego, que se atopa en situación concursal desde mediados deste ano despois de recibir nos últimos anos diversos ingresos económicos procedentes de administracións públicas galegas ou entidades dela dependentes como a Xunta e a TVG, mentres se mantiña un entramado societario co que se evitaba pagar aos traballadores e se eludían embargos, entre eles da AEAT.

Unha das operacións investigadas é un préstamo de 2,5 millóns que Xesgalicia (sociedade mercantil pública autonómica da Xunta de Galicia, adscrita á Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación) acordou conceder nunha reunión celebrada o 25 de setembro de 2018 e na que o entón conselleiro de Economía, Francisco Conde, estivo presente e votou a favor, a pesar de que, segundo unha testemuña, a cúpula da propia Xesgalicia desaconsellaba a operación e tamén a pesar de que nese momento o xornal tiña falta de pagamentos fronte á AEAT e á SS por importe de aproximadamente 2 millóns de euros. O préstamo, formalizado en condicións vantaxosas para o xornal, incluía un período de carencia de dous anos. Ao remate dese período, en setembro de 2020, non se pagou polo xornal nin sequera a primeira cota. Presuntamente, o director do xornal tería “mobilizado toda a súa capacidade de influencia” para conseguir o préstamo.

Tamén se investigan garantías do Igape por importe de 1,2 millóns de euros, así como presuntas operacións fraudulentas sobre dereitos de cobro de ingresos da TVG para evitar os embargos por parte da AEAT e presuntas operacións e movementos económicos para favorecer a determinadas persoas en detrimento dos acredores do xornal, entre os cales estaban, ademais da Seguridade Social e da AEAT, organismos dependentes da Xunta como o Igape e Xesgalicia.

Semella, por tanto, que o Goberno de Galicia tería favorecido con elevados importes de cartos públicos que non se van poder recuperar a unha empresa xornalística que estaba nunha situación de práctica insolvencia.



Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que lle facilite a esta Cámara:

1ª) Unha relación detallada das axudas, ingresos e garantías de calquera tipo obtidos polo xornal El Correo Gallego entre os anos 2009 e 2022, incluíndo o concepto de cada unha desas axudas, ingresos ou garantías.

2ª) Copia dos acordos que fundamentan esas axudas, ingresos ou garantías e dos informes que se tiveran en conta para a súa adopción.

Pazo do Parlamento, 10 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 10/11/2022 16:57:42

Paloma Castro Rey na data 10/11/2022 16:57:59

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/11/2022 16:58:10



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Marina Ortega Otero** e **Julio Torrado Quintela**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O ano 2020 foi un antes e un despois, a pandemia da Covid-19 mudou as vidas da cidadanía a nivel mundial. Dentro dese contexto, o sector da poboación máis afectado foron as persoas maiores que viven nas residencias.

Ao longo dos meses e últimos dous anos, dende o Grupo Parlamentario Socialista requirimos información sobre o acontecido nos centros de atención residencial á vez que fixemos diversas propostas para mellorar a calidade de vida e o benestar dos e das residentes. O certo é que non obtivemos a información requirida sobre o número de contaxios e falecementos por Covid-19 ou sintomatoloxía compatible por cada centro de atención residencial.

Fai unhas semanas o propio informe da Fiscalía de Ourense alertaba de que a Xunta de Galicia non corrixiu deficiencias como, exceso de suxeicións sobre os e as residentes, incumprimento das ratios de persoal, así como a falta de inspeccións por parte do Goberno galego. Na mesma liña que o informe do Consello de Contas do 2017.

Por este tipo de cuestións dende o Grupo Parlamentario Socialista levamos reiterando durante anos a necesidade de incrementar os técnicos de inspección e de persoal nos centros de atención residencial para mellorar as condicións de vida das persoas maiores. E tamén da necesidade de investigar mediante un informe de investigación que detalle o sucedido nas residencias galegas durante a pandemia.

E neste sentido, fai uns días a Fiscalía Xeral do Estado remitiu un oficio para investigar os falecementos durante a pandemia nas residencias de maiores, así como para adoptar as medidas oportunas para que as vítimas directas e indirectas (familiares) sexan escoitados nas dilixencias de investigación e procedementos xudiciais por falecementos nos centros de atención residencial.



Todo elo, unido á sentenza do TSXG onde avala a necesidade de que o Goberno galego aporte os datos de falecementos por Covid-19 por cada centro de atención residencial, fai preciso que dende o Goberno galego se traslade un informe sobre o acontecido nos centros de atención residencial durante a pandemia, así coma das respostas, se é que as hai, aos requirimentos da Fiscalía ante as deficiencias ou incumprimento da normativa detectadas nas residencias de maiores de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que, a través da Consellería de Política Social, elabore un informe sobre o acontecido nos centros de atención residencial durante a pandemia xunto cos datos de contaxios e falecementos por Covid-19 ou sintomatoloxía compatible por cada centro, así coma das respostas, se é que as hai, aos requirimentos da Fiscalía ante as deficiencias ou incumprimento da normativa detectadas nas residencias de maiores de Galicia.

Pazo do Parlamento, 10 de novembro do 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero

Julio Torrado Quintela

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 11/11/2022 15:35:12

Julio Torrado Quintela na data 11/11/2022 15:35:21

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/11/2022 15:35:31



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

As denuncias relacionadas con delitos de odio por orientación sexual ou identidade de xénero aumentaron un 67,63 % con respecto a 2019, ano previo á pandemia de COVID-19, segundo os últimos datos achegados polo Ministerio do Interior. Este acusado incremento da LGTBIfobia que se intuía e temía en consonancia cos casos que se veñen coñecendo e vimos trasladando a preocupación neste Parlamento, confirman a necesidade de actuar. No ano 2021, un de cada catro delitos de odio investigados polas Forzas e Corps de Seguridade do Estado estiveron relacionados coa orientación sexual ou a identidade de xénero da vítima, un total de 466, o que supón un aumento de case o 70 % con respecto a 2019 (67,6 %) e 2020 (68,23 %). Eses delitos do que tiveron coñecemento as forzas e corpos de seguridade afectaron a 530 vítimas, das que ademais un 13 % eran menores de idade (47 mozas e 21 mozos).

A tendencia alcista da LGTBIfobia e contra a liberdade e dereitos fundamentais da sociedade confírmase a nivel estatal desde o ano 2014 e nunha problemática na que non podemos esquecer que existe un elevado nivel de infradenuncia que aínda que algo baixou se sitúa no 80 %. Tras esta preocupante problemática e tal e como vimos alertando dende o PSdeG-PSOE atopamos entre outras causas o aumento e normalización dos discursos de odio. En Galicia contamos coa Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, unha lei de mínimos que aínda así tal e como vimos denunciando as e os socialistas a súa posta en práctica quedou na maior parte das iniciativas nada máis que en papel mollado. Hai ademais un órgano impulsado e publicado no 2018 como é o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero que apenas conta con actividade propia.

Os colectivos que traballan na nosa comunidade na defensa dos dereitos das persoas LGTBI denuncian a escasa colaboración económica por parte do goberno da Xunta ao tempo que observamos que xunto á ínfima partida contemplada nos orzamentos o nivel de execución a data 30 de xuño era de 0 %.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Comprometerse e desenvolver a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia na súa totalidade destinando para eles os recursos económicos necesarios.
2. Aumentar os fondos de xeito considerable para as asociacións e colectivos que traballan pola igualdade de trato das persoas LGTBI na nosa comunidade.

Pazo do Parlamento, 11 de novembro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 14/11/2022 10:44:56

Julio Torrado Quintela na data 14/11/2022 10:45:06

Marina Ortega Otero na data 14/11/2022 10:45:15

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/11/2022 10:45:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado e deputada **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O tempo de Nadal é de celebración colectiva que sobrepasa a motivación relixiosa cristián. Trátase dunha celebración agraria relacionada coas colleitas e co minguar da forza da luz solar e a esperanza do seu renacer. A aparición do inverno coma tempo de descanso produtivo da nai terra motivou sen dúbida celebracións relacionadas co solsticio de inverno coma contraposición á festa da plena potencia solar do San Xoán, anunciadora de colleitas e fartura de alimento.

Con toda seguridade, a expansión do cristianismo e a superposición e cristianización das festas e celebracións colectivas anteriores fixo que este situase o nacemento do seu salvador en plena festa da luz, facendo dese neno un sol pequeno que encarnaría a esperanza.

Sexa como queira que fose, o certo é que este tempo en cuestión, o Nadal, está cheo de ritos precristiáns e suscitou unha música e poesía popular de enorme valor cultural, musicolóxico e folclórico. Pódese afirmar sen temor ó ridículo ou á esaxeración que o folclore nadaleño galego é dos máis ricos, abundantes e fermosos desta común Europa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cóntanse por centenares as melodías e as letras de panxoliñas, nadais e cantos de reis que ata mediados do século pasado corrían de boca en boca e de casa en casa no rural e nas vilas galegas coma xeito de liturxia medio cristiá e medio pagá. Cuadrillas de mozos e mozas percorrían as casas da parroquia propia e das veciñas a noite de Nadal e/ou a noite de Reis anunciando a boa nova do nacemento do Neno e moitas das letras cantadas aludían á luz e ó sol ou a unha viaxe de raíz cósmica. O costume permaneceu vivo ata a década dos setenta do pasado século.

Logo, o inicio da comunicación masiva, certo pailanismo e máis a conversión do Nadal nun feito comercial consumista deron paso ó decaemento e ó esquecemento destes sinais de identidade.

Este xeito de esquecemento e substitución non foi so aquí, trátase dun proceso de aculturación e de dominio da propaganda comercial que en Galiza é máis acusado por aquilo do autoodio identitario con raíces máis fondas e complexas.

O caso é que as músicas e cántigas que adobían na actualidade o Nadal en Galiza nada teñen a ver co noso nin coa nosa riqueza. É máis, o descoñecemento desa riqueza musical é o feito máis destacable neste tema.

Cóntanse por centenares as pezas que a tradición gardou neste noso país galego e que figuran nas coleccións particulares de moitos compiladores de folclore.

destacar un feito curioso e singular. Son as panxoliñas cancións escritas en lingua propia e melodías tamén de raíz popular, mais, curiosamente, moitas delas de clara composición culta. E así cantadas polas xentes sinxelas do rural, atopabamos pezas con destacada polifonía de posible autoría dos mestres de capela das principais catedrais do país, que posiblemente compuxesen por encarga para actos relixiosos deste tempo do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ano e que dado o matiz agrario da festividade bebían nas fontes da tradición musical nacional galega e reducían as letras ó feito agrario das familias labregas.

*Imos levar unha pouca roupiña,
tres polas, dous galos, mais unha galiña,
un añaño, dúas pombas sin pel,
tres rulas ó xeito e un tarro de mel.*

Ou

*Levareille, logo, este mantelo,
anque, afellas, boa falla me fai,
e un roxelo de bo pelo
pra que faga bos caldos súa mai.*

Os Nadais e os Cantos de Reis son, pola contra, letras en castelán que conteñen, xeralmente, relatos das viaxes que a biblia conta. Posiblemente compostos por clérigos, expándense con melodías sinxelas que varían segundo as zonas e comarcas. Estes cantos, que se acompañaban moitas veces con gaita de fol recordan os cantos gregorianos polos seus mordentes e floreos. Son cantos de relación social, as cuadrillas van de casa en casa pedindo o aguinaldo que ven sendo unha ofrenda nun rito de fecundidade e benzón que o impregna todo (en xaneiro comeza a labra en moitas comarcas de Galiza).

Os temas dos Nadais e dos Cantares de Reis versan arredor da viaxe de Xosé e María de Nazaret a Belén, dos Reis Magos desde o Oriente Fértil ata Belén, ou de Xosé, María e o neno na fuxida a Exipto. É de destacar que estas viaxes non teñen regreso polo mesmo camiño e si logo de chegados á meta emprenden unha nova ruta a xeito de circunvalación cósmica.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A riqueza e calidade deste folclore contrasta coa ignorancia e pouco aprecio que se lle da desde as esferas da Cultura oficial e conta tamén cos reparos dalgúns sectores sociais pola súa marcada color cristián. Consumimos querendo ou sen querer o Jingle Bells norteamericano ou o Noche de Paz europeo ata o aburrimiento pero é ben difícil escoitar pola rúa ou nos centros comerciais con música nadaleñá algún vilancico, panxola ou cantar en galego.

E sen embargo existen fermosas gravacións de panxoliñas galegas e de cantos de Nadal e Reis e hai compilacións moi interesantes con centenaes de pezas recollidas do pobo que é urxente poñer en circulación, polo patrimonio inmaterial que representan e polo matiz identitario e cultural que supoñen.

A recuperación, divulgación e normalización destes cantos é traballo a facer pola consellería de cultura en apoio a agrupacións e entidades culturais interesadas na conservación e divulgación deste folclore.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

-Que desde a Consellería de Educación e Cultura se fagan as xestións necesarias para dispoñer dun fondo de gravacións tradicionais galegas de música de Nadal e se poñan a disposición das cadeas comerciais que acostumen a usar música ambiental, así coma na radio e televisión pública de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que se leven a cabo campañas de sensibilización, divulgación e se promocionen as gravacións destes tesouros para uso e disfrute da poboación galega en xeral.

-Que desde a Consellería de Educación e Cultura se establezan medidas específicas para compilar este folclore e poñelo a disposición pública para o seu uso e divulgación por medio de publicacións, entrevistas, conferencias, concursos, certames...”

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2022

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/11/2022 13:39:01

Mercedes Queixas Zas na data 14/11/2022 13:39:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 14/11/2022 13:39:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Manuel Lourenzo Sobral** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado domingo 6 de novembro produciuse un grave incendio nas instalacións da antiga fábrica da Pontesa en Ponte Sampaio (concello de Pontevedra), que provocou unha grande alarma social, unha situación de risco, importantes danos materiais e a irreparábel e dramática perda dunha vida humana, a do traballador da empresa Nogar Benito González, así como dúas persoas máis feridas.

Transcorrida máis de unha semana do sinistro, as condicións das instalacións aínda son de grande inflamabilidade e é necesaria a presenza continua do servizo de bombeiros para humedecer e arrefriar a grande cantidade de gran acumulado. E están por ver aínda as consecuencias devastadoras do incendio na cuberta do edificio, pola presenza de amianto e os riscos derivados da súa queima e propagación.

Por outra parte, tanto nas instalacións da antiga Pontesa como nas da antiga fábrica da Cross na Xunqueira de Alba estanse desenvolvendo actividades de almacenaxe e transporte de materiais procedentes do Porto de Marín (cereais) ou relacionados coa actividade industrial de ENCE (grandes cantidades de madeira-biomasa) . Estas actividades prodúcense en contornas urbanas e naturais nas que provocan fortes impactos, polo que se debería estudar o seu traslado a outros emprazamentos máis axeitados para o desenvolvemento de actividades industriais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con toda a cautela que require a situación derivada do incendio da antiga Pontesa, a información dispoñíbel é a seguinte:

1) As instalacións da antiga Pontesa, propiedade da empresa ITAIPU TRADE SL, están situadas en dominio público marítimo terrestre e foron obxecto dunha prórroga extraordinaria da concesión, outorgada en 2017 polo goberno central, e que foi anulada pola Audiencia Nacional en marzo de 2022 logo do recurso contencioso administrativo presentado polo concello de Pontevedra. A legalidade da concesión está pendente da decisión do Tribunal Supremo.

2) Desde o ano 2018 as naves de Pontesa eran utilizadas pola empresa GALIGRAIN, filial do GRUPO NOGAR, para a almacenaxe de grandes cantidades de cereal que entran en Galiza através do Porto de Marín. Segundo fontes da empresa, nas instalacións da Pontesa almacenábanse unhas 42.000 toneladas de cereais, principalmente cebada e produtos de xirasol.

3) Segundo fontes municipais, as instalacións non contaban con licenza de actividade nin coas mínimas garantías de seguridade e saúde laboral. Nas naves non había acceso a auga nin hidrantes a dispor do servizo de bombeiros, nin medidas para garantir unhas condicións axeitadas de temperatura e humidade.

4) Segundo un comunicado feito público pola empresa, as instalacións contaban con “todos os permisos e protocolos de seguridade e prevención de riscos laborais necesarios, incluídas medidas antiincendios”. Nalgunhas informacións xornalísticas tamén se daba conta da existencia dunha autorización da Xunta á empresa NOGAR para a almacenaxe de cereais nas instalacións da fábrica da antiga Pontesa.

5) Dada a extrema gravidade dos feitos acontecidos, hai en curso varias actuacións na vía administrativa e xudicial:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- O concello de Pontevedra informou a outras administracións sobre a situación irregular das instalacións e instou a adopción das medidas oportunas por parte da Axencia para a protección da Legalidade Urbanística (APLU) e Costas, por tratarse de terreos de servidume marítimo terrestre.
- A Brigada da Policía Científica está a realizar un informe sobre a orixe e as causas do incendio, que deberá enviar ao xulgado . E tamén hai un atestado en curso por parte da Policía Xudicial, que inclúe información sobre o estado das naves e as consecuencias do sinistro.
- A Inspección de Traballo tamén está a realizar un informe sobre as condicións de seguridade e saúde das instalacións. E ademais restrinxiu o acceso e obrigou a facelo con traxes de protección pola presenza de amianto en suspensión. E hai tamén expediente en marcha por parte do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galiza (ISSGA).

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Informar á opinión pública e aos grupos parlamentares sobre a situación legal das instalacións da antiga fábrica de Pontesa, a autorización administrativa ao grupo NOGAR para a almacenaxe de cereais e os requisitos da mesma, e sobre as medidas adoptadas en relación coa actividade e a reposición da legalidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Abrir unha investigación sobre a situación das instalacións, as causas e consecuencias do incendio e as medidas a adoptar para evitar situacións semellantes no futuro.

3. Realizar un estudo sobre os riscos da contaminación por amianto e as medidas necesarias para a retirada e tratamento dos materiais potencialmente perigosos

4. Realizar un estudo sobre as necesidades de infraestrutura e loxística do Porto de Marín e sobre a necesidade de contar con un Porto Seco nun emprazamento legal e ambientalmente viábel, para garantir a seguridade e o futuro das actividades industriais asociadas ao Porto.”

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/11/2022 13:35:49

Alexandra Fernández Gómez na data 15/11/2022 13:35:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 15/11/2022 13:36:10



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Marina Ortega Otero** e **Julio Torrado Quintela**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Dende fai meses as familias de persoas con discapacidade en Galicia, advertían ao Goberno galego o incumprimento do prazo máximo para resolver a execución do Concerto Social.

O Decreto 229/2020 do 17 de decembro polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, especifica que, contábase cun prazo máximo de 18 meses para poñer en marcha este novo concerto social; un prazo vencido xa dende o pasado 28 de xullo de 2022.

Segundo especificaban nun comunicado de Fademga Plena Inclusión: “*é preciso a axilización no tema, xa que o retraso na posta en marcha supón un prexuízo de vital importancia para o financiamento e a viabilidade das nosas entidades*”.

Tendo en conta que todas as entidades exercen un importante labor no marco das competencias directas en discapacidade da Consellería de Política Social, é fundamental a implicación da mesma para o cumprimento dos prazos e do compromiso coas familias e as persoas con discapacidade.

As entidades indican que: “*A inoperancia e a falta de resposta sobre a aplicación do concerto social e do incremento salarial derivado da aplicación do convenio para este ano veríamos na obriga de tomar medidas. Esta realidade agrávase agora ao ter coñecemento de que a Consellería de Facenda non ten previsto a inclusión dunha partida específica e concreta nos orzamentos da comunidade autónoma para o desenvolvemento e o impulso do concerto social no 2023 (tal e como se comprometeu no seu día a conselleira Fabiola García) motivo polo cal anticipamos a previsión de organizar mobilizacións por parte do colectivo de persoas con discapacidade intelectual e do desenvolvemento*”

“*A esta situación debemos sumar o elevado sobre esforzo económico que asumen por motivo dos custos derivados da crise sanitaria e agora da crise enerxética, unha situación que, unida agora á paralización do concerto social, está a xerar*



un clima tenso no sector, que de non ter pronta solución pode acabar ocasionando a perda de moitos traballos e poñer en risco a supervivencia de moitas entidades”.

Sobrecustos que dende o Grupo Parlamentario Socialista reivindicamos en apoio ás entidades que traballan coas persoas con discapacidade.

Fai uns días dende a Consellería de Política Social por fin accederon a tratar o tema coas entidades, ata o momento sen resposta nas súas demandas. Sen embargo aínda non hai unha solución por parte do goberno galego, o que implica unha incerteza innecesaria para as entidades que traballan coas persoas con discapacidade. Trátase polo tanto dunha cuestión que o Goberno galego non pode deixar pendente, senón que ten que resolver de inmediato.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que a través da Consellería de Política Social garantan a execución do Concerto Social en base a garantir a viabilidade das entidades e do labor coas persoas con discapacidade.

Pazo do Parlamento, 11 de novembro do 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 11/11/2022 15:31:49

Julio Torrado Quintela na data 11/11/2022 15:32:00

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 43709
Data envío: 11/11/2022 15:38:40.478

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/11/2022 15:32:08

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados, **Elena Candia López, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Daniel Vega Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Belén Cachafeiro Anta e Miguel Prado Patiño**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Exposición de motivos

A nosa Comunidade é verde. De 3 millóns de hectáreas que ocupa Galicia, 2 millóns son consideradas forestais. Destes 2/3 do territorio, máis de 1,4 millóns de hectáreas son de superficie arborada. E delas, 413.300 hectáreas son –segundo o Inventario Forestal do Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico– frondosas caducifolias.

Galicia asume o 53,7% das cortas de madeira rexistradas no noso país, máis da metade. Así mesmo, realiza un aproveitamento anual de preto de 10 millóns de metros cúbicos (mentres que en toda España acádanse os 17 millóns de metros cúbicos en total), o que supón preto de 300 millóns de euros ao ano en facturación só por venda de madeira.

Este eido económico supón, ademais, un 12% do emprego industrial de toda a comunidade. Ata 80.000 familias perciben algún ingreso dos nosos bosques, directa ou indirectamente, o que representa un verdadeiro plan de pensións para milleiros de fogares galegos.

O Grupo Parlamentario Popular é consciente do recurso que posuímos na nosa terra e, sobre todo, da necesidade de saber xestionalo. Por iso, ante un sector que se erixe como unha das principais fontes de riqueza e emprego no rural galego, somos responsables do seu pleno desenvolvemento.

No ano 2018 o Ditame da comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia recolle un conxunto de medidas a prol do monte galego e da ordenación dos seus usos como a posta en valor dos soutos tradicionais.

O Grupo Popular que apoiou plenamente o contido deste Ditame así como o contido da 1ª Revisión do Plan Forestal de Galicia presentado neste Parlamento, considera que hai que poñer en marcha todas as actuacións necesarias para o seu cumprimento.



Concretamente, este plan configura como medida concreta a execución do Programa do castiñeiro e da produción da castaña. O castiñeiro é unha das árbores cunha maior variedade de aplicacións e utilidades nos ámbitos rurais, tanto dende o seu punto de vista da alimentación como recurso madeireiro.

Actualmente, a presenza do mesmo limítase de xeito maioritario ás zonas interiores e de montaña, especialmente nas provincias de Lugo e Ourense. Este grupo cre que as actividades asociadas ao aproveitamento do castiñeiro deben ser postas en valor, ao ser consideradas de carácter estratéxico e para ser considerado como un recurso potencial resulta fundamental acadar a implicación de todos os niveis das administracións galegas así como dos distintos axentes económicos e sociais, tanto os grupos de desenvolvemento rural como os produtores forestais.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar e poñer en marcha as seguintes medidas a prol da planificación, seguimento e control da produción do castiñeiro no período 2023-2024:

- 1.- Levar a cabo unha promoción do aproveitamento conxunto dos terreos forestais mediante unha xestión sustentable e multifuncional dos produtos e servizos forestais no marco da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia e da Lei de Montes de Galicia.
- 2.- Impulsar dun xeito xeral a mellora dos soutos, e en especial os incluídos no Rexistro de Masas consolidadas de frondosas autóctonas.
- 3.- Deseñar un mapa territorial que identifique as principais zonas xeográficas para plantacións de castiñeiros e favorecer estas novas plantacións con axudas públicas ou incentivos.
- 4.- Fomentar a implicación das comunidades de propietarias de montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo e das comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades, no desenvolvemento de novas plantacións de castiñeiro, así como fomentar e adaptar as estratexias dos Grupos de Desenvolvemento Rural para a execución dos proxectos ligados a esta especie.”





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2022 13:08:39
Nº Rexistro: 43875
Data envío: 16/11/2022 13:08:39.998

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/11/2022 12:54:40

María Elena Candia López na data 16/11/2022 12:55:03

Raquel Arias Rodríguez na data 16/11/2022 12:55:21

José Antonio Armada Pérez na data 16/11/2022 12:55:37

Daniel Vega Pérez na data 16/11/2022 12:55:53

Rubén Lorenzo Gómez na data 16/11/2022 12:56:11

Cachafeiro Anta, Belén na data 16/11/2022 12:56:30

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 16/11/2022 12:57:02

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-h9lqZcRaj-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

En recentes datas a Dirección da Consellería de Sanidade vén de anunciar a intención de solventar o problema das ausencias de profesionais nos PAC, especialmente ocorrente nalgunhas comarcas concretas, coa formación de profesionais de enfermería para substituír estas ausencias de médicos.

Esta medida foi anunciada de maneira piloto no área sanitaria de Pontevedra – O Salnés, que está sendo a principal afectada pola non cobertura de baixas dos PAC e que está vendo como os centros de urxencias hospitalarias levan quedando descubertos dende o inicio do verán de maneira repetida, e a pesares dos constantes anuncios do goberno da Xunta de medidas que resolverían a situación e que parecen non ser eficientes, como tantas outras.

A medida proposta non consta que fose consensuada ou dialogada coas entidades profesionais e cos representantes dos traballadores do Sergas, así como tampouco foi anunciada ou proxectada nas diferentes oportunidades que dende o propio goberno existen, como tampouco está formulada nos estudos e análises nos que o goberno afirma basearse para a súa toma de decisións. O antecedente que se coñece é unha decisión semellante tomada na Comunidade Autónoma de Madrid, que contou coa contestación e reprobación dos colexios profesionais e especificamente co rexeitamento do propio colectivo de enfermería.

A situación que se pode provocar con esta proposta é dunha enorme inseguridade legal e xurídica para a enfermería, que tería unhas responsabilidades clínicas que non lles corresponden e sobre as que non teñen a obriga de asumir decisións.

Resulta paradóxico que Galicia, que foi a penúltima Comunidade Autónoma de Galicia de toda España en dotar de recursos e habilitacións formais ás enfermeiras para desenvolver as capacitacións que lle foron atribuídas dende 2018 coa reforma estatal do Real decreto 1675/2012 (tres anos e medio de



demora en Galicia), implique agora que deben asumir funcións do colectivo de facultativos ante a ausencia destes.

A vía de resolución do conflito debe estar en dotar dos medios necesarios e debidos aos centros de atención primaria, coas condicións laborais merecidas e coa dotación de recursos axeitados.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta ao goberno de Galicia a:

1. Garantir que o modelo de atención sanitaria nos PAC será mediante os equipos médico/a máis enfermeira.
2. Mellorar as condicións laborais existentes para os profesionais facultativos nos PAC.

Pazo do Parlamento, 16 de novembro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 16/11/2022 16:18:26

Marina Ortega Otero na data 16/11/2022 16:18:34

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/11/2022 16:18:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre os recortes de prazas nos equipos de orientación específicos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai xa varias semanas que a comunidade educativa galega está a amosar a súa preocupación pola intención da Xunta de Galiza de amortizar as prazas de traballo social nos equipos de orientación específicos (EOE)

Estamos a falar de prazas que xogan un papel fundamental tanto para as familias como para o alumnado xa que implican o primeiro chanzo para determinar factores de risco na comunidade educativa.

No inicio do curso, unicamente a praza de traballo Social do Equipo de Orientación Específica da provincia de Lugo foi cuberta , ficando o resto de prazas do resto de provincias sen cubrir. No caso da praza do EOE de Ourense deixou de cubrirse despois da xubilación da titular e no caso da praza da Coruña a praza ficou deserta tralo falecemento da titular. A praza da provincia de Pontevedra nunca chegou a se cubrir.

Cómpre destacar que o Decreto 120/1998, de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia establece no seu artigo 5 que os Equipos de Orientación Específicos estarán compostos, entre outros profesionais, por un/ha traballador social e/ou educador social.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estamos a falar, polo tanto, dunha Xunta de Galiza que ademais de incumprir o establecido na lexislación vixente, está a amosar a máis absoluta insensibilidade polos problemas que está a padecer a comunidade educativa. Insensibilidade que xa amosou en varias ocasións neste mesmo parlamento cando se opuxo a iniciativas do BNG para reforzar os EOE que hoxe se evidencian máis necesarias ca nunca para afrontar os problemas que padece a comunidade educativa.

Problemas consecuencia da Covid -19 que día tras día se perciben nas aulas, máis tamén problemas derivados da situación económica e social que padecemos e que implican realidades de vulnerabilidade social, risco de pobreza, acoso e enfermidade mental fronte aos que dende o BNG entendemos non se deben aforrar esforzos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta a reforzar os EOE e a cubrir de xeito inmediato as prazas de traballo social que está a recortar en cada un dos equipos provinciais.”

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Lourenzo Sobral
Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 17/11/2022 10:43:28

Mercedes Queixas Zas na data 17/11/2022 10:43:38

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/11/2022 10:43:52



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, María Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

A sobrecarga asistencial vivida nas últimas semanas nas Urgencias Pediátricas do Hospital Álvaro Cunqueiro, onde a finais de outubro alcanzaron un pico de 300 atencións en tan só unha xornada e acumulou esperas de máis de catro horas, puxo no punto de mira a necesidade de dotar de máis medios este servizo para que poidan funcionar mellor as tarefas como a triaxe e a asistencia, agora en mans de grandes profesionais que sofren a saturación pola falta de recursos. Esta é unha realidade que foi denunciada tanto por usuarios e usuarias como por profesionais nos últimos días. As persoas usuarias chegaron a asegurar que: “tan só se atendía por estrita orde de chegada, atopando na cola cativos e cativas con neumonía, crisis respiratorias ou por un golpe”.

A principios de novembro a Xerencia afirmaba que foi un problema puntual na triaxe debido a ausencia dunha profesional o que provocou un desaxuste na atención. Esta explicación foi criticada polos profesionais que destacaron que non se axusta á realidade, xa que de luns a venres pola mañá hai dúas enfermeiras, unha en boxes e unha en camas de observación e nese horario a triaxe non existe, por iso non se puido crear tal problema. O persoal sanitario non é o culpable dos colapsos que se están producindo na sanidade pública, o único culpable é o Sergas pola súa mala xestión.

O persoal lembrou que dende antes da apertura do *Hospital Álvaro Cunqueiro* o cadro de persoal era insuficiente, necesitando contratar todas as fins de semana persoal eventual non coñecedor do servizo, porque polas mañás hai tres zonas funcionado (boxes, camas e triaxe) e só figuran dúas enfermeiras.

A dirección do Cunqueiro solicitou colaboración de enfermería para abrir o servizo de triaxe e así poder atender as urgencias por prioridade e non por orde de chegada e para iso prometeron probar o funcionamento con persoal da unidade e se realmente funcionaba comprometíanse a ampliar o cadro. Sete anos despois, os e as profesionais denuncian que a triaxe só se está facendo nalgúns quendas a costa do persoal xa existente no servizo.



Esta problemática das urxencias pediátricas é outra consecuencia da ineficiente xestión en termos de recursos humanos, froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a incorporar inmediatamente o persoal de enfermería necesario para poder levar a cabo de maneira eficaz a triaxe de pacientes nas Urxencias Pediátricas do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo.

Pazo do Parlamento, 17 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 17/11/2022 11:16:29

Julio Torrado Quintela na data 17/11/2022 11:16:40

Marina Ortega Otero na data 17/11/2022 11:16:52

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/11/2022 11:17:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O DOG do 27 de febreiro de 2020 publicou a resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola que se incoou o procedemento para declarar ben de interese cultural (BIC) o funicular de transporte aéreo de materiais Novo y Sierra en Valga (Pontevedra).

Na citada resolución facíase constar o seguinte:

Tendo en conta o contido da información achegada e o informe dos servizos técnicos desta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que conclúen que a instalación do funicular de transporte aéreo de materiais Novo y Sierra constitúe o único exemplo desta tipoloxía (a do transporte aéreo de materiais) que pode ser conservado, dunha tipoloxía industrial moi presente e relevante en Galicia, a da produción cerámica, e tomando en consideración a súa orixe en 1927, fan que sexa un exemplo único na Comunidade Autónoma, do cal existiron outros exemplos que non se conservan.

En consecuencia cos valores históricos e culturais do citado conxunto patrimonial a directora xeral de Patrimonio Cultural resolveu o seguinte

Primeiro. Incoar o procedemento para declarar ben de interese cultural o funicular de transporte aéreo de materiais Novo y Sierra en Valga (Pontevedra),





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conforme o descrito no anexo desta resolución e proceder cos trámites para a súa declaración.

Segundo. Ordenar que se anote esta incoación de forma preventiva no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia e que se comunique ao Rexistro Xeral de Bens de Interese Cultural da Administración do Estado.

Terceiro. Aplicar de forma inmediata e provisional o réxime de protección que establece a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, para os bens de interese cultural e para os bens mobles en particular. O expediente deberá resolverse no prazo máximo de vinte e catro (24) meses, desde a data desta resolución, ou producirase a súa caducidade e o remate do réxime provisional establecido.

Con posterioridade á incoación do procedemento e a aplicación do rexime de protección establecido na lei 5/2016, con data 27 de maio de 2020, Portos de Galicia e o concello de Valga asinaron un convenio “para a construción dun embarcadorio no término municipal de Valga (Pontevedra)”.

Na memoria do citado convenio sinálase o seguinte:

A entidade publica empresarial Portos de Galicia e o Concello de Valga teñen vontade de colaborar co fin de potenciar o valor natural e ambiental da zona de Valga de interese para Galicia e de promocionar o turismo náutico dentro e fora da nosa Comunidade Autónoma e a este efecto, acometen a construción de embarcadorio no término municipal de Valga (Pontevedra).

As obras ubicadas en dominio público marítimo terrestre consisten básicamente na rehabilitación do antigo embarcadorio, actualmente en ruínas, co fin de permitir o atraque de pequenas embarcacións turísticas que operan na Ria de Arousa co fin de atraer o fluxo turístico da zona.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As obras consisten na instalación dun pantalán de 24 m de lonxitude para pasaxe e o acondicionamento o acceso ás instalacións mediante un camiño de saburra.

Os traballos están formados polas seguintes actuacións:

Na zona do antigo embarcadoiro, realizarase un muro de cara vista de mampostería por diante do muro existente de ladrillo, que quedará enterrado, e procederase á realización dun pequeno recheo ata acadar a cota da explanada. Esta superficie, duns 316m2 pavimentarase con lastras de granito colocado con morteiro sobre unha base de formigón. Nesta zona colocaranse 5 bancos que servirán para delimitar o aparcamento. Instalaranse tamén unha varanda de protección de madeira e alcorques nas árbores que se manteñen na explanada

O camiño de acceso a estas instalacións realizarase mediante o estendido e compactado de saburra.

Como consecuencia do citado convenio, Portos de Galicia licitou as obras de construción do embarcadoiro, que supuxeron unha completa alteración do BIC incoado e a vulneración do rexime de protección.


Como se pode observar nas fotografías os restos do antigo embarcadoiro foron destruídos e a contorna de protección (no plano) completamente modificada e alterada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza





Cómpre ter en conta que o procedemento de incoación do BIC establecía o seguinte rexime de protección e salvagarda provisional:

7. Réxime de protección e salvagarda provisional.

A resolución de incoación do procedemento para declarar ben de interese cultural o inmóble determinará a aplicación inmediata, aínda que provisional, do réxime de protección previsto na presente lei para os bens xa declarados, segundo o artigo 17.4 e 17.5 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG) e complementariamente co establecido na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español (LPHE).

Este réxime implica a súa máxima protección e tutela, polo que a súa utilización quedará subordinada a que non se poñan en perigo os valores que aconsellan a súa conservación. Calquera intervención que se pretenda realizar nel deberá ser autorizada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, segundo proxectos elaborados por técnicos competentes e segundo os criterios legais establecidos (artigos 39 a 40 LPCG).
Entre outras consideracións, o réxime implica:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– Autorización: as intervencións que se pretendan realizar terán que ser autorizadas pola Consellería de Cultura e Turismo e o seu uso quedará subordinado a que non se poñan en perigo os valores que aconsellan a súa protección, polo que os cambios de uso substanciais deberán ser autorizados pola citada consellería.

– Deber de conservación: as persoas propietarias, posuidoras ou arrendatarias e, en xeral, as titulares de dereitos reais sobre os bens, están obrigadas a conservarlos, mantelos e custodialos debidamente e a evitar a súa perda, destrución ou deterioración.

– Acceso: as persoas propietarias, posuidoras ou arrendatarias e, en xeral, as titulares de dereitos reais sobre os bens están obrigadas a permitir o acceso ao persoal habilitado para a función inspectora, ao persoal investigador e ao persoal técnico da Administración nas condicións legais establecidas. Este acceso poderá ser substituído para o caso de investigación polo seu depósito na institución ou entidade que sinala a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e que non poderá superar os dous meses cada cinco anos.

– Comunicación: as persoas propietarias, posuidoras ou arrendatarias e, en xeral, os titulares de dereitos reais están obrigadas a comunicar á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural calquera dano ou prexuízo que sufrisen e que afecte de forma significativa o seu valor cultural.

– Visita pública: as persoas propietarias, posuidoras, arrendatarias e, en xeral, titulares de dereitos reais sobre os bens de interese cultural especificamente declarados permitirán a súa visita pública gratuíta un número mínimo de catro días ao mes durante, polo menos, catro horas ao día, que serán definidos previamente.

– Uso: en calquera caso a protección do ben implica que as intervencións que se pretenda realizar terán que ser autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e que a súa utilización quedará subordinada a que non se poñan





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en perigo os valores que aconsellan a súa protección, polo que os cambios de uso substanciais deberán ser autorizados pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Á vista do acontecido, só se poden derivar dúas conclusións

- 1) Que as obras non contaron co coñecemento e autorización da dirección xeral de Patrimonio Cultural, o que constitúe un feito de extrema gravidade por tratarse dun ben cun rexime de protección do que derivaba “a máxima protección e tutela”.
- 2) Que a dirección xeral de patrimonio cultural autorizou as citadas obras, o cal constituiría un feito de extraordinaria gravidade e do que se derivarían responsabilidades.

No DOG do 30 de xuño de 2022 publicouse o decreto 114/2022 polo que se declara ben de interese cultural o funicular de transporte aéreo de materiais Novo y Sierra

Do contido deste decreto parece deducirse que a dirección xeral de Patrimonio Cultural si tivo coñecemento da alteración e destrución do ben, aínda que a descrición que se fai non se axusta ao realmente acontecido:

Durante a fase de incoación realizáronse traballos de valorización do conxunto que supuxeron a protección das estruturas existentes da zona de embarcadoiro integradas nun dique axustado á forma dos restos documentados e rexistrados.

A zona de embarcadoiro completaba o sistema de soporte de material cerámico cun cantil de forma poligonal cara ao río Ulla executado en fábrica de ladrillo, cun piar central que sostiña a última das rodas do sistema de xiro. A maior parte destes elementos foron desaparecendo co tempo e o seu precario estado de conservación e fragilidade exixiu a execución dun novo dique de protección adaptado á forma da ribeira orixinal.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

(...). Os restos das estruturas do embarcadoiro foron protexidas cun novo dique perimetral adaptado ás condicións xeométricas orixinais, despois da documentación e rexistro arqueolóxico de todos os elementos, de tal forma que se mantén o seu espazo e dimensións que permite a interpretación do seu sistema de funcionamento, de forma compatible con outros usos.

Resulta evidente, tal como se pode comprobar nas fotografías, que **as estruturas do embarcadoiro non foron protexidas, que a súa fisonomía e elementos foron completamente alterados e que a actual configuración do espazo non permite a interpretación do seu sistema de funcionamento xa que foi absolutamente transformado nun embarcadoiro para embarcacións turísticas.**

Estamos pois diante dun **gravísimo atentado contra o patrimonio, do que se deberán dar as pertinentes explicacións e derivar as correspondentes responsabilidades.**

Ademais de todo o relativo ao BIC, cómpre ter en conta o previsto na Declaración de Impacto Ambiental relativa ao proxecto de embarcadoiro en Valga, promovido por Portos de Galicia. Cómpre ter en conta que este documento iniciou a súa tramitación en 2013 e rematou en 2017, e que nos informes de diferentes departamentos -incluída a dirección xeral de Patrimonio Cultural- non se garantiu a protección e conservación da estrutura do antigo embarcadoiro. Considerando que en febreiro de 2020 se incoou o expediente de declaración BIC, e que o inicio deste procedemento é anterior á sinatura do convenio e á licitación das obras por parte de Portos, a consellaría de Cultura puido incorrer en deixación de funcións ou falta de control e vixilancia do impacto da actuación.

No ámbito do BIC, o concello de Valga está a tramitar o proxecto dun novo funicular de uso turístico coñecido como “o proxecto das vagonetas”. Segundo informacións de prensa, o proxecto ten un orzamento de 1.995.525,60 euros e prevé a






OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

construción dun teleférico entre o río Ulla e a Mina Mercedes, cunha lonxitude aproximada de 1.100 metros, a urbanización das áreas próximas e a recuperación dos restos que se conservan da antiga liña de transporte de material cerámico.

O concello está a tramitar un Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións, no que se prevé unha modificación do ámbito definido no PXOM e a urbanización dos terreos protexidos polo BIC. A actuación prevista ten un forte impacto visual e unha incidencia directa no BIC e na Rede Natura 2000 río Ulla. Ademais, interfere con zonas habitadas, instalacións industriais e infraestruturas de comunicacións.





Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Levar a cabo unha investigación interna sobre a tramitación do proxecto de embarcadoiro no río Ulla en Valga e sobre a posíbel omisión do deber de protección e salvagarda do funicular de transporte aéreo de materiais Novo y Sierra en Valga (Pontevedra), logo da incoación do procedemento de declaración como Ben de Interese Cultural en febreiro de 2020.

2. Abrir un expediente informativo e no seu caso sancionador, en aplicación do previsto na lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia, pola destrución de parte dun ben que contaba cun réxime de protección e salvagarda.

3. Garantir a protección do BIC fronte ao impacto do proxecto de construción dun novo funicular para uso lúdico e turístico.”

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 17/11/2022 11:39:01

Xosé Luis Bará Torres na data 17/11/2022 11:39:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Ramón Fernández Alfonzo** e das deputadas **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre os problemas na infraestrutura do centro de saúde de Narón.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro de saúde de Narón, que o presidente Feijoo inaugurou a bombo e prato o 16 de xullo do ano 2021, comezou a dar problemas desde o mesmo momento da súa entrada en funcionamento.

Nun principio denunciáronse avarías no ascensor provocadas por inundacións.

Despois de solucionar o problema das inundacións continuaron as avarías do ascensor, que segundo indican as persoas que as atenden estarían provocadas por unha causa realmente sorprendente, non ser un ascensor apropiado para un centro de saúde, e menos aínda para ser o único ascensor dun centro de saúde co volume de persoas usuarias como o de Narón.

Esta razón sorprende aínda máis por ter sido unha advertencia desatendida pola dirección do SERGAS, que no seu día replicou ás demandas da área sanitaria con un informe de poboación que desmentía, ou iso era o que se pretendía, as necesidades dun segundo ascensor.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As advertencias parece que tiñan máis fundamento que as réplicas evidentemente inspiradas pola política de recortes dos gobernos do Partido Popular.

Mais o problema do ascensor non é o único con ser sen dúbida grave, xa que cando o caudal do río que pasa por debaixo do centro de saúde aumenta os baños atáscanse e hai que pechalos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:

1. Dotar o centro de saúde de Narón de 2 novos ascensores apropiados para o volume e tipo de usos do centro e a dispoñer de inmediato as medidas provisionais necesarias mentres non se remata coas obras
2. Tomar as medidas necesarias para resolver axeitadamente o problema dos baños.”

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández
Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 17/11/2022 17:35:33

María Montserrat Prado Cores na data 17/11/2022 17:35:42

Iria Carreira Pazos na data 17/11/2022 17:35:51

Olalla Rodil Fernández na data 17/11/2022 17:36:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Propaganda da Xunta de Galiza, do Partido Popular, xa non é quen de agochar a situación dramática da Atención Primaria, a falta de profesionais, a desatención, as listas de espera. Unha situación inaceptábel, non hai ningún centro de saúde, nin PAC que teña unha situación de normalidade, cos cadros de persoal que corresponden. Hai carencias en todos, o habitual é toparse por toda Galiza centros de saúde e PACS co cartaz de “non hai médico”, especialmente preocupante na Área Sanitaria Pontevedra-Salnés

Non hai unha estratexia para normalizar a Atención Primaria, dispoñer d@s profesionais, recursos e capacidade de tomar decisións, que permita rematar coas axendas interminábeis, cos descubertos nos PACs, coa falta de pediatras...

Neste contexto última ocorrencia do Partido Popular é dar unha formación expres @s profesionais de enfermería para que atenda só as urxencias que cheguen aos PACS, en ausencia de persoal facultativo. Formación para que atendan as urxencias seguindo as indicacións telefónicas dun médico que está traballando noutro centro de saúde, atendendo outros doentes, ou do 061.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha auténtica barbaridade atender urxencias seguindo indicacións telefónicas, unha soa profesional, cando sabemos que diante dunha emerxencia fan falta mans para atender á persoa doente: explorar, coller vía, facer electros, poñer osíxeno, mediación, incorporar... Non é posíbel atender unha urxencia sen o equipo de profesionais que poidan complementarse.

Parécenos ben que se mellore a formación de enfermería, mais para desenvolver as súas competencias, o seu perfil profesional.

Nin as enfermeiras poden substituír @s médic@s nin @s médic@s poden substituír as enfermeiras. É preciso un equipo completo.

O persoal de enfermaría non pode asumir unha responsabilidade, unha situación de estrés que non lle corresponde e polo tanto sen respaldo legal. Nin doentes, nin profesionais poden soportar esta situación, nin laboral nin de atención.

Con estas medidas están recoñecendo de facto a situación de emerxencia sanitaria, de alarma que levamos meses denunciando.

Esta situación non vai facer máis que empeorar pola elevadísima cifra de xubilacións que se van a producir nos vindeiros anos e pola continua fuxida de profesionais que se forman en Galiza cos impostos d@s galeg@s e logo marchar a traballar a outros lugares, porque non soportan as condicións laborais nas que lles obriga o Sergas a traballar.

A petición de certificados de idoneidade, para poder traballar fóra, non fai máis que aumentar, segundo o informe do Colexio Médico Colexial, no ano 2021 foron 75 @s facultativ@s que solicitaron en Galiza a certificación de idoneidade, preciso para





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

traballar fóra do Estado español, e que a maioría son da especialidade de familia e comunitaria.

Segundo a Asociación Galega de Enfermería Familiar e Comunitaria arredor do 20% das enfermeiras especialistas que se forma vense na obriga de emigrar para poderen desenrolar a súa profesión na AP, e que o 15% traballan coma enfermeiras xerais, moitas veces no hospital.

É unha evidencia que o PP ten un plan clarísimo, empuxar @s galeg@s cara á sanidade privada, non por escolla senón por pura necesidade. Se precisan atención sanitaria e non lla prestan no centro de saúde, nin tampouco nos PACS. Se teñen que acudir aos servizos de urxencias hospitalarias colapsadas, onde son atendidos despois de agardar horas e en moitos casos se lles di que a patoloxía que teñen non é de gravidade para acudir a urxencias hospitalarias.

O resultado é que quen pode acude á privada ou directamente ou vía contratar un seguro médico, e @s que non poden queda tirado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a poñer en marcha de inmediato as medidas tanto conxunturais coma estruturais para sacar á atención primaria do pozo no que a teñen metida os 13 anos de recortes do PP.

1.- Garantir que nos PACs presten atención sanitaria equipos completos de profesionais, formados por persoal facultativo, enfermería e celadoras/es ou PSX tal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

como establece a normativa, e polo tanto rectificar a intención de que persoal de enfermería preste atención en solitario ante a ausencia de médic@s.

2.- Aumentar o orzamento destinado á atención primaria até chegar ao 25% do total de sanidade, exceptuado o gasto farmacéutico, recomendado pola OMS.

3.- Plan inmediato para reter as profesionais que se forman en Galiza, e que seguen a marchar en desbandada.

4.- Facer ofertas con condicións laborais dignas, que sexan atractivas para que se queden os que rematan a formación en Galiza e retornen os que están fóra.

5.- Reforzo de todas as categorías: médicos, enfermería, TCAS, fisioterapia, matronas, celadoras, psxs..

6.- Incorporar novas categorías profesionais aos equipos de atención primaria, psicoloxía clínica, terapeutas ocupacionais, logopedas, podólogos, nutricionistas...”

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 17/11/2022 18:04:32

Iria Carreira Pazos na data 17/11/2022 18:04:42

Olalla Rodil Fernández na data 17/11/2022 18:04:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Os deputados e a deputada abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, e membros da Comisión 4ª, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que proceda á tramitación de **comparecencia urxente na Comisión 4ª do director da Axencia Galega das Industrias Culturais** para avaliar a actividade da AGADIC no ano 2022 así como para expoñer e explicar o programa e os proxectos previstos para o 2023.

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 17/11/2022 19:10:17

Daniel Castro García na data 17/11/2022 19:10:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/11/2022 19:10:52





Solicítolle, consonte ao disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia - ante a Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo do Parlamento - da directora da Axencia Galega de Innovación (Gain), Patricia Argerey Vilar, para informar sobre a situación do **"Polo Aeroespacial de Galicia"** e os **próximos pasos tras a sinatura dos contratos cos novos socios estratéxicos.** .

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr/a. presidente/a da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2022 10:27:01
Nº Rexistro: 44003
Data envío: 18/11/2022 10:27:01.346

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/11/2022 10:26:51

CSV: BOPGDSPG-h9kZcRaj-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**, sobre a situación na que se atopan as traballadoras do SAF.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola gravidade do asunto a tratar que atinxe un grande número de traballadoras dun servizo social de atención a persoas maiores dependentes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza hai máis de 24.000 persoas usuarias do SAF e unhas 8.000 traballadoras que, na maior parte dos casos, corresponden a empresas privadas prestadoras do servizo.

Traballadoras cunhas condicións laborais e salariais precarias. Soportan desde hai anos xornadas a tempo parcial; tendo que coller o seu propio vehículo para ir dun





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

domicilio a outro facer o seu traballo sen un salario que cubra ese custe e traballando en casas que non contan en practicamente ningún caso coa máis mínima adaptación para atender as persoas dependentes.

Unhas condicións laborais fixadas nun convenio colectivo caducado desde 2011 sendo vítimas durante todo este tempo do ninguneo e do abuso por parte das empresas que fixeron todo, de todo, para impedir a negociación dun novo.

Mesmo se disolveron como asociación en 2012 para poder pasar así ao convenio estatal con peores condicións aínda que o galego.

Desde o 2 de novembro as traballadoras do SAF están en folga convocadas pola CIG fronte ao preacordo alcanzado pola patronal e as centrais sindicais CCOO e UGT. O que teñen enriba da mesa esas traballadoras hoxe nin mellora as súas condicións de traballo, nin reconece o seu labor, nin garante unha mellor prestación do servizo. Máis ao contrario, pretende impor diferencias salariais entre traballadoras que prestan o mesmo servizo para a administración.

Malia tratarse de traballadoras de empresas privadas, a Xunta ten moita responsabilidade ao respecto.

O Servizo de Axuda no Fogar é:

- un servizo público para garantir a atención das persoas maiores dependentes no seu domicilio.
- ordenado por unha normativa autonómica (2009), xestionado polos concellos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- o SAF é un servizo financiado con cartos de todos, sexa cal sexa o modelo de xestión. Nada menos que 110 millóns de euros saídos directamente da Xunta de Galiza en 2022.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

Cre a Xunta de Galiza que as condicións laborais das traballadoras do SAF son as que merecen as traballadoras e as persoas usuarias?

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 17/11/2022 09:55:59

Xosé Luis Rivas Cruz na data 17/11/2022 09:56:22

Mercedes Queixas Zas na data 17/11/2022 09:56:31

Rosana Pérez Fernández na data 17/11/2022 09:56:43

Ramón Fernández Alfonzo na data 17/11/2022 09:56:51

Daniel Pérez López na data 17/11/2022 09:57:02

Iria Carreira Pazos na data 17/11/2022 09:57:11

Olalla Rodil Fernández na data 17/11/2022 09:57:23

Daniel Castro García na data 17/11/2022 09:57:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 17/11/2022 09:57:41

Noa Presas Bergantiños na data 17/11/2022 09:57:51

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 17/11/2022 09:58:09

María González Albert na data 17/11/2022 09:58:18

Xosé Luis Bará Torres na data 17/11/2022 09:58:24

María Montserrat Prado Cores na data 17/11/2022 09:58:33

Alexandra Fernández Gómez na data 17/11/2022 09:58:42

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/11/2022 09:58:53

María do Carme González Iglesias na data 17/11/2022 09:59:01

Paulo Ríos Santomé na data 17/11/2022 09:59:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonso, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**, sobre os proxectos desenvolvidos e os plans industriais asociados.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola alarma social polo grande número de parques en tramitación e a acumulación de proxectos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2010 a Xunta adxudicou no concurso eólico 2.325 MW. Tanto o conselleiro de Industria como o presidente da Xunta cualificaron aquel proceso como “O maior plan industrial da historia de Galiza”, coa previsión de investimento de 6.000 millóns de euros e a creación de 12.000 postos de traballo.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Realmente aquel plan foi un auténtico fiasco porque en 8 anos non se chegou a instalar nin o 10% da potencia prevista e o noso país sufriu unha auténtica parálise no desenvolvemento do sector, agravada polos cambios normativos introducidos en 2013 polo goberno central do PP.

Como consecuencia desta parálise, Galiza perdeu oportunidades de investimento, non se desenvolveron os plans industriais previstos, non se crearon postos de traballo, pecharon empresas e o noso país perdeu posicións pasando do segundo ao cuarto posto en potencia eólica instalada.

Ademais, o estancamento do sector agravouse como consecuencia da anulación do concurso eólico de 2009, no que se adxudicaron 2.325 MW. A decisión arbitraria do goberno do PP tivo graves consecuencias para o país e para o erario público, polas sentenzas xudiciais que obrigaron á Xunta a indemnizar con máis de 3 millóns de euros a varias empresas que resultaran adxudicatarias do concurso.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

Cales foron os resultados do que se anunciou en 2010 como “o maior plan industrial da historia de Galiza”?

Cales foron as causas e consecuencias da parálise eólica que sufriu Galiza entre os anos 2009 e 2018?

Cantos MW se instalaron en Galiza entre 2010 e 2018 como consecuencia do concurso eólico do 2010?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cantos plans industriais dos previstos no concurso eólico do 2010 se desenvolveron, cal foi o seu investimento e cantos postos de traballo se crearon?

Cantos proxectos dos adxudicados no concurso eólico de 2010 están actualmente en tramitación e que plans industriais levan asociados?

Canto diñeiro público leva gastado a Xunta en indemnizacións pola anulación do concurso eólico de 2009?

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2022

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Mª Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 21/11/2022 10:25:51

Xosé Luis Rivas Cruz na data 21/11/2022 10:26:03

Mercedes Queixas Zas na data 21/11/2022 10:28:07

Rosana Pérez Fernández na data 21/11/2022 10:28:15

Ramón Fernández Alfonso na data 21/11/2022 10:28:25

Daniel Pérez López na data 21/11/2022 10:28:34

Iria Carreira Pazos na data 21/11/2022 10:28:42

Olalla Rodil Fernández na data 21/11/2022 10:28:53

Daniel Castro García na data 21/11/2022 10:29:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 21/11/2022 10:29:10

Noa Presas Bergantiños na data 21/11/2022 10:29:30

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 21/11/2022 10:29:38

María González Albert na data 21/11/2022 10:29:49

Xosé Luis Bará Torres na data 21/11/2022 10:29:57

María Montserrat Prado Cores na data 21/11/2022 10:30:05

Alexandra Fernández Gómez na data 21/11/2022 10:30:13

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/11/2022 10:30:21

María do Carme González Iglesias na data 21/11/2022 10:30:30

Paulo Ríos Santomé na data 21/11/2022 10:30:37



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Vimos de coñecer que a UDEF, en coordinación co Xulgado de Instrución Número 1 de Santiago, está a investigar varios presuntos delitos que inclúen o branqueo de capitais en relación co xornal El Correo Gallego, que se atopa en situación concursal desde mediados deste ano despois de recibir nos últimos anos diversos ingresos económicos procedentes de administracións públicas galegas ou entidades dela dependentes como a Xunta e a TVG, mentres se mantiña un entramado societario co que se evitaba pagar aos traballadores e se eludían embargos, entre eles da AEAT.

Unha das operacións investigadas é un préstamo de 2,5 millóns que Xesgalicia (sociedade mercantil pública autonómica da Xunta de Galicia, adscrita á Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación) acordou conceder nunha reunión celebrada o 25 de setembro de 2018 e na que o entón conselleiro de Economía, Francisco Conde, estivo presente e votou a favor, a pesar de que, segundo unha testemuña, a cúpula da propia Xesgalicia desaconsellaba a operación e tamén a pesar de que nese momento o xornal tiña falta de pagamentos fronte á AEAT e á SS por importe de aproximadamente 2 millóns de euros. O préstamo, formalizado en condicións vantaxosas para o xornal, incluía un período de carencia de dous anos. Ao remate dese período, en setembro de 2020, non se pagou polo xornal nin sequera a primeira cota. Presuntamente, o director do xornal tería “mobilizado toda a súa capacidade de influencia” para conseguir o préstamo.

Tamén se investigan garantías do Igape por importe de 1,2 millóns de euros, así como presuntas operacións fraudulentas sobre dereitos de cobro de ingresos da TVG para evitar os embargos por parte da AEAT e presuntas operacións e movementos económicos para favorecer a determinadas persoas en detrimento dos acredores do xornal, entre os cales estaban, ademais da Seguridade Social e da AEAT, organismos dependentes da Xunta como o Igape e Xesgalicia.

Semella, por tanto, que o Goberno de Galicia tería favorecido con elevados importes de cartos públicos que non se van poder recuperar a unha empresa xornalística que estaba nunha situación de práctica insolvencia.



Por iso, o deputado e a deputada que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Como explica o Goberno de Galicia que unha entidade dependente da Xunta como Xesgalicia concedese en 2018 un préstamo de 2,5 millóns a un xornal que acumulaba un volume de débedas (entre elas aproximadamente 2 millóns de euros coa Seguridade Social e a AEAT) que facía case imposible a devolución dese préstamo considerando a difícil situación do propio xornal e a tamén difícil situación do mercado no que opera?

2ª) Cal é o importe total das axudas, ingresos e garantías de calquera tipo que El Correo Gallego recibiu do Goberno de Galicia e os organismos del dependentes entre os anos 2009 e o momento da súa declaración concursal en xuño de 2022?

3ª) En que conceptos foron concedidas esas axudas ou facilitados eses ingresos e garantías?

4ª) Levou a cabo o Goberno galego (ou entidades del dependentes) algún tipo de control do correcto uso desas axudas, ingresos e garantías?

5ª) Cal é o importe das axudas, ingresos ou garantías de calquera tipo que El Correo Gallego recibiu do Goberno de Galicia e os organismos del dependentes en cada un dos anos que van do 2009 a 2022?

6ª) Cal é o importe total que El Correo Gallego debe ao Goberno de Galicia e aos organismos e entidades que dependen del como o Igape e Xesgalicia?

Pazo do Parlamento, 10 de novembro de 2022





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/11/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 43639
Data envío: 11/11/2022 08:36:46.156

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 10/11/2022 16:55:04

Paloma Castro Rey na data 10/11/2022 16:55:21



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Dende fai meses as familias de persoas con discapacidade en Galicia, advertían ao Goberno galego o incumprimento do prazo máximo para resolver a execución do Concerto Social.

O Decreto 229/2020 do 17 de decembro polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, especifica que, contábase cun prazo máximo de 18 meses para poñer en marcha este novo concerto social; un prazo vencido xa dende o pasado 28 de xullo de 2022.

Segundo especificaban nun comunicado de Fademga Plena Inclusión: *“é preciso a axilización no tema, xa que o retraso na posta en marcha supón un prexuízo de vital importancia para o financiamento e a viabilidade das nosas entidades”*.

Tendo en conta que todas as entidades exercen un importante labor no marco das competencias directas en discapacidade da Consellería de Política Social, é fundamental a implicación da mesma para o cumprimento dos prazos e do compromiso coas familias e as persoas con discapacidade.

As entidades indican que: *“A inoperancia e a falta de resposta sobre a aplicación do concerto social e do incremento salarial derivado da aplicación do convenio para este ano veríamos na obriga de tomar medidas. Esta realidade agrávase agora ao ter coñecemento de que a Consellería de Facenda non ten previsto a inclusión dunha partida específica e concreta nos orzamentos da comunidade autónoma para o desenvolvemento e o impulso do concerto social no 2023 (tal e como se comprometeu no seu día a conselleira Fabiola García) motivo polo cal anticipamos a previsión de organizar mobilizacións por parte do colectivo de persoas con discapacidade intelectual e do desenvolvemento”*

“A esta situación debemos sumar o elevado sobre esforzo económico que asumen por motivo dos custos derivados da crise sanitaria e agora da crise enerxética, unha situación que, unida agora á paralización do concerto social, está a xerar un clima tenso no sector, que de non ter pronta solución pode acabar ocasionando a perda de moitos traballos e poñer en risco a supervivencia de moitas entidades”.



Sobrecustos que dende o Grupo Parlamentario Socialista reivindicamos en apoio ás entidades que traballan coas persoas con discapacidade.

Fai uns días dende a Consellería de Política Social por fin accederon a tratar o tema coas entidades, ata o momento sen resposta nas súas demandas. Sen embargo aínda non hai unha solución por parte do goberno galego, o que implica unha incerteza innecesaria para as entidades que traballan coas persoas con discapacidade. Trátase polo tanto dunha cuestión que o Goberno galego non pode deixar pendente, senón que ten que resolver de inmediato.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Por que dende a Consellería de Política Social non se están a cumprir os prazos de execución do Concerto Social?
2. Ten pensado a Consellería de Política Social incorporar as reivindicacións das entidades para a execución pendente do Concerto Social?

Pazo do Parlamento, 11 de novembro do 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 11/11/2022 15:30:22

Julio Torrado Quintela na data 11/11/2022 15:30:32



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O ano 2020 foi un antes e un despois, a pandemia da Covid-19 mudou as vidas da cidadanía a nivel mundial. Dentro dese contexto, o sector da poboación máis afectado foron as persoas maiores que viven nas residencias.

Ao longo dos meses e últimos dous anos, dende o Grupo Parlamentario Socialista requirimos información sobre o acontecido nos centros de atención residencial á vez que fixemos diversas propostas para mellorar a calidade de vida e o benestar dos e das residentes. O certo é que non obtivemos a información requirida sobre o número de contaxios e falecementos por Covid-19 ou sintomatoloxía compatible por cada centro de atención residencial.

Fai unhas semanas o propio informe da Fiscalía de Ourense alertaba de que a Xunta de Galicia non corrixiu deficiencias como, exceso de suxeicións sobre os e as residentes, incumprimento das ratios de persoal, así como a falta de inspeccións por parte do Goberno galego. Na mesma liña que o informe do Consello de Contas do 2017.

Por este tipo de cuestións dende o Grupo Parlamentario Socialista levamos reiterando durante anos a necesidade de incrementar os técnicos de inspección e de persoal nos centros de atención residencial para mellorar as condicións de vida das persoas maiores. E tamén da necesidade de investigar mediante un informe de investigación que detalle o sucedido nas residencias galegas durante a pandemia.

E neste sentido, fai uns días a Fiscalía Xeral do Estado remitiu un oficio para investigar os falecementos durante a pandemia nas residencias de maiores, así como para adoptar as medidas oportunas para que as vítimas directas e indirectas (familiares) sexan escoitados nas dilixencias de investigación e procedementos xudiciais por falecementos nos centros de atención residencial.

Todo elo, unido á sentenza do TSXG onde avala a necesidade de que o Goberno galego aporte os datos de falecementos por Covid-19 por cada centro de atención residencial, fai preciso que dende o Goberno galego se traslade un informe sobre o acontecido nos centros de atención residencial durante a pandemia, así coma



das respostas, se é que as hai, aos requirimentos da Fiscalía ante as deficiencias ou incumprimento da normativa detectadas nas residencias de maiores de Galicia.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Ten a Consellería de Política Social un informe onde se detalle todo o acontecido durante a pandemia nas residencias de maiores?
2. Existen diferencias no número de inspeccións aos centros de atención residencial por cada provincia?
3. A canto ascende o custo derivado do funcionamento do comité de expertos para o novo modelo de residencias da Consellería de Política Social?

Pazo do Parlamento, 10 de novembro do 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero

Julio Torrado Quintela

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 11/11/2022 15:34:45

Julio Torrado Quintela na data 11/11/2022 15:34:56



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

As denuncias relacionadas con delitos de odio por orientación sexual ou identidade de xénero aumentaron un 67,63 % con respecto a 2019, ano previo á pandemia de COVID-19, segundo os últimos datos achegados polo Ministerio do Interior. Este acusado incremento da LGTBIfobia que se intuía e temía en consonancia cos casos que se veñen coñecendo e vimos trasladando a preocupación neste Parlamento, confirman a necesidade de actuar. No ano 2021, un de cada catro delitos de odio investigados polas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado estiveron relacionados coa orientación sexual ou a identidade de xénero da vítima, un total de 466, o que supón un aumento de case o 70 % con respecto a 2019 (67,6 %) e 2020 (68,23 %). Eses delitos do que tiveron coñecemento as forzas e corpos de seguridade afectaron a 530 vítimas, das que ademais un 13 % eran menores de idade (47 mozas e 21 mozos).

A tendencia alcista da LGTBIfobia e contra a liberdade e dereitos fundamentais da sociedade confírmase a nivel estatal desde o ano 2014 e nunha problemática na que non podemos esquecer que existe un elevado nivel de infradenuncia que aínda que algo baixou se sitúa no 80 %. Tras esta preocupante problemática e tal e como vimos alertando dende o PSdeG-PSOE atopamos entre outras causas o aumento e normalización dos discursos de odio. En Galicia contamos coa Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, unha lei de mínimos que aínda así tal e como vimos denunciando as e os socialistas a súa posta en práctica quedou na maior parte das iniciativas nada máis que en papel mollado. Hai ademais un órgano impulsado e publicado no 2018 como é o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero que apenas conta con actividade propia.

Os colectivos que traballan na nosa comunidade na defensa dos dereitos das persoas LGTBI denuncian a escasa colaboración económica por parte do goberno da Xunta ao tempo que observamos que xunto á ínfima partida contemplada nos orzamentos o nivel de execución a data 30 de xuño era de 0 %.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración fai o Goberno galego deste nivel de execución orzamentaria?
2. Cantas xuntanzas do Observatorio se teñen celebrado?
3. Con que contido e conclusións?
4. Vai incrementar o orzamento para os colectivos e asociacións que traballa pola igualdade das persoas LGTBI?
5. Que accións teñen impulsado desde a Xunta de Galicia, neste ano 2022n no marco dos dereitos das persoas LGTBI?

Pazo do Parlamento, 11 de novembro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 14/11/2022 10:44:19

Julio Torrado Quintela na data 14/11/2022 10:44:30

Marina Ortega Otero na data 14/11/2022 10:44:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O tempo de Nadal é de celebración colectiva que sobrepasa a motivación relixiosa cristián. Trátase dunha celebración agraria relacionada coas colleitas e co minguar da forza da luz solar e a esperanza do seu renacer. A aparición do inverno coma tempo de descanso produtivo da nai terra motivou sen dúbida celebracións relacionadas co solsticio de inverno coma contraposición á festa da plena potencia solar do San Xoán, anunciadora de colleitas e fartura de alimento.

Con toda seguridade, a expansión do cristianismo e a superposición e cristianización das festas e celebracións colectivas anteriores fixo que este situase o nacemento do seu salvador en plena festa da luz, facendo dese neno un sol pequeno que encarnaría a esperanza.

Sexa como queira que fose, o certo é que este tempo en cuestión, o Nadal, está cheo de ritos precristiáns e suscitou unha música e poesía popular de enorme valor cultural, musicolóxico e folclórico. Pódese afirmar sen temor ó ridículo ou á esaxeración que o folclore nadaleño galego é dos máis ricos, abundantes e fermosos desta común Europa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cóntanse por centenaes as melodías e as letras de panxoliñas, nadais e cantos de reis que ata mediados do século pasado corrían de boca en boca e de casa en casa no rural e nas vilas galegas coma xeito de liturxia medio cristiá e medio pagá. Cuadrillas de mozos e mozas percorrían as casas da parroquia propia e das veciñas a noite de Nadal e/ou a noite de Reis anunciando a boa nova do nacemento do Neno e moitas das letras cantadas aludían á luz e ó sol ou a unha viaxe de raíz cósmica. O costume permaneceu vivo ata a década dos setenta do pasado século.

Logo, o inicio da comunicación masiva, certo pailanismo e máis a conversión do Nadal nun feito comercial consumista deron paso ó decaemento e ó esquecemento destes sinais de identidade.

Este xeito de esquecemento e substitución non foi so aquí, trátase dun proceso de aculturación e de dominio da propaganda comercial que en Galiza é máis acusado por aquilo do autoodio identitario con raíces máis fondas e complexas.

O caso é que as músicas e cántigas que adobían na actualidade o Nadal en Galiza nada teñen a ver co noso nin coa nosa riqueza. É máis, o descoñecemento desa riqueza musical é o feito máis destacable neste tema.

Cóntanse por centenaes as pezas que a tradición gardou neste noso país galego e que figuran nas coleccións particulares de moitos compiladores de folclore.

destacar un feito curioso e singular. Son as panxoliñas cancións escritas en lingua propia e melodías tamén de raíz popular, mais, curiosamente, moitas delas de clara composición culta. E así cantadas polas xentes sinxelas do rural, atopabamos pezas con destacada polifonía de posible autoría dos mestres de capela das principais catedrais do país, que posiblemente compuxesen por encarga para actos relixiosos deste tempo do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ano e que dado o matiz agrario da festividade bebían nas fontes da tradición musical nacional galega e reducían as letras ó feito agrario das familias labregas.

*Imos levar unha pouca roupiña,
tres polas, dous galos, mais unha galiña,
un añaño, dúas pombas sin pel,
tres rulas ó xeito e un tarro de mel.*

Ou

*Levareille, logo, este mantelo,
anque, afellas, boa falla me fai,
e un roxelo de bo pelo
pra que faga bos caldos súa mai.*

Os Nadais e os Cantos de Reis son, pola contra, letras en castelán que conteñen, xeralmente, relatos das viaxes que a biblia conta. Posiblemente compostos por clérigos, expándense con melodías sinxelas que varían segundo as zonas e comarcas. Estes cantos, que se acompañaban moitas veces con gaita de fol recordan os cantos gregorianos polos seus mordentes e floreos. Son cantos de relación social, as cuadrillas van de casa en casa pedindo o aguinaldo que ven sendo unha ofrenda nun rito de fecundidade e benzón que o impregna todo (en xaneiro comeza a labra en moitas comarcas de Galiza).

Os temas dos Nadais e dos Cantares de Reis versan arredor da viaxe de Xosé e María de Nazaret a Belén, dos Reis Magos desde o Oriente Fértil ata Belén, ou de Xosé, María e o neno na fuxida a Exipto. É de destacar que estas viaxes non teñen regreso polo mesmo camiño e si logo de chegados á meta emprenden unha nova ruta a xeito de circunvalación cósmica.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A riqueza e calidade deste folclore contrasta coa ignorancia e pouco aprecio que se lle da desde as esferas da Cultura oficial e conta tamén cos reparos dalgúns sectores sociais pola súa marcada color cristián. Consumimos querendo ou sen querer o Jingle Bells norteamericano ou o Noche de Paz europeo ata o aburrimiento pero é ben difícil escoitar pola rúa ou nos centros comerciais con música nadaleñá algún vilancico, panxola ou cantar en galego.

E sen embargo existen fermosas gravacións de panxoliñas galegas e de cantos de Nadal e Reis e hai compilacións moi interesantes con centenares de pezas recollidas do pobo que é urxente poñer en circulación, polo patrimonio inmaterial que representan e polo matiz identitario e cultural que supoñen.

A recuperación, divulgación e normalización destes cantos é traballo a facer pola consellería de cultura en apoio a agrupacións e entidades culturais interesadas na conservación e divulgación deste folclore.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Que medidas pensa tomar o goberno galego para sacar do esquecemento a música galega de Nadal e promover a súa divulgación?

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2022

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 14/11/2022 13:46:33

Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/11/2022 13:46:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Manuel Lourenzo Sobral e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado domingo 6 de novembro produciuse un grave incendio nas instalacións da antiga fábrica da Pontesa en Ponte Sampaio (concello de Pontevedra), que provocou unha grande alarma social, unha situación de risco, importantes danos materiais e a irreparábel e dramática perda dunha vida humana, a do traballador da empresa Nogar Benito González, así como dúas persoas máis feridas.

Transcorrida máis de unha semana do sinistro, as condicións das instalacións aínda son de grande inflamabilidade e é necesaria a presenza continua do servizo de bombeiros para humedecer e arrefriar a grande cantidade de gran acumulado. E están por ver aínda as consecuencias devastadoras do incendio na cuberta do edificio, pola presenza de amianto e os riscos derivados da súa queima e propagación.

Por outra parte, tanto nas instalacións da antiga Pontesa como nas da antiga fábrica da Cross na Xunqueira de Alba estanse desenvolvendo actividades de almacenaxe e transporte de materiais procedentes do Porto de Marín (cereais) ou relacionados coa actividade industrial de ENCE (grandes cantidades de madeira-biomasa) . Estas actividades prodúcense en contornas urbanas e naturais nas que provocan fortes impactos, polo que se debería estudar o seu traslado a outros emprazamentos máis axeitados para o desenvolvemento de actividades industriais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con toda a cautela que require a situación derivada do incendio da antiga Pontesa, a información dispoñíbel é a seguinte:

1) As instalacións da antiga Pontesa, propiedade da empresa ITAIPU TRADE SL, están situadas en dominio público marítimo terrestre e foron obxecto dunha prórroga extraordinaria da concesión, outorgada en 2017 polo goberno central, e que foi anulada pola Audiencia Nacional en marzo de 2022 logo do recurso contencioso administrativo presentado polo concello de Pontevedra. A legalidade da concesión está pendente da decisión do Tribunal Supremo.

2) Desde o ano 2018 as naves de Pontesa eran utilizadas pola empresa GALIGRAIN, filial do GRUPO NOGAR, para a almacenaxe de grandes cantidades de cereal que entran en Galiza através do Porto de Marín. Segundo fontes da empresa, nas instalacións da Pontesa almacenábanse unhas 42.000 toneladas de cereais, principalmente cebada e produtos de xirasol.

3) Segundo fontes municipais, as instalacións non contaban con licenza de actividade nin coas mínimas garantías de seguridade e saúde laboral. Nas naves non había acceso a auga nin hidrantes a dispor do servizo de bombeiros, nin medidas para garantir unhas condicións axeitadas de temperatura e humidade.

4) Segundo un comunicado feito público pola empresa, as instalacións contaban con “todos os permisos e protocolos de seguridade e prevención de riscos laborais necesarios, incluídas medidas antiincendios”. Nalgunhas informacións xornalísticas tamén se daba conta da existencia dunha autorización da Xunta á empresa NOGAR para a almacenaxe de cereais nas instalacións da fábrica da antiga Pontesa.

5) Dada a extrema gravidade dos feitos acontecidos, hai en curso varias actuacións na vía administrativa e xudicial:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- O concello de Pontevedra informou a outras administracións sobre a situación irregular das instalacións e instou a adopción das medidas oportunas por parte da Axencia para a protección da Legalidade Urbanística (APLU) e Costas, por tratarse de terreos de servidume marítimo terrestre.
- A Brigada da Policía Científica está a realizar un informe sobre a orixe e as causas do incendio, que deberá enviar ao xulgado . E tamén hai un atestado en curso por parte da Policía Xudicial, que inclúe información sobre o estado das naves e as consecuencias do sinistro.
- A Inspección de Traballo tamén está a realizar un informe sobre as condicións de seguridade e saúde das instalacións. E ademais restrinxiu o acceso e obrigou a facelo con traxes de protección pola presenza de amianto en suspensión. E hai tamén expediente en marcha por parte do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galiza (ISSGA).

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

Como valora a Xunta de Galiza o funcionamento de empresas, como por exemplo a do grupo NOGAR nas instalacións da antiga Pontesa?

Concedeu a Xunta autorización ao grupo NOGAR para a almacenaxe de cereais nas instalacións da antiga Pontesa?

Ten previsto a Xunta informar á opinión pública e aos grupos parlamentares sobre a situación legal das instalacións da antiga fábrica de Pontesa, a existencia de autorización administrativa ao grupo NOGAR para a almacenaxe de cereais e os requisitos da mesma?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Adoptou algunha medida o goberno galego en relación co cese de actividade e reposición da legalidade?

Abriu ou ten previsto abrir o goberno galego unha investigación sobre a situación das instalacións, as causas e consecuencias do incendio e as medidas a adoptar para evitar situacións semellantes no futuro?

Considera a Xunta necesario realizar un estudo sobre os riscos da contaminación por amianto e demandar as medidas necesarias para a retirada e tratamento dos materiais potencialmente perigosos?

É coñecedora a Xunta da necesidade de contar con un Porto Seco nun emprazamento ambiental e legalmente viábel para garantir a seguridade e o futuro das actividades industriais asociadas ao Porto de Marín?

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Manuel Lourenzo Sobral

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 15/11/2022 13:45:17

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/11/2022 13:45:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 15/11/2022 13:45:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade de avaliar o goberno o desenvolvemento do proxecto de fomento do uso da lingua galega en 2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 8 de abril de 2022 o Secretario xeral de política lingüística comparecía no Parlamento galego para avanzar as liñas de actuación da SXPL para o ano 2022.

Neste sentido, confirmaba a continuidade do convenio para o Proxecto Nós iniciado en 2021, a creación do novo repositorio de proxectos dixitais e presenciais en lingua galega, TeCe Redes en galego, dirixido aos máis novos, a continuación da programación da Rede de Dinamización Lingüística ou a creación da primeira colección de manuais dirixida á mocidade no marco do Plan de Dinamización da lingua galega para o Deporte.

A atención aos neofalantes, igualdade de xénero, lusofonía, toponimia, xustiza, empresas, proxectos de investigación, accións dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega ou programación de actividades e materiais arredor das Letras Galegas son, entre outras, as liñas de acción nas que a Secretaría Xeral de Política Lingüística seguiría traballando en 2022, segundo afirmaba o secretario xeral nesta cámara.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Camiño da fin de ano, e como punto de partida para o ano 2023, no grupo parlamentario do BNG entendemos que cómpre avaliar o proxecto desenvolvido polo goberno ao redor do obxectivo de fomento da lingua galega, ampliando os seus espazos de uso social no camiño da recuperación da igualdade lingüística.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Que avaliación fai o goberno do desenvolvemento do proxecto de fomento do uso da lingua galega en 2022?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 16/11/2022 09:31:54

Daniel Castro García na data 16/11/2022 09:31:58





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 16/11/2022 09:32:10



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

En recentes datas a Dirección da Consellería de Sanidade vén de anunciar a intención de solventar o problema das ausencias de profesionais nos PAC, especialmente ocorrente nalgúñas comarcas concretas, coa formación de profesionais de enfermería para substituír estas ausencias de médicos.

Esta medida foi anunciada de maneira piloto no área sanitaria de Pontevedra – O Salnés, que está sendo a principal afectada pola non cobertura de baixas dos PAC e que está vendo como os centros de urxencias hospitalarias levan quedando descubertos dende o inicio do verán de maneira repetida, e a pesares dos constantes anuncios do goberno da Xunta de medidas que resolverían a situación e que parecen non ser eficientes, como tantas outras.

A medida proposta non consta que fose consensuada ou dialogada coas entidades profesionais e cos representantes dos traballadores do Sergas, así como tampouco foi anunciada ou proxectada nas diferentes oportunidades que dende o propio goberno existen, como tampouco está formulada nos estudos e análises nos que o goberno afirma basearse para a súa toma de decisións. O antecedente que se coñece é unha decisión semellante tomada na Comunidade Autónoma de Madrid, que contou coa contestación e reprobación dos colexios profesionais e especificamente co rexeitamento do propio colectivo de enfermería.

A situación que se pode provocar con esta proposta é dunha enorme inseguridade legal e xurídica para a enfermería, que tería unhas responsabilidades clínicas que non lles corresponden e sobre as que non teñen a obriga de asumir decisións.

Resulta paradóxico que Galicia, que foi a penúltima Comunidade Autónoma de Galicia de toda España en dotar de recursos e habilitacións formais ás enfermeiras para desenvolver as capacitacións que lle foron atribuídas dende 2018 coa reforma estatal do Real decreto 1675/2012 (tres anos e medio de demora en Galicia), implique agora que deben asumir funcións do colectivo de facultativos ante a ausencia destes.



A vía de resolución do conflito debe estar en dotar dos medios necesarios e debidos aos centros de atención primaria, coas condicións laborais merecidas e coa dotación de recursos axeitados.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera realmente o Goberno de Galicia que cubrir a ineficiente cobertura de prazas de médicos do sistema de saúde coa substitución destes por persoal de enfermería é unha decisión que garante a calidade asistencial?
2. Ten en consideración o Goberno de Galicia as implicacións legais e xurídicas que pode ter implicar ao persoal de enfermería na cobertura de funcións de facultativos?
3. Con que colectivos profesionais e/ou representantes dos traballadores consensuou o Goberno de Galicia a súa decisións?
4. Ten a convicción o Goberno de Galicia de que pode obrigar ao persoal de enfermería a facer labores que non lles teñen por que corresponder se así o consideran?

Pazo do Parlamento, 16 de novembro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 16/11/2022 16:18:01

Marina Ortega Otero na data 16/11/2022 16:18:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre os recortes de prazas nos equipos de orientación específicos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai xa varias semanas que a comunidade educativa galega está a amosar a súa preocupación pola intención da Xunta de Galiza de amortizar as prazas de traballo social nos equipos de orientación específicos (EOE)

Estamos a falar de prazas que xogan un papel fundamental tanto para as familias como para o alumnado xa que implican o primeiro chanzo para determinar factores de risco na comunidade educativa.

No inicio do curso, unicamente a praza de traballo Social do Equipo de Orientación Específica da provincia de Lugo foi cuberta , ficando o resto de prazas do resto de provincias sen cubrir. No caso da praza do EOE de Ourense deixou de cubrirse despois da xubilación da titular e no caso da praza da Coruña a praza ficou deserta tralo falecemento da titular. A praza da provincia de Pontevedra nunca chegou a se cubrir.

Cómpre destacar que o Decreto 120/1998, de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia establece no seu artigo 5 que os Equipos de Orientación Específicos estarán compostos, entre outros profesionais, por un/ha traballador social e/ou educador social.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estamos a falar, polo tanto, dunha Xunta de Galiza que ademais de incumprir o establecido na lexislación vixente, está a amosar a máis absoluta insensibilidade polos problemas que está a padecer a comunidade educativa. Insensibilidade que xa amosou en varias ocasións neste mesmo parlamento cando se opuxo a iniciativas do BNG para reforzar os EOE que hoxe se evidencian máis necesarias ca nunca para afrontar os problemas que padece a comunidade educativa.

Problemas consecuencia da Covid -19 que día tras día se perciben nas aulas, máis tamén problemas derivados da situación económica e social que padecemos e que implican realidades de vulnerabilidade social, risco de pobreza, acoso e enfermidade mental fronte aos que dende o BNG entendemos non se deben aforrar esforzos.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Vai a Consellaría de Educación reforzar os EOE e a cubrir de xeito inmediato as prazas de traballo social que está a recortar en cada un dos equipos provinciais?

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 17/11/2022 10:49:48

Daniel Castro García na data 17/11/2022 10:49:51

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/11/2022 10:50:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O DOG do 27 de febreiro de 2020 publicou a resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola que se incoou o procedemento para declarar ben de interese cultural (BIC) o funicular de transporte aéreo de materiais Novo y Sierra en Valga (Pontevedra).

Na citada resolución facíase constar o seguinte:

Tendo en conta o contido da información achegada e o informe dos servizos técnicos desta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que conclúen que a instalación do funicular de transporte aéreo de materiais Novo y Sierra constitúe o único exemplo desta tipoloxía (a do transporte aéreo de materiais) que pode ser conservado, dunha tipoloxía industrial moi presente e relevante en Galicia, a da produción cerámica, e tomando en consideración a súa orixe en 1927, fan que sexa un exemplo único na Comunidade Autónoma, do cal existiron outros exemplos que non se conservan.

En consecuencia cos valores históricos e culturais do citado conxunto patrimonial a directora xeral de Patrimonio Cultural resolveu o seguinte

Primeiro. Incoar o procedemento para declarar ben de interese cultural o funicular de transporte aéreo de materiais Novo y Sierra en Valga (Pontevedra),





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conforme o descrito no anexo desta resolución e proceder cos trámites para a súa declaración.

Segundo. Ordenar que se anote esta incoación de forma preventiva no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia e que se comunique ao Rexistro Xeral de Bens de Interese Cultural da Administración do Estado.

Terceiro. Aplicar de forma inmediata e provisional o réxime de protección que establece a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, para os bens de interese cultural e para os bens mobles en particular. O expediente deberá resolverse no prazo máximo de vinte e catro (24) meses, desde a data desta resolución, ou producirase a súa caducidade e o remate do réxime provisional establecido.

Con posterioridade á incoación do procedemento e a aplicación do rexime de protección establecido na lei 5/2016, con data 27 de maio de 2020, Portos de Galicia e o concello de Valga asinaron un convenio “para a construción dun embarcadoiro no término municipal de Valga (Pontevedra)”.

Na memoria do citado convenio sinálase o seguinte:

A entidade publica empresarial Portos de Galicia e o Concello de Valga teñen vontade de colaborar co fin de potenciar o valor natural e ambiental da zona de Valga de interese para Galicia e de promocionar o turismo náutico dentro e fora da nosa Comunidade Autónoma e a este efecto, acometen a construción de embarcadorio no término municipal de Valga (Pontevedra).

As obras ubicadas en dominio público marítimo terrestre consisten basicamente na rehabilitación do antigo embarcadoiro, actualmente en ruínas, co fin de permitir o atraque de pequenas embarcacións turísticas que operan na Ria de Arousa co fin de atraer o fluxo turístico da zona.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As obras consisten na instalación dun pantalán de 24 m de lonxitude para pasaxe e o acondicionamento o acceso ás instalacións mediante un camiño de saburra.

Os traballos están formados polas seguintes actuacións:

Na zona do antigo embarcadoiro, realizarase un muro de cara vista de mampostería por diante do muro existente de ladrillo, que quedará enterrado, e procederase á realización dun pequeno recheo ata acadar a cota da explanada. Esta superficie, duns 316m2 pavimentarase con lastras de granito colocado con morteiro sobre unha base de formigón. Nesta zona colocaranse 5 bancos que servirán para delimitar o aparcamento. Instalaranse tamén unha varanda de protección de madeira e alcorques nas árbores que se manteñen na explanada

O camiño de acceso a estas instalacións realizarase mediante o estendido e compactado de saburra.

Como consecuencia do citado convenio, Portos de Galicia licitou as obras de construción do embarcadoiro, que supuxeron unha completa alteración do BIC incoado e a vulneración do rexime de protección.


Como se pode observar nas fotografías os restos do antigo embarcadoiro foron destruídos e a contorna de protección (no plano) completamente modificada e alterada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza





Cómpre ter en conta que o procedemento de incoación do BIC establecía o seguinte rexime de protección e salvagarda provisional:

7. Réxime de protección e salvagarda provisional.

A resolución de incoación do procedemento para declarar ben de interese cultural o inmóble determinará a aplicación inmediata, aínda que provisional, do réxime de protección previsto na presente lei para os bens xa declarados, segundo o artigo 17.4 e 17.5 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG) e complementariamente co establecido na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español (LPHE).

Este réxime implica a súa máxima protección e tutela, polo que a súa utilización quedará subordinada a que non se poñan en perigo os valores que aconsellan a súa conservación. Calquera intervención que se pretenda realizar nel deberá ser autorizada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, segundo proxectos elaborados por técnicos competentes e segundo os criterios legais establecidos (artigos 39 a 40 LPCG).
Entre outras consideracións, o réxime implica:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– Autorización: as intervencións que se pretendan realizar terán que ser autorizadas pola Consellería de Cultura e Turismo e o seu uso quedará subordinado a que non se poñan en perigo os valores que aconsellan a súa protección, polo que os cambios de uso substanciais deberán ser autorizados pola citada consellería.

– Deber de conservación: as persoas propietarias, posuidoras ou arrendatarias e, en xeral, as titulares de dereitos reais sobre os bens, están obrigadas a conservalos, mantelos e custodialos debidamente e a evitar a súa perda, destrución ou deterioración.

– Acceso: *as persoas propietarias, posuidoras ou arrendatarias e, en xeral, as titulares de dereitos reais sobre os bens están obrigadas a permitir o acceso ao persoal habilitado para a función inspectora, ao persoal investigador e ao persoal técnico da Administración nas condicións legais establecidas. Este acceso poderá ser substituído para o caso de investigación polo seu depósito na institución ou entidade que sinala a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e que non poderá superar os dous meses cada cinco anos.*

– Comunicación: *as persoas propietarias, posuidoras ou arrendatarias e, en xeral, os titulares de dereitos reais están obrigadas a comunicar á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural calquera dano ou prexuízo que sufrisen e que afecte de forma significativa o seu valor cultural.*

– Visita pública: *as persoas propietarias, posuidoras, arrendatarias e, en xeral, titulares de dereitos reais sobre os bens de interese cultural especificamente declarados permitirán a súa visita pública gratuíta un número mínimo de catro días ao mes durante, polo menos, catro horas ao día, que serán definidos previamente.*

– Uso: *en calquera caso a protección do ben implica que as intervencións que se pretenda realizar terán que ser autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e que a súa utilización quedará subordinada a que non se poñan*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en perigo os valores que aconsellan a súa protección, polo que os cambios de uso substanciais deberán ser autorizados pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Á vista do acontecido, só se poden derivar dúas conclusións

- 1) Que as obras non contaron co coñecemento e autorización da dirección xeral de Patrimonio Cultural, o que constitúe un feito de extrema gravidade por tratarse dun ben cun rexime de protección do que derivaba “a máxima protección e tutela”.
- 2) Que a dirección xeral de patrimonio cultural autorizou as citadas obras, o cal constituiría un feito de extraordinaria gravidade e do que se derivarían responsabilidades.

No DOG do 30 de xuño de 2022 publicouse o decreto 114/2022 polo que se declara ben de interese cultural o funicular de transporte aéreo de materiais Novo y Sierra

Do contido deste decreto parece deducirse que a dirección xeral de Patrimonio Cultural si tivo coñecemento da alteración e destrución do ben, aínda que a descrición que se fai non se axusta ao realmente acontecido:

Durante a fase de incoación realizáronse traballos de valorización do conxunto que supuxeron a protección das estruturas existentes da zona de embarcadoiro integradas nun dique axustado á forma dos restos documentados e rexistrados.

A zona de embarcadoiro completaba o sistema de soporte de material cerámico cun cantil de forma poligonal cara ao río Ulla executado en fábrica de ladrillo, cun piar central que sostiña a última das rodas do sistema de xiro. A maior parte destes elementos foron desaparecendo co tempo e o seu precario estado de conservación e fragilidade exixiu a execución dun novo dique de protección adaptado á forma da ribeira orixinal.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

(...). Os restos das estruturas do embarcadoiro foron protexidas cun novo dique perimetral adaptado ás condicións xeométricas orixinais, despois da documentación e rexistro arqueolóxico de todos os elementos, de tal forma que se mantén o seu espazo e dimensións que permite a interpretación do seu sistema de funcionamento, de forma compatible con outros usos.

Resulta evidente, tal como se pode comprobar nas fotografías, que **as estruturas do embarcadoiro non foron protexidas, que a súa fisonomía e elementos foron completamente alterados e que a actual configuración do espazo non permite a interpretación do seu sistema de funcionamento xa que foi absolutamente transformado nun embarcadoiro para embarcacións turísticas.**

Estamos pois diante dun **gravísimo atentado contra o patrimonio, do que se deberán dar as pertinentes explicacións e derivar as correspondentes responsabilidades.**


Ademais de todo o relativo ao BIC, cómpre ter en conta o previsto na Declaración de Impacto Ambiental relativa ao proxecto de embarcadoiro en Valga, promovido por Portos de Galicia. Cómpre ter en conta que este documento iniciou a súa tramitación en 2013 e rematou en 2017, e que nos informes de diferentes departamentos -incluída a dirección xeral de Patrimonio Cultural- non se garantiu a protección e conservación da estrutura do antigo embarcadoiro. Considerando que en febreiro de 2020 se incoou o expediente de declaración BIC, e que o inicio deste procedemento é anterior á sinatura do convenio e á licitación das obras por parte de Portos, a consellaría de Cultura puido incorrer en deixación de funcións ou falta de control e vixilancia do impacto da actuación.


No ámbito do BIC, o concello de Valga está a tramitar o proxecto dun novo funicular de uso turístico coñecido como “o proxecto das vagonetas”. Segundo informacións de prensa, o proxecto ten un orzamento de 1.995.525,60 euros e prevé a



construción dun teleférico entre o río Ulla e a Mina Mercedes, cunha lonxitude aproximada de 1.100 metros, a urbanización das áreas próximas e a recuperación dos restos que se conservan da antiga liña de transporte de material cerámico.

O concello está a tramitar un Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións, no que se prevé unha modificación do ámbito definido no PXOM e a urbanización dos terreos protexidos polo BIC. A actuación prevista ten un forte impacto visual e unha incidencia directa no BIC e na Rede Natura 2000 río Ulla. Ademais, interfere con zonas habitadas, instalacións industriais e infraestruturas de comunicacións.





Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

-Que criterios segue a Xunta para aplicar o réxime de protección e salvagarda desde o momento de incoación dun BIC?

-Informou favorablemente a dirección xeral de Patrimonio Cultural o proxecto do embarcadoiro no río Ulla promovido por Portos de Galicia, logo da incoación do expediente de declaración como Ben de Interese Cultural do funicular de transporte aéreo de materiais Novo y Sierra en Valga?

-Por que razón a dirección xeral de Patrimonio Cultural permitiu a destrución dun elemento senlleiro do BIC como o antigo embarcadoiro de carga e descarga de materiais, elemento integrante da estrutura do funicular?

-Que servizo realizou os informes sobre o proxecto e que criterios se seguiron para xustificar a desaparición da citada estrutura e a agresión ao BIC?

-Ten previsto a consellaría de Cultural levar a cabo unha investigación interna sobre a tramitación do proxecto de embarcadoiro no río Ulla en Valga e sobre a posíbel omisión do deber de protección e salvagarda do funicular de transporte aéreo de materiais Novo y Sierra en Valga (Pontevedra), logo da incoación do procedemento de declaración como Ben de Interese Cultural en febreiro de 2020?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Ten previsto a consellaría de Cultura abrir un expediente informativo e no seu caso sancionador, en aplicación do previsto na lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia, pola destrución de parte dun ben que contaba cun réxime de protección e salvagarda?

-Ten previsto a consellaría de Cultura informar favorablemente o proxecto de construción dun novo funicular para uso lúdico e turístico no ámbito de protección do BIC?

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 17/11/2022 11:48:12

Mercedes Queixas Zas na data 17/11/2022 11:48:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade de promover un novo rumbo para o CDG e CCG por parte do goberno galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Bloque Nacionalista Galego ten denunciado nesta cámara o progresivo desmantelamento ao que, desde hai trece anos, o goberno do Partido Popular desde a Xunta de Galiza condena as institucións e organismos culturais públicos.

As partidas económicas dirixidas ao CDG, CCG e CGAI presentan unha acumulación progresiva de recortes que supuxeron unha parálise case total ou parcial no proxecto que define desde a súa xénese estas unidades de produción cultural.

O Partido Popular trazou unha folla de ruta baseada na falta de autonomía, de relevancia social, cultural, no abandono e desprestixio aos que foron sometendo, en diversos capítulos, as unidades de produción escénica da Xunta de Galicia, tanto o CDG coma o CCG.

Transcorridos trece anos de goberno o PP segue sen afrontar un proxecto sólido que reforce estes organismos públicos dependentes da AGADIC nin tampouco cumprir os anuncios reiterados como é a dotación da praza de dirección para o CGAI, actualmente vacante desde hai varios anos por mor da xubilación do anterior director.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

O CCG perdeu a figura de dirección como unidade de produción singular, substituído por un departamento que une música e danza, restándolle importancia a ambas disciplinas, relegando a un plano marxinal as artes do movemento e cun orzamento para 2023 de 100.000 euros, máis baixo aínda que en 2022.

A isto súmase recentemente un novo capítulo de desprestixio das artes escénicas: o da censura do título da obra no material promocional do espectáculo Recortes, caneos e outras formas de driblar o día da súa estrea. Unha falta de respecto perversa, asentada na suposta capacidade de intervir ideoloxicamente na actividade dun órgano creativo coma o CDG.

Á vista do proxecto de orzamentos que o PP presenta para 2023 fica confirmado que o labor dos órganos de creación cultural públicos segue sen ser unha prioridade na acción de goberno e aínda distan moito do investimento de 2009.

No Grupo Parlamentar do BNG entendemos que é urxente promover un novo rumbo para o CCG, CGAI e para o CDG, con plenas garantías de medios, estrutura xurídica e promoción social, adaptadas ás esixencias da xestión cultural do século XXI e ás oportunidades dos grandes valores das nosas artes escénicas e audiovisuais.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Que pretende a Xunta de Galiza co CCG e o CDG?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/11/2022 16:13:21

Daniel Castro García na data 17/11/2022 16:13:24

Mercedes Queixas Zas na data 17/11/2022 16:13:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos,
deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro
do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Propaganda da Xunta de Galiza, do Partido Popular, xa non é quen de agochar a situación dramática da Atención Primaria, a falta de profesionais, a desatención, as listas de espera. Unha situación inaceptábel, non hai ningún centro de saúde, nin PAC que teña unha situación de normalidade, cos cadros de persoal que corresponden. Hai carencias en todos, o habitual é toparse por toda Galiza centros de saúde e PACS co cartaz de “non hai médico”, especialmente preocupante na Área Sanitaria Pontevedra-Salnés

Non hai unha estratexia para normalizar a Atención Primaria, dispoñer d@s profesionais, recursos e capacidade de tomar decisións, que permita rematar coas axendas interminábeis, cos descubertos nos PACs, coa falta de pediatras...

Neste contexto última ocorrencia do Partido Popular é dar unha formación expres @s profesionais de enfermería para que atenda só as urxencias que cheguen aos PACS, en ausencia de persoal facultativo. Formación para que atendan as urxencias seguindo as indicacións telefónicas dun médico que está traballando noutro centro de saúde, atendendo outros doentes, ou do 061.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha auténtica barbaridade atender urxencias seguindo indicacións telefónicas, unha soa profesional, cando sabemos que diante dunha emerxencia fan falta mans para atender á persoa doente: explorar, coller vía, facer electros, poñer osíxeno, mediación, incorporar... Non é posíbel atender unha urxencia sen o equipo de profesionais que poidan complementarse.

Parécenos ben que se mellore a formación de enfermería, mais para desenvolver as súas competencias, o seu perfil profesional.

Nin as enfermeiras poden substituír @s médic@s nin @s médic@s poden substituír as enfermeiras. É preciso un equipo completo.

O persoal de enfermaría non pode asumir unha responsabilidade, unha situación de estrés que non lle corresponde e polo tanto sen respaldo legal. Nin doentes, nin profesionais poden soportar esta situación, nin laboral nin de atención.

Con estas medidas están recoñecendo de facto a situación de emerxencia sanitaria, de alarma que levamos meses denunciando.

Esta situación non vai facer máis que empeorar pola elevadísima cifra de xubilacións que se van a producir nos vindeiros anos e pola continua fuxida de profesionais que se forman en Galiza cos impostos d@s galeg@s e logo marchar a traballar a outros lugares, porque non soportan as condicións laborais nas que lles obriga o Sergas a traballar.

A petición de certificados de idoneidade, para poder traballar fóra, non fai máis que aumentar, segundo o informe do Colexio Médico Colexial, no ano 2021 foron 75 @s facultativ@s que solicitaron en Galiza a certificación de idoneidade, preciso para





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

traballar fóra do Estado español, e que a maioría son da especialidade de familia e comunitaria.

Segundo a Asociación Galega de Enfermería Familiar e Comunitaria arredor do 20% das enfermeiras especialistas que se forma vense na obriga de emigrar para poderen desenrolar a súa profesión na AP, e que o 15% traballan coma enfermeiras xerais, moitas veces no hospital.

É unha evidencia que o PP ten un plan clarísimo, empuxar @s galeg@s cara á sanidade privada, non por escolla senón por pura necesidade. Se precisan atención sanitaria e non lla prestan no centro de saúde, nin tampouco nos PACS. Se teñen que acudir aos servizos de urxencias hospitalarias colapsadas, onde son atendidos despois de agardar horas e en moitos casos se lles di que a patoloxía que teñen non é de gravidade para acudir a urxencias hospitalarias.

O resultado é que quen pode acude á privada ou directamente ou vía contratar un seguro médico, e @s que non poden queda tirado.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Vai en algún momento a Xunta de Galiza tomar medidas para rescatar á atención primaria do pozo na que a ten metida os 13 anos de recortes do Partido Popular?

Vai rectificar a intención de que persoal de enfermería preste atención en solitario nos PACs ante a ausencia de médic@s?

Considera que sen aumentar o orzamento destinado á atención primaria é posíbel reverter a situación na que se atopa a atención primaria?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2022

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 17/11/2022 18:10:54

Olalla Rodil Fernández na data 17/11/2022 18:10:57

María Montserrat Prado Cores na data 17/11/2022 18:11:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre a situación na que se atopan as traballadoras do SAF.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola gravidade do asunto a tratar que atinxe un grande número de traballadoras dun servizo social de atención a persoas maiores dependentes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza hai máis de 24.000 persoas usuarias do SAF e unhas 8.000 traballadoras que, na maior parte dos casos, corresponden a empresas privadas prestadoras do servizo.

Traballadoras cunhas condicións laborais e salariais precarias. Soportan desde hai anos xornadas a tempo parcial; tendo que coller o seu propio vehículo para ir dun





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

domicilio a outro facer o seu traballo sen un salario que cubra ese custe e traballando en casas que non contan en practicamente ningún caso coa máis mínima adaptación para atender as persoas dependentes.

Unhas condicións laborais fixadas nun convenio colectivo caducado desde 2011 sendo vítimas durante todo este tempo do ninguneo e do abuso por parte das empresas que fixeron todo, de todo, para impedir a negociación dun novo.

Mesmo se disolveron como asociación en 2012 para poder pasar así ao convenio estatal con peores condicións aínda que o galego.

Desde o 2 de novembro as traballadoras do SAF están en folga convocadas pola CIG fronte ao preacordo alcanzado pola patronal e as centrais sindicais CCOO e UGT. O que teñen enriba da mesa esas traballadoras hoxe nin mellora as súas condicións de traballo, nin reconece o seu labor, nin garante unha mellor prestación do servizo. Máis ao contrario, pretende impor diferencias salariais entre traballadoras que prestan o mesmo servizo para a administración.

Malia tratarse de traballadoras de empresas privadas, a Xunta ten moita responsabilidade ao respecto.

O Servizo de Axuda no Fogar é:

- un servizo público para garantir a atención das persoas maiores dependentes no seu domicilio.
- ordenado por unha normativa autonómica (2009), xestionado polos concellos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- o SAF é un servizo financiado con cartos de todos, sexa cal sexa o modelo de xestión. Nada menos que 110 millóns de euros saídos directamente da Xunta de Galiza en 2022.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Cre a Xunta de Galiza que as condicións laborais das traballadoras do SAF son as que merecen as traballadoras e as persoas usuarias?

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2022

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 17/11/2022 10:01:32

Xosé Luis Rivas Cruz na data 17/11/2022 10:01:43

Mercedes Queixas Zas na data 17/11/2022 10:01:51

Rosana Pérez Fernández na data 17/11/2022 10:01:59

Ramón Fernández Alfonzo na data 17/11/2022 10:02:09

Daniel Pérez López na data 17/11/2022 10:02:19

Iria Carreira Pazos na data 17/11/2022 10:02:28

Olalla Rodil Fernández na data 17/11/2022 10:02:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 17/11/2022 10:02:58

María del Carmen Aira Díaz na data 17/11/2022 10:03:08

Noa Presas Bergantiños na data 17/11/2022 10:03:17

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 17/11/2022 10:03:26

María González Albert na data 17/11/2022 10:03:34

Xosé Luis Bará Torres na data 17/11/2022 10:03:43

María Montserrat Prado Cores na data 17/11/2022 10:04:01

Alexandra Fernández Gómez na data 17/11/2022 10:04:13

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/11/2022 10:04:22

María do Carme González Iglesias na data 17/11/2022 10:04:29

Paulo Ríos Santomé na data 17/11/2022 10:04:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonso, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre os proxectos desenvolvidos e os plans industriais asociados.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola alarma social polo grande número de parques en tramitación e a acumulación de proxectos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2010 a Xunta adxudicou no concurso eólico 2.325 MW. Tanto o conselleiro de Industria como o presidente da Xunta cualificaron aquel proceso como “O maior plan industrial da historia de Galiza”, coa previsión de investimento de 6.000 millóns de euros e a creación de 12.000 postos de traballo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Realmente aquel plan foi un auténtico fiasco porque en 8 anos non se chegou a instalar nin o 10% da potencia prevista e o noso país sufriu unha auténtica parálise no desenvolvemento do sector, agravada polos cambios normativos introducidos en 2013 polo goberno central do PP.

Como consecuencia desta parálise, Galiza perdeu oportunidades de investimento, non se desenvolveron os plans industriais previstos, non se crearon postos de traballo, pecharon empresas e o noso país perdeu posicións pasando do segundo ao cuarto posto en potencia eólica instalada.

Ademais, o estancamento do sector agravouse como consecuencia da anulación do concurso eólico de 2009, no que se adxudicaron 2.325 MW. A decisión arbitraria do goberno do PP tivo graves consecuencias para o país e para o erario público, polas sentenzas xudiciais que obrigaron á Xunta a indemnizar con máis de 3 millóns de euros a varias empresas que resultaran adxudicatarias do concurso.

Por todo o anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Cantos proxectos dos adxudicados no concurso eólico de 2010 están actualmente en tramitación e que plans industriais levan asociados?

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 21/11/2022 10:32:04

Xosé Luis Rivas Cruz na data 21/11/2022 10:32:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 21/11/2022 10:32:23

Rosana Pérez Fernández na data 21/11/2022 10:32:30

Ramón Fernández Alfonzo na data 21/11/2022 10:33:06

Daniel Pérez López na data 21/11/2022 10:33:15

Iria Carreira Pazos na data 21/11/2022 10:33:27

Olalla Rodil Fernández na data 21/11/2022 10:33:36

Daniel Castro García na data 21/11/2022 10:33:44

María del Carmen Aira Díaz na data 21/11/2022 10:33:53

Noa Presas Bergantiños na data 21/11/2022 10:34:01

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 21/11/2022 10:34:15

María González Albert na data 21/11/2022 10:34:25

Xosé Luis Bará Torres na data 21/11/2022 10:34:32

María Montserrat Prado Cores na data 21/11/2022 10:34:42

Alexandra Fernández Gómez na data 21/11/2022 10:34:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/11/2022 10:34:57

María do Carme González Iglesias na data 21/11/2022 10:35:04

Paulo Ríos Santomé na data 21/11/2022 10:35:11



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Vimos de coñecer que a UDEF, en coordinación co Xulgado de Instrución Número 1 de Santiago, está a investigar varios presuntos delitos que inclúen o branqueo de capitais en relación co xornal El Correo Gallego, que se atopa en situación concursal desde mediados deste ano despois de recibir nos últimos anos diversos ingresos económicos procedentes de administracións públicas galegas ou entidades dela dependentes como a Xunta e a TVG, mentres se mantiña un entramado societario co que se evitaba pagar aos traballadores e se eludían embargos, entre eles da AEAT.

Unha das operacións investigadas é un préstamo de 2,5 millóns que Xesgalicia (sociedade mercantil pública autonómica da Xunta de Galicia, adscrita á Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación) acordou conceder nunha reunión celebrada o 25 de setembro de 2018 e na que o entón conselleiro de Economía, Francisco Conde, estivo presente e votou a favor, a pesar de que, segundo unha testemuña, a cúpula da propia Xesgalicia desaconsellaba a operación e tamén a pesar de que nese momento o xornal tiña falta de pagamentos fronte á AEAT e á SS por importe de aproximadamente 2 millóns de euros. O préstamo, formalizado en condicións vantaxosas para o xornal, incluía un período de carencia de dous anos. Ao remate dese período, en setembro de 2020, non se pagou polo xornal nin sequera a primeira cota. Presuntamente, o director do xornal tería “mobilizado toda a súa capacidade de influencia” para conseguir o préstamo.

Tamén se investigan garantías do Igape por importe de 1,2 millóns de euros, así como presuntas operacións fraudulentas sobre dereitos de cobro de ingresos da TVG para evitar os embargos por parte da AEAT e presuntas operacións e movementos económicos para favorecer a determinadas persoas en detrimento dos acredores do xornal, entre os cales estaban, ademais da Seguridade Social e da AEAT, organismos dependentes da Xunta como o Igape e Xesgalicia.

Semella, por tanto, que o Goberno de Galicia tería favorecido con elevados importes de cartos públicos que non se van poder recuperar a unha empresa xornalística que estaba nunha situación de práctica insolvencia.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, preguntan:



Como explica o Goberno de Galicia que unha entidade dependente da Xunta como Xesgalicia concedese en 2018 un préstamo de 2,5 millóns a un xornal que acumulaba un volume de débedas (entre elas aproximadamente 2 millóns de euros coa Seguridade Social e a AEAT) que facía case imposible a devolución dese préstamo considerando a difícil situación do propio xornal e a tamén difícil situación do mercado no que opera?

Pazo do Parlamento, 10 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 10/11/2022 16:57:02

Paloma Castro Rey na data 10/11/2022 16:57:16



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Dende fai meses as familias de persoas con discapacidade en Galicia, advertían ao Goberno galego o incumprimento do prazo máximo para resolver a execución do Concerto Social.

O Decreto 229/2020 do 17 de decembro polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, especifica que, contábase cun prazo máximo de 18 meses para poñer en marcha este novo concerto social; un prazo vencido xa dende o pasado 28 de xullo de 2022.

Segundo especificaban nun comunicado de Fademga Plena Inclusión: *“é preciso a axilización no tema, xa que o retraso na posta en marcha supón un prexuízo de vital importancia para o financiamento e a viabilidade das nosas entidades”*.

Tendo en conta que todas as entidades exercen un importante labor no marco das competencias directas en discapacidade da Consellería de Política Social, é fundamental a implicación da mesma para o cumprimento dos prazos e do compromiso coas familias e as persoas con discapacidade.

As entidades indican que: *“A inoperancia e a falta de resposta sobre a aplicación do concerto social e do incremento salarial derivado da aplicación do convenio para este ano veríamos na obriga de tomar medidas. Esta realidade agrávase agora ao ter coñecemento de que a Consellería de Facenda non ten previsto a inclusión dunha partida específica e concreta nos orzamentos da comunidade autónoma para o desenvolvemento e o impulso do concerto social no 2023 (tal e como se comprometeu no seu día a conselleira Fabiola García) motivo polo cal anticipamos a previsión de organizar mobilizacións por parte do colectivo de persoas con discapacidade intelectual e do desenvolvemento”*

“A esta situación debemos sumar o elevado sobre esforzo económico que asumen por motivo dos custos derivados da crise sanitaria e agora da crise enerxética, unha situación que, unida agora á paralización do concerto social, está a xerar un clima tenso no sector, que de non ter pronta solución pode acabar ocasionando a perda de moitos traballos e poñer en risco a supervivencia de moitas entidades”.



Sobrecustos que dende o Grupo Parlamentario Socialista reivindicamos en apoio ás entidades que traballan coas persoas con discapacidade.

Fai uns días dende a Consellería de Política Social por fin accederon a tratar o tema coas entidades, ata o momento sen resposta nas súas demandas. Sen embargo aínda non hai unha solución por parte do goberno galego, o que implica unha incerteza innecesaria para as entidades que traballan coas persoas con discapacidade. Trátase polo tanto dunha cuestión que o Goberno galego non pode deixar pendente, senón que ten que resolver de inmediato.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que dende a Consellería de Política Social non se están a cumprir os prazos de execución do Concerto Social?

Pazo do Parlamento, 11 de novembro do 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 11/11/2022 15:33:41

Julio Torrado Quintela na data 11/11/2022 15:33:50



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O ano 2020 foi un antes e un despois, a pandemia da Covid-19 mudou as vidas da cidadanía a nivel mundial. Dentro dese contexto, o sector da poboación máis afectado foron as persoas maiores que viven nas residencias.

Ao longo dos meses e últimos dous anos, dende o Grupo Parlamentario Socialista requirimos información sobre o acontecido nos centros de atención residencial á vez que fixemos diversas propostas para mellorar a calidade de vida e o benestar dos e das residentes. O certo é que non obtivemos a información requirida sobre o número de contaxios e falecementos por Covid-19 ou sintomatoloxía compatible por cada centro de atención residencial.

Fai unhas semanas o propio informe da Fiscalía de Ourense alertaba de que a Xunta de Galicia non corrixiu deficiencias como, exceso de suxeicións sobre os e as residentes, incumprimento das ratios de persoal, así como a falta de inspeccións por parte do Goberno galego. Na mesma liña que o informe do Consello de Contas do 2017.

Por este tipo de cuestións dende o Grupo Parlamentario Socialista levamos reiterando durante anos a necesidade de incrementar os técnicos de inspección e de persoal nos centros de atención residencial para mellorar as condicións de vida das persoas maiores. E tamén da necesidade de investigar mediante un informe de investigación que detalle o sucedido nas residencias galegas durante a pandemia.

E neste sentido, fai uns días a Fiscalía Xeral do Estado remitiu un oficio para investigar os falecementos durante a pandemia nas residencias de maiores, así como para adoptar as medidas oportunas para que as vítimas directas e indirectas (familiares) sexan escoitados nas dilixencias de investigación e procedementos xudiciais por falecementos nos centros de atención residencial.

Todo elo, unido á sentenza do TSXG onde avala a necesidade de que o Goberno galego aporte os datos de falecementos por Covid-19 por cada centro de atención residencial, fai preciso que dende o Goberno galego se traslade un informe sobre o acontecido nos centros de atención residencial durante a pandemia, así coma



das respostas, se é que as hai, aos requirimentos da Fiscalía ante as deficiencias ou incumprimento da normativa detectadas nas residencias de maiores de Galicia.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten a Consellería de Política Social un informe onde se detalle todo o acontecido durante a pandemia nas residencias de maiores?

Pazo do Parlamento, 10 de novembro do 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero

Julio Torrado Quintela

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 11/11/2022 15:36:45

Julio Torrado Quintela na data 11/11/2022 15:36:56



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta en Pleno.

O xornal elDiario.es publicaba o 10 de novembro unha información sobre unha investigación na que a Unidade de Delitos Económicos e Fiscais da Policía Nacional traballa dende hai meses e que implica directamente a CRTVG. Sen pretender inmiscirnos nun proceso xudicial aberto, ao Grupo Socialista preocúpanos unha práctica destapada por esa información referida ao procedemento de contratación de produción allea.

Sempre segundo ese diario, que manexa fontes directas da UDEF e outras testemuñas, a investigación céntrase en catro puntos fundamentais, sendo un deles “un acordo incomprensible por medio do cal a Televisión de Galicia era cómplice dos regates que o empresario lle facía día si e día tamén a Facenda, ou a calquera outro a quen lle debese diñeiro”.

Sobre a CRTVG, a extensa información de elDiario.es apunta, de maneira resumida:

“Outro dos puntos nos que a investigación policial observa a capacidade de Rey Novoa para seguir ingresando diñeiro pese a ter todas as súas contas bloqueadas por embargos entronca directamente coa Compañía de Radio Televisión de Galicia (CRTVG) que sufraga o Goberno galego. A corporación de medios públicos que Alberto Núñez Feijóo gobernou con man de ferro durante os seus 14 anos á fronte da Xunta practica un mecanismo de reparto de contratos para produción externa que no sector é coñecido como ‘a cota’ e que consiste en que medios de comunicación galegos “realizan programas para a televisión pública galega e cobran un fixo anual por iso”.

Mais segundo elDiario.es, no caso que atinxe a esta información concreta se a empresa non dispuña deses cartos buscaba outras “limpas” ás que venderlle esa cota por un custe menor. Así, os informes da UDEF recollen textualmente que “dentro das dinámicas de interese se observou o peñor de dereitos de cobro futuro, en especial con CRTVG”.

Esta maneira opaca de proceder no proceso de contratación de produción allea, que dá conta da inexistencia de control por parte da dirección da CRTVG, lévanos a formular a seguinte pregunta:



Que hai de certo na publicación do xornal elDiario.es do 10 de novembro acerca da investigación da UDEF que implica directamente a CRTVG?

Pazo do Parlamento, 11 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 11/11/2022 12:10:59

Noelia Otero Lago na data 11/11/2022 12:11:13



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Paloma Castro Rey e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Festa do Gaitero en Soutelo de Montes no Concello de Forcarei, celebrouse o 20 de agosto, converteuse nun dos actos principais de homenaxe ao famoso gaitero Avelino Cachafeiro, coincidindo co 50 aniversario da súa morte.

O músico foi autor, entre outras moitas composicións, dunha das muiñeiras máis emblemáticas da cultura popular galega, a Muñeira de Chantada. Ademais, chegou a ser recoñecido como un dos mellores artistas da súa época, coincidindo e sendo homenaxeado por outros referentes da música ou da literatura. Co seu alcume de Gaitero de Soutelo, fixo xiras tanto por España como por América do Sur.

Esta *Festa do Gaitero de Soutelo* é considerada pola Xunta de Galicia como Festa de Interese Turístico Galego, ata o ano pasado recibía unha subvención por parte da Administración autonómica, pero este ano non contou con ningún tipo de subvención por parte do Goberno galego.

Por outra banda, a *Festa do Choco* celebrouse do venres 29 de abril ao domingo 8 de maio de 2022 no concello de Redondela. Os asistentes a esta festa gastronómica puideron degustar este exquisito cefalópodo durante eses días. Nesta festa, que comezou a celebrarse nos anos 80, a orixinalidade vese recompensada na elaboración de pratos cociñados con choco, que despois as persoas asistentes ao evento poden degustar de diversas formas.

Esta festa tamén está catalogada coma Festa de Interese Turístico Galego e neste ano 2022 non recibiu ningunha subvención por parte da Administración autonómica.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cales foron as Festas de Interese Turístico subvencionadas pola Xunta de Galicia este ano?

Pazo do Parlamento, 11 de novembro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Paloma Castro Rey

Martín Seco García

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 14/11/2022 10:57:31

Paloma Castro Rey na data 14/11/2022 10:57:39

Martín Seco García na data 14/11/2022 10:57:52



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

As denuncias relacionadas con delitos de odio por orientación sexual ou identidade de xénero aumentaron un 67,63 % con respecto a 2019, ano previo á pandemia de COVID-19, segundo os últimos datos achegados polo Ministerio do Interior. Este acusado incremento da LGTBIfobia que se intuía e temía en consonancia cos casos que se veñen coñecendo e vimos trasladando a preocupación neste Parlamento, confirman a necesidade de actuar. No ano 2021, un de cada catro delitos de odio investigados polas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado estiveron relacionados coa orientación sexual ou a identidade de xénero da vítima, un total de 466, o que supón un aumento de case o 70 % con respecto a 2019 (67,6 %) e 2020 (68,23 %). Eses delitos do que tiveron coñecemento as forzas e corpos de seguridade afectaron a 530 vítimas, das que ademais un 13 % eran menores de idade (47 mozas e 21 mozos).

A tendencia alcista da LGTBIfobia e contra a liberdade e dereitos fundamentais da sociedade confírmase a nivel estatal desde o ano 2014 e nunha problemática na que non podemos esquecer que existe un elevado nivel de infradenuncia que aínda que algo baixou se sitúa no 80 %. Tras esta preocupante problemática e tal e como vimos alertando dende o PSdeG-PSOE atopamos entre outras causas o aumento e normalización dos discursos de odio. En Galicia contamos coa Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, unha lei de mínimos que aínda así tal e como vimos denunciando as e os socialistas a súa posta en práctica quedou na maior parte das iniciativas nada máis que en papel mollado. Hai ademais un órgano impulsado e publicado no 2018 como é o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero que apenas conta con actividade propia.

Os colectivos que traballan na nosa comunidade na defensa dos dereitos das persoas LGTBI denuncian a escasa colaboración económica por parte do goberno da Xunta ao tempo que observamos que xunto á ínfima partida contemplada nos orzamentos o nivel de execución a data 30 de xuño era de 0 %.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego deste nivel de execución orzamentaria?

Pazo do Parlamento, 11 de novembro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 14/11/2022 10:54:24

Julio Torrado Quintela na data 14/11/2022 10:54:32

Marina Ortega Otero na data 14/11/2022 10:54:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O tempo de Nadal é de celebración colectiva que sobrepasa a motivación relixiosa cristián. Trátase dunha celebración agraria relacionada coas colleitas e co minguar da forza da luz solar e a esperanza do seu renacer. A aparición do inverno coma tempo de descanso produtivo da nai terra motivou sen dúbida celebracións relacionadas co solsticio de inverno coma contraposición á festa da plena potencia solar do San Xoán, anunciadora de colleitas e fartura de alimento.

Con toda seguridade, a expansión do cristianismo e a superposición e cristanización das festas e celebracións colectivas anteriores fixo que este situase o nacemento do seu salvador en plena festa da luz, facendo dese neno un sol pequeno que encarnaría a esperanza.

Sexa como queira que fose, o certo é que este tempo en cuestión, o Nadal, está cheo de ritos precristiáns e suscitou unha música e poesía popular de enorme valor cultural, musicolóxico e folclórico. Pódese afirmar sen temor ó ridículo ou á esaxeración que o folclore nadaleño galego é dos máis ricos, abundantes e fermosos desta común Europa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cóntanse por centenares as melodías e as letras de panxoliñas, nadais e cantos de reis que ata mediados do século pasado corrían de boca en boca e de casa en casa no rural e nas vilas galegas coma xeito de liturxia medio cristiá e medio pagá. Cuadrillas de mozos e mozas percorrían as casas da parroquia propia e das veciñas a noite de Nadal e/ou a noite de Reis anunciando a boa nova do nacemento do Neno e moitas das letras cantadas aludían á luz e ó sol ou a unha viaxe de raíz cósmica. O costume permaneceu vivo ata a década dos setenta do pasado século.

Logo, o inicio da comunicación masiva, certo pailanismo e máis a conversión do Nadal nun feito comercial consumista deron paso ó decaemento e ó esquecemento destes sinais de identidade.

Este xeito de esquecemento e substitución non foi so aquí, trátase dun proceso de aculturación e de dominio da propaganda comercial que en Galiza é máis acusado por aquilo do autoodio identitario con raíces máis fondas e complexas.

O caso é que as músicas e cántigas que adobían na actualidade o Nadal en Galiza nada teñen a ver co noso nin coa nosa riqueza. É máis, o descoñecemento desa riqueza musical é o feito máis destacable neste tema.

Cóntanse por centenares as pezas que a tradición gardou neste noso país galego e que figuran nas coleccións particulares de moitos compiladores de folclore.

destacar un feito curioso e singular. Son as panxoliñas cancións escritas en lingua propia e melodías tamén de raíz popular, mais, curiosamente, moitas delas de clara composición culta. E así cantadas polas xentes sinxelas do rural, atopabamos pezas con destacada polifonía de posible autoría dos mestres de capela das principais catedrais do país, que posiblemente compuxesen por encarga para actos relixiosos deste tempo do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ano e que dado o matiz agrario da festividade bebían nas fontes da tradición musical nacional galega e reducían as letras ó feito agrario das familias labregas.

*Imos levar unha pouca roupiña,
tres polas, dous galos, mais unha galiña,
un añaño, dúas pombas sin pel,
tres rulas ó xeito e un tarro de mel.*

Ou

*Levareille, logo, este mantelo,
anque, afellas, boa falla me fai,
e un roxelo de bo pelo
pra que faga bos caldos súa mai.*

Os Nadais e os Cantos de Reis son, pola contra, letras en castelán que conteñen, xeralmente, relatos das viaxes que a biblia conta. Posiblemente compostos por clérigos, expándense con melodías sinxelas que varían segundo as zonas e comarcas. Estes cantos, que se acompañaban moitas veces con gaita de fol recordan os cantos gregorianos polos seus mordentes e floreos. Son cantos de relación social, as cuadrillas van de casa en casa pedindo o aguinaldo que ven sendo unha ofrenda nun rito de fecundidade e benzón que o impregna todo (en xaneiro comeza a labra en moitas comarcas de Galiza).

Os temas dos Nadais e dos Cantares de Reis versan arredor da viaxe de Xosé e María de Nazaret a Belén, dos Reis Magos desde o Oriente Fértil ata Belén, ou de Xosé, María e o neno na fuxida a Exipto. É de destacar que estas viaxes non teñen regreso polo mesmo camiño e si logo de chegados á meta emprenden unha nova ruta a xeito de circunvalación cósmica.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A riqueza e calidade deste folclore contrasta coa ignorancia e pouco aprecio que se lle da desde as esferas da Cultura oficial e conta tamén cos reparos dalgúns sectores sociais pola súa marcada color cristián. Consumimos querendo ou sen querer o Jingle Bells norteamericano ou o Noche de Paz europeo ata o aburrimiento pero é ben difícil escoitar pola rúa ou nos centros comerciais con música nadaleñá algún vilancico, panxola ou cantar en galego.

E sen embargo existen fermosas gravacións de panxoliñas galegas e de cantos de Nadal e Reis e hai compilacións moi interesantes con centenares de pezas recollidas do pobo que é urxente poñer en circulación, polo patrimonio inmaterial que representan e polo matiz identitario e cultural que supoñen.

A recuperación, divulgación e normalización destes cantos é traballo a facer pola consellería de cultura en apoio a agrupacións e entidades culturais interesadas na conservación e divulgación deste folclore.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas pensa tomar o goberno galego para sacar do esquecemento a música galega de Nadal e promover a súa divulgación?

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2022

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/11/2022 13:45:23

Mercedes Queixas Zas na data 14/11/2022 13:45:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Manuel Lourenzo Sobral e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado domingo 6 de novembro produciuse un grave incendio nas instalacións da antiga fábrica da Pontesa en Ponte Sampaio (concello de Pontevedra), que provocou unha grande alarma social, unha situación de risco, importantes danos materiais e a irreparábel e dramática perda dunha vida humana, a do traballador da empresa Nogar Benito González, así como dúas persoas máis feridas.

Transcorrida máis de unha semana do sinistro, as condicións das instalacións aínda son de grande inflamabilidade e é necesaria a presenza continua do servizo de bombeiros para humedecer e arrefriar a grande cantidade de gran acumulado. E están por ver aínda as consecuencias devastadoras do incendio na cuberta do edificio, pola presenza de amianto e os riscos derivados da súa queima e propagación.

Por outra parte, tanto nas instalacións da antiga Pontesa como nas da antiga fábrica da Cross na Xunqueira de Alba estanse desenvolvendo actividades de almacenaxe e transporte de materiais procedentes do Porto de Marín (cereais) ou relacionados coa actividade industrial de ENCE (grandes cantidades de madeira-biomasa) . Estas actividades prodúcense en contornas urbanas e naturais nas que provocan fortes impactos, polo que se debería estudar o seu traslado a outros emprazamentos máis axeitados para o desenvolvemento de actividades industriais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con toda a cautela que require a situación derivada do incendio da antiga Pontesa, a información dispoñíbel é a seguinte:

1) As instalacións da antiga Pontesa, propiedade da empresa ITAIPU TRADE SL, están situadas en dominio público marítimo terrestre e foron obxecto dunha prórroga extraordinaria da concesión, outorgada en 2017 polo goberno central, e que foi anulada pola Audiencia Nacional en marzo de 2022 logo do recurso contencioso administrativo presentado polo concello de Pontevedra. A legalidade da concesión está pendente da decisión do Tribunal Supremo.

2) Desde o ano 2018 as naves de Pontesa eran utilizadas pola empresa GALIGRAIN, filial do GRUPO NOGAR, para a almacenaxe de grandes cantidades de cereal que entran en Galiza através do Porto de Marín. Segundo fontes da empresa, nas instalacións da Pontesa almacenábanse unhas 42.000 toneladas de cereais, principalmente cebada e produtos de xirasol.

3) Segundo fontes municipais, as instalacións non contaban con licenza de actividade nin coas mínimas garantías de seguridade e saúde laboral. Nas naves non había acceso a auga nin hidrantes a dispor do servizo de bombeiros, nin medidas para garantir unhas condicións axeitadas de temperatura e humidade.

4) Segundo un comunicado feito público pola empresa, as instalacións contaban con “todos os permisos e protocolos de seguridade e prevención de riscos laborais necesarios, incluídas medidas antiincendios”. Nalgunhas informacións xornalísticas tamén se daba conta da existencia dunha autorización da Xunta á empresa NOGAR para a almacenaxe de cereais nas instalacións da fábrica da antiga Pontesa.

5) Dada a extrema gravidade dos feitos acontecidos, hai en curso varias actuacións na vía administrativa e xudicial:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- O concello de Pontevedra informou a outras administracións sobre a situación irregular das instalacións e instou a adopción das medidas oportunas por parte da Axencia para a protección da Legalidade Urbanística (APLU) e Costas, por tratarse de terreos de servidume marítimo terrestre.
- A Brigada da Policía Científica está a realizar un informe sobre a orixe e as causas do incendio, que deberá enviar ao xulgado . E tamén hai un atestado en curso por parte da Policía Xudicial, que inclúe información sobre o estado das naves e as consecuencias do sinistro.
- A Inspección de Traballo tamén está a realizar un informe sobre as condicións de seguridade e saúde das instalacións. E ademais restrinxiu o acceso e obrigou a facelo con traxes de protección pola presenza de amianto en suspensión. E hai tamén expediente en marcha por parte do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galiza (ISSGA).

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Concedeu a Xunta autorización ao grupo NOGAR para a almacenaxe de cereais nas instalacións da antiga Pontesa?

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Manuel Lourenzo Sobral
Alexandra Fernández Gómez





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 15/11/2022 13:42:23

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/11/2022 13:42:28

Alexandra Fernández Gómez na data 15/11/2022 13:42:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de avaliar o goberno o desenvolvemento do proxecto de fomento do uso da lingua galega en 2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 8 de abril de 2022 o Secretario xeral de política lingüística comparecía no Parlamento galego para avanzar as liñas de actuación da SXPL para o ano 2022.

Neste sentido, confirmaba a continuidade do convenio para o Proxecto Nós iniciado en 2021, a creación do novo repositorio de proxectos dixitais e presenciais en lingua galega, TeCe Redes en galego, dirixido aos máis novos, a continuación da programación da Rede de Dinamización Lingüística ou a creación da primeira colección de manuais dirixida á mocidade no marco do Plan de Dinamización da lingua galega para o Deporte.

A atención aos neofalantes, igualdade de xénero, lusofonía, toponimia, xustiza, empresas, proxectos de investigación, accións dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega ou programación de actividades e materiais arredor das Letras Galegas son, entre outras, as liñas de acción nas que a Secretaría Xeral de Política Lingüística seguiría traballando en 2022, segundo afirmaba o secretario xeral nesta cámara.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Camiño da fin de ano, e como punto de partida para o ano 2023, no grupo parlamentario do BNG entendemos que cómpre avaliar o proxecto desenvolvido polo goberno ao redor do obxectivo de fomento da lingua galega, ampliando os seus espazos de uso social no camiño da recuperación da igualdade lingüística.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que avaliación fai o goberno do desenvolvemento do proxecto de fomento do uso da lingua galega en 2022?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 16/11/2022 09:33:15

Daniel Castro García na data 16/11/2022 09:33:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 16/11/2022 09:33:31





A Mesa do Parlamento

Marisol Díaz Mouteira, José Manuel Balseiro Orol, Ramón Carballo Páez, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Begoña Freire Vázquez e Belén Salido Maroño, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para o súa resposta oral en Pleno**.

Có obxectivo de axudar aos concellos no exercicio das súas competencias en materia de xestión de residuos, a sociedade pública Sogama leva tres anos aplicando unha bonificación do 10% do canon que abonan as entidades locais.

Para acceder a este incentivo, os concellos deben solicitalo e deben acreditar ao remate do ano ter cumprido os dous condicionantes esixidos: promover a redución da produción de residuos e/ou incrementar a reciclaxe dos envases lixeiros, así como trasladar a bonificación ao recibo que abonan os veciños e veciñas.

Esta bonificación enmarcase no apoio que vén demostrando o Goberno galego aos concellos para facilitar o cumprimento das súas obrigas en materia de xestión dos residuos urbanos.

Agora, e tendo en conta a situación de incerteza económica actual, esa bonificación elevarase ata o 15% no 2023 para os municipios que ademais destes requisitos asuman o compromiso de introducir a recollida separada dos biorresiduos antes do 31 de decembro de 2023.

Dada a importancia que teñen este tipo de medidas, que teñen como obxectivo impulsar a xestión moderna e eficiente dos residuos e para axudar aos galegos e galegas, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cantos concellos teñen solicitado e acreditado nos últimos tres anos a bonificación impulsada por Sogama do 10% do canon que abonan as entidades locais?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2022 13:09:44
Nº Rexistro: 43878
Data envío: 16/11/2022 13:09:44.279

Asinado dixitalmente por:

María Sol Díaz Mouteira na data 16/11/2022 12:52:28

José Manuel Balseiro Orol na data 16/11/2022 12:52:48

Ramón Carballo Páez na data 16/11/2022 12:53:02

Rubén Lorenzo Gómez na data 16/11/2022 12:53:15

Carmen María Pomar Tojo na data 16/11/2022 12:53:27

Freire Vázquez, María Begoña na data 16/11/2022 12:53:44

María Belén Salido Maroño na data 16/11/2022 12:53:54

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-h9lqZcRaj-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Encarnación Amigo Díaz, Corina Porro Martinez, Noelia Pérez López, Rosalía López Sánchez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Pleno**.

A Consellería de Sanidade leva tempo apostando pola renovación do sistema público de saúde de Galicia, tanto no ámbito das infraestruturas como no ámbito do equipamento sanitario.

Nos últimos anos vimos como se puxeron en marcha novas instalacións hospitalarias como o Álvaro Cunqueiro, como se está a levar a cabo a renovación e construción de novos centros de saúde ó longo do territorio galego e como se merca o equipamento máis punteiro do mercado.

Nunha destas compras o Servicio Galego de Saúde adquiriu 7 novos sistemas de cirurxía robótica para todo o sistema sanitario galego, instalándoos nos hospitais de referencia das distintas áreas sanitarias.

A adquisición destes robots ten suposto para a Xunta un investimento de máis de 56 millóns de euros para a súa adquisición, instalación, mantemento e material para o seu funcionamento. O seu obxectivo fundamental é o de facilitar a abordaxe de determinadas patoloxías que sen esta tecnoloxía serían, en moitos casos, imposibles de tratar pola dificultade de acceso a determinados lugares anatómicos aos que si chegan os brazos do robot.

Estamos ante un novo avance na sanidade pública galega, que incorpora deste xeito unha tecnoloxía punteira, xa que se trata do último modelo neste tipo de robots, cun importante investimento non só na compra, se non no mantemento que precisan.





Por todo o anteriormente exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

Cal é o balance de actividade dos equipos de cirurxía robotizada no sistema sanitario público de Galicia desde a súa posta en marcha?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2022.

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 16/11/2022 13:43:19

María Corina Porro Martínez na data 16/11/2022 13:43:44

Noelia Pérez López na data 16/11/2022 13:43:57

López Sánchez, Rosalía na data 16/11/2022 13:44:14

José Alberto Pazos Couñago na data 16/11/2022 13:44:27

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 16/11/2022 13:44:40

María Elena Suárez Sarmiento na data 16/11/2022 13:44:54



Á Mesa do Parlamento

Encarnación Amigo Díaz, Corina Porro Martinez, Noelia Pérez López, Rosalía López Sánchez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Pleno**.

O Servizo Galego de Saúde, da man da Axencia Galega en Saúde, levan tempo apostando pola compra pública innovadora (CPI) como ferramenta de política de innovación do lado da demanda, constituíndo unha iniciativa moi potente para o desenvolvemento de mercados innovadores a través da contratación pública.

Dende este grupo entendemos que os obxectivos da CPI son mellorar os servizos públicos no ámbito sanitario; fomentar a innovación empresarial; impulsar a internacionalización e a comercialización da innovación e facilitar o desenvolvemento conxunto de produtos ou servizos innovadores.

É por iso que dentro deste paraugas da CPI lévanse promovido diferentes iniciativas de carácter innovador entre as que destaca o XEDOSE (xestión da dosimetría).

A existencia deste sistema permite crear un historial dosimétrico personalizado para cada doente, figurando nese expediente probas como un TAC ou unha radiografía. Permitindo así optimizar ó máximo a dose, é dicir, dar a cada doente o mínimo posible que permita o diagnóstico.

Tendo en conta o anteriormente exposto, o deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:





Como vai mellorar o sistema XEDOSE de xestión da dosimetría o tratamento dos usuarios do sistema público de saúde de Galicia?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2022.

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 16/11/2022 14:04:36

María Corina Porro Martínez na data 16/11/2022 14:04:52

Noelia Pérez López na data 16/11/2022 14:05:03

López Sánchez, Rosalía na data 16/11/2022 14:05:30

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 16/11/2022 14:05:41

José Alberto Pazos Couñago na data 16/11/2022 14:05:50

María Elena Suárez Sarmiento na data 16/11/2022 14:06:09

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Encarnación Amigo Díaz, Corina Porro Martinez, Noelia Pérez López, Rosalía López Sánchez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral en pleno**.

O desenvolvemento das novas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) mudaron a sociedade actual, converténdose nunha ferramenta de uso diario.

A saúde pública, como o resto das disciplinas, ten a obriga de modernizarse e avanzar, adaptándose ás necesidades e esixencias da sociedade actual.

A innovación permitirá unha mellor xestión do coñecemento en saúde pública e unha maior interacción coa cidadanía así como a optimización dos recursos e o desenvolvemento de novos retos na prevención e detección.

Un exemplo disto son os avances en realidade virtual, a realidade aumentada, os videoxogos ou as aplicacións para móbiles, as cales mostran novos modelos de comunicación e educación que se poden extrapolar a outros ámbitos como o da saúde.

Esta evolución caracterízase por un maior protagonismo da persoa xa que implica unha participación activa e permite a creación de perfís individuais de consumo, a interacción social e a aprendizaxe cooperativa.





Tendo en conta que Galicia é pioneira en procesos de dixitalización no ámbito sanitario como ca posta en marcha da historia clínica electrónica única (IANUS) no 2002, resulta de vital importancia que ese proceso de dixitalización se estenda tamén a eidos relacionados coa saúde pública como a sanidade ambiental, a epidemioloxía, os programas de prevención da enfermidade ou a promoción de hábitos saudables.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

Cales son as medidas que esta a levar a cabo a Xunta de Galicia no ámbito da dixitalización da saúde pública?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2022.

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 16/11/2022 14:13:43

María Corina Porro Martínez na data 16/11/2022 14:13:57

Noelia Pérez López na data 16/11/2022 14:14:12

López Sánchez, Rosalía na data 16/11/2022 14:14:25

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 16/11/2022 14:14:36

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 43886
Data envío: 16/11/2022 14:18:58.920

María Elena Suárez Sarmiento na data 16/11/2022 14:14:49

José Alberto Pazos Couñago na data 16/11/2022 14:15:06

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-h9lqZcRaj-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Encarnación Amigo Díaz, Corina Porro Martinez, Noelia Pérez López, Rosalía López Sánchez, Alberto Pazos Couñago e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **pleno**.

A través da Lei de Orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2022, a Xunta de Galicia creou 28 novas prazas de farmacéuticos de atención primaria, sumando un total de 100.

A este importante equipo de profesionais encomendou a tarefa de renovar a medicación de doentes crónicos en caso de non poder conseguir cita, na liña co establecido na carteira de servizos para o persoal farmacéutico de atención primaria aprobada en novembro de 2021 polo Consello Técnico de Atención Primaria, que incidía no seu papel en ámbitos como a revisión da medicación de pacientes, a conciliación da medicación, o seguimento das analíticas ou o control da adherencia terapéutica.

Ademais, dispúxose dun continxente de efectivos farmacéuticos de atención primaria que prestaron asistencia telefónica de xeito centralizado desde a central do 061 aos doentes de aqueles centros de saúde con máis necesidade de apoio.

O pasado 22 de setembro, a Comisión de Sanidade deste Parlamento aprobou unha iniciativa do Grupo Popular que lamentablemente non contou co apoio dos grupos da oposición e que, entre os seus puntos incluía o seguinte: “Consolidar a habilitación do persoal farmacéutico de atención primaria para a renovación da medicación de doentes crónicos previamente indicada prescrita, así como demandar do Goberno central





que esta capacidade se blinde legalmente en toda España a través de normativa estatal”.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Cal é resultado do reforzo de persoal farmacéutico efectuado na atención primaria galega durante o ano 2022?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2022.

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 16/11/2022 14:22:02

María Encarnación Amigo Díaz na data 16/11/2022 14:22:17

José Alberto Pazos Couñago na data 16/11/2022 14:22:50

María Corina Porro Martínez na data 16/11/2022 14:23:02

Noelia Pérez López na data 16/11/2022 14:23:15

López Sánchez, Rosalía na data 16/11/2022 14:23:26

María Elena Suárez Sarmiento na data 16/11/2022 14:23:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo e Manuel Lourenzo Sobral, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesaria ampliación do CPI As Mirandas do concello de Ares.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A resultas dunha iniciativa do G.P. do BNG a Comisión 4ª do Parlamento Galego adoptou o 7 de maio do ano 2021, e por unanimidade, o seguinte acordo ao respecto da demanda da comunidade escolar do CPI As Mirandas, en Ares:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a que solicite ao Concello de Ares que realice na maior brevidade de tempo posible a obra de acondicionamento da parcela prevista. Unha vez realizada, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, comprométese a licitar, proxectar, contratar e iniciar a obra de ampliación de maneira prioritaria, coa finalidade de dispoñer das novas instalacións canto antes.”

Pois ben, as obras que debía realizar o Concello están feitas e observamos con preocupación que no proxecto de orzamentos para o ano 2023 non se inclúe previsión ningunha para o CPI As Mirandas.

Lembramos que a situación que motivou ese acordo parlamentar, e que viña sendo denunciada con anterioridade pola comunidade educativa do centro, é o feito de estar usando barracóns para dar aulas de infantil, unha situación que se prolonga desde o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ano 2008, e que todos os grupos políticos considerábamnos que había que corrixir de xeito inmediato.

Aquela coincidencia de criterio, cando menos naquela altura, fai que sexa inexplicábel e absolutamente intolerábel, que a Xunta de Galiza desatenda a súa obriga como goberno galego de garantir unhas condicións dignas nos centros de ensino, e desatenda ao mesmo tempo o acordo parlamentar.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando ten pensado a Xunta de Galiza iniciar as obras de ampliación do CPI As Mirandas do Concello de Ares?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 16/11/2022 16:11:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 16/11/2022 16:11:14



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

En recentes datas a Dirección da Consellería de Sanidade vén de anunciar a intención de solventar o problema das ausencias de profesionais nos PAC, especialmente ocorrente nalgúñas comarcas concretas, coa formación de profesionais de enfermería para substituír estas ausencias de médicos.

Esta medida foi anunciada de maneira piloto no área sanitaria de Pontevedra – O Salnés, que está sendo a principal afectada pola non cobertura de baixas dos PAC e que está vendo como os centros de urxencias hospitalarias levan quedando descubertos dende o inicio do verán de maneira repetida, e a pesares dos constantes anuncios do goberno da Xunta de medidas que resolverían a situación e que parecen non ser eficientes, como tantas outras.

A medida proposta non consta que fose consensuada ou dialogada coas entidades profesionais e cos representantes dos traballadores do Sergas, así como tampouco foi anunciada ou proxectada nas diferentes oportunidades que dende o propio goberno existen, como tampouco está formulada nos estudos e análises nos que o goberno afirma basearse para a súa toma de decisións. O antecedente que se coñece é unha decisión semellante tomada na Comunidade Autónoma de Madrid, que contou coa contestación e reprobación dos colexios profesionais e especificamente co rexeitamento do propio colectivo de enfermería.

A situación que se pode provocar con esta proposta é dunha enorme inseguridade legal e xurídica para a enfermería, que tería unhas responsabilidades clínicas que non lles corresponden e sobre as que non teñen a obriga de asumir decisións.

Resulta paradóxico que Galicia, que foi a penúltima Comunidade Autónoma de Galicia de toda España en dotar de recursos e habilitacións formais ás enfermeiras para desenvolver as capacitacións que lle foron atribuídas dende 2018 coa reforma estatal do Real decreto 1675/2012 (tres anos e medio de demora en Galicia), implique agora que deben asumir funcións do colectivo de facultativos ante a ausencia destes.



A vía de resolución do conflito debe estar en dotar dos medios necesarios e debidos aos centros de atención primaria, coas condicións laborais merecidas e coa dotación de recursos axeitados.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera realmente o Goberno de Galicia que cubrir a ineficiente cobertura de prazas de médicos do sistema de saúde coa substitución destes por persoal de enfermería é unha decisión que garante a calidade asistencial?

Pazo do Parlamento, 16 de novembro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 16/11/2022 16:20:29

Marina Ortega Otero na data 16/11/2022 16:20:37





Á Mesa do Parlamento

Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Encarnación Amigo Díaz, Corina Porro Martinez, Noelia Pérez López, Rosalía López Sánchez, Alberto Pazos Couñago e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral en Pleno**.

O proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas que acompaña ao proxecto de Orzamentos da Xunta para 2023 introduce unha importante novidade no desenvolvemento dos programas en materia de saúde pública.

Así, esta norma modifica o artigo 107 da Lei 8/2008 de saúde de Galicia para prever a creación dun Centro Galego para o Control e Prevención das Enfermidades como órgano técnico especializado, responsable do asesoramento e coordinación das estratexias e políticas de saúde pública no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, regulando os seus obxectivos e funcións.

O grupo parlamentario Popular respalda a creación de dito centro, por canto significa o cumprimento dos mandatos das comisións creadas para o estudo de medidas a tomar trala pandemia da COVID-19 tanto no Congreso dos Deputados coma neste Parlamento e que defendían un reforzo neste eido.

Así, o ditame da Comisión do Congreso dos Deputados sinalaba no punto 21 das súas conclusións no eido sanitario o seguinte: “21. Fortalecer as estruturas e os servizos de Saúde Pública tanto a nivel central como nas comunidades autónomas”, concretando a necesidade de “Desenvolver a nivel das comunidades autónomas estruturas de saúde pública dotadas





dos medios humanos, tecnolóxicos e os recursos orzamentarios necesarios para o desempeño eficaz das súas funcións, tanto de vixilancia epidemiolóxica, como de manexo dos sistemas de información e de protección y promoción da saúde”.

Nese sentido, a Lei recolle estas recomendacións prevendo que este Centro funcione como “estrutura de xestión compartida entre a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde” e así foi presentado o pasado 17 de outubro aos xefes de Medicina Preventiva e Saúde Pública das sete áreas sanitarias por parte do conselleiro de Sanidade.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

Cales son as principais liñas estratéxicas que a Xunta de Galicia vai desenvolver a través do futuro Centro Galego para o Control e Prevención das Enfermidades?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2022.

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 16/11/2022 16:54:02

María Encarnación Amigo Díaz na data 16/11/2022 16:54:28

María Corina Porro Martínez na data 16/11/2022 16:54:53

Noelia Pérez López na data 16/11/2022 17:00:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2022 17:14:00
Nº Rexistro: 43899
Data envío: 16/11/2022 17:14:00.332

López Sánchez, Rosalía na data 16/11/2022 17:04:04

José Alberto Pazos Couñago na data 16/11/2022 17:04:14

María Elena Suárez Sarmiento na data 16/11/2022 17:04:42

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-h9lqZcRaj-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Encarnación Amigo Díaz, Corina Porro Martinez, Noelia Pérez López, Rosalía López Sánchez, Alberto Pazos Couñago e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral en Pleno**.

A través primeiro do Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021 e posteriormente das prazas creadas na Lei de Orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2022 e no proxecto da mesma para o ano 2023, a Xunta de Galicia leva xa cinco exercicios incrementando as prazas de enfermaría na atención primaria galega.

Ese incremento das prazas vai acompañado dunha potenciación tamén das capacidades desta categoría profesional, na liña do mercado polo documento estratéxico 'Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde'.

Así, a Xunta está a traballar na potenciación da capacidade resolutiva da enfermaría de atención primaria, consolidando o seu papel de atención directa ao paciente a través do Sistema de Xestión Integrado de Demanda en Equipo (XIDE), desenvolvendo protocolos de práctica avanzada ou aumentando a capacidade de dispensación de fármacos a medida que as guías aprobadas polo Ministerio de Sanidade así o permiten.

Nese sentido, o Parlamento de Galicia aprobou en sesión plenaria o pasado 28 de setembro unha iniciativa do Grupo Popular para avanzar neste sentido, que pedía expresamente á Xunta "Continuar desenvolvendo a carteira de servizos para o persoal de enfermaría aprobada polo





Consello Técnico de Atención Primaria mediante a elaboración de protocolos avanzados de enfermmería que permitan aumentar ao máximo as competencias da enfermmería de atención primaria e faciliten que poida efectuar consultas de alta resolución.”

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas:

Que medidas está a levar a cabo a Xunta de Galicia para desenvolver o aumento das competencias da enfermmería de atención primaria?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2022.

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 16/11/2022 17:26:52

María Encarnación Amigo Díaz na data 16/11/2022 17:27:10

María Corina Porro Martínez na data 16/11/2022 17:27:30

Noelia Pérez López na data 16/11/2022 17:28:15

López Sánchez, Rosalía na data 16/11/2022 17:28:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2022 17:30:54
Nº Rexistro: 43900
Data envío: 16/11/2022 17:30:54.442

José Alberto Pazos Couñago na data 16/11/2022 17:29:17

María Elena Suárez Sarmiento na data 16/11/2022 17:29:35

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-h9lqZcRaj-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para reposta oral en Pleno**, sobre os Plans da Xunta de Galiza coa Torre de Caldaloba no concello de Cospeito.

Exposición de motivos

Despois de anos abandonada e reivindicada apenas polo movemento veciñal e asociativo da Terra Chá, a Xunta de Galiza amosou non só o interese senón a vontade de mercar a Torre de Caldaloba, no Concello de Cospeito.

Fíxoo logo de que a Deputación de Lugo a través da súa Vicepresidencia Primeira e responsábel da área de Cultura mercase unha parte da Torre e do predio no que se atopa.

Benvido sexa o interese suscitado por un vestixio patrimonial tan importante para a historia de Galiza como é o último reduto de resistencia da nobreza galega ao asedio dos Reis Católicos da man de Constanza de Castro (filla do marechal Pardo de Cela) e o seu home, Fernán Ares.

Ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego alédanos o interese por mercar a Torre da Xunta de Galiza mais tamén nos interesa coñecer os plans do Goberno galego para o futuro da Torre de Caldaloba e que pensa facer a partir da súa adquisición.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que pensa facer a Xunta de Galiza coa Torre de Caldaloba?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 16/11/2022 18:21:56

Mercedes Queixas Zas na data 16/11/2022 18:21:59



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O 8 de abril de 2022 a Xunta anunciou a construción dunha pasarela peonil que cruzaría a ría da Coruña desde a praia de Santa Cristina radicada no concello de Oleiros ata a outra beira da ría, situada no concello da Coruña. O proxecto, que costaría 8 millóns de euros, non foi consultado cos concellos afectados e polo que se coñece do mesmo ata o momento parece propio dunha concepción das infraestruturas xa superada e que vai en contra da máis moderna concepción das obras públicas (mínimo impacto ambiental e visual, integración na paisaxe e no medio, redución de custos, etc).

Investigadores do CICA da Coruña e do CSIC valoraron moi negativamente o proxecto, chegando a cualificalo de “aberración”. A asociación Mobiliza fixo pública a proposta alternativa de usar a parte inferior da Ponte da Pasaxe para conectar ambos lados da ría, a un coste moi inferior e cun impacto tamén moito máis pequeno, ademais de que podería servir para completar o paseo marítimo a ambos lados da ría.

A necesidade de mellorar a comunicación entre ambos lados da ría é un feito e unha demanda desde hai moito tempo, pero o anuncio dunha obra que parece mal concibida, excesivamente aparatosa e custosa e que, ademais, non parece que fose consultado con ninguén non é unha boa maneira de contribuír a satisfacer esa necesidade, que debería ademais enlazar e estar coordinada coas obras de rexeneración da ría que se están levando a cabo co impulso do Goberno do Estado, que a financia integramente, e cos plans para completar o paseo marítimo entre A Coruña e Culleredo.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, preguntan:

Considerou o Goberno de Galicia se hai alternativas que reduzan o impacto ambiental e visual e o elevado coste económico da pasarela entre ambos lados da ría da Coruña que anunciou este ano?

Pazo do Parlamento, 17 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 17/11/2022 10:24:56

Paloma Castro Rey na data 17/11/2022 10:25:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os recortes de prazas nos equipos de orientación específicos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai xa varias semanas que a comunidade educativa galega está a amosar a súa preocupación pola intención da Xunta de Galiza de amortizar as prazas de traballo social nos equipos de orientación específicos (EOE)

Estamos a falar de prazas que xogan un papel fundamental tanto para as familias como para o alumnado xa que implican o primeiro chanzo para determinar factores de risco na comunidade educativa.

No inicio do curso, unicamente a praza de traballo Social do Equipo de Orientación Específica da provincia de Lugo foi cuberta , ficando o resto de prazas do resto de provincias sen cubrir. No caso da praza do EOE de Ourense deixou de cubrirse despois da xubilación da titular e no caso da praza da Coruña a praza ficou deserta tralo falecemento da titular. A praza da provincia de Pontevedra nunca chegou a se cubrir.

Cómpre destacar que o Decreto 120/1998, de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia establece no seu artigo 5 que os Equipos de Orientación Específicos estarán compostos, entre outros profesionais, por un/ha traballador social e/ou educador social.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estamos a falar, polo tanto, dunha Xunta de Galiza que ademais de incumprir o establecido na lexislación vixente, está a amosar a máis absoluta insensibilidade polos problemas que está a padecer a comunidade educativa. Insensibilidade que xa amosou en varias ocasións neste mesmo parlamento cando se opuxo a iniciativas do BNG para reforzar os EOE que hoxe se evidencian máis necesarias ca nunca para afrontar os problemas que padece a comunidade educativa.

Problemas consecuencia da Covid -19 que día tras día se perciben nas aulas, máis tamén problemas derivados da situación económica e social que padecemos e que implican realidades de vulnerabilidade social, risco de pobreza, acoso e enfermidade mental fronte aos que dende o BNG entendemos non se deben aforrar esforzos.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Consellaría de Educación reforzar os EOE e a cubrir de xeito inmediato as prazas de traballo social que está a recortar en cada un dos equipos provinciais?

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/11/2022 10:48:41

Daniel Castro García na data 17/11/2022 10:48:45

Mercedes Queixas Zas na data 17/11/2022 10:48:55



Á Mesa do Parlamento

María Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A sobrecarga asistencial vivida nas últimas semanas nas Urxencias Pediátricas do Hospital Álvaro Cunqueiro, onde a finais de outubro alcanzaron un pico de 300 atencións en tan só unha xornada e acumulou esperas de máis de catro horas, puxo no punto de mira a necesidade de dotar de máis medios este servizo para que poidan funcionar mellor as tarefas como a triaxe e a asistencia, agora en mans de grandes profesionais que sofren a saturación pola falta de recursos. Esta é unha realidade que foi denunciada tanto por usuarios e usuarias como por profesionais nos últimos días. As persoas usuarias chegaron a asegurar que: “tan só se atendía por estrita orde de chegada, atopando na cola cativos e cativas con neumonía, crisis respiratorias ou por un golpe”.

A principios de novembro a Xerencia afirmaba que foi un problema puntual na triaxe debido a ausencia dunha profesional o que provocou un desaxuste na atención. Esta explicación foi criticada polos profesionais que destacaron que non se axusta á realidade, xa que de luns a venres pola mañá hai dúas enfermeiras, unha en boxes e unha en camas de observación e nese horario a triaxe non existe, por iso non se puido crear tal problema. O persoal sanitario non é o culpable dos colapsos que se están producindo na sanidade pública, o único culpable é o Sergas pola súa mala xestión.

O persoal lembrou que dende antes da apertura do *Hospital Álvaro Cunqueiro* o cadro de persoal era insuficiente, necesitando contratar todas as fins de semana persoal eventual non coñecedor do servizo, porque polas mañás hai tres zonas funcionado (boxes, camas e triaxe) e só figuran dúas enfermeiras.

A dirección do Cunqueiro solicitou colaboración de enfermería para abrir o servizo de triaxe e así poder atender as urxencias por prioridade e non por orde de chegada e para iso prometeron probar o funcionamento con persoal da unidade e se realmente funcionaba comprometíanse a ampliar o cadro. Sete anos despois, os e as profesionais denuncian que a triaxe só se está facendo nalgúns quendas a costa do persoal xa existente no servizo.

Esta problemática das urxencias pediátricas é outra consecuencia da ineficiente xestión en termos de recursos humanos, froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia.



Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Vai o Goberno galego incorporar inmediatamente o persoal de enfermaría necesario para poder levar a cabo a triaxe de doentes nas Urgencias Pediátricas do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo?

Pazo do Parlamento, 17 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 17/11/2022 11:15:45

Julio Torrado Quintela na data 17/11/2022 11:15:57

Marina Ortega Otero na data 17/11/2022 11:16:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O DOG do 27 de febreiro de 2020 publicou a resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola que se incoou o procedemento para declarar ben de interese cultural (BIC) o funicular de transporte aéreo de materiais Novo y Sierra en Valga (Pontevedra).

Na citada resolución facíase constar o seguinte:

Tendo en conta o contido da información achegada e o informe dos servizos técnicos desta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que conclúen que a instalación do funicular de transporte aéreo de materiais Novo y Sierra constitúe o único exemplo desta tipoloxía (a do transporte aéreo de materiais) que pode ser conservado, dunha tipoloxía industrial moi presente e relevante en Galicia, a da produción cerámica, e tomando en consideración a súa orixe en 1927, fan que sexa un exemplo único na Comunidade Autónoma, do cal existiron outros exemplos que non se conservan.

En consecuencia cos valores históricos e culturais do citado conxunto patrimonial a directora xeral de Patrimonio Cultural resolveu o seguinte

Primeiro. Incoar o procedemento para declarar ben de interese cultural o funicular de transporte aéreo de materiais Novo y Sierra en Valga (Pontevedra),





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conforme o descrito no anexo desta resolución e proceder cos trámites para a súa declaración.

Segundo. Ordenar que se anote esta incoación de forma preventiva no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia e que se comunique ao Rexistro Xeral de Bens de Interese Cultural da Administración do Estado.

Terceiro. Aplicar de forma inmediata e provisional o réxime de protección que establece a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, para os bens de interese cultural e para os bens mobles en particular. O expediente deberá resolverse no prazo máximo de vinte e catro (24) meses, desde a data desta resolución, ou producirase a súa caducidade e o remate do réxime provisional establecido.

Con posterioridade á incoación do procedemento e a aplicación do rexime de protección establecido na lei 5/2016, con data 27 de maio de 2020, Portos de Galicia e o concello de Valga asinaron un convenio “para a construción dun embarcadorio no término municipal de Valga (Pontevedra)”.

Na memoria do citado convenio sinálase o seguinte:

A entidade publica empresarial Portos de Galicia e o Concello de Valga teñen vontade de colaborar co fin de potenciar o valor natural e ambiental da zona de Valga de interese para Galicia e de promocionar o turismo náutico dentro e fora da nosa Comunidade Autónoma e a este efecto, acometen a construción de embarcadorio no término municipal de Valga (Pontevedra).

As obras ubicadas en dominio público marítimo terrestre consisten básicamente na rehabilitación do antigo embarcadorio, actualmente en ruínas, co fin de permitir o atraque de pequenas embarcacións turísticas que operan na Ria de Arousa co fin de atraer o fluxo turístico da zona.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As obras consisten na instalación dun pantalán de 24 m de lonxitude para pasaxe e o acondicionamento o acceso ás instalacións mediante un camiño de saburra.

Os traballos están formados polas seguintes actuacións:

Na zona do antigo embarcadoiro, realizarase un muro de cara vista de mampostería por diante do muro existente de ladrillo, que quedará enterrado, e procederase á realización dun pequeno recheo ata acadar a cota da explanada. Esta superficie, duns 316m2 pavimentarase con lastras de granito colocado con morteiro sobre unha base de formigón. Nesta zona colocaranse 5 bancos que servirán para delimitar o aparcamento. Instalaranse tamén unha varanda de protección de madeira e alcorques nas árbores que se manteñen na explanada

O camiño de acceso a estas instalacións realizarase mediante o estendido e compactado de saburra.

Como consecuencia do citado convenio, Portos de Galicia licitou as obras de construción do embarcadoiro, que supuxeron unha completa alteración do BIC incoado e a vulneración do rexime de protección.


Como se pode observar nas fotografías os restos do antigo embarcadoiro foron destruídos e a contorna de protección (no plano) completamente modificada e alterada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza





Cómpre ter en conta que o procedemento de incoación do BIC establecía o seguinte rexime de protección e salvagarda provisional:

7. Réxime de protección e salvagarda provisional.

A resolución de incoación do procedemento para declarar ben de interese cultural o inmóble determinará a aplicación inmediata, aínda que provisional, do réxime de protección previsto na presente lei para os bens xa declarados, segundo o artigo 17.4 e 17.5 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG) e complementariamente co establecido na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español (LPHE).

Este réxime implica a súa máxima protección e tutela, polo que a súa utilización quedará subordinada a que non se poñan en perigo os valores que aconsellan a súa conservación. Calquera intervención que se pretenda realizar nel deberá ser autorizada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, segundo proxectos elaborados por técnicos competentes e segundo os criterios legais establecidos (artigos 39 a 40 LPCG). Entre outras consideracións, o réxime implica:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– Autorización: as intervencións que se pretendan realizar terán que ser autorizadas pola Consellería de Cultura e Turismo e o seu uso quedará subordinado a que non se poñan en perigo os valores que aconsellan a súa protección, polo que os cambios de uso substanciais deberán ser autorizados pola citada consellería.

– Deber de conservación: as persoas propietarias, posuidoras ou arrendatarias e, en xeral, as titulares de dereitos reais sobre os bens, están obrigadas a conservalos, mantelos e custodialos debidamente e a evitar a súa perda, destrución ou deterioración.

– Acceso: *as persoas propietarias, posuidoras ou arrendatarias e, en xeral, as titulares de dereitos reais sobre os bens están obrigadas a permitir o acceso ao persoal habilitado para a función inspectora, ao persoal investigador e ao persoal técnico da Administración nas condicións legais establecidas. Este acceso poderá ser substituído para o caso de investigación polo seu depósito na institución ou entidade que sinala a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e que non poderá superar os dous meses cada cinco anos.*

– Comunicación: *as persoas propietarias, posuidoras ou arrendatarias e, en xeral, os titulares de dereitos reais están obrigadas a comunicar á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural calquera dano ou prexuízo que sufrisen e que afecte de forma significativa o seu valor cultural.*

– Visita pública: *as persoas propietarias, posuidoras, arrendatarias e, en xeral, titulares de dereitos reais sobre os bens de interese cultural especificamente declarados permitirán a súa visita pública gratuíta un número mínimo de catro días ao mes durante, polo menos, catro horas ao día, que serán definidos previamente.*

– Uso: *en calquera caso a protección do ben implica que as intervencións que se pretenda realizar terán que ser autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e que a súa utilización quedará subordinada a que non se poñan*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en perigo os valores que aconsellan a súa protección, polo que os cambios de uso substanciais deberán ser autorizados pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Á vista do acontecido, só se poden derivar dúas conclusións

- 1) Que as obras non contaron co coñecemento e autorización da dirección xeral de Patrimonio Cultural, o que constitúe un feito de extrema gravidade por tratarse dun ben cun rexime de protección do que derivaba “a máxima protección e tutela”.
- 2) Que a dirección xeral de patrimonio cultural autorizou as citadas obras, o cal constituiría un feito de extraordinaria gravidade e do que se derivarían responsabilidades.

No DOG do 30 de xuño de 2022 publicouse o decreto 114/2022 polo que se declara ben de interese cultural o funicular de transporte aéreo de materiais Novo y Sierra

Do contido deste decreto parece deducirse que a dirección xeral de Patrimonio Cultural si tivo coñecemento da alteración e destrución do ben, aínda que a descrición que se fai non se axusta ao realmente acontecido:

Durante a fase de incoación realizáronse traballos de valorización do conxunto que supuxeron a protección das estruturas existentes da zona de embarcadoiro integradas nun dique axustado á forma dos restos documentados e rexistrados.

A zona de embarcadoiro completaba o sistema de soporte de material cerámico cun cantil de forma poligonal cara ao río Ulla executado en fábrica de ladrillo, cun piar central que sostiña a última das rodas do sistema de xiro. A maior parte destes elementos foron desaparecendo co tempo e o seu precario estado de conservación e fragilidade exixiu a execución dun novo dique de protección adaptado á forma da ribeira orixinal.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

(...). Os restos das estruturas do embarcadoiro foron protexidas cun novo dique perimetral adaptado ás condicións xeométricas orixinais, despois da documentación e rexistro arqueolóxico de todos os elementos, de tal forma que se mantén o seu espazo e dimensións que permite a interpretación do seu sistema de funcionamento, de forma compatible con outros usos.

Resulta evidente, tal como se pode comprobar nas fotografías, que **as estruturas do embarcadoiro non foron protexidas, que a súa fisonomía e elementos foron completamente alterados e que a actual configuración do espazo non permite a interpretación do seu sistema de funcionamento xa que foi absolutamente transformado nun embarcadoiro para embarcacións turísticas.**

Estamos pois diante dun **gravísimo atentado contra o patrimonio, do que se deberán dar as pertinentes explicacións e derivar as correspondentes responsabilidades.**


Ademais de todo o relativo ao BIC, cómpre ter en conta o previsto na Declaración de Impacto Ambiental relativa ao proxecto de embarcadoiro en Valga, promovido por Portos de Galicia. Cómpre ter en conta que este documento iniciou a súa tramitación en 2013 e rematou en 2017, e que nos informes de diferentes departamentos -incluída a dirección xeral de Patrimonio Cultural- non se garantiu a protección e conservación da estrutura do antigo embarcadoiro. Considerando que en febreiro de 2020 se incoou o expediente de declaración BIC, e que o inicio deste procedemento é anterior á sinatura do convenio e á licitación das obras por parte de Portos, a consellaría de Cultura puido incorrer en deixación de funcións ou falta de control e vixilancia do impacto da actuación.


No ámbito do BIC, o concello de Valga está a tramitar o proxecto dun novo funicular de uso turístico coñecido como “o proxecto das vagonetas”. Segundo informacións de prensa, o proxecto ten un orzamento de 1.995.525,60 euros e prevé a



construción dun teleférico entre o río Ulla e a Mina Mercedes, cunha lonxitude aproximada de 1.100 metros, a urbanización das áreas próximas e a recuperación dos restos que se conservan da antiga liña de transporte de material cerámico.

O concello está a tramitar un Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións, no que se prevé unha modificación do ámbito definido no PXOM e a urbanización dos terreos protexidos polo BIC. A actuación prevista ten un forte impacto visual e unha incidencia directa no BIC e na Rede Natura 2000 río Ulla. Ademais, interfere con zonas habitadas, instalacións industriais e infraestruturas de comunicacións.





Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Informou favorablemente a dirección xeral de Patrimonio Cultural o proxecto do embarcadoiro no río Ulla promovido por Portos de Galicia, logo da incoación do expediente de declaración como Ben de Interese Cultural do funicular de transporte aéreo de materiais Novo y Sierra en Valga?

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 17/11/2022 12:10:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 17/11/2022 12:10:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O DOG do 27 de febreiro de 2020 publicou a resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola que se incoou o procedemento para declarar ben de interese cultural (BIC) o funicular de transporte aéreo de materiais Novo y Sierra en Valga (Pontevedra).

Na citada resolución facíase constar o seguinte:

Tendo en conta o contido da información achegada e o informe dos servizos técnicos desta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que conclúen que a instalación do funicular de transporte aéreo de materiais Novo y Sierra constitúe o único exemplo desta tipoloxía (a do transporte aéreo de materiais) que pode ser conservado, dunha tipoloxía industrial moi presente e relevante en Galicia, a da produción cerámica, e tomando en consideración a súa orixe en 1927, fan que sexa un exemplo único na Comunidade Autónoma, do cal existiron outros exemplos que non se conservan.

En consecuencia cos valores históricos e culturais do citado conxunto patrimonial a directora xeral de Patrimonio Cultural resolveu o seguinte

Primeiro. Incoar o procedemento para declarar ben de interese cultural o funicular de transporte aéreo de materiais Novo y Sierra en Valga (Pontevedra),





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conforme o descrito no anexo desta resolución e proceder cos trámites para a súa declaración.

Segundo. Ordenar que se anote esta incoación de forma preventiva no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia e que se comunique ao Rexistro Xeral de Bens de Interese Cultural da Administración do Estado.

Terceiro. Aplicar de forma inmediata e provisional o réxime de protección que establece a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, para os bens de interese cultural e para os bens mobles en particular. O expediente deberá resolverse no prazo máximo de vinte e catro (24) meses, desde a data desta resolución, ou producirase a súa caducidade e o remate do réxime provisional establecido.

Con posterioridade á incoación do procedemento e a aplicación do rexime de protección establecido na lei 5/2016, con data 27 de maio de 2020, Portos de Galicia e o concello de Valga asinaron un convenio “para a construción dun embarcadoiro no término municipal de Valga (Pontevedra)”.

Na memoria do citado convenio sinálase o seguinte:

A entidade publica empresarial Portos de Galicia e o Concello de Valga teñen vontade de colaborar co fin de potenciar o valor natural e ambiental da zona de Valga de interese para Galicia e de promocionar o turismo náutico dentro e fora da nosa Comunidade Autónoma e a este efecto, acometen a construción de embarcadorio no término municipal de Valga (Pontevedra).

As obras ubicadas en dominio público marítimo terrestre consisten básicamente na rehabilitación do antigo embarcadoiro, actualmente en ruínas, co fin de permitir o atraque de pequenas embarcacións turísticas que operan na Ria de Arousa co fin de atraer o fluxo turístico da zona.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As obras consisten na instalación dun pantalán de 24 m de lonxitude para pasaxe e o acondicionamento o acceso ás instalacións mediante un camiño de saburra.

Os traballos están formados polas seguintes actuacións:

Na zona do antigo embarcadoiro, realizarase un muro de cara vista de mampostería por diante do muro existente de ladrillo, que quedará enterrado, e procederase á realización dun pequeno recheo ata acadar a cota da explanada. Esta superficie, duns 316m2 pavimentarase con lastras de granito colocado con morteiro sobre unha base de formigón. Nesta zona colocaranse 5 bancos que servirán para delimitar o aparcamento. Instalaranse tamén unha varanda de protección de madeira e alcorques nas árbores que se manteñen na explanada

O camiño de acceso a estas instalacións realizarase mediante o estendido e compactado de saburra.

Como consecuencia do citado convenio, Portos de Galicia licitou as obras de construción do embarcadoiro, que supuxeron unha completa alteración do BIC incoado e a vulneración do rexime de protección.


Como se pode observar nas fotografías os restos do antigo embarcadoiro foron destruídos e a contorna de protección (no plano) completamente modificada e alterada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza





Cómpre ter en conta que o procedemento de incoación do BIC establecía o seguinte rexime de protección e salvagarda provisional:

7. Réxime de protección e salvagarda provisional.

A resolución de incoación do procedemento para declarar ben de interese cultural o inmóble determinará a aplicación inmediata, aínda que provisional, do réxime de protección previsto na presente lei para os bens xa declarados, segundo o artigo 17.4 e 17.5 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG) e complementariamente co establecido na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español (LPHE).

Este réxime implica a súa máxima protección e tutela, polo que a súa utilización quedará subordinada a que non se poñan en perigo os valores que aconsellan a súa conservación. Calquera intervención que se pretenda realizar nel deberá ser autorizada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, segundo proxectos elaborados por técnicos competentes e segundo os criterios legais establecidos (artigos 39 a 40 LPCG). Entre outras consideracións, o réxime implica:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– Autorización: as intervencións que se pretendan realizar terán que ser autorizadas pola Consellería de Cultura e Turismo e o seu uso quedará subordinado a que non se poñan en perigo os valores que aconsellan a súa protección, polo que os cambios de uso substanciais deberán ser autorizados pola citada consellería.

– Deber de conservación: as persoas propietarias, posuidoras ou arrendatarias e, en xeral, as titulares de dereitos reais sobre os bens, están obrigadas a conservalos, mantelos e custodialos debidamente e a evitar a súa perda, destrución ou deterioración.

– Acceso: *as persoas propietarias, posuidoras ou arrendatarias e, en xeral, as titulares de dereitos reais sobre os bens están obrigadas a permitir o acceso ao persoal habilitado para a función inspectora, ao persoal investigador e ao persoal técnico da Administración nas condicións legais establecidas. Este acceso poderá ser substituído para o caso de investigación polo seu depósito na institución ou entidade que sinala a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e que non poderá superar os dous meses cada cinco anos.*

– Comunicación: *as persoas propietarias, posuidoras ou arrendatarias e, en xeral, os titulares de dereitos reais están obrigadas a comunicar á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural calquera dano ou prexuízo que sufrisen e que afecte de forma significativa o seu valor cultural.*

– Visita pública: *as persoas propietarias, posuidoras, arrendatarias e, en xeral, titulares de dereitos reais sobre os bens de interese cultural especificamente declarados permitirán a súa visita pública gratuíta un número mínimo de catro días ao mes durante, polo menos, catro horas ao día, que serán definidos previamente.*

– Uso: *en calquera caso a protección do ben implica que as intervencións que se pretenda realizar terán que ser autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e que a súa utilización quedará subordinada a que non se poñan*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en perigo os valores que aconsellan a súa protección, polo que os cambios de uso substanciais deberán ser autorizados pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Á vista do acontecido, só se poden derivar dúas conclusións

- 1) Que as obras non contaron co coñecemento e autorización da dirección xeral de Patrimonio Cultural, o que constitúe un feito de extrema gravidade por tratarse dun ben cun rexime de protección do que derivaba “a máxima protección e tutela”.
- 2) Que a dirección xeral de patrimonio cultural autorizou as citadas obras, o cal constituiría un feito de extraordinaria gravidade e do que se derivarían responsabilidades.

No DOG do 30 de xuño de 2022 publicouse o decreto 114/2022 polo que se declara ben de interese cultural o funicular de transporte aéreo de materiais Novo y Sierra

Do contido deste decreto parece deducirse que a dirección xeral de Patrimonio Cultural si tivo coñecemento da alteración e destrución do ben, aínda que a descrición que se fai non se axusta ao realmente acontecido:

Durante a fase de incoación realizáronse traballos de valorización do conxunto que supuxeron a protección das estruturas existentes da zona de embarcadoiro integradas nun dique axustado á forma dos restos documentados e rexistrados.

A zona de embarcadoiro completaba o sistema de soporte de material cerámico cun cantil de forma poligonal cara ao río Ulla executado en fábrica de ladrillo, cun piar central que sostiña a última das rodas do sistema de xiro. A maior parte destes elementos foron desaparecendo co tempo e o seu precario estado de conservación e fragilidade exixiu a execución dun novo dique de protección adaptado á forma da ribeira orixinal.



(...). Os restos das estruturas do embarcadoiro foron protexidas cun novo dique perimetral adaptado ás condicións xeométricas orixinais, despois da documentación e rexistro arqueolóxico de todos os elementos, de tal forma que se mantén o seu espazo e dimensións que permite a interpretación do seu sistema de funcionamento, de forma compatible con outros usos.

Resulta evidente, tal como se pode comprobar nas fotografías, que **as estruturas do embarcadoiro non foron protexidas, que a súa fisonomía e elementos foron completamente alterados e que a actual configuración do espazo non permite a interpretación do seu sistema de funcionamento xa que foi absolutamente transformado nun embarcadoiro para embarcacións turísticas.**

Estamos pois diante dun **gravísimo atentado contra o patrimonio, do que se deberán dar as pertinentes explicacións e derivar as correspondentes responsabilidades.**

Ademais de todo o relativo ao BIC, cómpre ter en conta o previsto na Declaración de Impacto Ambiental relativa ao proxecto de embarcadoiro en Valga, promovido por Portos de Galicia. Cómpre ter en conta que este documento iniciou a súa tramitación en 2013 e rematou en 2017, e que nos informes de diferentes departamentos -incluída a dirección xeral de Patrimonio Cultural- non se garantiu a protección e conservación da estrutura do antigo embarcadoiro. Considerando que en febreiro de 2020 se incoou o expediente de declaración BIC, e que o inicio deste procedemento é anterior á sinatura do convenio e á licitación das obras por parte de Portos, a consellaría de Cultura puido incorrer en deixación de funcións ou falta de control e vixilancia do impacto da actuación.

No ámbito do BIC, o concello de Valga está a tramitar o proxecto dun novo funicular de uso turístico coñecido como “o proxecto das vagonetas”. Segundo informacións de prensa, o proxecto ten un orzamento de 1.995.525,60 euros e prevé a







OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

construción dun teleférico entre o río Ulla e a Mina Mercedes, cunha lonxitude aproximada de 1.100 metros, a urbanización das áreas próximas e a recuperación dos restos que se conservan da antiga liña de transporte de material cerámico.

O concello está a tramitar un Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións, no que se prevé unha modificación do ámbito definido no PXOM e a urbanización dos terreos protexidos polo BIC. A actuación prevista ten un forte impacto visual e unha incidencia directa no BIC e na Rede Natura 2000 río Ulla. Ademais, interfere con zonas habitadas, instalacións industriais e infraestruturas de comunicacións.





Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto a consellaría de Cultura informar favorabelmente o proxecto de construción dun novo funicular para uso lúdico e turístico no ámbito de protección do BIC?

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 17/11/2022 12:10:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 17/11/2022 12:10:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas que debe tomar a Xunta para evitar que se repitan os incendios na parcela da empresa Inversiones Castro Veira en Figueroa (Arteixo).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na parroquia de Figueroa, no concello de Arteixo, véñense producindo de forma reiterada, desde hai varios anos, sucesivos focos de incendio prolongados durante días e semanas, na interior da parcela da empresa Inversiones Castro Veira, que en diferentes ocasións teñen requirido da intervención dos bombeiros e mesmo do SEPRONA, tal e como ten manifestado o grupo municipal do BNG.

A parcela, coñecida como planta de compostaxe a partir da almacenaxe de restos de podas e masa forestal, vese afectada por estes incendios reiterados, que desprenden malos olores persistentes e afectan a saúde e benestar da veciñanza.

Esta situación de inseguridade, xunto á falta de resposta por parte do goberno municipal, está a crear indefensión na veciñanza da parroquia de Figueroa e das limítrofes, así como no polígono industrial de Sabón, quen demandan explicacións ante o feito de que arda materia orgánica ou que os camións sigan efectuando descargas pola noite e de madrugada, o que está a acrecentar a desconfianza da veciñanza ante a falta de información sobre a dedicación real da empresa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas ten activado o goberno galego para evitar que se repitan os incendios na parcela da empresa Inversiones Castro Veira en Figueroa (Arteixo) que prexudican gravemente a veciñanza?

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 17/11/2022 12:22:28

Xosé Luis Bará Torres na data 17/11/2022 12:22:38





A Mesa do Parlamento

Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suárez Sarmiento, José Luis Ferro Iglesias, María Felisa Rodríguez Carrera, Carlos Gómez Salgado e Moisés Rodríguez Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en pleno**.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación ten unha aposta clara pola Formación Profesional, tal e como se pode contrastar a través das diferentes iniciativas que se levan desenvolvido ao longo destes anos de goberno do Partido Popular.

A posta en valor da Formación Profesional en Galicia ten sido unha das máximas prioridades do Goberno galego nestes anos. O impulso dado á FP desde a Xunta de Galicia tense materializado en moi diversas accións e medidas, tanto desde o punto de vista normativo como organizativo.

A oferta de titulacións FP en Galicia gañou en prestixio e tamén axudou a satisfacer as expectativas de inserción laboral do alumnado. Hoxe podemos dicir que grazas a este esforzo se puido reverter a tendencia de decrecemento do alumnado que se matriculaba, ata o punto de que as matrículas en FP superan ás do Bacharelato.

Unha formación profesional que abriu unha nova liña de traballo ao implantarse a formación dual que se está desenvolvendo cun razoable éxito en colaboración e coa participación activa do tecido empresarial galego.

A Formación Profesional en Galicia conta cunha cifra récord de alumnos matriculados nas distintas modalidades e as oportunidades de inserción laboral destas ensinanzas.

Pódese dicir que a FP galega viviu unha “revolución silenciosa” que estivo marcada polo desenvolvemento de medidas orientadas a outorgar “prestixio, confianza e innovación” a estas ensinanzas. Neste avance foi fundamental a aposta pola FP Básica

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta:





Que medidas vai impulsar a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade, para seguir a avanzar na mellora da Formación Profesional Básica en Galicia nos vindeiros cursos?

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2022.

Asinado dixitalmente por:

Ovidio Rodeiro Tato na data 17/11/2022 13:26:04

Teresa Egerique Mosquera na data 17/11/2022 13:26:20

Rodríguez Pérez, Moisés na data 17/11/2022 13:26:33

Gómez Salgado, Carlos na data 17/11/2022 13:26:41

María Felisa Rodríguez Carrera na data 17/11/2022 13:26:51

María Elena Suárez Sarmiento na data 17/11/2022 13:27:06

José Luis Ferro Iglesias na data 17/11/2022 13:27:32





A Mesa do Parlamento

Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suárez Sarmiento, José Luis Ferro Iglesias, María Felisa Rodríguez Carrera, Carlos Gómez Salgado e Moisés Rodríguez Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en pleno**.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación ten unha aposta clara pola Formación Profesional, tal e como se pode contrastar a través das diferentes iniciativas que se levan desenvolvido ao longo destes anos de goberno do Partido Popular.

A posta en valor da Formación Profesional en Galicia ten sido unha das máximas prioridades do Goberno galego nestes anos. O impulso dado á FP desde a Xunta de Galicia tense materializado en moi diversas accións e medidas, tanto desde o punto de vista normativo como organizativo.

A oferta de titulacións FP en Galicia gañou en prestixio e tamén axudou a satisfacer as expectativas de inserción laboral do alumnado. Hoxe podemos dicir que grazas a este esforzo se puido reverter a tendencia de decrecemento do alumnado que se matriculaba, ata o punto de que as matrículas en FP superan ás do Bacharelato.

Unha formación profesional que abriu unha nova liña de traballo ao implantarse a formación dual que se está desenvolvendo cun razoable éxito en colaboración e coa participación activa do tecido empresarial galego.

A Formación Profesional en Galicia conta cunha cifra récord de alumnos matriculados nas distintas modalidades e as oportunidades de inserción laboral destas ensinanzas.

Pódese dicir que a FP galega viviu unha “revolución silenciosa” que estivo marcada polo desenvolvemento de medidas orientadas a outorgar “prestixio, confianza e innovación” a estas ensinanzas. Neste avance foron fundamentais a aposta pola oferta da modalidade para adultos, a formación a distancia, e a oferta modular de FP.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta oral:





Cal é a aposta da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para seguir a avanzar na mellora da FP de Adultos nos vindeiros cursos?

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2022.

Asinado dixitalmente por:

Ovidio Rodeiro Tato na data 17/11/2022 13:36:24

Teresa Egerique Mosquera na data 17/11/2022 13:36:43

María Elena Suárez Sarmiento na data 17/11/2022 13:36:55

José Luis Ferro Iglesias na data 17/11/2022 13:37:17

María Felisa Rodríguez Carrera na data 17/11/2022 13:37:30

Gómez Salgado, Carlos na data 17/11/2022 13:37:44

Rodríguez Pérez, Moisés na data 17/11/2022 13:37:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de promover un novo rumbo para o CDG e CCG por parte do goberno galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Bloque Nacionalista Galego ten denunciado nesta cámara o progresivo desmantelamento ao que, desde hai trece anos, o goberno do Partido Popular desde a Xunta de Galiza condena as institucións e organismos culturais públicos.

As partidas económicas dirixidas ao CDG, CCG e CGAI presentan unha acumulación progresiva de recortes que supuxeron unha parálise case total ou parcial no proxecto que define desde a súa xénese estas unidades de produción cultural.

O Partido Popular trazou unha folla de ruta baseada na falta de autonomía, de relevancia social, cultural, no abandono e desprestixio aos que foron sometendo, en diversos capítulos, as unidades de produción escénica da Xunta de Galicia, tanto o CDG coma o CCG.

Transcorridos trece anos de goberno o PP segue sen afrontar un proxecto sólido que reforce estes organismos públicos dependentes da AGADIC nin tampouco cumprir os anuncios reiterados como é a dotación da praza de dirección para o CGAI, actualmente vacante desde hai varios anos por mor da xubilación do anterior director.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O CCG perdeu a figura de dirección como unidade de produción singular, substituído por un departamento que une música e danza, restándolle importancia a ambas disciplinas, relegando a un plano marxinal as artes do movemento e cun orzamento para 2023 de 100.000 euros, máis baixo aínda que en 2022.

A isto súmase recentemente un novo capítulo de desprestixio das artes escénicas: o da censura do título da obra no material promocional do espectáculo Recortes, caneos e outras formas de driblar o día da súa estrea. Unha falta de respecto perversa, asentada na suposta capacidade de intervir ideoloxicamente na actividade dun órgano creativo coma o CDG.

Á vista do proxecto de orzamentos que o PP presenta para 2023 fica confirmado que o labor dos órganos de creación cultural públicos segue sen ser unha prioridade na acción de goberno e aínda distan moito do investimento de 2009.

No Grupo Parlamentar do BNG entendemos que é urxente promover un novo rumbo para o CCG, CGAI e para o CDG, con plenas garantías de medios, estrutura xurídica e promoción social, adaptadas ás esixencias da xestión cultural do século XXI e ás oportunidades dos grandes valores das nosas artes escénicas e audiovisuais.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que pretende a Xunta de Galiza co CCG e o CDG?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 17/11/2022 16:14:16

Daniel Castro García na data 17/11/2022 16:14:20

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/11/2022 16:14:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os problemas na infraestrutura do centro de saúde de Narón.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro de saúde de Narón, que o presidente Feijoo inaugurou a bombo e prato o 16 de xullo do ano 2021, comezou a dar problemas desde o mesmo momento da súa entrada en funcionamento.

Nun principio denunciáronse avarías no ascensor provocadas por inundacións.

Despois de solucionar o problema das inundacións continuaron as avarías do ascensor, que segundo indican as persoas que as atenden estarían provocadas por unha causa realmente sorprendente, non ser un ascensor apropiado para un centro de saúde, e menos aínda para ser o único ascensor dun centro de saúde co volume de persoas usuarias como o de Narón.

Esta razón sorprende aínda máis por ter sido unha advertencia desatendida pola dirección do SERGAS, que no seu día replicou ás demandas da área sanitaria con un informe de poboación que desmentía, ou iso era o que se pretendía, as necesidades dun segundo ascensor.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As advertencias parece que tiñan máis fundamento que as réplicas evidentemente inspiradas pola política de recortes dos gobernos do Partido Popular.

Mais o problema do ascensor non é o único con ser sen dúbida grave, xa que cando o caudal do río que pasa por debaixo do centro de saúde aumenta os baños atáscanse e hai que pechalos.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando estima a Xunta de Galiza que o centro poderá estar funcionando con normalidade?

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 17/11/2022 17:41:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 17/11/2022 17:41:29

Iria Carreira Pazos na data 17/11/2022 17:41:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Propaganda da Xunta de Galiza, do Partido Popular, xa non é quen de agochar a situación dramática da Atención Primaria, a falta de profesionais, a desatención, as listas de espera. Unha situación inaceptábel, non hai ningún centro de saúde, nin PAC que teña unha situación de normalidade, cos cadros de persoal que corresponden. Hai carencias en todos, o habitual é toparse por toda Galiza centros de saúde e PACS co cartaz de “non hai médico”, especialmente preocupante na Área Sanitaria Pontevedra-Salnés

Non hai unha estratexia para normalizar a Atención Primaria, dispoñer d@s profesionais, recursos e capacidade de tomar decisións, que permita rematar coas axendas interminábeis, cos descubertos nos PACs, coa falta de pediatras...

Neste contexto última ocorrencia do Partido Popular é dar unha formación expres @s profesionais de enfermería para que atenda só as urxencias que cheguen aos PACS, en ausencia de persoal facultativo. Formación para que atendan as urxencias seguindo as indicacións telefónicas dun médico que está traballando noutro centro de saúde, atendendo outros doentes, ou do 061.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha auténtica barbaridade atender urxencias seguindo indicacións telefónicas, unha soa profesional, cando sabemos que diante dunha emerxencia fan falta mans para atender á persoa doente: explorar, coller vía, facer electros, poñer osíxeno, mediación, incorporar... Non é posíbel atender unha urxencia sen o equipo de profesionais que poidan complementarse.

Parécenos ben que se mellore a formación de enfermería, mais para desenvolver as súas competencias, o seu perfil profesional.

Nin as enfermeiras poden substituír @s médic@s nin @s médic@s poden substituír as enfermeiras. É preciso un equipo completo.

O persoal de enfermaría non pode asumir unha responsabilidade, unha situación de estrés que non lle corresponde e polo tanto sen respaldo legal. Nin doentes, nin profesionais poden soportar esta situación, nin laboral nin de atención.

Con estas medidas están recoñecendo de facto a situación de emerxencia sanitaria, de alarma que levamos meses denunciando.

Esta situación non vai facer máis que empeorar pola elevadísima cifra de xubilacións que se van a producir nos vindeiros anos e pola continua fuxida de profesionais que se forman en Galiza cos impostos d@s galeg@s e logo marchar a traballar a outros lugares, porque non soportan as condicións laborais nas que lles obriga o Sergas a traballar.

A petición de certificados de idoneidade, para poder traballar fóra, non fai máis que aumentar, segundo o informe do Colexio Médico Colexial, no ano 2021 foron 75 @s facultativ@s que solicitaron en Galiza a certificación de idoneidade, preciso para





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

traballar fóra do Estado español, e que a maioría son da especialidade de familia e comunitaria.

Segundo a Asociación Galega de Enfermería Familiar e Comunitaria arredor do 20% das enfermeiras especialistas que se forma vense na obriga de emigrar para poderen desenrolar a súa profesión na AP, e que o 15% traballan coma enfermeiras xerais, moitas veces no hospital.

É unha evidencia que o PP ten un plan clarísimo, empuxar @s galeg@s cara á sanidade privada, non por escolla senón por pura necesidade. Se precisan atención sanitaria e non lla prestan no centro de saúde, nin tampouco nos PACS. Se teñen que acudir aos servizos de urxencias hospitalarias colapsadas, onde son atendidos despois de agardar horas e en moitos casos se lles di que a patoloxía que teñen non é de gravidade para acudir a urxencias hospitalarias.

O resultado é que quen pode acude á privada ou directamente ou vía contratar un seguro médico, e @s que non poden queda tirado.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai en algún momento a Xunta de Galiza tomar medidas para rescatar á atención primaria do pozo na que a ten metida os 13 anos de recortes do Partido Popular?

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 17/11/2022 18:09:54

Olalla Rodil Fernández na data 17/11/2022 18:09:58

Iria Carreira Pazos na data 17/11/2022 18:10:08





Á Mesa do Parlamento

Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Adrián Pardo López, Moisés Rodríguez Pérez, Sandra Vázquez Domínguez e Borja Vereas Fraiz deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer as actuacións e previsións do Goberno galego no que respecta ás prioridades na planificación para garantir a viabilidade e competitividade de proxectos industriais clave para o crecemento económico e a creación de emprego en Galicia.

En Galicia se están a promover unha serie de proxectos industriais intensivos en enerxía que precisan conexión á rede eléctrica para atender o seu consumo e poder garantir a súa viabilidade e competitividade. Este é o caso das plantas de Altri, Showa Denko e H2 POLE, entre outros. Por outra banda, á competitividade de proxectos relevantes do noso tecido produtivo como é o caso de Stellantis, Sentury ou Ence, tamén depende do desenvolvemento de infraestruturas eléctricas que garanta unha subministración de calidade, máis nun contexto de electrificación da economía co obxectivo de acadar a neutralidade climática.

O Consello da Xunta, na súa reunión do pasado xoves, avaliou as prioridades do Goberno galego de cara á modificación da planificación da rede de transporte eléctrica da nosa Comunidade para contar cunhas infraestruturas que permitan levar a cabo “proxectos estratéxicos e tractores” que se queren implantar en Galicia, así como para atender a demanda histórica de dotar Vigo dunha subestación de 220kV que garanta a subministración de Stellantis e de toda a área industrial da zona.

Segundo se recolle na información publicada, estas propostas son fundamentais tanto para dar cobertura á industria galega, presente e futura, como para facer fronte á transición enerxética cara a unha maior xeración renovable; polo tanto, claves para impulsar a recuperación e transformación económica de Galicia.

Por todo isto, os deputados asinantes formula a seguinte pregunta:

1. Cal é a lista de prioridades que a Xunta de Galicia vai a enviar ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico coa fin de modificar a actual Planificación Eléctrica para o período 2021-2026?





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 44079
Data envío: 21/11/2022 16:06:56.585

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Marta Nóvoa Iglesias na data 21/11/2022 15:59:57

Cristina Sanz Arias na data 21/11/2022 16:00:23

José Antonio Armada Pérez na data 21/11/2022 16:00:43

Pardo López, Adrián na data 21/11/2022 16:05:01

Rodríguez Pérez, Moisés na data 21/11/2022 16:05:16

Sandra Vázquez Domínguez na data 21/11/2022 16:05:33

Borja Vereza Fraiz na data 21/11/2022 16:05:44

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-h9lqZcRaj-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños e María González Albert, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG polo trámite de urxencia**, sobre o tratamento informativo das forzas da oposición.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se pronuncie ao respecto deste asunto relativo ao cumprimento da misión de servizo público da CRTVG.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 14 de novembro de 2022 a portavoz nacional do BNG deu unha rolda de prensa, como cada luns, na que abordou un asunto de actualidade que preocupa enormemente á cidadanía galega, especialmente a aquela que posúe unha hipoteca na súa vivenda habitual e que está a ver como se encarece o seu custe mensual por mor do incremento do EURIBOR.

Porén, malia estar presentes na comparecencia de prensa xornalistas da CRTVG, a televisión pública de Galiza non emitiu nada a respecto das hipotecas. Ora ben, si incorpora declaracións en relación coa proposta de reforma do delito de sedición que prepara o Goberno español.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Hai milleiros de galegas e galegos co corazón nun puño porque cada vez a súa hipoteca é máis cara, moitas persoas xa se están a ver con enormes dificultades para realizar os pagos e probabelmente se a situación socio-económica non mellora (e todo apunta a que non) haberá fogares que non poidan pagar a hipoteca coas consecuencias que iso ten. Así as cousas, para a CRTVG semella non ser asunto de interese e relevancia como para informar a respecto de propostas –como as formuladas polo BNG– dirixidas a axudar a eses fogares.

Cómpre lembrar que a CRTVG ten, desde a súa creación, a obriga de transmitir á sociedade galega información plural sobre asuntos de interese e tratar con equilibrio as forzas políticas con representación parlamentaria.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de control da CRTVG polo trámite de urxencia:

- Por que decidiu a CRTVG non informar sobre as propostas do BNG para axudar ás familias con hipotecas?
- Cre a DX da CRTVG que non é asunto de interese xeral?
- Que criterio utiliza a CRTVG para decidir que emite e que non da información parlamentaria?
- Cre a DX da CRTVG que está a cumprir coa súa misión de servizo público?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

María González Albert

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 16/11/2022 09:09:45

Noa Presas Bergantiños na data 16/11/2022 09:09:58

María González Albert na data 16/11/2022 09:10:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, sobre a situación na que se atopan as traballadoras do SAF.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola gravidade do asunto a tratar que atinxe un grande número de traballadoras dun servizo social de atención a persoas maiores dependentes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza hai máis de 24.000 persoas usuarias do SAF e unhas 8.000 traballadoras que, na maior parte dos casos, corresponden a empresas privadas prestadoras do servizo.

Traballadoras cunhas condicións laborais e salariais precarias. Soportan desde hai anos xornadas a tempo parcial; tendo que coller o seu propio vehículo para ir dun domicilio a outro facer o seu traballo sen un salario que cubra ese custe e traballando en casas que non contan en practicamente ningún caso coa máis mínima adaptación para atender as persoas dependentes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unhas condicións laborais fixadas nun convenio colectivo caducado desde 2011 sendo vítimas durante todo este tempo do ninguneo e do abuso por parte das empresas que fixeron todo, de todo, para impedir a negociación dun novo.

Mesmo se disolveron como asociación en 2012 para poder pasar así ao convenio estatal con peores condicións aínda que o galego.

Desde o 2 de novembro as traballadoras do SAF están en folga convocadas pola CIG fronte ao preacordo alcanzado pola patronal e as centrais sindicais CCOO e UGT. O que teñen enriba da mesa esas traballadoras hoxe nin mellora as súas condicións de traballo, nin reconece o seu labor, nin garante unha mellor prestación do servizo. Máis ao contrario, pretende impor diferencias salariais entre traballadoras que prestan o mesmo servizo para a administración.

Malia tratarse de traballadoras de empresas privadas, a Xunta ten moita responsabilidade ao respecto.

O Servizo de Axuda no Fogar é:

- un servizo público para garantir a atención das persoas maiores dependentes no seu domicilio.
- ordenado por unha normativa autonómica (2009), xestionado polos concellos
- o SAF é un servizo financiado con cartos de todos, sexa cal sexa o modelo de xestión. Nada menos que 110 millóns de euros saídos directamente da Xunta de Galiza en 2022.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

Cre a Xunta de Galiza que as condicións laborais das traballadoras do SAF son as que merecen as traballadoras e as persoas usuarias?

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 17/11/2022 09:59:34

Iria Carreira Pazos na data 17/11/2022 09:59:44

María Montserrat Prado Cores na data 17/11/2022 09:59:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª** polo trámite de urxencia.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que a Xunta de Galiza dea conta en sede parlamentaria da situación da sanidade nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Propaganda da Xunta de Galiza, do Partido Popular, xa non é quen de agochar a dramática situación da Atención Primaria do noso sistema de saúde en todo o país.

A falta de profesionais de todas as categorías, e singularmente de médicos e médicas de familia así como de pediatras, provoca desatención da poboación precisamente no servizo de atención primaria, que xoga un papel de especial relevancia no sistema, pois ademais de ser o primeiro contacto coas persoas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

usuarias, e porta de entrada ao sistema, encárgase tamén do control dos doentes con patoloxías crónicas e polimedicados.

Estas eivas do sistema, provocadas por máis de 1 década de gobernos do Partido Popular caracterizados polos recortes nos servizos públicos, afectan moi especialmente aos colectivos máis vulnerábeis, maiores, doentes con patoloxías crónicas que precisan de control sistemático, e as crianzas.

A falta de pediatras parece non ser unha problema prioritario que resolver na axenda do Partido Popular a teor das declaracións realizadas pola xerente do SERGAS, refrendadas despois polo presidente Rueda, segundo as cales debemos asumir con normalidade non dispoñer de pediatras nos centros de saúde.

Estes colectivos precisan de continuidade na asistencia para un control efectivo da súa saúde e poder dicir que reciben unha asistencia sanitaria de calidade. E nomeadamente as crianzas precisan de especialistas pediatras.

É duro ter que lembrar que a especialidade de pediatría non existe por un capricho universitario, senón porque a poboación infanto/xuvenil padece patoloxías específicas.

Nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, son constantes os casos de centros de saúde que comparten médico ou médica e/ou pediatra, especialmente nas zonas rurais. E son constantes tamén os casos nos que ante unha ausencia ou baixa queda o servizo desatendido remitindo ás persoas doentes a outro centro de saúde, e provocando en moitas ocasións que esas persoas teñan que acudir ás urxencias ou á sanidade privada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

1. Coñece a Xunta e Galiza a situación da Atención Primaria e dos servizos de pediatría na área sanitaria de Ferrol?

2. Por que non se cubren as prazas vacantes? Por que non se cubren as baixas e as vacacións?

3. Como ten previsto resolver a Xunta de Galiza a inminente xubilación dun elevadísimo porcentaxe dos profesionais sanitarios desta área?

4. Como considera que ten afectado a pandemia á saúde dos e das profesionais? Cantas baixas ou solicitudes de adaptación do posto de traballo se teñen presentado na área sanitaria de Ferrol nos últimos 12 meses?

5. Como vai responder a Xunta de Galiza ao feito de que a consolidación de prazas de médicos e médicas de familia provoque menos profesionais atendendo pediatría?

6. Como valora a Xunta de Galiza a situación das urxencias na área sanitaria de Ferrol?

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Ramón Fernández Alfonzo

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 17/11/2022 19:32:49

María Montserrat Prado Cores na data 17/11/2022 19:32:52

Iria Carreira Pazos na data 17/11/2022 19:33:00

Ramón Fernández Alfonzo na data 17/11/2022 19:33:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no artigo 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª polo trámite de urxencia,** sobre os proxectos desenvolvidos e os plans industriais asociados.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola alarma social polo grande número de parques en tramitación e a acumulación de proxectos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2010 a Xunta adxudicou no concurso eólico 2.325 MW. Tanto o conselleiro de Industria como o presidente da Xunta cualificaron aquel proceso como “O maior plan industrial da historia de Galiza”, coa previsión de investimento de 6.000 millóns de euros e a creación de 12.000 postos de traballo.

Realmente aquel plan foi un auténtico fiasco porque en 8 anos non se chegou a instalar nin o 10% da potencia prevista e o noso país sufriu unha auténtica parálise no desenvolvemento do sector, agravada polos cambios normativos introducidos en 2013 polo goberno central do PP.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como consecuencia desta parálise, Galiza perdeu oportunidades de investimento, non se desenvolveron os plans industriais previstos, non se crearon postos de traballo, pecharon empresas e o noso país perdeu posicións pasando do segundo ao cuarto posto en potencia eólica instalada.

Ademais, o estancamento do sector agravouse como consecuencia da anulación do concurso eólico de 2009, no que se adxudicaron 2.325 MW. A decisión arbitraria do goberno do PP tivo graves consecuencias para o país e para o erario público, polas sentenzas xudiciais que obrigaron á Xunta a indemnizar con máis de 3 millóns de euros a varias empresas que resultaran adxudicatarias do concurso.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª polo trámite de urxencia:

Cales foron os resultados do que se anunciou en 2010 como “o maior plan industrial da historia de Galiza”?

Cales foron as causas e consecuencias da parálise eólica que sufriu Galiza entre os anos 2009 e 2018?

Cantos MW se instalaron en Galiza entre 2010 e 2018 como consecuencia do concurso eólico do 2010?

Cantos plans industriais dos previstos no concurso eólico do 2010 se desenvolveron, cal foi o seu investimento e cantos postos de traballo se crearon?

Cantos proxectos dos adxudicados no concurso eólico de 2010 están actualmente en tramitación e que plans industriais levan asociados?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Canto diñeiro público leva gastado a Xunta en indemnizacións pola anulación do concurso eólico de 2009?

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2022

Asdo: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 21/11/2022 10:24:47

Paulo Ríos Santomé na data 21/11/2022 10:25:15

Alexandra Fernández Gómez na data 21/11/2022 10:25:29



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

Vimos de coñecer que a UDEF, en coordinación co Xulgado de Instrución Número 1 de Santiago, está a investigar varios presuntos delitos que inclúen o branqueo de capitais en relación co xornal El Correo Gallego, que se atopa en situación concursal desde mediados deste ano despois de recibir nos últimos anos diversos ingresos económicos procedentes de administracións públicas galegas ou entidades dela dependentes como a Xunta e a TVG, mentres se mantiña un entramado societario co que se evitaba pagar aos traballadores e se eludían embargos, entre eles da AEAT.

Unha das operacións investigadas é un préstamo de 2,5 millóns que Xesgalicia (sociedade mercantil pública autonómica da Xunta de Galicia, adscrita á Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación) acordou conceder nunha reunión celebrada o 25 de setembro de 2018 e na que o entón conselleiro de Economía, Francisco Conde, estivo presente e votou a favor, a pesar de que, segundo unha testemuña, a cúpula da propia Xesgalicia desaconsellaba a operación e tamén a pesar de que nese momento o xornal tiña falta de pagamentos fronte á AEAT e á SS por importe de aproximadamente 2 millóns de euros. O préstamo, formalizado en condicións vantaxosas para o xornal, incluía un período de carencia de dous anos. Ao remate dese período, en setembro de 2020, non se pagou polo xornal nin sequera a primeira cota. Presuntamente, o director do xornal tería “mobilizado toda a súa capacidade de influencia” para conseguir o préstamo.

Tamén se investigan garantías do Igape por importe de 1,2 millóns de euros, así como presuntas operacións fraudulentas sobre dereitos de cobro de ingresos da TVG para evitar os embargos por parte da AEAT e presuntas operacións e movementos económicos para favorecer a determinadas persoas en detrimento dos acredores do xornal, entre os cales estaban, ademais da Seguridade Social e da AEAT, organismos dependentes da Xunta como o Igape e Xesgalicia.

Semella, por tanto, que o Goberno de Galicia tería favorecido con elevados importes de cartos públicos que non se van poder recuperar a unha empresa xornalística que estaba nunha situación de práctica insolvencia.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:



1ª) Como explica o Goberno de Galicia que unha entidade dependente da Xunta como Xesgalicia concedese en 2018 un préstamo de 2,5 millóns a un xornal que acumulaba un volume de débedas (entre elas aproximadamente 2 millóns de euros coa Seguridade Social e a AEAT) que facía case imposible a devolución dese préstamo considerando a difícil situación do propio xornal e a tamén difícil situación do mercado no que opera?

2ª) Cal é o importe total das axudas, ingresos e garantías de calquera tipo que El Correo Gallego recibiu do Goberno de Galicia e os organismos del dependentes entre os anos 2009 e o momento da súa declaración concursal en xuño de 2022?

3ª) En que conceptos foron concedidas esas axudas ou facilitados eses ingresos e garantías?

4ª) Levou a cabo a Xunta (ou entidades dela dependentes) algún tipo de control do correcto uso desas axudas, ingresos e garantías?

5ª) Cal é o importe das axudas, ingresos ou garantías de calquera tipo que El Correo Gallego recibiu do Goberno de Galicia e os organismos del dependentes en cada un dos anos que van do 2009 a 2022?

6ª) Cal é o importe total que El Correo Gallego debe ao Goberno de Galicia e aos organismos e entidades que dependen del como o Igape e Xesgalicia?

Pazo do Parlamento, 10 de novembro de 2022





Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 10/11/2022 16:55:41

Paloma Castro Rey na data 10/11/2022 16:55:56



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Dende fai meses as familias de persoas con discapacidade en Galicia, advertían ao Goberno galego o incumprimento do prazo máximo para resolver a execución do Concerto Social.

O Decreto 229/2020 do 17 de decembro polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, especifica que, contábase cun prazo máximo de 18 meses para poñer en marcha este novo concerto social; un prazo vencido xa dende o pasado 28 de xullo de 2022.

Segundo especificaban nun comunicado de Fademga Plena Inclusión: *“é preciso a axilización no tema, xa que o retraso na posta en marcha supón un prexuízo de vital importancia para o financiamento e a viabilidade das nosas entidades”*.

Tendo en conta que todas as entidades exercen un importante labor no marco das competencias directas en discapacidade da Consellería de Política Social, é fundamental a implicación da mesma para o cumprimento dos prazos e do compromiso coas familias e as persoas con discapacidade.

As entidades indican que: *“A inoperancia e a falta de resposta sobre a aplicación do concerto social e do incremento salarial derivado da aplicación do convenio para este ano veríamos na obriga de tomar medidas. Esta realidade agrávase agora ao ter coñecemento de que a Consellería de Facenda non ten previsto a inclusión dunha partida específica e concreta nos orzamentos da comunidade autónoma para o desenvolvemento e o impulso do concerto social no 2023 (tal e como se comprometeu no seu día a conselleira Fabiola García) motivo polo cal anticipamos a previsión de organizar mobilizacións por parte do colectivo de persoas con discapacidade intelectual e do desenvolvemento”*

“A esta situación debemos sumar o elevado sobre esforzo económico que asumen por motivo dos custos derivados da crise sanitaria e agora da crise enerxética, unha situación que, unida agora á paralización do concerto social, está a xerar un clima tenso no sector, que de non ter pronta solución pode acabar



ocasionando a perda de moitos traballos e poñer en risco a supervivencia de moitas entidades”.

Sobrecustos que dende o Grupo Parlamentario Socialista reivindicamos en apoio ás entidades que traballan coas persoas con discapacidade.

Fai uns días dende a Consellería de Política Social por fin accederon a tratar o tema coas entidades, ata o momento sen resposta nas súas demandas. Sen embargo aínda non hai unha solución por parte do goberno galego, o que implica unha incerteza innecesaria para as entidades que traballan coas persoas con discapacidade. Trátase polo tanto dunha cuestión que o Goberno galego non pode deixar pendente, senón que ten que resolver de inmediato.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que dende a Consellería de Política Social non se están a cumprir os prazos de execución do Concerto Social?
2. Ten pensado a Consellería de Política Social incorporar as reivindicacións das entidades para a execución pendente do Concerto Social?

Pazo do Parlamento, 11 de novembro do 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 11/11/2022 15:33:12

Julio Torrado Quintela na data 11/11/2022 15:33:22



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O ano 2020 foi un antes e un despois, a pandemia da Covid-19 mudou as vidas da cidadanía a nivel mundial. Dentro dese contexto, o sector pa poboación máis afectado foron as persoas maiores que viven nas residencias.

Ao longo dos meses e últimos dous anos, dende o Grupo Parlamentario Socialista requirimos información sobre o acontecido nos centros de atención residencial á vez que fixemos diversas propostas para mellorar a calidade de vida e o benestar dos e das residentes. O certo é que non obtivemos a información requirida sobre o número de contaxios e falecementos por Covid-19 ou sintomatoloxía compatible por cada centro de atención residencial.

Fai unhas semanas o propio informe da Fiscalía de Ourense alertaba de que a Xunta de Galicia non corrixiu deficiencias como, exceso de suxeicións sobre os e as residentes, incumprimento das rateo de persoal, así como a falta de inspeccións por parte do Goberno galego. Na mesma liña que o informe do Consello de Contas do 2017.

Por este tipo de cuestións dende o Grupo Parlamentario Socialista levamos reiterando durante anos a necesidade de incrementar os técnicos de inspección e de persoal nos centros de atención residencial para mellorar as condicións de vida das persoas maiores. E tamén da necesidade de investigar mediante un informe de investigación que detalle o sucedido nas residencias galegas durante a pandemia.

E neste sentido, fai uns días a Fiscalía Xeral do Estado remitiu un oficio para investigar os falecementos durante a pandemia nas residencias de maiores, así como para adoptar as medidas oportunas para que as vítimas directas e indirectas (familiares) sexan escoitados nas dilixencias de investigación e procedementos xudiciais por falecementos nos centros de atención residencial.

Todo elo, unido á sentenza do TSXG onde avala a necesidade de que o Goberno galego aporte os datos de falecementos por Covid-19 por cada centro de atención residencial, fai preciso que dende o Goberno galego se traslade un informe sobre



o acontecido nos centros de atención residencial durante a pandemia, así coma das respostas, se é que as hai, aos requirimentos da Fiscalía ante as deficiencias ou incumprimento da normativa detectadas nas residencias de maiores de Galicia.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten a Consellería de Política Social un informe onde se detalle todo o acontecido durante a pandemia nas residencias de maiores?
2. Existen diferencias no número de inspeccións aos centros de atención residencial por cada provincia?
3. A canto ascende o custo derivado do funcionamento do comité de expertos para o novo modelo de residencias da Consellería de Política Social?

Pazo do Parlamento, 10 de novembro do 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero

Julio Torrado Quintela

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 11/11/2022 15:36:20

Julio Torrado Quintela na data 11/11/2022 15:36:30



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Paloma Castro Rey e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A Festa do Gaiteiro en Soutelo de Montes no Concello de Forcarei, celebrouse o 20 de agosto, converteuse nun dos actos principais de homenaxe ao famoso gaiteiro Avelino Cachafeiro, coincidindo co 50 aniversario da súa morte.

O músico foi autor, entre outras moitas composicións, dunha das muiñeiras máis emblemáticas da cultura popular galega, a Muñeira de Chantada. Ademais, chegou a ser recoñecido como un dos mellores artistas da súa época, coincidindo e sendo homenaxeado por outros referentes da música ou da literatura. Co seu alcume de Gaiteiro de Soutelo, fixo xiras tanto por España como por América do Sur.

Esta *Festa do Gaiteiro de Soutelo* é considerada pola Xunta de Galicia como Festa de Interese Turístico Galego, ata o ano pasado recibía unha subvención por parte da Administración autonómica, pero este ano non contou con ningún tipo de subvención por parte do Goberno galego.

Por outra banda, a *Festa do Choco* celebrouse do venres 29 de abril ao domingo 8 de maio de 2022 no concello de Redondela. Os asistentes a esta festa gastronómica puideron degustar este exquisito cefalópodo durante eses días. Nesta festa, que comezou a celebrarse nos anos 80, a orixinalidade vese recompensada na elaboración de pratos cociñados con choco, que despois as persoas asistentes ao evento poden degustar de diversas formas.

Esta festa tamén está catalogada coma Festa de Interese Turístico Galego e neste ano 2022 non recibiu ningunha subvención por parte da Administración autonómica.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales foron as Festas de Interese Turístico subvencionadas pola Xunta de Galicia este ano?
2. Cales foron os criterios que seguiu o Goberno galego para subvencionar as Festas de Interese Turístico?
3. Cales foron as Festas de Interese Turístico solicitadas e non subvencionadas pola Xunta de Galicia este ano?
4. Vai o Goberno galego a repartir as subvencións para as Festas de Interese Turístico do vindeiro ano 2023 a través dun proceso de concorrencia competitiva?
5. Cales son os motivos polos que a Xunta de Galicia non subvencionou á *Festa do Gaiteiro de Soutelo* en Forcarei?
6. Cales son os motivos polos que a Xunta de Galicia non subvencionou a *Festa do Choco* de Redondela?

Pazo do Parlamento, 11 de novembro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Paloma Castro Rey

Martín Seco García

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 14/11/2022 10:56:58

Paloma Castro Rey na data 14/11/2022 10:57:05

Martín Seco García na data 14/11/2022 10:57:14



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

As denuncias relacionadas con delitos de odio por orientación sexual ou identidade de xénero aumentaron un 67,63 % con respecto a 2019, ano previo á pandemia de COVID-19, segundo os últimos datos achegados polo Ministerio do Interior. Este acusado incremento da LGTBIfobia que se intuía e temía en consonancia cos casos que se veñen coñecendo e vimos trasladando a preocupación neste Parlamento, confirman a necesidade de actuar. No ano 2021, un de cada catro delitos de odio investigados polas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado estiveron relacionados coa orientación sexual ou a identidade de xénero da vítima, un total de 466, o que supón un aumento de case o 70 % con respecto a 2019 (67,6 %) e 2020 (68,23 %). Eses delitos do que tiveron coñecemento as forzas e corpos de seguridade afectaron a 530 vítimas, das que ademais un 13 % eran menores de idade (47 mozas e 21 mozos).

A tendencia alcista da LGTBIfobia e contra a liberdade e dereitos fundamentais da sociedade confírmase a nivel estatal desde o ano 2014 e nunha problemática na que non podemos esquecer que existe un elevado nivel de infradenuncia que aínda que algo baixou se sitúa no 80 %. Tras esta preocupante problemática e tal e como vimos alertando dende o PSdeG-PSOE atopamos entre outras causas o aumento e normalización dos discursos de odio. En Galicia contamos coa Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, unha lei de mínimos que aínda así tal e como vimos denunciando as e os socialistas a súa posta en práctica quedou na maior parte das iniciativas nada máis que en papel mollado. Hai ademais un órgano impulsado e publicado no 2018 como é o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero que apenas conta con actividade propia.

Os colectivos que traballan na nosa comunidade na defensa dos dereitos das persoas LGTBI denuncian a escasa colaboración económica por parte do goberno da Xunta ao tempo que observamos que xunto á ínfima partida contemplada nos orzamentos o nivel de execución a data 30 de xuño era de 0 %.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego deste nivel de execución orzamentaria?
2. Cantas xuntanzas do Observatorio se teñen celebrado?
3. Con que contido e conclusións?
4. Vai incrementar o orzamento para os colectivos e asociacións que traballa pola igualdade das persoas LGTBI?
5. Que accións teñen impulsado desde a Xunta de Galicia, neste ano 2022n no marco dos dereitos das persoas LGTBI?

Pazo do Parlamento, 11 de novembro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 14/11/2022 10:53:46

Julio Torrado Quintela na data 14/11/2022 10:53:54

Marina Ortega Otero na data 14/11/2022 10:54:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O tempo de Nadal é de celebración colectiva que sobrepasa a motivación relixiosa cristián. Trátase dunha celebración agraria relacionada coas colleitas e co minguar da forza da luz solar e a esperanza do seu renacer. A aparición do inverno coma tempo de descanso produtivo da nai terra motivou sen dúbida celebracións relacionadas co solsticio de inverno coma contraposición á festa da plena potencia solar do San Xoán, anunciadora de colleitas e fartura de alimento.

Con toda seguridade, a expansión do cristianismo e a superposición e cristianización das festas e celebracións colectivas anteriores fixo que este situase o nacemento do seu salvador en plena festa da luz, facendo dese neno un sol pequeno que encarnaría a esperanza.

Sexa como queira que fose, o certo é que este tempo en cuestión, o Nadal, está cheo de ritos precristiáns e suscitou unha música e poesía popular de enorme valor cultural, musicolóxico e folclórico. Pódese afirmar sen temor ó ridículo ou á esaxeración que o folclore nadaleño galego é dos máis ricos, abundantes e fermosos desta común Europa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cóntanse por centenares as melodías e as letras de panxoliñas, nadais e cantos de reis que ata mediados do século pasado corrían de boca en boca e de casa en casa no rural e nas vilas galegas coma xeito de liturxia medio cristiá e medio pagá. Cuadrillas de mozos e mozas percorrían as casas da parroquia propia e das veciñas a noite de Nadal e/ou a noite de Reis anunciando a boa nova do nacemento do Neno e moitas das letras cantadas aludían á luz e ó sol ou a unha viaxe de raíz cósmica. O costume permaneceu vivo ata a década dos setenta do pasado século.

Logo, o inicio da comunicación masiva, certo pailanismo e máis a conversión do Nadal nun feito comercial consumista deron paso ó decaemento e ó esquecemento destes sinais de identidade.

Este xeito de esquecemento e substitución non foi so aquí, trátase dun proceso de aculturación e de dominio da propaganda comercial que en Galiza é máis acusado por aquilo do autoodio identitario con raíces máis fondas e complexas.

O caso é que as músicas e cántigas que adobían na actualidade o Nadal en Galiza nada teñen a ver co noso nin coa nosa riqueza. É máis, o descoñecemento desa riqueza musical é o feito máis destacable neste tema.

Cóntanse por centenares as pezas que a tradición gardou neste noso país galego e que figuran nas coleccións particulares de moitos compiladores de folclore.

destacar un feito curioso e singular. Son as panxoliñas cancións escritas en lingua propia e melodías tamén de raíz popular, mais, curiosamente, moitas delas de clara composición culta. E así cantadas polas xentes sinxelas do rural, atopabamos pezas con destacada polifonía de posible autoría dos mestres de capela das principais catedrais do país, que posiblemente compuxesen por encarga para actos relixiosos deste tempo do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ano e que dado o matiz agrario da festividade bebían nas fontes da tradición musical nacional galega e reducían as letras ó feito agrario das familias labregas.

*Imos levar unha pouca roupiña,
tres polas, dous galos, mais unha galiña,
un añaño, dúas pombas sin pel,
tres rulas ó xeito e un tarro de mel.*

Ou

*Levareille, logo, este mantelo,
anque, afellas, boa falla me fai,
e un roxelo de bo pelo
pra que faga bos caldos súa mai.*

Os Nadais e os Cantos de Reis son, pola contra, letras en castelán que conteñen, xeralmente, relatos das viaxes que a biblia conta. Posiblemente compostos por clérigos, expándense con melodías sinxelas que varían segundo as zonas e comarcas. Estes cantos, que se acompañaban moitas veces con gaita de fol recordan os cantos gregorianos polos seus mordentes e floreos. Son cantos de relación social, as cuadrillas van de casa en casa pedindo o aguinaldo que ven sendo unha ofrenda nun rito de fecundidade e benzón que o impregna todo (en xaneiro comeza a labra en moitas comarcas de Galiza).

Os temas dos Nadais e dos Cantares de Reis versan arredor da viaxe de Xosé e María de Nazaret a Belén, dos Reis Magos desde o Oriente Fértil ata Belén, ou de Xosé, María e o neno na fuxida a Exipto. É de destacar que estas viaxes non teñen regreso polo mesmo camiño e si logo de chegados á meta emprenden unha nova ruta a xeito de circunvalación cósmica.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A riqueza e calidade deste folclore contrasta coa ignorancia e pouco aprecio que se lle da desde as esferas da Cultura oficial e conta tamén cos reparos dalgúns sectores sociais pola súa marcada color cristián. Consumimos querendo ou sen querer o Jingle Bells norteamericano ou o Noche de Paz europeo ata o aburrimiento pero é ben difícil escoitar pola rúa ou nos centros comerciais con música nadaleñá algún vilancico, panxola ou cantar en galego.

E sen embargo existen fermosas gravacións de panxoliñas galegas e de cantos de Nadal e Reis e hai compilacións moi interesantes con centenares de pezas recollidas do pobo que é urxente poñer en circulación, polo patrimonio inmaterial que representan e polo matiz identitario e cultural que supoñen.

A recuperación, divulgación e normalización destes cantos é traballo a facer pola consellería de cultura en apoio a agrupacións e entidades culturais interesadas na conservación e divulgación deste folclore.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

-É consciente o goberno galego da riqueza musical que temos neste País a respecto do tempo de Nadal?

-É consciente o goberno galego de que as panxoliñas, nadais e cantos de reis son os grandes esquecidos no Nadal galego?

-Pensa tomar algunha medida para corrixir esta situación anómala?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2022

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/11/2022 13:42:58

Mercedes Queixas Zas na data 14/11/2022 13:43:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Manuel Lourenzo Sobral e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado domingo 6 de novembro produciuse un grave incendio nas instalacións da antiga fábrica da Pontesa en Ponte Sampaio (concello de Pontevedra), que provocou unha grande alarma social, unha situación de risco, importantes danos materiais e a irreparábel e dramática perda dunha vida humana, a do traballador da empresa Nogar Benito González, así como dúas persoas máis feridas.

Transcorrida máis de unha semana do sinistro, as condicións das instalacións aínda son de grande inflamabilidade e é necesaria a presenza continua do servizo de bombeiros para humedecer e arrefriar a grande cantidade de gran acumulado. E están por ver aínda as consecuencias devastadoras do incendio na cuberta do edificio, pola presenza de amianto e os riscos derivados da súa queima e propagación.

Por outra parte, tanto nas instalacións da antiga Pontesa como nas da antiga fábrica da Cross na Xunqueira de Alba estanse desenvolvendo actividades de almacenaxe e transporte de materiais procedentes do Porto de Marín (cereais) ou relacionados coa actividade industrial de ENCE (grandes cantidades de madeira-biomasa) . Estas actividades prodúcense en contornas urbanas e naturais nas que provocan fortes impactos, polo que se debería estudar o seu traslado a outros emprazamentos máis axeitados para o desenvolvemento de actividades industriais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con toda a cautela que require a situación derivada do incendio da antiga Pontesa, a información dispoñíbel é a seguinte:

1) As instalacións da antiga Pontesa, propiedade da empresa ITAIPU TRADE SL, están situadas en dominio público marítimo terrestre e foron obxecto dunha prórroga extraordinaria da concesión, outorgada en 2017 polo goberno central, e que foi anulada pola Audiencia Nacional en marzo de 2022 logo do recurso contencioso administrativo presentado polo concello de Pontevedra. A legalidade da concesión está pendente da decisión do Tribunal Supremo.

2) Desde o ano 2018 as naves de Pontesa eran utilizadas pola empresa GALIGRAIN, filial do GRUPO NOGAR, para a almacenaxe de grandes cantidades de cereal que entran en Galiza através do Porto de Marín. Segundo fontes da empresa, nas instalacións da Pontesa almacenábanse unhas 42.000 toneladas de cereais, principalmente cebada e produtos de xirasol.

3) Segundo fontes municipais, as instalacións non contaban con licenza de actividade nin coas mínimas garantías de seguridade e saúde laboral. Nas naves non había acceso a auga nin hidrantes a dispor do servizo de bombeiros, nin medidas para garantir unhas condicións axeitadas de temperatura e humidade.

4) Segundo un comunicado feito público pola empresa, as instalacións contaban con “todos os permisos e protocolos de seguridade e prevención de riscos laborais necesarios, incluídas medidas antiincendios”. Nalgunhas informacións xornalísticas tamén se daba conta da existencia dunha autorización da Xunta á empresa NOGAR para a almacenaxe de cereais nas instalacións da fábrica da antiga Pontesa.

5) Dada a extrema gravidade dos feitos acontecidos, hai en curso varias actuacións na vía administrativa e xudicial:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- O concello de Pontevedra informou a outras administracións sobre a situación irregular das instalacións e instou a adopción das medidas oportunas por parte da Axencia para a protección da Legalidade Urbanística (APLU) e Costas, por tratarse de terreos de servidume marítimo terrestre.
- A Brigada da Policía Científica está a realizar un informe sobre a orixe e as causas do incendio, que deberá enviar ao xulgado . E tamén hai un atestado en curso por parte da Policía Xudicial, que inclúe información sobre o estado das naves e as consecuencias do sinistro.
- A Inspección de Traballo tamén está a realizar un informe sobre as condicións de seguridade e saúde das instalacións. E ademais restrinxiu o acceso e obrigou a facelo con traxes de protección pola presenza de amianto en suspensión. E hai tamén expediente en marcha por parte do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galiza (ISSGA).

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Concedeu a Xunta autorización ao grupo NOGAR para a almacenaxe de cereais nas instalacións da antiga Pontesa?

Ten previsto a Xunta informar á opinión pública e aos grupos parlamentares sobre a situación legal das instalacións da antiga fábrica de Pontesa, a existencia de autorización administrativa ao grupo NOGAR para a almacenaxe de cereais e os requisitos da mesma?

Adoptou algunha medida o goberno galego en relación co cese de actividade e reposición da legalidade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Abriu ou ten previsto abrir o goberno galego unha investigación sobre a situación das instalacións, as causas e consecuencias do incendio e as medidas a adoptar para evitar situacións semellantes no futuro?

Considera a Xunta necesario realizar un estudo sobre os riscos da contaminación por amianto e demandar as medidas necesarias para a retirada e tratamento dos materiais potencialmente perigosos?

É coñecedora a Xunta da necesidade de contar con un Porto Seco nun emprazamento ambiental e legalmente viábel para garantir a seguridade e o futuro das actividades industriais asociadas ao Porto de Marín?

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Manuel Lourenzo Sobral

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 15/11/2022 13:40:18

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/11/2022 13:40:22

Alexandra Fernández Gómez na data 15/11/2022 13:40:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de avaliar o goberno o desenvolvemento do proxecto de fomento do uso da lingua galega en 2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 8 de abril de 2022 o Secretario xeral de política lingüística comparecía no Parlamento galego para avanzar as liñas de actuación da SXPL para o ano 2022.

Neste sentido, confirmaba a continuidade do convenio para o Proxecto Nós iniciado en 2021, a creación do novo repositorio de proxectos dixitais e presenciais en lingua galega, TeCe Redes en galego, dirixido aos máis novos, a continuación da programación da Rede de Dinamización Lingüística ou a creación da primeira colección de manuais dirixida á mocidade no marco do Plan de Dinamización da lingua galega para o Deporte.

A atención aos neofalantes, igualdade de xénero, lusofonía, toponimia, xustiza, empresas, proxectos de investigación, accións dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega ou programación de actividades e materiais arredor das Letras Galegas son, entre outras, as liñas de acción nas que a Secretaría Xeral de Política Lingüística seguiría traballando en 2022, segundo afirmaba o secretario xeral nesta cámara.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Camiño da fin de ano, e como punto de partida para o ano 2023, no grupo parlamentario do BNG entendemos que cómpre avaliar o proxecto desenvolvido polo goberno ao redor do obxectivo de fomento da lingua galega, ampliando os seus espazos de uso social no camiño da recuperación da igualdade lingüística.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª :

Que avaliación fai o goberno do desenvolvemento do proxecto de fomento do uso da lingua galega en 2022?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 16/11/2022 09:30:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 16/11/2022 09:30:38

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 16/11/2022 09:30:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Mercedes Queixas Zas e Noa Presas Bergantiños, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre as actuacións realizadas pola Xunta de Galiza dirixidas á protección e conservación da Torre do Castro no concello de Sandiás.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Sobre unha pequena loma, na que en tempos existiu un poboado castrexo, entre os séculos XI e XII construíuse a denominada Torre do Castro, dentro do concello de Sandiás. O valor estratéxico da fortaleza era evidente pois ao erixirse nun espazo elevado, nunha zona esencialmente chaira, permitía o control e vixilancia de boa parte da lagoa de Antela e mesmo parte da romana Via Nova. Valor estratéxico que compartía coas Torres de Portela, Porqueira e Celme.

A Torre do Castro ou de Sandiás sufriu as consecuencias de numerosas batallas, p.e. ás do Rei Alfonso VII de Castela e León contra o Rei Afonso I de Portugal, as do Duque de Lancaster e o rei de Portugal contra o Rei de Castela, ou da propia Revolta Irmandiña. Actualmente só se conservan tres das catro caras da torre de homenaxe, obxecto dunha intervención no ano 2020 cun importe de 75.000 €, financiados con cargo ao fondo Feder 2014-2020.

Esta Torre foi declarada Ben de Interese Cultural, coa categoría de monumento, sendo propiedade da Xunta de Galiza, en virtude da cesión efectuada no ano 2010. A





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pesares da súa catalogación, como ben de interese cultural e do seu evidente valor histórico, foi obxecto de numerosos actos vandálicos, o último hai apenas uns días. Os actos sufridos, tanto pola Torre como pola súa contorna, así como a impunidade de tal accións evidencian a escasa protección e coidado que recibe tanto do súa propietaria, como de quen se debe ocupar da conservación do patrimonio cultural galego.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. De cantas accións contra o BIC “Torre do Castro” e a súa contorna ten constancia a Xunta de Galiza?

. Que medidas ou actuacións adoptou a Xunta de Galiza para a protección e coidado da Torre do Castro e evitar a reiteración dos actos vandálicos e a persecución e identificación dos responsábeis das mesmas?

. Que medidas ten previsto realizar para a protección e conservación da Torre do Castro e súa contorna?

. Cando e con que resultado a Xunta de Galiza realizou inspeccións para coñecer o estado e conservación do BIC?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas

Noa Presas Bergantiños

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/11/2022 11:43:58

Mercedes Queixas Zas na data 16/11/2022 11:44:11

Noa Presas Bergantiños na data 16/11/2022 11:44:22



A Mesa do Parlamento

Marisol Díaz Mouteira, José Manuel Balseiro Orol, Ramón Carballo Páez, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Begoña Freire Vázquez e Belén Salido Maroño, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para o súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Có obxectivo de axudar aos concellos no exercicio das súas competencias en materia de xestión de residuos, a sociedade pública Sogama leva tres anos aplicando unha bonificación do 10% do canon que abonan as entidades locais.

Para acceder a este incentivo, os concellos deben solicitalo e deben acreditar ao remate do ano ter cumprido os dous condicionantes esixidos: promover a redución da produción de residuos e/ou incrementar a reciclaxe dos envases lixeiros, así como trasladar a bonificación ao recibo que abonan os veciños e veciñas.

Esta bonificación enmarcase no apoio que vén demostrando o Goberno galego aos concellos para facilitar o cumprimento das súas obrigas en materia de xestión dos residuos urbanos.

Agora, e tendo en conta a situación de incerteza económica actual, esa bonificación elevarase ata o 15% no 2023 para os municipios que ademais destes requisitos asuman o compromiso de introducir a recollida separada dos biorresiduos antes do 31 de decembro de 2023.

Dada a importancia que teñen este tipo de medidas, que teñen como obxectivo impulsar a xestión moderna e eficiente dos residuos e para axudar aos galegos e galegas, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cantos concellos teñen solicitado nos últimos tres anos a bonificación impulsada por Sogama do 10% do canon que abonan as entidades locais?
- 2.- Cantos destes municipios puideron ter acreditado o cumprimento dos requisitos esixidos?

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2022 13:09:30
Nº Rexistro: 43877
Data envío: 16/11/2022 13:09:30.014

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

María Sol Díaz Mouteira na data 16/11/2022 12:50:22

José Manuel Balseiro Orol na data 16/11/2022 12:50:41

Ramón Carballo Páez na data 16/11/2022 12:50:53

Rubén Lorenzo Gómez na data 16/11/2022 12:51:14

Carmen María Pomar Tojo na data 16/11/2022 12:51:28

Freire Vázquez, María Begoña na data 16/11/2022 12:51:41

María Belén Salido Maroño na data 16/11/2022 12:51:54

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-h9lqZcRaj-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Encarnación Amigo Díaz, Corina Porro Martinez, Noelia Pérez López, Rosalía López Sánchez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Consellería de Sanidade leva tempo apostando pola renovación do sistema público de saúde de Galicia, tanto no ámbito das infraestruturas como no ámbito do equipamento sanitario.

Nos últimos anos vimos como se puxeron en marcha novas instalacións hospitalarias como o Álvaro Cunqueiro, como se está a levar a cabo a renovación e construción de novos centros de saúde ó longo do territorio galego e como se merca o equipamento máis punteiro do mercado.

Nunha destas compras o Servicio Galego de Saúde adquiriu 7 novos sistemas de cirurxía robótica para todo o sistema sanitario galego, instalándoos nos hospitais de referencia das distintas áreas sanitarias.

A adquisición destes robots ten suposto para a Xunta un investimento de máis de 56 millóns de euros para a súa adquisición, instalación, mantemento e material para o seu funcionamento. O seu obxectivo fundamental é o de facilitar a abordaxe de determinadas patoloxías que sen esta tecnoloxía serían, en moitos casos, imposibles de tratar pola dificultade de acceso a determinados lugares anatómicos aos que si chegan os brazos do robot.

Estamos ante un novo avance na sanidade pública galega, que incorpora deste xeito unha tecnoloxía punteira, xa que se trata do último modelo neste tipo de robots, cun importante investimento non só na compra, se non no mantemento que precisan.





Por todo o anteriormente exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

Cal é o balance de actividade dos equipos de cirurxía robotizada no sistema sanitario público de Galicia desde a súa posta en marcha?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2022.

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 16/11/2022 13:45:58

María Corina Porro Martínez na data 16/11/2022 13:46:17

Noelia Pérez López na data 16/11/2022 13:46:41

López Sánchez, Rosalía na data 16/11/2022 13:46:55

José Alberto Pazos Couñago na data 16/11/2022 13:47:09

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 16/11/2022 13:54:07

María Elena Suárez Sarmiento na data 16/11/2022 13:55:10



Á Mesa do Parlamento

Encarnación Amigo Díaz, Corina Porro Martinez, Noelia Pérez López, Rosalía López Sánchez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

O Servizo Galego de Saúde, da man da Axencia Galega en Saúde, levan tempo apostando pola compra pública innovadora (CPI) como ferramenta de política de innovación do lado da demanda, constituíndo unha iniciativa moi potente para o desenvolvemento de mercados innovadores a través da contratación pública.

Dende este grupo entendemos que os obxectivos da CPI son mellorar os servizos públicos no ámbito sanitario; fomentar a innovación empresarial; impulsar a internacionalización e a comercialización da innovación e facilitar o desenvolvemento conxunto de produtos ou servizos innovadores.

É por iso que dentro deste paraugas da CPI lévanse promovido diferentes iniciativas de carácter innovador entre as que destaca o XEDOSE (xestión da dosimetría).

A existencia deste sistema permite crear un historial dosimétrico personalizado para cada doente, figurando nese expediente probas como un TAC ou unha radiografía. Permitindo así optimizar ó máximo a dose, é dicir, dar a cada doente o mínimo posible que permita o diagnóstico.

Tendo en conta o anteriormente exposto, o deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:





Como vai mellorar o sistema XEDOSE de xestión da dosimetría o tratamento dos usuarios do sistema público de saúde de Galicia?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2022.

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 16/11/2022 14:07:27

María Corina Porro Martínez na data 16/11/2022 14:07:40

Noelia Pérez López na data 16/11/2022 14:07:57

López Sánchez, Rosalía na data 16/11/2022 14:08:16

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 16/11/2022 14:09:59

José Alberto Pazos Couñago na data 16/11/2022 14:10:08

María Elena Suárez Sarmiento na data 16/11/2022 14:10:21





Á Mesa do Parlamento

Encarnación Amigo Díaz, Corina Porro Martinez, Noelia Pérez López, Rosalía López Sánchez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

O desenvolvemento das novas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) mudaron a sociedade actual, converténdose nunha ferramenta de uso diario.

A saúde pública, como o resto das disciplinas, ten a obriga de modernizarse e avanzar, adaptándose ás necesidades e esixencias da sociedade actual.

A innovación permitirá unha mellor xestión do coñecemento en saúde pública e unha maior interacción coa cidadanía así como a optimización dos recursos e o desenvolvemento de novos retos na prevención e detección.

Un exemplo disto son os avances en realidade virtual, a realidade aumentada, os videoxogos ou as aplicacións para móbiles, as cales mostran novos modelos de comunicación e educación que se poden extrapolar a outros ámbitos como o da saúde.

Esta evolución caracterízase por un maior protagonismo da persoa xa que implica unha participación activa e permite a creación de perfís individuais de consumo, a interacción social e a aprendizaxe cooperativa.





Tendo en conta que Galicia é pioneira en procesos de dixitalización no ámbito sanitario como ca posta en marcha da historia clínica electrónica única (IANUS) no 2002, resulta de vital importancia que ese proceso de dixitalización se estenda tamén a eidos relacionados coa saúde pública como a sanidade ambiental, a epidemioloxía, os programas de prevención da enfermidade ou a promoción de hábitos saudables.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

Cales son as medidas que esta a levar a cabo a Xunta de Galicia no ámbito da dixitalización da saúde pública?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2022.

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 16/11/2022 14:16:15

María Corina Porro Martínez na data 16/11/2022 14:16:33

Noelia Pérez López na data 16/11/2022 14:16:46

López Sánchez, Rosalía na data 16/11/2022 14:17:21

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 16/11/2022 14:17:31

José Alberto Pazos Couñago na data 16/11/2022 14:17:43

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 43885
Data envío: 16/11/2022 14:18:43.904

María Elena Suárez Sarmiento na data 16/11/2022 14:17:58

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-h9lqZcRaj-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Encarnación Amigo Díaz, Corina Porro Martinez, Noelia Pérez López, Rosalía López Sánchez, Alberto Pazos Couñago e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A través da Lei de Orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2022, a Xunta de Galicia creou 28 novas prazas de farmacéuticos de atención primaria, sumando un total de 100.

A este importante equipo de profesionais encomendou a tarefa de renovar a medicación de doentes crónicos en caso de non poder conseguir cita, na liña co establecido na carteira de servizos para o persoal farmacéutico de atención primaria aprobada en novembro de 2021 polo Consello Técnico de Atención Primaria, que incidía no seu papel en ámbitos como a revisión da medicación de pacientes, a conciliación da medicación, o seguimento das analíticas ou o control da adherencia terapéutica.

Ademais, dispúxose dun continxente de efectivos farmacéuticos de atención primaria que prestaron asistencia telefónica de xeito centralizado desde a central do 061 aos doentes de aqueles centros de saúde con máis necesidade de apoio.

O pasado 22 de setembro, a Comisión de Sanidade deste Parlamento aprobou unha iniciativa do Grupo Popular que lamentablemente non contou co apoio dos grupos da oposición e que, entre os seus puntos incluía o seguinte: “Consolidar a habilitación do persoal farmacéutico de atención primaria para a renovación da medicación de doentes crónicos





previamente indicada prescrita, así como demandar do Goberno central que esta capacidade se blinde legalmente en toda España a través de normativa estatal”.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Cal é resultado do reforzo de persoal farmacéutico efectuado na atención primaria galega durante o ano 2022?
2. Que medidas ten previstas a Xunta de Galicia para seguir potenciando as capacidades desta categoría profesional?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2022.

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 16/11/2022 14:24:19

María Encarnación Amigo Díaz na data 16/11/2022 14:24:34

María Corina Porro Martínez na data 16/11/2022 14:24:53

Noelia Pérez López na data 16/11/2022 14:25:06

López Sánchez, Rosalía na data 16/11/2022 14:25:19

José Alberto Pazos Couñago na data 16/11/2022 14:25:29

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 43887
Data envío: 16/11/2022 14:26:24.779

María Elena Suárez Sarmiento na data 16/11/2022 14:25:39

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-h9lqZcRaj-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso e Manuel Lourenzo Sobral, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesaria ampliación do CPI As Mirandas do concello de Ares.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A resultas dunha iniciativa do G.P. do BNG a Comisión 4ª do Parlamento Galego adoptou o 7 de maio do ano 2021, e por unanimidade, o seguinte acordo ao respecto da demanda da comunidade escolar do CPI As Mirandas, en Ares:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a que solicite ao Concello de Ares que realice na maior brevidade de tempo posible a obra de acondicionamento da parcela prevista. Unha vez realizada, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, comprométese a licitar, proxectar, contratar e iniciar a obra de ampliación de maneira prioritaria, coa finalidade de dispoñer das novas instalacións canto antes.”

Pois ben, as obras que debía realizar o Concello están feitas e observamos con preocupación que no proxecto de orzamentos para o ano 2023 non se inclúe previsión ningunha para o CPI As Mirandas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Lembramos que a situación que motivou ese acordo parlamentar, e que viña sendo denunciada con anterioridade pola comunidade educativa do centro, é o feito de estar usando barracóns para dar aulas de infantil, unha situación que se prolonga desde o ano 2008, e que todos os grupos políticos considerábase que había que corrixir de xeito inmediato.

Aquela coincidencia de criterio, cando menos naquela altura, fai que sexa inexplicábel e absolutamente intolerábel, que a Xunta de Galiza desatenda a súa obriga como goberno galego de garantir unhas condicións dignas nos centros de ensino, e desatenda ao mesmo tempo o acordo parlamentar.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

1. Por que a Xunta de Galiza nega a realización das obras de ampliación no CPI As Mirandas?
2. Considera a Xunta de Galiza que uns barracóns de obra con barrotes nas xanelas son lugares axeitados, dignos e seguros para impartir aulas?
3. Ten coñecemento a Xunta de Galiza da consolidación do uso dos barracóns que debían ser temporais no CPI As Mirandas do Concello de Ares?
4. Ten coñecemento a Xunta de Galiza da modificación do PXOM do Concello de Ares nos termos necesarios para realizar a ampliación do CPI As Mirandas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Que estimacións manexa a Xunta de Galiza respecto do inicio e remate das obras de ampliación do centro?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 16/11/2022 16:10:42

Ramón Fernández Alfonso na data 16/11/2022 16:10:46



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

En recentes datas a Dirección da Consellería de Sanidade vén de anunciar a intención de solventar o problema das ausencias de profesionais nos PAC, especialmente ocorrente nalgunhas comarcas concretas, coa formación de profesionais de enfermería para substituír estas ausencias de médicos.

Esta medida foi anunciada de maneira piloto no área sanitaria de Pontevedra – O Salnés, que está sendo a principal afectada pola non cobertura de baixas dos PAC e que está vendo como os centros de urxencias hospitalarias levan quedando descubertos dende o inicio do verán de maneira repetida, e a pesares dos constantes anuncios do goberno da Xunta de medidas que resolverían a situación e que parecen non ser eficientes, como tantas outras.

A medida proposta non consta que fose consensuada ou dialogada coas entidades profesionais e cos representantes dos traballadores do Sergas, así como tampouco foi anunciada ou proxectada nas diferentes oportunidades que dende o propio goberno existen, como tampouco está formulada nos estudos e análises nos que o goberno afirma basearse para a súa toma de decisións. O antecedente que se coñece é unha decisión semellante tomada na Comunidade Autónoma de Madrid, que contou coa contestación e reprobación dos colexios profesionais e especificamente co rexeitamento do propio colectivo de enfermería.

A situación que se pode provocar con esta proposta é dunha enorme inseguridade legal e xurídica para a enfermería, que tería unhas responsabilidades clínicas que non lles corresponden e sobre as que non teñen a obriga de asumir decisións.

Resulta paradóxico que Galicia, que foi a penúltima Comunidade Autónoma de Galicia de toda España en dotar de recursos e habilitacións formais ás enfermeiras para desenvolver as capacitacións que lle foron atribuídas dende 2018 coa reforma estatal do Real decreto 1675/2012 (tres anos e medio de demora en Galicia), implique agora que deben asumir funcións do colectivo de facultativos ante a ausencia destes.



A vía de resolución do conflito debe estar en dotar dos medios necesarios e debidos aos centros de atención primaria, coas condicións laborais merecidas e coa dotación de recursos axeitados.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera realmente o Goberno de Galicia que cubrir a ineficiente cobertura de prazas de médicos do sistema de saúde coa substitución destes por persoal de enfermería é unha decisión que garante a calidade asistencial?
2. Ten en consideración o Goberno de Galicia as implicacións legais e xurídicas que pode ter implicar ao persoal de enfermería na cobertura de funcións de facultativos?
3. Con que colectivos profesionais e/ou representantes dos traballadores consensuou o Goberno de Galicia a súa decisións?
4. Ten a convicción o Goberno de Galicia de que pode obrigar ao persoal de enfermería a facer labores que non lles teñen por que corresponder se así o consideran?

Pazo do Parlamento, 16 de novembro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 16/11/2022 16:20:01

Marina Ortega Otero na data 16/11/2022 16:20:11





Á Mesa do Parlamento

Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Encarnación Amigo Díaz, Corina Porro Martinez, Noelia Pérez López, Rosalía López Sánchez, Alberto Pazos Couñago e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas que acompaña ao proxecto de Orzamentos da Xunta para 2023 introduce unha importante novidade no desenvolvemento dos programas en materia de saúde pública.

Así, esta norma modifica o artigo 107 da Lei 8/2008 de saúde de Galicia para prever a creación dun Centro Galego para o Control e Prevención das Enfermidades como órgano técnico especializado, responsable do asesoramento e coordinación das estratexias e políticas de saúde pública no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, regulando os seus obxectivos e funcións.

O grupo parlamentario Popular respalda a creación de dito centro, por canto significa o cumprimento dos mandatos das comisións creadas para o estudo de medidas a tomar trala pandemia da COVID-19 tanto no Congreso dos Deputados coma neste Parlamento e que defendían un reforzo neste eido.

Así, o ditame da Comisión do Congreso dos Deputados sinalaba no punto 21 das súas conclusións no eido sanitario o seguinte: “21. Fortalecer as estruturas e os servizos de Saúde Pública tanto a nivel central como nas comunidades autónomas”, concretando a necesidade de “Desenvolver a





nivel das comunidades autónomas estruturas de saúde pública dotadas dos medios humanos, tecnolóxicos e os recursos orzamentarios necesarios para o desempeño eficaz das súas funcións, tanto de vixilancia epidemiolóxica, como de manexo dos sistemas de información e de protección y promoción da saúde”.

Nese sentido, a Lei recolle estas recomendacións prevendo que este Centro funcione como “estrutura de xestión compartida entre a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde” e así foi presentado o pasado 17 de outubro aos xefes de Medicina Preventiva e Saúde Pública das sete áreas sanitarias por parte do conselleiro de Sanidade.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

Cales son as principais liñas estratéxicas que a Xunta de Galicia vai desenvolver a través do futuro Centro Galego para o Control e Prevención das Enfermidades?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2022.

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 16/11/2022 17:10:38

María Corina Porro Martínez na data 16/11/2022 17:10:55

María Encarnación Amigo Díaz na data 16/11/2022 17:11:10

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2022 17:13:40
Nº Rexistro: 43898
Data envío: 16/11/2022 17:13:40.082

López Sánchez, Rosalía na data 16/11/2022 17:11:27

José Alberto Pazos Couñago na data 16/11/2022 17:11:37

María Elena Suárez Sarmiento na data 16/11/2022 17:12:19

Noelia Pérez López na data 16/11/2022 17:12:48

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)



[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)

CSV: BOPGDSPG-h9lqZcRaj-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Encarnación Amigo Díaz, Corina Porro Martinez, Noelia Pérez López, Rosalía López Sánchez, Alberto Pazos Couñago e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A través primeiro do Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021 e posteriormente das prazas creadas na Lei de Orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2022 e no proxecto da mesma para o ano 2023, a Xunta de Galicia leva xa cinco exercicios incrementando as prazas de enfermaría na atención primaria galega.

Ese incremento das prazas vai acompañado dunha potenciación tamén das capacidades desta categoría profesional, na liña do marcado polo documento estratéxico 'Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde'.

Así, a Xunta está a traballar na potenciación da capacidade resolutiva da enfermaría de atención primaria, consolidando o seu papel de atención directa ao paciente a través do Sistema de Xestión Integrado de Demanda en Equipo (XIDE), desenvolvendo protocolos de práctica avanzada ou aumentando a capacidade de dispensación de fármacos a medida que as guías aprobadas polo Ministerio de Sanidade así o permiten.

Nese sentido, o Parlamento de Galicia aprobou en sesión plenaria o pasado 28 de setembro unha iniciativa do Grupo Popular para avanzar neste sentido, que pedía expresamente á Xunta "Continuar desenvolvendo a carteira de servizos para o persoal de enfermaría aprobada polo





Consello Técnico de Atención Primaria mediante a elaboración de protocolos avanzados de enfermería que permitan aumentar ao máximo as competencias da enfermaría de atención primaria e faciliten que poida efectuar consultas de alta resolución.”

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas:

Que medidas está a levar a cabo a Xunta de Galicia para desenvolver o aumento das competencias da enfermaría de atención primaria?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2022.

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 16/11/2022 17:22:58

María Encarnación Amigo Díaz na data 16/11/2022 17:23:12

María Corina Porro Martínez na data 16/11/2022 17:23:48

Noelia Pérez López na data 16/11/2022 17:24:06

López Sánchez, Rosalía na data 16/11/2022 17:24:31

José Alberto Pazos Couñago na data 16/11/2022 17:24:40

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2022 17:31:10
Nº Rexistro: 43901
Data envío: 16/11/2022 17:31:10.067

María Elena Suárez Sarmiento na data 16/11/2022 17:25:08

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-h9lqZcRaj-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para reposta oral na Comisión 4ª**, sobre os Plans da Xunta de Galiza coa Torre de Caldaloba no concello de Cospeito.

Exposición de motivos

Despois de anos abandonada e reivindicada apenas polo movemento veciñal e asociativo da Terra Chá, a Xunta de Galiza amosou non só o interese senón a vontade de mercar a Torre de Caldaloba, no Concello de Cospeito.

Fíxoo logo de que a Deputación de Lugo a través da súa Vicepresidencia Primeira e responsábel da área de Cultura mercase unha parte da Torre e do predio no que se atopa.

Benvido sexa o interese suscitado por un vestixio patrimonial tan importante para a historia de Galiza como é o último reduto de resistencia da nobreza galega ao asedio dos Reis Católicos da man de Constanza de Castro (filla do marechal Pardo de Cela) e o seu home, Fernán Ares.

Ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego alédanos o interese por mercar a Torre da Xunta de Galiza mais tamén nos interesa coñecer os plans do Goberno galego para o futuro da Torre de Caldaloba e que pensa facer a partir da súa adquisición.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4º:

- Vai mercar a Xunta de Galiza o conxunto da Torre de Caldaloba?
- De ser así, cando o vai facer e en que termos?
- Se finalmente adquire a Torre, que pensa facer con ella a Xunta de Galiza?
- Vailla transferir ao Concello de Cospeito?
- Vai desenvolver labores de mantemento, consolidación e restauración na Torre e na súa contorna?
- Que proxecto ten para este ben patrimonial tan valioso a futuro?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 16/11/2022 18:23:29

Mercedes Queixas Zas na data 16/11/2022 18:23:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre os recortes de prazas nos equipos de orientación específicos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai xa varias semanas que a comunidade educativa galega está a amosar a súa preocupación pola intención da Xunta de Galiza de amortizar as prazas de traballo social nos equipos de orientación específicos (EOE)

Estamos a falar de prazas que xogan un papel fundamental tanto para as familias como para o alumnado xa que implican o primeiro chanzo para determinar factores de risco na comunidade educativa.

No inicio do curso, unicamente a praza de traballo Social do Equipo de Orientación Específica da provincia de Lugo foi cuberta , ficando o resto de prazas do resto de provincias sen cubrir. No caso da praza do EOE de Ourense deixou de cubrirse despois da xubilación da titular e no caso da praza da Coruña a praza ficou deserta tralo falecemento da titular. A praza da provincia de Pontevedra nunca chegou a se cubrir.

Cómpre destacar que o Decreto 120/1998, de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia establece no seu artigo 5 que os Equipos de Orientación Específicos estarán compostos, entre outros profesionais, por un/ha traballador social e/ou educador social.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estamos a falar, polo tanto, dunha Xunta de Galiza que ademais de incumprir o establecido na lexislación vixente, está a amosar a máis absoluta insensibilidade polos problemas que está a padecer a comunidade educativa. Insensibilidade que xa amosou en varias ocasións neste mesmo parlamento cando se opuxo a iniciativas do BNG para reforzar os EOE que hoxe se evidencian máis necesarias ca nunca para afrontar os problemas que padece a comunidade educativa.

Problemas consecuencia da Covid -19 que día tras día se perciben nas aulas, máis tamén problemas derivados da situación económica e social que padecemos e que implican realidades de vulnerabilidade social, risco de pobreza, acoso e enfermidade mental fronte aos que dende o BNG entendemos non se deben aforrar esforzos.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª :

Vai a Consellaría de Educación reforzar os EOE e a cubrir de xeito inmediato as prazas de traballo social que está a recortar en cada un dos equipos provinciais?

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/11/2022 10:46:36

Daniel Castro García na data 17/11/2022 10:46:41

Mercedes Queixas Zas na data 17/11/2022 10:46:52



Á Mesa do Parlamento

María Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

A sobrecarga asistencial vivida nas últimas semanas nas Urgencias Pediátricas do Hospital Álvaro Cunqueiro, onde a finais de outubro alcanzaron un pico de 300 atencións en tan só unha xornada e acumulou esperas de máis de catro horas, puxo no punto de mira a necesidade de dotar de máis medios este servizo para que poidan funcionar mellor as tarefas como a triaxe e a asistencia, agora en mans de grandes profesionais que sofren a saturación pola falta de recursos. Esta é unha realidade que foi denunciada tanto por usuarios e usuarias como por profesionais nos últimos días. As persoas usuarias chegaron a asegurar que: “tan só se atendía por estrita orde de chegada, atopando na cola cativos e cativas con neumonía, crisis respiratorias ou por un golpe”.

A principios de novembro a Xerencia afirmaba que foi un problema puntual na triaxe debido a ausencia dunha profesional o que provocou un desaxuste na atención. Esta explicación foi criticada polos profesionais que destacaron que non se axusta á realidade, xa que de luns a venres pola mañá hai dúas enfermeiras, unha en boxes e unha en camas de observación e nese horario a triaxe non existe, por iso non se puido crear tal problema. O persoal sanitario non é o culpable dos colapsos que se están producindo na sanidade pública, o único culpable é o Sergas pola súa mala xestión.

O persoal lembrou que dende antes da apertura do *Hospital Álvaro Cunqueiro* o cadro de persoal era insuficiente, necesitando contratar todas as fins de semana persoal eventual non coñecedor do servizo, porque polas mañás hai tres zonas funcionado (boxes, camas e triaxe) e só figuran dúas enfermeiras.

A dirección do Cunqueiro solicitou colaboración de enfermería para abrir o servizo de triaxe e así poder atender as urgencias por prioridade e non por orde de chegada e para iso prometeron probar o funcionamento con persoal da unidade e se realmente funcionaba comprometíanse a ampliar o cadro. Sete anos despois, os e as profesionais denuncian que a triaxe só se está facendo nalgúns quendas a costa do persoal xa existente no servizo.



Esta problemática das urxencias pediátricas é outra consecuencia da ineficiente xestión en termos de recursos humanos, froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai a Xunta de Galicia incorporar inmediatamente o persoal de enfermería necesario para poder levar a cabo a triaxe de doentes nas Urxencias Pediátricas do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo?

2ª) Cales son os motivos polos que o Sergas non ampliou durante estes sete anos o persoal para poder facer as triaxes de doentes nas Urxencias Pediátricas do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo?

Pazo do Parlamento, 17 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 17/11/2022 11:03:04

Julio Torrado Quintela na data 17/11/2022 11:03:32

Marina Ortega Otero na data 17/11/2022 11:03:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O DOG do 27 de febreiro de 2020 publicou a resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola que se incoou o procedemento para declarar ben de interese cultural (BIC) o funicular de transporte aéreo de materiais Novo y Sierra en Valga (Pontevedra).

Na citada resolución facíase constar o seguinte:

Tendo en conta o contido da información achegada e o informe dos servizos técnicos desta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que conclúen que a instalación do funicular de transporte aéreo de materiais Novo y Sierra constitúe o único exemplo desta tipoloxía (a do transporte aéreo de materiais) que pode ser conservado, dunha tipoloxía industrial moi presente e relevante en Galicia, a da produción cerámica, e tomando en consideración a súa orixe en 1927, fan que sexa un exemplo único na Comunidade Autónoma, do cal existiron outros exemplos que non se conservan.

En consecuencia cos valores históricos e culturais do citado conxunto patrimonial a directora xeral de Patrimonio Cultural resolveu o seguinte

Primeiro. Incoar o procedemento para declarar ben de interese cultural o funicular de transporte aéreo de materiais Novo y Sierra en Valga (Pontevedra),





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conforme o descrito no anexo desta resolución e proceder cos trámites para a súa declaración.

Segundo. Ordenar que se anote esta incoación de forma preventiva no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia e que se comunique ao Rexistro Xeral de Bens de Interese Cultural da Administración do Estado.

Terceiro. Aplicar de forma inmediata e provisional o réxime de protección que establece a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, para os bens de interese cultural e para os bens mobles en particular. O expediente deberá resolverse no prazo máximo de vinte e catro (24) meses, desde a data desta resolución, ou producirase a súa caducidade e o remate do réxime provisional establecido.

Con posterioridade á incoación do procedemento e a aplicación do rexime de protección establecido na lei 5/2016, con data 27 de maio de 2020, Portos de Galicia e o concello de Valga asinaron un convenio “para a construción dun embarcadorio no término municipal de Valga (Pontevedra)”.

Na memoria do citado convenio sinálase o seguinte:

A entidade publica empresarial Portos de Galicia e o Concello de Valga teñen vontade de colaborar co fin de potenciar o valor natural e ambiental da zona de Valga de interese para Galicia e de promocionar o turismo náutico dentro e fora da nosa Comunidade Autónoma e a este efecto, acometen a construción de embarcadorio no término municipal de Valga (Pontevedra).

As obras ubicadas en dominio público marítimo terrestre consisten basicamente na rehabilitación do antigo embarcadorio, actualmente en ruínas, co fin de permitir o atraque de pequenas embarcacións turísticas que operan na Ria de Arousa co fin de atraer o fluxo turístico da zona.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As obras consisten na instalación dun pantalán de 24 m de lonxitude para pasaxe e o acondicionamento o acceso ás instalacións mediante un camiño de saburra.

Os traballos están formados polas seguintes actuacións:

Na zona do antigo embarcadoiro, realizarase un muro de cara vista de mampostería por diante do muro existente de ladrillo, que quedará enterrado, e procederase á realización dun pequeno recheo ata acadar a cota da explanada. Esta superficie, duns 316m2 pavimentarase con lastras de granito colocado con morteiro sobre unha base de formigón. Nesta zona colocaranse 5 bancos que servirán para delimitar o aparcamento. Instalaranse tamén unha varanda de protección de madeira e alcorques nas árbores que se manteñen na explanada

O camiño de acceso a estas instalacións realizarase mediante o estendido e compactado de saburra.

Como consecuencia do citado convenio, Portos de Galicia licitou as obras de construción do embarcadoiro, que supuxeron unha completa alteración do BIC incoado e a vulneración do rexime de protección.

Como se pode observar nas fotografías os restos do antigo embarcadoiro foron destruídos e a contorna de protección (no plano) completamente modificada e alterada.






OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Cómpre ter en conta que o procedemento de incoación do BIC establecía o seguinte rexime de protección e salvagarda provisional:

7. Réxime de protecció e salvagarda provisional.

A resolución de incoación do procedemento para declarar ben de interese cultural o inmable determinará a aplicación inmediata, aínda que provisional, do réxime de protección previsto na presente lei para os bens xa declarados, segundo o artigo 17.4 e 17.5 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG) e complementariamente co establecido na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español (LPHE).

Este réxime implica a súa máxima protección e tutela, polo que a súa utilización quedará subordinada a que non se poñan en perigo os valores que aconsellan a súa conservación. Calquera intervención que se pretenda realizar nel deberá ser autorizada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, segundo proxectos elaborados por técnicos competentes e segundo os criterios legais establecidos (artigos 39 a 40 LPCG). Entre outras consideracións, o réxime implica:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– Autorización: as intervencións que se pretendan realizar terán que ser autorizadas pola Consellería de Cultura e Turismo e o seu uso quedará subordinado a que non se poñan en perigo os valores que aconsellan a súa protección, polo que os cambios de uso substanciais deberán ser autorizados pola citada consellería.

– Deber de conservación: as persoas propietarias, posuidoras ou arrendatarias e, en xeral, as titulares de dereitos reais sobre os bens, están obrigadas a conservalos, mantelos e custodialos debidamente e a evitar a súa perda, destrución ou deterioración.

– Acceso: *as persoas propietarias, posuidoras ou arrendatarias e, en xeral, as titulares de dereitos reais sobre os bens están obrigadas a permitir o acceso ao persoal habilitado para a función inspectora, ao persoal investigador e ao persoal técnico da Administración nas condicións legais establecidas. Este acceso poderá ser substituído para o caso de investigación polo seu depósito na institución ou entidade que sinala a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e que non poderá superar os dous meses cada cinco anos.*

– Comunicación: *as persoas propietarias, posuidoras ou arrendatarias e, en xeral, os titulares de dereitos reais están obrigadas a comunicar á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural calquera dano ou prexuízo que sufrisen e que afecte de forma significativa o seu valor cultural.*

– Visita pública: *as persoas propietarias, posuidoras, arrendatarias e, en xeral, titulares de dereitos reais sobre os bens de interese cultural especificamente declarados permitirán a súa visita pública gratuíta un número mínimo de catro días ao mes durante, polo menos, catro horas ao día, que serán definidos previamente.*

– Uso: *en calquera caso a protección do ben implica que as intervencións que se pretenda realizar terán que ser autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e que a súa utilización quedará subordinada a que non se poñan*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en perigo os valores que aconsellan a súa protección, polo que os cambios de uso substanciais deberán ser autorizados pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Á vista do acontecido, só se poden derivar dúas conclusións

- 1) Que as obras non contaron co coñecemento e autorización da dirección xeral de Patrimonio Cultural, o que constitúe un feito de extrema gravidade por tratarse dun ben cun rexime de protección do que derivaba “a máxima protección e tutela”.
- 2) Que a dirección xeral de patrimonio cultural autorizou as citadas obras, o cal constituiría un feito de extraordinaria gravidade e do que se derivarían responsabilidades.

No DOG do 30 de xuño de 2022 publicouse o decreto 114/2022 polo que se declara ben de interese cultural o funicular de transporte aéreo de materiais Novo y Sierra

Do contido deste decreto parece deducirse que a dirección xeral de Patrimonio Cultural si tivo coñecemento da alteración e destrución do ben, aínda que a descrición que se fai non se axusta ao realmente acontecido:

Durante a fase de incoación realizáronse traballos de valorización do conxunto que supuxeron a protección das estruturas existentes da zona de embarcadoiro integradas nun dique axustado á forma dos restos documentados e rexistrados.

A zona de embarcadoiro completaba o sistema de soporte de material cerámico cun cantil de forma poligonal cara ao río Ulla executado en fábrica de ladrillo, cun piar central que sostiña a última das rodas do sistema de xiro. A maior parte destes elementos foron desaparecendo co tempo e o seu precario estado de conservación e fragilidade exixiu a execución dun novo dique de protección adaptado á forma da ribeira orixinal.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

(...). Os restos das estruturas do embarcadoiro foron protexidas cun novo dique perimetral adaptado ás condicións xeométricas orixinais, despois da documentación e rexistro arqueolóxico de todos os elementos, de tal forma que se mantén o seu espazo e dimensións que permite a interpretación do seu sistema de funcionamento, de forma compatible con outros usos.

Resulta evidente, tal como se pode comprobar nas fotografías, que **as estruturas do embarcadoiro non foron protexidas, que a súa fisonomía e elementos foron completamente alterados e que a actual configuración do espazo non permite a interpretación do seu sistema de funcionamento xa que foi absolutamente transformado nun embarcadoiro para embarcacións turísticas.**

Estamos pois diante dun **gravísimo atentado contra o patrimonio, do que se deberán dar as pertinentes explicacións e derivar as correspondentes responsabilidades.**


Ademais de todo o relativo ao BIC, cómpre ter en conta o previsto na Declaración de Impacto Ambiental relativa ao proxecto de embarcadoiro en Valga, promovido por Portos de Galicia. Cómpre ter en conta que este documento iniciou a súa tramitación en 2013 e rematou en 2017, e que nos informes de diferentes departamentos -incluída a dirección xeral de Patrimonio Cultural- non se garantiu a protección e conservación da estrutura do antigo embarcadoiro. Considerando que en febreiro de 2020 se incoou o expediente de declaración BIC, e que o inicio deste procedemento é anterior á sinatura do convenio e á licitación das obras por parte de Portos, a consellaría de Cultura puido incorrer en deixación de funcións ou falta de control e vixilancia do impacto da actuación.


No ámbito do BIC, o concello de Valga está a tramitar o proxecto dun novo funicular de uso turístico coñecido como “o proxecto das vagonetas”. Segundo informacións de prensa, o proxecto ten un orzamento de 1.995.525,60 euros e prevé a



construción dun teleférico entre o río Ulla e a Mina Mercedes, cunha lonxitude aproximada de 1.100 metros, a urbanización das áreas próximas e a recuperación dos restos que se conservan da antiga liña de transporte de material cerámico.

O concello está a tramitar un Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións, no que se prevé unha modificación do ámbito definido no PXOM e a urbanización dos terreos protexidos polo BIC. A actuación prevista ten un forte impacto visual e unha incidencia directa no BIC e na Rede Natura 2000 río Ulla. Ademais, interfere con zonas habitadas, instalacións industriais e infraestruturas de comunicacións.





Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

-Informou favorablemente a dirección xeral de Patrimonio Cultural o proxecto do embarcadoiro no río Ulla promovido por Portos de Galicia, logo da incoación do expediente de declaración como Ben de Interese Cultural do funicular de transporte aéreo de materiais Novo y Sierra en Valga?

-Por que razón a dirección xeral de Patrimonio Cultural permitiu a destrución dun elemento senlleiro do BIC como o antigo embarcadoiro de carga e descarga de materiais, elemento integrante da estrutura do funicular?

-Que servizo realizou os informes sobre o proxecto e que criterios se seguiron para xustificar a desaparición da citada estrutura e a agresión ao BIC?

-Ten previsto a consellaría de Cultural levar a cabo unha investigación interna sobre a tramitación do proxecto de embarcadoiro no río Ulla en Valga e sobre a posíbel omisión do deber de protección e salvagarda do funicular de transporte aéreo de materiais Novo y Sierra en Valga (Pontevedra), logo da incoación do procedemento de declaración como Ben de Interese Cultural en febreiro de 2020?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Ten previsto a consellaría de Cultura abrir un expediente informativo e no seu caso sancionador, en aplicación do previsto na lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia, pola destrución de parte dun ben que contaba cun réxime de protección e salvagarda?

-Ten previsto a consellaría de Cultura informar favorablemente o proxecto de construción dun novo funicular para uso lúdico e turístico no ámbito de protección do BIC?

-Que criterios segue a Xunta para aplicar o réxime de protección e salvagarda desde o momento de incoación dun BIC?

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 17/11/2022 11:43:52

Mercedes Queixas Zas na data 17/11/2022 11:43:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as medidas que debe tomar a Xunta para evitar que se repitan os incendios na parcela da empresa Inversiones Castro Veira en Figueroa (Arteixo).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na parroquia de Figueroa, no concello de Arteixo, véñense producindo de forma reiterada, desde hai varios anos, sucesivos focos de incendio prolongados durante días e semanas, na interior da parcela da empresa Inversiones Castro Veira, que en diferentes ocasións teñen requirido da intervención dos bombeiros e mesmo do SEPRONA, tal e como ten manifestado o grupo municipal do BNG.

A parcela, coñecida como planta de compostaxe a partir da almacenaxe de restos de podas e masa forestal, vese afectada por estes incendios reiterados, que desprenden malos olores persistentes e afectan a saúde e benestar da veciñanza.

Esta situación de inseguridade, xunto á falta de resposta por parte do goberno municipal, está a crear indefensión na veciñanza da parroquia de Figueroa e das limítrofes, así como no polígono industrial de Sabón, quen demandan explicacións ante o feito de que arda materia orgánica ou que os camións sigan efectuando descargas pola noite e de madrugada, o que está a acrecentar a desconfianza da veciñanza ante a falta de información sobre a dedicación real da empresa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- É sabedor o goberno galego desta situación que está a afectar a calidade de vida da veciñanza de Figueroa (Arteixo)?
- Tenlle remitido o Concello de Arteixo á Xunta algunha notificación a este respecto? Que resposta lle deu a Xunta?
- Ten sido investigada e/ou sancionada a empresa Inversiones Castro Veira por este tipo de incendios periódicos?
- Ten o goberno constancia das diversas actuacións do SEPRONA?
- Ten a certeza a Xunta que a empresa está a cumprir o regulamento que corresponde á súa actividade profesional?
- Que medidas ten activado o goberno galego para evitar que se repitan os incendios na parcela da empresa Inversiones Castro Veira en Figueroa (Arteixo) que prexudican gravemente a veciñanza?

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 17/11/2022 12:21:30

Xosé Luis Bará Torres na data 17/11/2022 12:21:34





A Mesa do Parlamento

Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suárez Sarmiento, José Luis Ferro Iglesias, María Felisa Rodríguez Carrera, Carlos Gómez Salgado e Moisés Rodríguez Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en comisión 4ª Educación e Cultura**.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación ten unha aposta clara pola Formación Profesional, tal e como se pode contrastar a través das diferentes iniciativas que se levan desenvolvido ao longo destes anos de goberno do Partido Popular.

A posta en valor da Formación Profesional en Galicia ten sido unha das máximas prioridades do Goberno galego nestes anos. O impulso dado á FP desde a Xunta de Galicia tense materializado en moi diversas accións e medidas, tanto desde o punto de vista normativo como organizativo.

A oferta de titulacións FP en Galicia gañou en prestixio e tamén axudou a satisfacer as expectativas de inserción laboral do alumnado. Hoxe podemos dicir que grazas a este esforzo se puido reverter a tendencia de decrecemento do alumnado que se matriculaba, ata o punto de que as matrículas en FP superan ás do Bacharelato.

Unha formación profesional que abriu unha nova liña de traballo ao implantarse a formación dual que se está desenvolvendo cun razoable éxito en colaboración e coa participación activa do tecido empresarial galego.

A Formación Profesional en Galicia conta cunha cifra récord de alumnos matriculados nas distintas modalidades e as oportunidades de inserción laboral destas ensinanzas.

Pódese dicir que a FP galega viviu unha “revolución silenciosa” que estivo marcada polo desenvolvemento de medidas orientadas a outorgar “prestixio, confianza e innovación” a estas ensinanzas. Neste avance foi fundamental a aposta pola FP Básica

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:





Que medidas vai impulsa a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade para seguir a avanzar na mellora da FP Básica en Galicia nos vindeiros cursos?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2022.

Asinado dixitalmente por:

Ovidio Rodeiro Tato na data 17/11/2022 13:23:33

Teresa Egerique Mosquera na data 17/11/2022 13:23:52

María Elena Suárez Sarmiento na data 17/11/2022 13:24:09

José Luis Ferro Iglesias na data 17/11/2022 13:24:33

María Felisa Rodríguez Carrera na data 17/11/2022 13:24:47

Rodríguez Pérez, Moisés na data 17/11/2022 13:25:00

Gómez Salgado, Carlos na data 17/11/2022 13:25:10





A Mesa do Parlamento

Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suárez Sarmiento, José Luis Ferro Iglesias, María Felisa Rodríguez Carrera, Carlos Gómez Salgado e Moisés Rodríguez Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en comisión 4ª Educación e Cultura**.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación ten unha aposta clara pola Formación Profesional, tal e como se pode contrastar a través das diferentes iniciativas que se levan desenvolvido ao longo destes anos de goberno do Partido Popular.

A posta en valor da Formación Profesional en Galicia ten sido unha das máximas prioridades do Goberno galego nestes anos. O impulso dado á FP desde a Xunta de Galicia tense materializado en moi diversas accións e medidas, tanto desde o punto de vista normativo como organizativo.

A oferta de titulacións FP en Galicia gañou en prestixio e tamén axudou a satisfacer as expectativas de inserción laboral do alumnado. Hoxe podemos dicir que grazas a este esforzo se puido reverter a tendencia de decrecemento do alumnado que se matriculaba, ata o punto de que as matrículas en FP superan ás do Bacharelato.

Unha formación profesional que abriu unha nova liña de traballo ao implantarse a formación dual que se está desenvolvendo cun razoable éxito en colaboración e coa participación activa do tecido empresarial galego.

A Formación Profesional en Galicia conta cunha cifra récord de alumnos matriculados nas distintas modalidades e as oportunidades de inserción laboral destas ensinanzas.

Pódese dicir que a FP galega viviu unha “revolución silenciosa” que estivo marcada polo desenvolvemento de medidas orientadas a outorgar “prestixio, confianza e innovación” a estas ensinanzas. Neste avance foron fundamentais a aposta pola oferta da modalidade para adultos, a formación a distancia, e a oferta modular de FP.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:





Cal é a aposta da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para seguir a avanzar na mellora da FP de Adultos nos vindeiros cursos?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2022.

Asinado dixitalmente por:

Ovidio Rodeiro Tato na data 17/11/2022 13:39:26

Teresa Egerique Mosquera na data 17/11/2022 13:39:58

María Elena Suárez Sarmiento na data 17/11/2022 13:40:08

José Luis Ferro Iglesias na data 17/11/2022 13:40:20

María Felisa Rodríguez Carrera na data 17/11/2022 13:40:32

Gómez Salgado, Carlos na data 17/11/2022 13:40:43

Rodríguez Pérez, Moisés na data 17/11/2022 13:40:53

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de promover un novo rumbo para o CDG e CCG por parte do goberno galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Bloque Nacionalista Galego ten denunciado nesta cámara o progresivo desmantelamento ao que, desde hai trece anos, o goberno do Partido Popular desde a Xunta de Galiza condena as institucións e organismos culturais públicos.

As partidas económicas dirixidas ao CDG, CCG e CGAI presentan unha acumulación progresiva de recortes que supuxeron unha parálise case total ou parcial no proxecto que define desde a súa xénese estas unidades de produción cultural.

O Partido Popular trazou unha folla de ruta baseada na falta de autonomía, de relevancia social, cultural, no abandono e desprestixio aos que foron sometendo, en diversos capítulos, as unidades de produción escénica da Xunta de Galicia, tanto o CDG coma o CCG.

Transcorridos trece anos de goberno o PP segue sen afrontar un proxecto sólido que reforce estes organismos públicos dependentes da AGADIC nin tampouco cumprir os anuncios reiterados como é a dotación da praza de dirección para o CGAI, actualmente vacante desde hai varios anos por mor da xubilación do anterior director.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O CCG perdeu a figura de dirección como unidade de produción singular, substituído por un departamento que une música e danza, restándolle importancia a ambas disciplinas, relegando a un plano marxinal as artes do movemento e cun orzamento para 2023 de 100.000 euros, máis baixo aínda que en 2022.

A isto súmase recentemente un novo capítulo de desprestixio das artes escénicas: o da censura do título da obra no material promocional do espectáculo Recortes, caneos e outras formas de driblar o día da súa estrea. Unha falta de respecto perversa, asentada na suposta capacidade de intervir ideoloxicamente na actividade dun órgano creativo coma o CDG.

Á vista do proxecto de orzamentos que o PP presenta para 2023 fica confirmado que o labor dos órganos de creación cultural públicos segue sen ser unha prioridade na acción de goberno e aínda distan moito do investimento de 2009.

No Grupo Parlamentar do BNG entendemos que é urxente promover un novo rumbo para o CCG, CGAI e para o CDG, con plenas garantías de medios, estrutura xurídica e promoción social, adaptadas ás esixencias da xestión cultural do século XXI e ás oportunidades dos grandes valores das nosas artes escénicas e audiovisuais.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª :

Que pretende a Xunta de Galiza co CCG e o CDG?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 17/11/2022 16:12:00

Daniel Castro García na data 17/11/2022 16:12:10

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/11/2022 16:12:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre os problemas na infraestrutura do centro de saúde de Narón.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro de saúde de Narón, que o presidente Feijoo inaugurou a bombo e prato o 16 de xullo do ano 2021, comezou a dar problemas desde o mesmo momento da súa entrada en funcionamento.

Nun principio denunciáronse avarías no ascensor provocadas por inundacións.

Despois de solucionar o problema das inundacións continuaron as avarías do ascensor, que segundo indican as persoas que as atenden estarían provocadas por unha causa realmente sorprendente, non ser un ascensor apropiado para un centro de saúde, e menos aínda para ser o único ascensor dun centro de saúde co volume de persoas usuarias como o de Narón.

Esta razón sorprende aínda máis por ter sido unha advertencia desatendida pola dirección do SERGAS, que no seu día replicou ás demandas da área sanitaria con un informe de poboación que desmentía, ou iso era o que se pretendía, as necesidades dun segundo ascensor.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As advertencias parece que tiñan máis fundamento que as réplicas evidentemente inspiradas pola política de recortes dos gobernos do Partido Popular.

Mais o problema do ascensor non é o único con ser sen dúbida grave, xa que cando o caudal do río que pasa por debaixo do centro de saúde aumenta os baños atáscanse e hai que pechalos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Coñece a Xunta a situación do centro de saúde do concello de Narón tocante ás avarías do ascensor e dos baños?
- Por que non se dotou de inicio o centro como correspondía e demandaban desde a área sanitaria?
- Por que non se tivo en conta a presenza do río?
- Cando estima a Xunta de Galiza que o centro poderá estar funcionando con normalidade?

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**
Montserrat Prado Cores
Iria Carreira Pazos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 17/11/2022 17:39:29

María Montserrat Prado Cores na data 17/11/2022 17:39:34

Iria Carreira Pazos na data 17/11/2022 17:39:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Propaganda da Xunta de Galiza, do Partido Popular, xa non é quen de agochar a situación dramática da Atención Primaria, a falta de profesionais, a desatención, as listas de espera. Unha situación inaceptábel, non hai ningún centro de saúde, nin PAC que teña unha situación de normalidade, cos cadros de persoal que corresponden. Hai carencias en todos, o habitual é toparse por toda Galiza centros de saúde e PACS co cartaz de “non hai médico”, especialmente preocupante na Área Sanitaria Pontevedra-Salnés

Non hai unha estratexia para normalizar a Atención Primaria, dispoñer d@s profesionais, recursos e capacidade de tomar decisións, que permita rematar coas axendas interminábeis, cos descubertos nos PACs, coa falta de pediatras...

Neste contexto última ocorrencia do Partido Popular é dar unha formación expres @s profesionais de enfermería para que atenda só as urxencias que cheguen aos PACS, en ausencia de persoal facultativo. Formación para que atendan as urxencias seguindo as indicacións telefónicas dun médico que está traballando noutro centro de saúde, atendendo outros doentes, ou do 061.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha auténtica barbaridade atender urxencias seguindo indicacións telefónicas, unha soa profesional, cando sabemos que diante dunha emerxencia fan falta mans para atender á persoa doente: explorar, coller vía, facer electros, poñer osíxeno, mediación, incorporar... Non é posíbel atender unha urxencia sen o equipo de profesionais que poidan complementarse.

Parécenos ben que se mellore a formación de enfermería, mais para desenvolver as súas competencias, o seu perfil profesional.

Nin as enfermeiras poden substituír @s médic@s nin @s médic@s poden substituír as enfermeiras. É preciso un equipo completo.

O persoal de enfermaría non pode asumir unha responsabilidade, unha situación de estrés que non lle corresponde e polo tanto sen respaldo legal. Nin doentes, nin profesionais poden soportar esta situación, nin laboral nin de atención.

Con estas medidas están recoñecendo de facto a situación de emerxencia sanitaria, de alarma que levamos meses denunciando.

Esta situación non vai facer máis que empeorar pola elevadísima cifra de xubilacións que se van a producir nos vindeiros anos e pola continua fuxida de profesionais que se forman en Galiza cos impostos d@s galeg@s e logo marchar a traballar a outros lugares, porque non soportan as condicións laborais nas que lles obriga o Sergas a traballar.

A petición de certificados de idoneidade, para poder traballar fóra, non fai máis que aumentar, segundo o informe do Colexio Médico Colexial, no ano 2021 foron 75 @s facultativ@s que solicitaron en Galiza a certificación de idoneidade, preciso para





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

traballar fóra do Estado español, e que a maioría son da especialidade de familia e comunitaria.

Segundo a Asociación Galega de Enfermería Familiar e Comunitaria arredor do 20% das enfermeiras especialistas que se forma vense na obriga de emigrar para poderen desenrolar a súa profesión na AP, e que o 15% traballan coma enfermeiras xerais, moitas veces no hospital.

É unha evidencia que o PP ten un plan clarísimo, empuxar @s galeg@s cara á sanidade privada, non por escolla senón por pura necesidade. Se precisan atención sanitaria e non lla prestan no centro de saúde, nin tampouco nos PACS. Se teñen que acudir aos servizos de urxencias hospitalarias colapsadas, onde son atendidos despois de agardar horas e en moitos casos se lles di que a patoloxía que teñen non é de gravidade para acudir a urxencias hospitalarias.

O resultado é que quen pode acude á privada ou directamente ou vía contratar un seguro médico, e @s que non poden queda tirado.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

Vai en algún momento a Xunta de Galiza tomar medidas para rescatar á atención primaria do pozo na que a ten metida os 13 anos de recortes do Partido Popular?

Vai rectificar a intención de que persoal de enfermmería preste atención en solitario nos PACs ante a ausencia de médic@s?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera que sen aumentar o orzamento destinado á atención primaria é posíbel reverter a situación na que se atopa a atención primaria?

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 17/11/2022 18:07:46

Olalla Rodil Fernández na data 17/11/2022 18:07:50

Iria Carreira Pazos na data 17/11/2022 18:07:59



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral a Comisión Permanente non Lexislativa da CRTVG.

O xornal elDiario.es publicaba o 10 de novembro unha información sobre unha investigación na que a Unidade de Delitos Económicos e Fiscais da Policía Nacional traballa dende hai meses e que implica directamente a CRTVG. Sen pretender inmiscirnos nun proceso xudicial aberto, ao Grupo Socialista preocúpanos unha práctica destapada por esa información referida ao procedemento de contratación de produción allea.

Sempre segundo ese diario, que manexa fontes directas da UDEF e outras testemuñas, a investigación céntrase en catro puntos fundamentais, sendo un deles “un acordo incomprensible por medio do cal a Televisión de Galicia era cómplice dos regates que o empresario lle facía día si e día tamén a Facenda, ou a calquera outro a quen lle debese diñeiro”.

Sobre a CRTVG, a extensa información de elDiario.es apunta, de maneira resumida:

“Outro dos puntos nos que a investigación policial observa a capacidade de Rey Novoa para seguir ingresando diñeiro pese a ter todas as súas contas bloqueadas por embargos entronca directamente coa Compañía de Radio Televisión de Galicia (CRTVG) que sufraga o Goberno galego. A corporación de medios públicos que Alberto Núñez Feijóo gobernou con man de ferro durante os seus 14 anos á fronte da Xunta practica un mecanismo de reparto de contratos para produción externa que no sector é coñecido como ‘a cota’ e que consiste en que medios de comunicación galegos “realizan programas para a televisión pública galega e cobran un fixo anual por iso”.

Mais segundo elDiario.es, no caso que atinxe a esta información concreta se a empresa non dispuña deses cartos buscaba outras “limpas” ás que venderlle esa cota por un custe menor. Así, os informes da UDEF recollen textualmente que “dentro das dinámicas de interese se observou o peñor de dereitos de cobro futuro, en especial con CRTVG”.

Esta maneira opaca de proceder no proceso de contratación de produción allea, que dá conta da inexistencia de control por parte da dirección da CRTVG, lévanos a formular as seguintes preguntas:



1ª) Que hai de certo na publicación do xornal elDiario.es do 10 de novembro acerca da investigación da UDEF que implica directamente a CRTVG?

2ª) En que consiste o sistema de ‘cota’ de reparto de contratos para produción allea?

3ª) Recibía anualmente El Correo Gallego dous millóns de euros da CRTVG para a realización de programas para a TVG?

4ª) Coñecía o director xeral ou alguén da dirección da CRTVG a situación financeira dese medio de comunicación cando recibía anualmente esas partidas?

5ª) Era coñecedora a dirección da CRTVG da “venta” da “cota” para produción allea de empresa galega a outras por moito menos do valor acordado?

6ª) De non existir ese coñecemento, por que aparece o logo da TVG nestas producións? Isto non acredita *de facto* un control e un recoñecemento dalgún tipo sobre a produtora por parte dos responsables de produción allea da CRTVG?

7ª) Non deberían ser coñecedoras as persoas encargadas da produción allea da CRTVG ou como produción delegada do cumprimento escrupuloso dos aspectos legais e financeiros de cada unha das producións que se emiten na canle pública?

Pazo do Parlamento, 11 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 11/11/2022 12:09:58

Noelia Otero Lago na data 11/11/2022 12:10:12



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

O colectivo de persoas con xordeira é heteroxéneo e que non todas as persoas utilizan a lingua de signos, a ausencia de subtítulos en todos os contidos audiovisuais supón unha barreira de comunicación, polo que o contido non é accesible para este sector poboacional. Garantir a cobertura total dos contidos televisivos a través dun subtitulado de calidade.

Contamos cun extenso marco lexislativo en canto ao dereito que ten este colectivo á accesibilidade en medios de comunicación. Por comentar algunhas, contamos con:

- Convención da ONU sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, artigo 30, apartado b, de 2006: contempla a accesibilidade dos programas de televisión, películas, obras de teatro e outras actividades culturais.
- Lei 7/2010 Xeral da Comunicación Audiovisual (LGCA), artigo 8: recolle os dereitos das persoas con discapacidade auditiva a gozar da emisión de programacións en lingua de signos e con subtitulado.
- Directiva 2010/13/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de marzo de 2010, considerando 46: establece que o dereito das persoas con discapacidade (...) a participar e integrarse na vida social e cultural da Unión Europea está vinculado indisolublemente á prestación duns servizos de comunicación audiovisual accesible.

A pesar de contar con este amplo respaldo normativo, a realidade é moi diferente. Ademais dun dereito que ampara a Lei 27/2007, a Convención da ONU para os Dereitos das Persoas con Discapacidade e a propia Constitución Española, o dereito á información é unha “cuestión de necesidade”.



Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que porcentaxe de programación subtitulada ofrece a TVG?
2. Todos os telexornais ofrecen o contido subtulado durante a emisión en directo?
3. Que valoración fai da accesibilidade da CRTVG para o colectivo de persoas xordas?

Pazo do Parlamento, 10 de novembro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago

Noa Díaz Varela


Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 14/11/2022 11:00:20

Noa Susana Díaz Varela na data 14/11/2022 11:00:29





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

